Intervén a sra. López e di quere aclarar un pouco o tema do aparcadoiro de Cacheiras, porque non quere que leve a confusión co aparcadoiro disuasorio, que podería ser na zona de Montouto, máis achegada aos Tilos.

Sinala a sra. López que ese é outro tema distinto do tema que comenta a sra. Lemus, que é o da zona de Cacheiras, que se falou no último Pleno. A situación no último Pleno era que se estaba como nun acordo económico, ese acordo frutificou, e acordouse co propietario. Explica que cando se fai un alugueiro deste tipo, que en principio é anual pero que se espera que sexa por moito máis tempo, non é como cando se pide un orzamento e se fai unha retención e se presenta unha factura, senón que hai que redactar un expediente onde hai varios departamentos implicados, urbanismo, secretaría, alcaldía... Agora estase con esa coordinación, polo que tampouco quere dicir que van ser vinte ou trinta días porque non depende exactamente do seu traballo senón que hai máis departamentos implicados, pero é algo que está en marcha e coida que está garantido.

Di a sra. López que a parcela pensa que xa se falara cal era, a que está indo para o Raxó, enfronte do lavadoiro que hai cuberto, que xa é municipal, xusto enfronte. Sinala que a parcela vai requirir un acondicionamento, e vaise intentar priorizar o aparcadoiro pola parte de arriba. Reitera a sra. López que está todo en trámites administrativos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro. Solicitar á Xunta de Galicia a revisión da localización daquelas paradas e da colocación de marquesiñas que teñen unha localización complexa e que, en ningún caso, melloran a seguridade e accesibilidade peoníl que pretende o proxecto, como por exemplo a de Pontevea dirección A Estrada, situada diante dunha gasolineira.

Segundo. Demandar que se teñan en conta as alegacións referidas á perda de prazas en zonas especialmente sensibles, coma é o corredor de Cacheiras, tendo en conta que é un dos núcleos comerciais máis activos do Concello e que o proxecto prevé unha perda de prazas moi significativa neste entorno, o que pode afectar negativamente ás dinámicas do comercio local.

Terceiro. Demandar que se implemente un mecanismo de compensación de prazas na zona de Cacheiras a través da inclusión desta zona dentro dos plans de aparcadoiros disuasorios, xa que a Xunta ten en marcha proxectos ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas cidades e vilas galegas.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2023.04.21 09:21:04 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2023.04.21 08:16:47 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 3/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 1 DE MARZO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a un de marzo de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D. José Antonio Garea Gil
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª Mayte Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D.ª Patricia Castelao Ferreiro

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 28/09/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 66/23 Á RES 237/23)

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRA DE DNA. PATRICIA CASTELAO

4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS DE 14.02.263 (RES 198/23)

5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS SOCIAL DE 14.02.2023(RES 197/23)

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA DE RENOVACIÓN DO CONCELLO DE TEO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO – REC 01/23

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DA LIQUIDACIÓN DA OBRA "CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS" – REC 03/23

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE, DE REXEITAMENTO DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS ABANDONADOS NA PARCELA DA CASA COMÚN DE LUCÍ

10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG, DE OPOSICIÓN Á INSTALACIÓN DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE COCHES NA CONTORNA DA CASA COMÚN DE LUCÍ, E REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ESPARCIMENTO NA MESMA

11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DAS RUTAS ESCOLARES EN TEO POR PARTE DA XUNTA E DE MONBÚS

12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE O IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALIZA

13.- MOCIÓNS

14.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde aclara que pese á data de celebración, o Pleno é o correspondente ao mes de febreiro que, por acordo entre todos os grupos municipais, retrasouse uns días.

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 28/09/2022.

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 66/23 Á RES 237/23).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de xaneiro ata o 23 de febreiro de 2023, que comprenden os números 66 ao 237, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación no expediente de convocatoria do Pleno.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRA DE DNA. PATRICIA CASTELAO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 24 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE DNA. PATRICIA CASTELAO FERREIRO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN

Visto o escrito asinado por Dona Patricia Castelao Ferreiro, membro do grupo municipal do BNG, de data 24 de febreiro de 2023 (rexistro de entrada núm. 810), solicitando que se faga efectiva a renuncia á súa acta de concelleira da Corporación local.

Considerando que segundo o disposto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, cando se presente escrito de renuncia do cargo de concelleira, o Pleno da entidade local da que forme parte tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesma, en orde ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral.

En virtude do exposto e considerando o establecido na instrución citada e na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 24 de febreiro de 2023 (rexistro de entrada núm. 810) por Dona Patricia Castelao Ferreiro.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Don Carlos Cebey Olveira.

Teo, 24 de febreiro de 2023.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira"

Preguntado polo sr. alcalde se alguén quere facer uso da palabra, a portavoz do BNG, D.ª Carmen Diéguez, sinala que, en nome do BNG, lle gustaría agradecer a Patricia todo o esforzo e o traballo que fixo durante este tempo. Quere salientar a sra. Diegúez que Patricia foi a primeira muller que actuou como portavoz do BNG en Teo, engadindo que lle desexan moita sorte.

O sr. alcalde di que cree que todos se suman a este recoñecemento e que publicamente llo fai en nome de toda a Corporación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 24 de febreiro de 2023 (rexistro de entrada núm. 810) por Dona Patricia Castelao Ferreiro.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a Don Carlos Cebey Olveira.

4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS DE 14.02.263 (RES 198/23).

O sr. alcalde explica que o asunto incluído neste punto da orde do día, ao igual que os asuntos dos dous puntos seguintes, 5 e 6, aínda que se comentaron, non foron ditaminados pola Comisión Informativa correspondente, polo que resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día do Pleno.

Salienta o sr. alcalde que a necesidade de incorporar este punto e o seguinte na orde do día do Pleno xustifícase pola necesidade de remitilo á Deputación de forma inmediata para non retrasar a tramitación dos Plans Provinciais.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición de 23 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Ratificación Decreto da Alcaldía Corrección erros aritméticos POS+2023

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 09.02.2023 acordou Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña.

Considerando que se detectaron uns erros aritméticos, e que, dada a proximidade da finalización do prazo de presentación de solicitudes, estes foron corrixidos pola Resolución da Alcaldía núm. 198/23 do 14 de febreiro de 2023, debendo ser esta ratificada na vindeira sesión ordinaria que o Pleno celebre,

Consecuentemente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 198/23) de corrección de erros aritméticos do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 23 de febreiro de 2023

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

Preguntado polo sr. alcalde, as/os portavoces non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 198/23) de corrección de erros aritméticos do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS ARITMÉTICOS POS+2023
EXPEDIENTE: 2023/G003/000202

Considerando que, tratándose do *PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2023”,* o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 9 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”,”achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*331.304,04*
Subtotal gasto corrente	*331.304,04*

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	*Financiamento do investimento*				
Denominación da obra ou subministración	*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
		Achega municipal	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN MAZAS. CONCELLO DE TEO	*58.225,55*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*58.225,55*
Subtotal investimentos achega provincial 2023	*58.225,55*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*58.225,55*
ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	*Financiamento do investimento*				
Denominación da obra ou subministración	*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
		Achega municipal	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR DE CALO-SAN DOMINGO.. CONCELLO DE TEO	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*
Subtotal investimentos achega provincial 2022	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.
C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
			Concello	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	
A- GASTOS CORRENTES	*Achega 2023*	*331.304,04*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*331.304,04*
B- INVESTIMENTOS	*Achega 2023*	*58.225,55*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*58.225,55*
	Achega 2022	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*
C-TOTAL	*Achega 2023*	*389.529,59*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*389.529,59*
	Achega 2022	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*
	TOTAL	*688.199,25*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*688.199,25*

<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	*Orzamento contrata*	*IVE soportado deducible*	*Orzamento subvencionable*

ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	*198.262,71*	*2.280,44*	*195.982,27*
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	*394.525,09*	*3.099,20*	*391.425,89*
PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	*171.348,10*	*0,00*	*171.348,10*
TOTAIS	*734.397,80*	*5.379,64*	*734.397,80*

Terceiro .- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.".

Á vista de que foron detectados uns erros aritméticos nos resultados do orzamento total, no caso do POS+ 2023, e no orzamento subvencionable, no caso POS+ Complementario 2023, que é preciso corrixir.

Así, onde di, referente ao POS+ 2023:

"C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
			Concello	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	
A- GASTOS CORRENTES	*Achega 2023*	*331.304,04*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*331.304,04*
	Achega 2023	*58.225,55*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*58.225,55*
B- INVESTIMENTOS	*Achega 2022*	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*
C-TOTAL	*Achega 2023*	*389.529,59*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*389.529,59*
	Achega 2022	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*
	TOTAL	*688.199,25*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	***688.199,25***

", debe dicir:

"C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		*Deputación*	*Concello*			*Orzamento total*
			Concello	*IVE soportado deducible*	*Total Concello*	
A- GASTOS CORRENTES	*Achega 2023*	*331.304,04*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*331.304,04*
B- INVESTIMENTOS	*Achega 2023*	*58.225,55*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*58.225,55*
	Achega 2022	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*
C-TOTAL	*Achega 2023*	*389.529,59*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*389.529,59*
	Achega 2022	*298.669,66*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	*318.116,07*
	TOTAL	*688.199,25*	*19.446,41*	*0,00*	*19.446,41*	***707.645,66***

".

E onde di, referente ao POS+ Complementario 2023:

"<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	*Orzamento contrata*	*IVE soportado deducible*	*Orzamento subvencionable*
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	*198.262,71*	*2.280,44*	*195.982,27*
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	*394.525,09*	*3.099,20*	*391.425,89*

PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	*171.348,10*	*0,00*	*171.348,10*
TOTAIS	***734.397,80***	*5.379,64*	***734.397,80***

" *,* debe dicir:

"*<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	*Orzamento contrata*	*IVE soportado deducible*	*Orzamento subvencionable*
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	*198.262,71*	*2.280,44*	*195.982,27*
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	*394.525,09*	*3.099,20*	*391.425,89*
PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	*171.348,10*	*0,00*	*171.348,10*
TOTAIS	***764.135,90***	*5.379,64*	***758.756,26***

".

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia*

dos interesados, os errores materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Considerando que neste suposto trátase de rectificar uns erros aritméticos no acordo plenario do 9 de febreiro de 2023, concretamente no que respecta ás contías do mesmo.

Considerando que resulta preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, co fin de presentar correctamente a solicitude desta subvención, cuxo prazo remata no día da data, 14 de febreiro de 2023, sen prexuízo da ulterior ratificación plenaria.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Corrixir no acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 9 de febreiro de 2023, os erros aritméticos descritos, quedando o citado acordo redactado conforme se recolle a continuación:

" Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	**331.304,04**
Subtotal gasto corrente	**331.304,04**

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamen -to total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN MAZAS. CONCELLO DE TEO	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
Subtotal investimentos achega provincial 2023	58.225,55	0,00	0,00	0,00	58.225,55
ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR DE CALO-SAN DOMINGO.. CONCELLO DE TEO	298.669,66	19.446,41	0,00	19.446,41	318.116,07

Subtotal investimentos achega provincial 2022	**298.669,66**	**19.446,41**	**0,00**	**19.446,41**	**318.116,07**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
			Concello	**IVE soportado deducible**	**Total Concello**	
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2023**	**331.304,04**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**331.304,04**
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2023**	**58.225,55**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**58.225,55**
	Achega 2022	**298.669,66**	**19.446,41**	**0,00**	**19.446,41**	**318.116,07**
C-TOTAL	**Achega 2023**	**389.529,59**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**389.529,59**
	Achega 2022	**298.669,66**	**19.446,41**	**0,00**	**19.446,41**	**318.116,07**
	TOTAL	**688.199,25**	**19.446,41**	**0,00**	**19.446,41**	**707.645,66**

<u>Segundo</u>.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	**Orzamento contrata**	**IVE soportado deducible**	**Orzamento subvencionable**

ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	**198.262,71**	**2.280,44**	**195.982,27**
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	**394.525,09**	**3.099,20**	**391.425,89**
PROXECTO TÉCNICO PARA CAMBIAR A CUBERTA DO PAVILLÓN DEPORTIVO EZEQUIEL MOSQUERA	**171.348,10**	**0,00**	**171.348,10**
TOTAIS	**764.135,90**	**5.379,64**	**758.756,26**

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.".

SEGUNDO.- Remitir a presente á Deputación Provincial da Coruña para a súa toma en consideración no expediente de solicitude do POS+ 2023.
TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación".

5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DECRETO POS SOCIAL DE 14.02.2023 (RES 197/23).

O sr. alcalde sinala que neste caso resulta así mesmo preciso ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición de 23 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Ratificación Decreto da Alcaldía Corrección erro material Acordo plenario POS+ADICIONAL para gastos sociais 2023

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 09.02.2023 acordou Participar no ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.***

Considerando que se detectou erro material en dito Acordo, e que, dada a proximidade da finalización do prazo de presentación de solicitudes, este foi corrixido pola Resolución da Alcaldía núm. 197/23 do 14 de febreiro de 2023, debendo ser esta ratificada na vindeira sesión ordinaria que o Pleno celebre,

Consecuentemente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 197/23) de corrección de erro material do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.***

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 23 de febreiro de 2023
O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira"

O sr. alcalde explica que na proposta anterior incorporouse o informe de intervención, na medida en que a redacción era enganosa, e hai que corrixilo, porén as contías no varían, incorporándose dúas cantidades que son o desglose da cantidade total, é dicir 113.612,80 €, que é a suma de 71.980,45 € e 41.632,35 €.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do BNG, sra. Diéguez, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1BNG), acorda:

<u>Primeiro.</u>- Ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de febreiro de 2023 (Res 197/23) de corrección de erro material do Acordo plenario do 09.02.2023, de solicitude de participación no *Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.*

<u>Segundo</u>.- Remitir o presente á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

"<u>RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA</u>

ASUNTO: CORRECCIÓN ERRO MATERIAL ACORDO PLENARIO POS+ADICIONAL PARA GASTOS SOCIAIS 2023

EXPEDIENTE: 2023/G003/000201

Considerando que, en relación co POS+adicional1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, o Pleno do Concello de Teo, na sesión extraordinaria do 9 de febreiro de 2023, adoptou o acordo que se reproduce a continuación, conforme ao orzamento recollido no informe da intervención municipal que seguía o modelo do anexo XVI da convocatoria desta axuda.

"<u>Primeiro.-</u> Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2023	***113.612,80€***

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	***113.612,80€***

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	***PREVISIÓN DE GASTOS 2023***	***ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS***	***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO***
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. ***O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.***	***992.496,06***	***723.136,20***	***269.359,86***
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	***41.632,35***	***0,00***	***41.632,35***
TOTAL	***1.034.128,41***	***723.136,20***	***310.992,21***

<u>Segundo.-</u> Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

Considerando que o cadro resumo do orzamento que foi aprobado na referida sesión non se corresponde con exactitude co modelo da Deputación para o certificado do acordo plenario (anexo XV), no cal se debe apreciar o desglose do orzamento no que respecta ao apartado "Estimación do gasto a financiar polo concello", incorporando unha columna D "Previsión do importe a imputar ao POS+adicional 2023" e E "Outros recursos propios do Concello".

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os errores materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".*

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no acordo plenario do 9 de febreiro de 2023, concretamente no que respecta á incorporación dunha maior desagregación da información relativa aos gastos que financiará o Concello, permitindo coñecer a previsión de distribución do recursos procedentes do POS social entre os dous tipos de gastos sociais correntes para os que se solicita.

Considerando que resulta preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, co fin de presentar correctamente a solicitude desta subvención, cuxo prazo remata no día da data, 14 de febreiro de 2023, sen prexuízo da ulterior ratificación plenaria.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material detectado no acordo plenario do 9 de febreiro de 2023, en relación á información incorporada na táboa explicativa dos gastos sociais extraordinarios previstos para o ano 2023 aos que se destinará o financiamento do POS+adicional, quedando o citado acordo plenario redactado conforme se detalla a continuación:

> **"Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial preasignada que figura nas bases do POS+Adicional 1/2023	113.612,80€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	113.612,80€

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	A	B	C=A-B	D	E=C-D
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	992.496,06	723.136,20	269.359,86	71.980,45	197.379,41
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	41.632,35	0,00	41.632,35	41.632,35	0,00
TOTAL	**1.034.128,41**	**723.136,20**	**310.992,21**	**113.612,80**	**197.379,41**

	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	**ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU**	**ESTIMACIÓN DO GASTO A**	**PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR**	**OUTROS RECURSOS PROPIOS DO**

		PRIVADOS	FINANCIAR POLO CONCELLO	AO POS+ ADICIONAL	CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	**1.034.128,41**	**723.136,20**	**310.992,21**	**113.612,80**	**197.379,41**

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	**113.612,80 €**
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnicos asistencial para cesión (i)	**0,00 €**
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamentos para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	**0,00 €**
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL (I+II+III)	**113.612,80 €**

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

SEGUNDO.- Remitir a presente á Deputación Provincial da Coruña para a súa toma en consideración no expediente de solicitude do POS+adicional para gastos sociais extraordinarios 2023.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación".

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA DE RENOVACIÓN DO CONCELLO DE TEO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA.

Ao tratarse dun asunto non ditaminado previamente pola Comisión Informativa correspondente, resulta preciso ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposta da Alcaldía, de 23 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación da presentación da renovación da candidatura do Concello de Teo como Cidade Amiga da Infancia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A iniciativa *Cidades Amigas da Infancia*, liderada por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), ratificada polo noso país en 1990, no ámbito dos Gobernos Locais.

Cidades Amigas da Infancia ten como visión que todo neno, nena e adolescente goce da súa infancia e adolescencia e desenvolva todo o seu potencial a través da realización igualitaria dos seus dereitos nas súas cidades e comunidades. Co fin de facer realidade esta visión, os gobernos locais e os seus socios identifican as súas metas (resultados) nas cinco esferas de obxectivos xerais, que recollen os dereitos contidos na Convención sobre os Dereitos do Neno. Desta forma unha cidade ou concello conta cunha gobernanza amiga da infancia, ao traballar para alcanzar estes obxectivos:

Cada neno, nena e adolescente é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades;

As voces, necesidades e prioridades de cada neno e nena escóitanse e considéranse nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan;

Todos os nenos e nenas teñen acceso a servizos esenciais de calidade;

Todos os nenos e nenas viven en contornas seguras e limpas;

Todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de gozar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario UAM-UNICEF de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA) e UNICEF Comité Español.

A través do Recoñecemento *Cidade Amiga da Infancia*, UNICEF Comité Español destaca a aqueles gobernos locais comprometidos cos cinco obxectivos de dereitos anteriores, que aplican a nivel local un modelo de xestión desde un enfoque de dereitos do neno, e que o fan baixo un sistema de gobernanza que favoreza a coordinación

interna e externa, que promova e xere mecanismos reais de participación infantil e adolescente e que conte cunha estratexia a longo prazo para incorporar á infancia e adolescencia no centro das políticas e accións impulsadas desde os gobernos locais.

O concello de Teo obtivo o recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia con data 25 de outubro de 2018 para o período 2018-2022, comprometéndose mediante a sinatura dun convenio de colaboración con UNICEF Comité Español con data 19 de febreiro de 2019 no cumprimento dos compromisos adquiridos.

Considerando que o camiño iniciado ten contribuído de xeito moi satisfactorio a mellora dos dereitos da infancia e adolescencia no noso concello, e tamén que o enfoque de dereitos na política local beneficia tamén ao resto de cidadanía, considerando, ademais, que o noso municipio cumpre cos requisitos estipulados nas bases da convocatoria aberta por UNICEF Comité Español; e manifestando a nosa vontade de seguir contribuíndo activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno na nosa localidade, e que nesta renovación deberán estar alinados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030:

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno do concello de Teo o seguinte ACORDO:

Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar os trámites para a renovación do Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia; así como contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

En Teo a 23 de febreiro de 2023

Asdo. Rafael C. Sisto Edreira

Alcalde do Concello de Teo”

Preguntado polo sr. alcalde, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, non fai uso da súa quenda de intervención.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:
Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar os trámites para a renovación do Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia; así como contar co seu

posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO – REC 01/23.

O sr. alcalde da conta da proposta de 10 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 23 de febreiro de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobación de Recoñecemento extraxudicial de crédito

Na sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada o 23 de febreiro de 2022 aprobouse un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) orixinado, fundamentalmente, pola irregular distribución anual da facturación eléctrica e pola suba dos prezos enerxéticos, o que supuxo acumular nun mesmo exercicio mensualidades que non se correspondían co exercicio.

O citado REC tivo que asumirse con cargo ao orzamento de 2022 e, consecuentemente, ao non estar prevista a asunción dese REC, detraéronse recursos correspondentes ao exercicio 2022 que provocaron, a final de ano, unha nova falta de recursos orzamentarios. Esta situación recorrente e previsble, agravouse dunha forma brutal co incremento incontrolado do prezo aplicado ao consumo eléctrico ao longo do ano 2022. Así, se facturación eléctrica no exercicio 2021 foi de **721.984,26€,** no ano 2022 incrementouse en 813.144,84€ ata acadar a cantidade de **1.535.129,10€**.

Así, a confluencia destes dous factores provocou que non se puidese facer fronte ao pago de 1.012.978,41€, todos eles correspondentes á facturación eléctrica.

Considerando que se trata de actuacións efectivamente executadas e que, polo tanto, a falta de aprobación e pago destes gastos suporía o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando así mesmo que si a Administración Pública incrementou o seu patrimonio polo subministro recibido, non pode alegar causas de nulidade para evitar a xusta contraprestación das empresas eléctricas que efectuaron a prestación.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado

por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) das facturas que se relacionan no Anexo por importe de 1.012.978,41€, que se desglosan do seguinte xeito:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
920/221.00	Enerxía eléctrica	10.628,57
340/221.00	Enerxía eléctrica	23.925,77
320/221.00	Enerxía eléctrica	41.135,20
165/221.00	Enerxía eléctrica	219.193,59
161/221.00	Enerxía eléctrica	503.035,79
160/221.00	Enerxía eléctrica	216.059,49
	TOTAL	**1.012.978,41€"**

O sr. alcalde sinala que como se explicou no seu día nas Comisións Informativas este recoñecemento extraxudicial vén derivado de dous factores fundamentais, dun recoñecemento que se aprobou en xaneiro do ano pasado e que consumiu crédito no orzamento por aproximadamente 300.000 € ou 400.00 €, a pesar de que para ir diminuíndo ese recoñecemento encadenado se incorporaron entre 100.000 e 150.000 €, porén o orzamento para gasto eléctrico quedou no ridículo porque a facturación do 20/21 foi de 721.984,26 € e no ano 20/22 foi de 1.535.129,10 €. É dicir, incrementouse en 813.144,84 €, o cal é máis do 100% do que se viña pagando de enerxía eléctrica.

Considera o sr. alcalde que isto é unha auténtica salvaxada, resultando difícil xustificar que unha empresa eléctrica teña que recibir este incremento de capital cando a produción da enerxía eléctrica non supuxo para eles este custe, nin moitísimo menos, pero non queda outro remedio.

Salienta o sr. alcalde que, unha vez aprobado o REC, haberá que negociar un plan de pagamento para ir facendo fronte a esta situación.

Explica o sr. alcalde que o agravamento que existe, e que xa comentou tamén no seu día, é que é unha situación que se pode perpetuar e que pode ser moi gravosa para o Concello, que hai que ter en conta que máis alá do alumeado público, que se reduciu coa instalación do LED, de aproximadamente uns 300.000 € a uns 200.000 €, foi unha redución moi importante, pero ao incrementarse máis do 100% esa redución quedou en nada. Salienta que o granproblema que hai tamén é que o Concello dispón dun sistema de saneamento e abastecemento baseado en bombeos, e facer a captación no Ulla, bombeala ata a ETAP, dende alí bombeala ao alto do Rialdomato para a distribución a todo o concello e con bombeos intermedios, supón un custo enerxético brutal.

Explica que todo o saneamento da zona de Cacheiras, que no seu momento se ten falado do dos Verxeis, que era unha condución de saneamento que inicialmente ía por gravidade e ó final a Xunta cando fixo a obra estableceu tres bombeos, tamén está axudando a rematar coas capacidades de pagamento eléctrico.

Considera o sr. alcalde que, se ben o do saneamento pode ter unha solución, o cal xa se tratou varias veces con Augas de Galicia, que é a volta ao proxecto orixinal, para volver a facer que iso sexa unha condución por gravidade, o do abastecemento, que é o principal custe eléctrico do Concello, ten moi difícil solución, ou non a ten na práctica, porque cambiar todo o sistema de distribución e almacenaxe sería un custe máis alto.

Salienta o sr. alcalde que por iso é polo que se presenta este REC, amosando a preocupación do que poida pasar no futuro e de que algo haberá que facer, máis alá de aumentar a produción de enerxías renovables para solventalo.

A portavoz do grupo municipal do BNG, sra. Diéguez, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus , non fan uso das súas respectivas quendas.

Intervén o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, ao considerar, como sempre din, que as débedas hai que asumilas e pagalas, engadindo que, aínda que era previsible, non era exactamente tan previsible. Dirixíndose ao sr. alcalde a sra. Calvo pregúntalle se falou coa FEGAMP para acollerse a algún plan.

O sr. alcalde responde que como a FEGAMP tamén se renova coas eleccións municipais, así que pasen ditas eleccións, nesa primeira reunión que se celebre de todos os alcaldes electos, será onde se enfoquen todos estes problemas.

Sinala que, en todo caso, mandarase unha comunicación para ver se hai algunha posibilidade con algún dos plans existentes.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con 12 votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 1 BNG) e catros abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:

<u>Primeiro.</u>- Atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) das facturas que se relacionan no Anexo por importe de 1.012.978,41€, que se desglosan do seguinte xeito:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
920/221.00	Enerxía eléctrica	10.628,57
340/221.00	Enerxía eléctrica	23.925,77
320/221.00	Enerxía eléctrica	41.135,20
165/221.00	Enerxía eléctrica	219.193,59
161/221.00	Enerxía eléctrica	503.035,79
160/221.00	Enerxía eléctrica	216.059,49
	TOTAL	**1.012.978,41€**

Incorpórase como ANEXO I á presente acta o anexo das facturas do REC.

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DA LIQUIDACIÓN DA OBRA "CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS" – REC 03/23.

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de febreiro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 23 de febreiro de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Na orzamento do ano 2021 figuraba a partida 134/61901 consignando 3.659.357,70€ para o Plan FEDER_POCS 2014-2020 que incluía as obras do IDAE, entre ela a de "Camiños escolares seguros no contorno da Igrexa – Calo" por un importe de 591.015,59 €, adxudicada finalmente por 351.794,98€.
A obra non se completou durante o exercicio 2021 polo que, trala aprobación dos orzamentos de 2022, fíxose por Intervención unha incorporación de remanentes de crédito para cubrir, exclusivamente, as certificacións pendentes de pago segundo o importe de adxudicación.

Con posterioridade, a dirección da obra asina unha certificación de liquidación pola obra efectivamente realizadas aténdose aos prezos de orzamento e proxecto coas medicións exactas, que excedían as contempladas no proxecto. O importe desta liquidación é de 34.994,34€ que, obviamente, ao incorporarse o remanente só polas medicións de proxecto, non estaban contempladas orzamentariamente.

Considerando que se trata de actuacións efectivamente executadas e que, polo tanto, a falta de aprobación e pago destes gastos suporía o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando así mesmo que si a Administración Pública incrementou o seu patrimonio polo subministro recibido, non pode alegar causas de nulidade para evitar a xusta contraprestación da empresa que efectuou a prestación.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e aprobar e recoñecer as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) da factura nº 53 emitida por "Mecano Obras y reformas, SL", o 10/08/2022, por importe de 34.994,34€, co concepto "Certificación liquidación camiños escolares seguros no contorno da Igrexa-Calo", con cargo á partida 134/61900

O sr. alcalde explica que como comentou no seu momento esta obra tiña un custe de 591.000 € e foi adxudicada por 351.000 €, cunha baixa moi importante. Non se executou no ano que se fixo a reserva de crédito, porque son obras longas que teñen un período de execución longo, e ao pasar ao exercicio seguinte a prórroga do crédito fíxose polo importe da adxudicación, non polo importe inicial. Iso leva o problema de que se ao final hai algún defecto nas medicións ou exactamente as medicións da obra non se axustan por algún concepto ás realmente postas no proxecto, iso hai que pagalo ao prezo estipulado no proxecto. Explica o sr. alcalde que se trata dunha práctica habitual aínda que é certo que o Concello de Teo moi raras veces ten que pagar estas liquidacións porque é algo que se mira moito, pero a magnitude destas obras ás veces por poucas cousas que sexan, por pouca desviación que haxa, ao ser moi importante a obra, leva a estes pequenos desaxustes que están certificados polo arquitecto municipal, pola dirección da obra contratada ao efecto e por toda a aquela persoa que tiña algo que dicir na obra, é dicir, que non hai ningunha dúbida de que a medición correcta é a que provoca este REC.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do grupo municipal BNG, sra. Diéguez, e a portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das respectivas quendas.

Intervén o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que polo mesmo principio de que os provedores teñen que cobrar e non pagar os pratos rotos, é xustificable, polo que apoiarán a proposta, engadindo que, aínda que hai que atinar un pouco máis, ás veces pasan estas cousas.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con 12 votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 1 BNG) e catros abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e aprobar e recoñecer as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) da factura nº 53 emitida por "Mecano Obras y reformas, SL", o 10/08/2022, por importe de 34.994,34€, co concepto "Certificación liquidación camiños escolares seguros no contorno da Igrexa-Calo", con cargo á partida 134/61900

Sendo as vinte horas e vinte e un minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE, DE REXEITAMENTO DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS ABANDONADOS NA PARCELA DA CASA COMÚN DE LUCÍ.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo de 15 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 202399900000586, de 15/02/2022), que se recolle a continuación, ditaminada

favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de febreiro de 2023.

“MOCIÓN DE REXEITAMENTO DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS ABANDONADOS NA PARCELA DA CASA COMÚN DE LUCÍ

O PSOE de Teo solicitou en tres ocasións, Rexistro de entrada de 31/10/2022, RE 202299900002805; 12/12/2022, RE 202299900003232 e 30/01/2023, RE 202399900000392, información sobre a obra que se realizou desde outubro do ano pasado na parcela da Casa Común de Lucí: finalidade e orzamento.

Finalmente, o 3 de febreiro, recibimos resposta do concelleiro Ignacio Iglesias Villar, no que indica que “*que a obra sinalada ten un orzamento de 10.280 euros e o fin da mesma é habilitar o espazo para aparcamento para usos municipais*”.

Polo tanto, neste escrito, nin nas novas de prensa posteriores, non se aclara polo goberno municipal se dita obra vai ser destinada a un depósito de vehículos abandonados.

Dita posibilidade é rexeitada pola propia veciñanza da zona, ante as previsibles molestias que este vertedoiro podan causar (aceites, ratos,...): lembremos que son vehículos que van ser considerados como chatarra.
Unha parcela de equipamento dotacional en solo urbano consolidado non parece o sitio axeitado nin desde un punto de vista social nin urbanístico para o depósito de todos os vehículos abandonados que se recollen en Teo.

Polo tanto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo, solicita o seguinte:

ACORDO:
PRIMEIRO.- Amosar o rexeitamento ante a posible instalación dun depósito municipal de vehículos abandonados na Casa común de Lucí.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Municipal ao destino da parcela da Casa Común de Lucí ao uso socio-cultural, de conformidade co PXOM de Teo, para o desfrute da veciñanza da zona, e escoitando as súas propostas de mellora e acondicionamento”

A sra. Lemus sinala que esta moción responde á existencia dunhas obras que se realizaron en outubro do ano pasado na Casa Común de Lucí, na parte exterior. Nese momento pediron información ao goberno municipal sobre esas obras, o obxectivo e o orzamento, petición realizada por primeira vez o 31 de xaneiro de 2022 e que foi reiterada o 12 de decembro de 2022 e o 30 de xaneiro de 2023. A resposta foi recibida o 3 de febreiro de 2023, sinalando que a obra ten un orzamento de 10.280 € e que o fin da mesma é habilitar o espazo para aparcamento para usos municipais.

Explica a sra. Lemus que en dito escrito, nin nas novas de prensa posteriores que aparecen, non se aclara polo goberno municipal se a obra vai ser para un depósito de vehículos abandonados, cousa que despois si que se fai, despois dunha manifestación veciñal, na que a propia veciñanza amosaba o rexeitamento, e hai unha reunión entre o alcalde, a concelleira sra. López, non estando o concelleiro sr. Igrexas, e chegan a un acordo e o goberno comprométese a que ese aparcamento non sexa para o depósito de vehículos abandonados.

Explica a sra. Lemus que esta posibilidade é rexeitada claramente por toda a veciñanza e pensa que por todos os grupos da oposición.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que non só van apoiar a moción senón que de feito presentaron outra moi similar polo menos en canto aos acordos. Manifesta que non lles parece de recibo que se instale aí un depósito de vehículos e tamén pensan que esas parcelas deben de estar destinadas a outros usos. Explica que no momento de defender a moción que presentou o seu grupo falará algo máis pero por suposto apoiarán esta.

Intervén o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo opina que se está novamente así por non ter comunicación coa veciñanza, porque de ter falado con eles iso non se levaría a cabo. Sinala que é certo que xa non se vai a facer, pero tamén o é que está cimentado e está pechado e de falar con eles evitaríase todo isto.

Sinala a sra. Calvo que non é a mellor localización, non só polo feísmo, que iso sería case o mal menor, senon tamén porque se pode desatar unha praga incontrolada, con vehículos abandonados, roubos, etc..

Salienta a sra. Calvo que o seu grupo non ía aceptar baixo ningún concepto que se fixese iso alí, polos motivos que expón. Sinala que non tiñan constancia oficial desta obra, por iso tampouco presentaran moción algunha, e agora simplemente queren saber que se vai a facer alí.

O sr. alcalde di que o sr. Igrexas non estivo porque el foi o encargado da execución da obra, pero non foi unha iniciativa súa, non foi o promotor da mesma.

Sinala que a verdade é que se preparou o terreo para ser un aparcadoiro municipal que incorporaría dende vehículos normais de uso ata vehículos retirados da rúa, para o seu posterior tratamento como residuo, tanto é así que unha das persoas afectadas achegouse hai dous ou tres meses ao Concello e explicóuselle a situación, que evidentemente non é un depósito de vehículos no sentido dun desguace, é para que, unha vez que se retira un vehículo da rúa para o seu tratamento como residuo, como é responsabilidade municipal, ten que estar nun sitio controlado no que non pode sufrir desgastes mentres pasan eses dous meses que ten que estar nos que se fai a localización, convocatoria, e se non aparece o titular, a publicación no BOP para o seu posterior pase ao desguace. Salienta o sr. alcalde que sempre sería unha situación transitoria, debidamente habilitada. Di que tamén son conscientes de que non pode ser

unha situación estética aceptable, e estaría protexida a zona cun tapete vexetal, pero é certo que, como lle comentou á veciñanza que reclamou a reunión, que realmente se achegaron a depositar sinaturas e pedíuselles que se achegaran ata á oficina, entón vólvese ao punto de partida. Sinala que tampouco teñen interese en montar unha guerra veciñal, o único que hai é un problema serio, para o goberno e para o goberno que veña, sexa quen sexa. Salienta que o problema é, neste momento, para que todos se fagan unha idea da magnitude do problema, aparte dos 11 coches que hai distribuídos polo Concello e pedindo que se retiren, hai un pago de 3.343 € durante o ano 2022 polo depósito de dous coches, e iso vai a seguir estando aí.

Sinala o sr. alcalde que son conscientes de que é unha situación problemática, que lle deron moitas voltas a unha localización, engadindo que o di para que o resto de compañeiros se vaian familiarizando co tema, pois non pode ser nun punto illado, porque hai unha responsabilidade municipal sobre eses coches neses 2 meses que están aí. Explica que non se pode facer no punto limpo, porque se sabe que están entrando continuamente e hai coches que poden ter un valor e basta que se desguacen para que o propietario o reclame, engadindo que pode ser en terreo rústico, pero non nunha nave que estea en terreo rústico. Salienta o sr. alcalde que se trata dun problema que non ten fácil solución, e o goberno que veña será quen teña que solucionalo. Explica que, de momento, non se vai facer aí, xa se abriron as cancelas e vaise a humanizar minimamente e os gastos que estaban previstos de axardinamento e cerre, dedicaranse a algún elemento que permita unha relación social máis proveitosa naquel entorno.

A sra. Lemus manifesta que chama a atención o dos dous meses que comenta o sr. alcalde, pois se non se engana, hai coches que levan na nave de PC varios anos, entende que o que se está pagando doutros coches era polo convenio que se fixeran con Trameve e que se levaran a unha nave destinada para iso e polo menos neste ano non se tramitou esa baixa deses vehículos, entón non ía ser por dous meses en ningún momento porque esas tramitacións eran máis longas e non se estaban facendo nin en un nin en dous, co cal a posibilidade de que houbera coches abandonados na casa común de Lucí durante varios anos era bastante, por non dicir totalmente, probable.

Considera a sra. Lemus que o modelo é claro. Di que ela tamén escoitou o de rústico, que lle chamou a atención, porque é o que sempre se están a queixar as Administracións, que os residuos rematen en rústico cando deberían de acabar en solos industriais. Sinala que é preciso unha mellora da tramitación interna a fin de dar baixa a eses vehículos, e se é necesario máis medios poñelos, entendendo en todo caso o da sobrecarga administrativa do Concello. Considera que se pon o de "vehículos abandonados" sabendo que non ían a estar dous meses, e o sr. alcalde é consciente porque leva moitos anos no concello. Sinala que no medio dun núcleo, nun solo urbano, nun espazo socio-comunitario, como mínimo chama a atención, sen necesidade de que haxa unha oposición veciñal, e considera que o modelo escollido, como mínimo, chirría. Tamén lle chama a atención ese momento que tiveron entre que fixeron a obra, que foi en outubro, e que máis ou menos en xaneiro apareceu algún coche aparcado pero esa zona, non ía ser para aparcamento municipal, e de repente apareceu o entroido e apareceu algún coche de obras alí aparcado, ata ese momento estaba completamente baleiro, e acondicionado por un valor de 10.000 €.

Sinala a sra. Lemus que o sr. alcalde sempre lle di que vai a gobernar ata o último momento e ela pensa que é totalmente lexítimo, e non vai dicir que sexan ilexítimos, como outros din dende Madrid, pois non o cree ademais, pero o que si cree é que deben de ter un pouco máis de medida en canto a este tipo de accións. Primeiro porque claramente é unha medida que non é necesario que veña a veciñanza para que calquera perciba que non é o normal. Sinala que se eles pediron en outubro esa confirmación por escrito, porque lles chamaba a atención que un goberno municipal decidise colocar coches abandonados aí, que non ían a estar dous meses. E despois por outro lado hai un gasto de 10.000 euros que agora mesmo vai haber que reformar, como mínimo, e que van a ser 10.000 euros que se perderon nunha parcela que estaba perfectamente axardinada previamente e na que se lle quitara o peche cando se fixera a senda hai un ano e pico, e se decidira remodelar esa zona, porque o muro estaba mal, e se decidira abrir pensando nunha zona máis de esparcimento. Agora hai un peche, aínda que estean as cancelas abertas, nunha zona que está preparada para un aparcamento, porque ademais é unha obra de aparcamento igual que a de Pontevea e

chama a atención que houbera tanta presa en facer iso e en cambio, por exemplo, se estea pendente do de Cacheiras.

A sra. Lemus di que agradecería que sabendo que teñen que gobernar ata maio ou ata xuño, que polo menos este tipo de decisións que as reformulen unha vez máis nas súas cabeciñas, porque chama a atención que se tivera que ter chegado a este punto.

Considera a sra. Lemus que tamén é verdade que como goberno non se deben de tomar as decisións en base ao que lle di a veciñanza, pero hai que pensar un pouco máis as cousas, ademais que dez vehículos abandonados ou outros tantos, non tiña ningún sentido colocalos no medio dun núcleo en solo urbano. Chama a atención porque primeiro non sería posible que ningunha empresa privada fixera iso e se pedira a licenza non se lle daría, non sería posible, polo que agradecería que o Concello tampouco fixera este tipo de obras sen ningún tipo de sentido nin estético nin de outro estilo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a sra. Diéguez di que ten unha moción similar e que vai a opinar cando teña que expoñer a mesma.

Intervén a sra. Calvo e sinala que eles non din que sexa unha problemática fácil, e tampouco din que non haxa un depósito para eses vehículos. Simplemente din que non era o lugar apropiado. Tampouco din que gobernen en base ao que digan os veciños, pero que con eles hai que ter unha relación fluída para evitar determinadas cousas.

O sr. alcalde sinala que posto que a sra. Lemus dixo que tiñan que gobernar ata o final el vaise a empeñar en demostrarlle que ían a ser dous meses e entón vai a intentar sacar neste tempo que queda eses vehículos que levan en Trameve non sabe canto tempo e polos que se están pagando eses cartos.

Sinala o sr. alcalde que están moi ben as críticas, porén é unha lástima que non se lle escapara a ninguén algunha alternativa.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Amosar o rexeitamento ante a posible instalación dun depósito municipal de vehículos abandonados na Casa común de Lucí.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Municipal ao destino da parcela da Casa Común de Lucí ao uso socio-cultural, de conformidade co PXOM de Teo, para o desfrute da veciñanza da zona, e escoitando as súas propostas de mellora e acondicionamento.

10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG, DE OPOSICIÓN Á INSTALACIÓN DUN DEPÓSITO MUNICIPAL DE COCHES NA CONTORNA DA CASA COMÚN DE LUCÍ, E REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ESPARCIMENTO.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.ª Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 15 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 763, de 17/02/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de febreiro de 2022.

“Moción BNG coches abandonados

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do *Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,* presenta a seguinte moción:

Oposición á instalación dun depósito municipal de coches na contorna da Casa Común de Luci, e realización dun proxecto de esparcimento na mesma.

Exposición de motivos

A finais do mes de xaneiro e principios de febrero, o BNG de Teo tivo coñecemento pola veciñanza de Lucí, e polas obras realizadas xunto a Casa Común desa parroquia, de que se estaba instalando un depósito de coches nesa ubicación.

Dado que non se facilitara información aos Grupos municipais sobre esa actuación, e ante a inquedanza da veciñanza, a portavoz do BNG, Patricia Castelao, solicitou aclaracións ao Alcalde, confirmándolle este que o uso desa parcela sería para vehículos municipais e para a recollidas dos coches abandonados do concello. Ao mesmo tempo veciños da parroquia solicitaron información ao Concello, informandoselles que estaba prevista a instalación dun estacionamento de coches municipais no lugar sinalado.

A alarma suscitada pola posibilidade da instalación dun depósito de coches nunha parcela xunto á Casa Común da parroquia levou aos veciños e veciñas a convocar unha reunión onde as persoas presentes manifestaron o seu rexeitamento á instalación dun depósito temporal ou definitivo de coches,ou mesmo a un estacionamento municipal.

Desde o BNG estamos moi preocupados pola falta de información previa aos veciños e veciñas por parte do Goberno Municipal. Opoñémonos frontalmente á utilización da parcela como depósito de coches e consideramos que o uso apropiado para a mesma é o de zona de esparcimento da veciñanza e actividades relacionadas coa Casa Común.

Por isto, o grupo municipal do BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal de Teo adopte os seguintes

Acordos

1. **Rexeitar a instalación dun depósito municipal (temporal ou definitivo) ou dun estacionamento de vehículos na contorna da Casa Común de Lucí.**

2. **Instar ao Goberno Municipal a redactar e executar un proxecto de humanización e esparcemento na contorna da Casa Común de Luci".**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.ª Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez sinala que, como dicía a sra. Lemus, ao BNG tamén lles chegou a información non directamente polo concello, pois tiveron coñecemento pola veciñanza, que é normal que estea inquieta, algo que comprenden perfectamente. Explica que ela foi veciña da Ramallosa e se neste momento estivera aquí tamén estaría aí loitando contra este despropósito.

Sinala a sra. Diéguez que se lle solicitou ao alcalde información e confirmou o que acaba de dicir, que estaba en marcha crear un lugar para deixar os coches abandonados.

Manifesta a sra. Diéguez que o seu grupo se reuniu coa veciñanza, e explicóuselles que o BNG estaba preocupado por este tema e que se opoñían frontalmente á utilización da parcela como depósito de coches e que o uso era inapropiado, e que ese lugar está no centro da Ramallosa. Que non estea ao lado do concello non significa que non estea no centro da Ramallosa, pois está cerca das piscinas, da gardería, nun sitio moi visible, pois vese dende a estrada, rodeado de casas.

Salienta a sra. Diéguez que tanto a ela coma ao BNG parécelles de sentido común que ese sitio non pode ser dedicado a iso, pois non é un sitio apartado, senón que está no medio dunha poboación.

Di a sra. Diéguez que, con respecto ao que dixo o sr alcalde de que a idea non foi do sr. Igrexas, se non foi del admíralle máis, porque ela nalgún momento nos que compartira goberno co que hoxe é alcalde, e entón non era, soñaba para Teo, e lémbrase moito, con converter a Teo nunha especie de verxel, poñer xardineiras nas beirarrúas, facer un concello totalmente transformado e que fose referente, e ó final non é así. A sra. Diéguez salienta que lle doe moito esa situación porque nalgún momento se soñou outro tipo de Concello e este modelo non é o que o BNG quere e ademais tamén no seu momento falouse moito de darlle voz á veciñanza, escoitala, facer

orzamentos participativos, íase ir polas parroquias escoitar á veciñanza e tantas cousas, e ao final acábase así.

A sra. Diéguez amosa a súa decepción e sinala que o proxecto do BNG non é este, insistindo en que foi unha pena que se tirase ese diñeiro que ao mellor estaba ben para seguir alugando ese sitio onde se almacenaban vehículos.

Sinala a sra. Diéguez que tamén lle chama moito a atención que de repente entrase a présa por solucionar o problema dos vehículos abandonados, porque os hai por todas as esquinas, e que esa presa a teñan que pagar os veciños de Lucí cando durante todo o mandato non se fixo nada non é de recibo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a sra. Lemus non fai uso da súa quenda.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que está totalmente de acordo e lle cede a palabra á concelleira so deu grupo, D. Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo á moción e á veciñanza. Dirixíndose ao sr. alcalde, dille que están encantados de ser propositivos, pero que non lles preguntou, e se o tivera feito terían axudado, pero non se quixo, polo tanto limítanse a fiscalizar, e o goberno a gobernar.

O sr alcalde, dirixíndose á sra. Diéguez, dille que en todo caso espera que tampouco sexa o modelo do BNG o dos coches abandonados, porque se por riba di que hai unha chea deles espera que o solucionen.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

1.- Rexeitar a instalación dun depósito municipal (temporal ou definitivo) ou dun estacionamento de vehículos na contorna da Casa Común de Lucí.

2.- Instar ao Goberno Municipal a redactar e executar un proxecto de humanización e esparcemento na contorna da Casa Común de Luci.

11.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DAS RUTAS ESCOLARES EN TEO POR PARTE DA XUNTA E DE MONBÚS.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.ª Mayte Argibay da Silva.

A sra. Argibay da conta da moción do seu grupo de 7 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 202399900000488, de 07/02/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 23 de febreiro de 2023.

"MOCIÓN SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DAS RUTAS ESCOLARES EN TEO POR PARTE DA XUNTA E DE MONBUS

Como é ben coñecido, practicamente tódalas semanas deste curso escolar producíronse incidencias nas diversas liñas de transporte escolar que recorren o noso Concello, incidencias que lembremos se comunican diariamente dende os centros escolares á Xunta de Galicia.

Xa estamos no segundo semestre do curso, e a estas alturas, seguen a producirse DIARIAMENTE incidencias no transporte escolar dos centros do noso Concello.

Esta situación resulta preocupante e está a causar gran indignación e inseguridade nos pais e nais do alumnado que nunca saben se o bus escolar vai a pasar con retraso,

ou se tan sequera vai pasa: así, na última semana déronse varias ocasións nas que o bus escolar NON PASOU a recoller aos nenos e nenas.

O último caso que se nos comunicou foi o pasado día 6 nunha liña do CEIP de Calo. Nestes casos son as nais e os pais os que se teñen que encargar de acercar aos nenos e nenas aos centros escolares, o que provoca, por exemplo, problemas graves na asistencia aos postos de traballo e outros problemas de conciliación.

Semella que os incidentes que se producen están provocados polo feito de que non hai autobuses suficientes para facer tódalas rutas obxecto do contrato, e por este motivo, uns días o autobús acude a unhas paradas nun concello e outros días deixa estas paradas sen servizo para acudir ás que deixara os días anteriores.

Esta falta de autobuses incumpre claramente o contrato en vigor no que se establece un incremento do número mínimo e imprescindible esixido de vehículos, cun 10% adicional dos vehículos de reserva necesarios para cubrir calquera tipo de incidencia ou imprevisto que poida impedir utilización dos vehículos mínimos asignados ao contrato (cláusula 4.2.d) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na contratación do servizo de realización de rutas de transporte escolar a 424 centros de ensino público da Comunidade Autónoma de Galicia por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación urxente, mediante 57 lotes, (expte. 1a/2021/te)).

Debido á extrema gravidade desta situación que está afectando ao dereito fundamental á educación dos nosos nenos e nenas, e ante a cal a Xunta de Galicia está a facer oídos xordos, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo, solicita o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar da Concellería de Educación a inmediata e urxente convocatoria do Consello Escolar Municipal, para que ditamine sobre o conflito do transporte escolar, co fin de presentar dito ditame ante as autoridades competentes.

SEGUNDO.- Reclamar da Consellería de Educación e do Presidente da Xunta de Galicia, a solución urxente a este conflito, e que se tomen as medidas oportunas co fin de que á empresa Monbus cumpla co establecido no contrato das rutas do transporte escolar en Galicia, sen máis dilacións nin escusas".

A sra. Argibay di que vai a dar lectura a uns parágrafos do Regulamento do Consello escolar municipal do Concello de Teo, asignado en outubro de 2008 polo goberno de Martiño Noriega, nos termos seguintes: *O marco constitucional recoñece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito estatal, e este valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso. Teo quere ser un concello educador en todos os sentidos, que viva a Educación coma un referente básico para a formación da conciencia cívica. O Consello escolar municipal é polo tanto un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal. Deberá de ser consultado pola administración educativa e polo concello en todas aquelas cuestións relacionadas co Ensino non universitario no ámbito municipal e en calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do concello lle sexa consultado".*

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, anuncia o voto a favor do seu grupo. Sinala que por suposto non teñen nada en contra de que se reúna o Consello escolar municipal, e dito sexa de paso aproveita para presumir un pouco, sinalando que foi ela a persoa que puxo en marcha o primeiro Consello escolar municipal. Doutra banda o de reclamar á Consellería que se cumpra cos contratos que teñen parécelle lóxico e obvio, pois non se pode consentir que os rapaces do IES non saben a que hora lles vai chegar o autobús, se van ter transporte ou non, e estar todos os días con esa incerteza.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez anuncia o apoio do seu grupo. Explica que é un tema lamentablemente recorrente ao logo de toda a lexislatura, pois convén recordar que xusto á metade da lexislatura aproximadamente se renovaron contratos de parte dos centros educativos do concello e naquel momento pensa que foi unha boa oportunidade para os centros educativos trasladar as demandas previas que había, que eran unhas cantas, e reaxustar os contratos en base a estas demandas. Sinala o sr. Sánchez que eses contratos reaxustáronse, por exemplo no caso do IES, e isto permitiu unha mellora grazas fundamentalmente ao tesón das directivas dos centros educativos e das ANPAS dos mesmos. Explica que o paso máis importante que se pode dar nestes casos é que a Administración encaixe as demandas da veciñanza e nese sentido foi todo ben, o problema é que MONBÚS evidentemente non cumpre. Sinala que puntualmente se lamentou que non houbera certo devezo por parte da Administración municipal en intentar facer cando menos un ademán de axudar a solucionar o problema, porén considera que ese non debe de ser o foco no que se debe de poñer a atención.

Reitera o sr. Sánchez o apoio do seu grupo á moción, porque se ten que ser máis esixente con MONBÚS, pero sobre todo porque o que pide esta moción de cara á Xunta é o que eles veñen facendo non en mocións, non con titulares, senón de facto a través de reunións coas directivas de centros educativos, coas ANPAS, e coa propia Xunta, non hai semanas, nin meses, senón anos.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. López, que sinala que tamén van votar a favor da proposta, aclarando que ela diferenciaría como dúas partes, por un lado os atrasos de MONBÚS, que son notorios e evidentes, e que todas as familias, teñan ou non teñan crianzas escolarizadas en Teo, son conscientes de que incluso na liña que non é de bus, na regular, MONBÚS non cumpre o contrato.

Di a sra. López que ve ben convocar ao Consello Escolar Municipal, como órgano de representación, pero pensa que non poderá ser nin inminente nin urxentemente porque os Consellos municipais teñen uns tempos que hai que respectar, hai unha convocatoria e hai que nomear unha serie de persoas. A sra. López sinala que

ademais, segundo o recollida no Regulamento, os membros teñen que cambiar cada dous anos.

A sra. López di que neste caso a Secretaria pode comentar algo porque precisamente se estaba traballando con ela este tema.

Interveño eu, secretaria municipal, para aclarar que efectivamente o mandato coincide co mandato corporativo, aínda que hai unha renovación cada dous anos. Aclara que, máis alá desa cuestión meramente formal que pon no regulamento, o problema que se detectou á mañá é que dunha forma fáctica a persoa que habitualmente leva a Secretaría do Consello Escolar xa tiña constancia de que moitas das persoas que tradicionalmente formaban parte do mesmo agora mesmo xa non estaban nos postos para o que tiñan a representación, o cal obrigaba, como ben apunta a concelleira, a facer uns novos nomeamentos, o cal é unha cuestión de tempos, sendo materialmente imposible convocala de xeito inmediato porque se descoñecen os mesmos. Sinalo que creo que o último celebrado foi no 2021, cando aínda estaba a sra. Argibay, e os membros daquel momento hai moitos que xa consta que non teñen os cargos en virtude dos cales formaban parte do Consello.

A sra. Argibay di que animaría a que o tramitaran o antes posible porque lle parece un órgano de consulta moi importante sobre todo co complicado que está o tema educacional neste momento, pois hai problemas nos comedores, no transporte e en moitos máis ámbitos. Entón, se fan falta uns prazos e demais, que da conta que si, porque no seu momento xa lles contou moito completar o Consello escolar municipal por un montón de cousas, que non tarden moito en facelo porque seguramente faga falta convocalo.

A sra. López que sinala que isto efectivamente está en marcha, xa se puxo en marcha cando foi o momento das Comisións, pero se ben é certo que queren, a nivel práctico, canalizar unha protesta polo tema do incumprimento de MONBÚS, que a ela si lle parece moi grave, paralelamente a formalizar o Consello Escolar Municipal, que saben

que non vai ser para a semana que vén nin para a seguinte, pois quizais se debería de facer outra proposta, non sabe se por exemplo unha reunión informal das ANPAS. Di a sra. López que tampouco é consciente de que agora sexa o momento de maior queixa ou polo menos que lle transmitan a ela as ANPAS, porque é certo que a principio de curso foi gravísimo, sobre todo no IES, pero non está de máis, incluso os usuarios da liña regular, porque esas queixas si que lle chegan a ela directamente, e ata pensou en parar un bus, que o leva dicindo toda a semana e non se lle ocorre outra idea porque realmente é desesperante.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar da Concellería de Educación a inmediata e urxente convocatoria do Consello Escolar Municipal, para que ditamine sobre o conflito do transporte escolar, co fin de presentar dito ditame ante as autoridades competentes.

SEGUNDO.- Reclamar da Consellería de Educación e do Presidente da Xunta de Galicia, a solución urxente a este conflito, e que se tomen as medidas oportunas co fin de que á empresa Monbus cumpla co establecido no contrato das rutas do transporte escolar en Galicia, sen máis dilacións nin escusas.

12.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE O IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALIZA.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.ª Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 15 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 764, de 17/02/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 23 de febreiro de 2023.

“Moción do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista-- é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha

resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

Para o concello de Teo promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción dos seguintes ACORDOS**:

1.A Corporación do Concello de Teo mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2.A Corporación Municipal do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar

administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo. Pensa que sempre estiveron a favor, e o PP dende as institucións tamén estivo sempre a favor de defender o tema da muller, de sempre ir cara adiante. Como sempre din non hai que pararse e calquera mellora vai a ser importante e necesaria, e quería aproveitar a intervención para preguntar cales van a ser as actividades ou as accións que o Concello vai a facer para conmemorar ese día.

A sra. López agradécelle ao BNG que traia esta proposta porque é certo que o 8M é un día para repensar e volver a replantexarse o feminismo, e neste sentido o Concello ten accións directas a través do CIM, que conta cunha psicóloga-directora e cunha avogada, e logo como tamén plantexa a moción hai outras accións indirectas de conciliación, repensar con ollada feminista practicamente todas as actividades que facemos e por iso tamén se suman ao 8M, que o ven como un día de celebración, con varias actividades.

Sinala a sra. López que todos coñecen que hai unha caravana porque actuará como CIM itinerante e entón sacarase pola rúa, haberá dúas accións pola mañá na Ramallosa, nas inmediacións do Concello e pola tarde aproveitase que Campos de Mirabel é a zona que aglutina a maior poboación infantil do Concello e hai así tamén como un punto de información pero máis volcado con actividades para familias. O venres haberá unha actividade para adultos, un monólogo, na Ramallosa, e o sábado haberá unha actividade organizada por unha asociación feminista de Teo na que tamén colabora o Concello.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

1. A Corporación do Concello de Teo mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. Corporación Municipal do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

13.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo cuarto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que ten pouca cousa, pois son conscientes de que nos meses que quedan non van ser capaces de facer todos os mandatos, rogos e todo o que terían. Considera que unha cousa que pensan que si se pode facer nestes meses que quedan é taponar as fochancas. Explica que nos Tilos hai variedade por toda a urbanización, especialmente por onde está o Gadis, engadindo que por onde pasan os autobuses parece ser que se estraga máis a estrada. Sinala que hai unha pequena fochanca na rotonda dos Verxeis, vindo de Ribas, e que é unha pena que estes días que andan coa estrada non lle boten alí algo, aínda que xa sabe que son cousas distintas.

2.- Di a sra. Diéguez que xa sabe que non lle corresponde ao Concello, pero xa noutro momento se fixo un rogo para que se lle transmita a quen corresponde, que neste caso sería a Xunta, que na estrada que vai por onda o centro de saúde de Reis, esas beiravías que puxeron, sempre deixan que crezan as silvas e os toxos. Sinala que o ano pasado fixérase unha petición e ao pouco limparon.

3.- Refírese a sra. Diéguez ao tema da iluminación e di que antes falouse de que agora se gastaba menos porque había luces de baixo consumo, que as luces das farolas que consumían menos, pero ela quería preguntar por que non se regula mellor ou se poñen uns horarios de acendido, pois nalgún sitio están alumeando toda a noite focos. Sinala que lle comentaron dun que se puxo detrás do centro médico de Cacheiras, que parece ser que da unha luz inmensa e que está toda a noite alumeando e a veciñanza empeza a estar un pouco molesta. Di a sra. Diéguez que descoñece se hai unha razón para que estea ese foco aí.

O sr Igrexas sinala que ese foco foi solicitado precisamente polos veciños, hai un ano e pico ou dous, porque hai unha zona de sombra que está dirixido para máis adiante, entón oriéntase para aí. Sinala que a luminaria que había pasáballe algo que non sabía o que era pero quedaba moi escuro.

O sr. alcalde sinala que despois, cando se meteron os módulos, sacáronse as farolas vellas que había, que ocupan o lugar dos módulos, entón púxose provisionalmente ese foco dirixido en concreto cara esa zona, para substituír as anteriores. Di que, en todo caso, mirarase se hai algunha forma para regulalo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Argibay sinala que no día de onte houbo Consello escolar no CEIP dos Tilos e pedíronlle que lembrara que hai un compromiso por parte da concelleira de reencher os areeiros, que case topan coas pedras os rapaces, e hai unha parte de cristais, lle

dixeron literalmente "*algúns polas suciedade non permiten ver o exterior, por favor que se limpen".*

2.- A sra. Lemus di que o outro día estiveron mirando a obra da Ramallosa e estiveron falando coa veciñanza, e pregunta se se vai facer algunha obra máis nesta zona nestes meses.

O sr Igrexas di que sabe un pouco o que falaron porque lle chamaron a el onte para plantexar unhas cuestións que lles falaran ao PSOE. Sinala que xa lle explicou ao presidente da comunidade no seu día, que foi en agosto, que se achegou ao concello a falar e a pedir que se talaran esas árbores porque estaba habendo un problema de filtracións ou había eses indicios. Explicóuselle nese momento a esa persoa e á secretaria da comunidade, como representantes de todos os veciños, porque realmente a comunidade represéntaos a todos, nin sequera é unha asociación, senón que é unha asociación de propietarios, que non se ía a proceder a facer unha reurbanización desa zona de xeito inmediato basicamente porque con fondos propios é difícil, incluso se falou de distintas opcións pero a medio prazo e eles solicitaron que se talaran esas árbores polos problemas que daban.

Di o sr. Igrexas que é certo que ademais xa se levaba barallando e que algúns deles incluso manifestaron que xa llo comunicaran á sra Lemus no seu día, que as pólas invadían xa as zonas privadas entón polo código civil se piden que se saquen hai que facelo, aparte non pode haber árbores a metro e medio doutras propiedades e esas estaban a menos desa distancia, é dicir, que había unha serie de circunstancias. Falouse co xefe de parques e xardíns a ver o que opinaba e el dicía que polo ritmo de crecemento dalgunhas desas árbores intuíase que podían estar metendo raíces por canalizacións e entón con todo iso o presidente da comunidade e a secretaria acabaron pedindo que se talaran as árbores. Explicóuselles que en principio non ía a haber unha actuación de reurbanización e o cambio de poder plantar árbores a unhas distancias prudenciais das vivendas, etc, iso conleva unha reurbanización empezando porque árbores nunha urbanización que non teñan límite por abaixo acaban creando problemas nas canalizacións.

Di o sr. Igrexas que se lles explicou iso e o que está pendente é ver como se tapa o burato, que tecnicamente tampouco é moi fácil porque nos tocóns non se pode traballar con maquinaria e a solución que dan os técnicos é facelo directamente a man con machada, limpar, escarvar, e haberá que ver, basicamente porque son un risco para os viandantes e evidentemente hai que eliminalo ou minimizalo ao máximo. Sinala que, de todos os xeitos, hai un mes que se cortaron e estase vendo aínda exactamente que se pode facer para evitar ese risco. Reitera que é a obra que se vai a facer.

2014	1	1,003	0,4855	230.932,00	112.117,49	135.662,16	0,2212	221.928,00	49.090,47	53.999,52	189.661,68
	2		0,4855	245.873,00	119.371,34	144.439,32	0,2212	231.492,00	51.206,03	56.326,63	200.765,96
	3		0,4855	278.223,00	135.077,27	163.443,49	0,2212	260.553,00	57.634,32	63.397,76	226.841,25
	4		0,4855	239.073,00	116.069,94	140.444,63	0,2212	229.058,00	50.667,63	55.734,39	196.179,02
2015	1	1,000	0,4855	237.015,00	115.070,78	139.235,65	0,2212	225.915,00	49.972,40	54.969,64	194.205,28
	2		0,4855	251.012,00	121.866,33	147.458,25	0,2212	239.438,00	52.963,69	58.260,05	205.718,31
	3		0,4855	298.533,00	144.937,77	175.374,70	0,2212	277.960,00	61.484,75	67.633,23	243.007,93
	4		0,4855								

TÁBOA 3: NOVAS LIQUIDACIÓNS A APROBAR					
Col. 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6
ANO	**TRIM.**	TOTAL FACTURACIÓN	RECADADO TAXAS	PAGADO CONCELLO	PENDENTE
2001	**2**	74.397,39	81.574,16	15.763,98	-22.940,75
	3	85.840,39	95.139,54	16.363,50	-25.662,65
	4	76.107,81	82.496,94	0,00	-6.389,13
2002	**1**	79.020,81	81.757,06	21.657,86	-24.394,11
	2	87.483,83	95.336,67	23.827,11	-31.679,95
	3	107.367,29	117.472,26	0,00	-10.104,97
	4	85.099,68	95.104,13	0,00	-10.004,45
2003	**1**	85.712,58	82.723,37	0,00	2.989,21
	2	101.264,95	104.675,34	0,00	-3.410,39
	3	117.321,02	124.932,51	0,00	-7.611,49
	4	98.262,89	97.120,80	0,00	1.142,09
2004	**1**	102.125,20	96.599,73	0,00	5.525,47
	2	118.275,57	120.832,83	0,00	-2.557,26
	3	132.847,73	136.177,07	0,00	-3.329,34
	4	113.537,49	108.103,59	0,00	5.433,90
2005	**1**	118.268,89	94.529,81	0,00	23.739,08
	2	131.562,83	109.325,36	0,00	22.237,47
	3	147.066,24	127.237,86	0,00	19.828,38
	4	122.913,52	98.516,92	0,00	24.396,60
2006	**1**	126.737,97	92.936,63	0,00	33.801,34
	2	143.517,80	111.672,17	0,00	31.845,63
	3	174.175,23	148.036,96	0,00	26.138,27
	4	136.526,80	100.412,45	0,00	36.114,35
2007	**1**	137.247,81	98.003,68	80.433,51	-41.189,38
	2	149.696,84	110.240,08	83.666,30	-44.209,54
	3	172.119,60	135.417,28	86.089,36	-49.387,04

TÁBOA 3: NOVAS LIQUIDACIÓNS A APROBAR					
Col. 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6
	4	157.560,96	116.016,93	87.586,60	-46.042,57
2008	**1**	151.354,65	104.869,68	100.880,31	-54.395,34
	2	154.658,12	185.659,02	22.721,09	-53.721,99
	3	179.247,37	224.787,22	14.690,47	-60.230,32
	4	157.135,18	179.356,58	27.711,27	-49.932,67
2009	**1**	154.626,93	173.196,76	30.398,74	-48.968,57
	2	169.616,82	197.292,18	28.238,45	-55.913,81
	3	183.644,72	224.460,98	17.608,93	-58.425,19
	4	162.437,78	188.222,71	27.302,23	-53.087,16
2010	**1**	152.944,28	172.058,41	30.940,92	-50.055,05
	2	168.915,10	193.740,28	28.301,79	-53.126,97
	3	208.520,85	264.389,13	10.395,18	-66.263,46
	4	172.310,43	201.380,39	27.590,64	-56.660,60
2011	**1**	169.799,83	192.167,90	36.142,79	-58.510,86
	2	191.847,33	224.065,90	32.869,30	-65.087,87
	3	214.655,21	260.593,90	24.234,64	-70.173,33
	4	186.227,39	212.252,05	37.137,62	-63.162,28
2012	**1**	178.006,16	192.673,50	47.667,37	-62.334,71
	2	195.725,35	223.298,04	37.296,00	-64.868,69
	3	214.667,87	251.114,55	33.569,76	-70.016,44
	4	190.082,42	207.713,78	0,00	-17.631,36
2013	**1**	191.219,87	202.477,09	0,00	-11.257,22
	2	196.312,62	210.708,04	0,00	-14.395,42
	3	235.741,34	279.736,32	0,00	-43.994,98
	4	197.586,32	213.217,06	0,00	-15.630,74
2014	**1**	189.661,68	200.104,31	0,00	-10.442,63
	2	200.765,96	215.612,78	0,00	-14.846,82

TÁBOA 3: NOVAS LIQUIDACIÓNS A APROBAR					
Col. 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6
	3	226.841,25	262.267,26	0,00	-35.426,01
	4	196.179,02	209.609,24	0,00	-13.430,22
2015	**1**	194.205,28	204.378,36	0,00	-10.173,08
	2	205.718,31	222.044,02	0,00	-16.325,71
	3	243.007,93	270.722,07	0,00	-27.714,14
TOTAIS		**9.015.722,49**	**9.426.561,64**	**1.031.085,72**	**-1.441.924,87**

TÁBOA 4: RESUMO LIQUIDACIÓN		
Concepto	A favor do Concello	A favor de ViAQUA
Liquidación 2001/2 a 2015/3	1.441.924,87 €	
Enerxía eléctrica vinculada ás EDAR de Calo e Pontevea	762.246,10 €	
Abono realizado polo concello a "Espina & Delfín" pola xestión da EDAR de Calo	229.844,82 €	
Investimentos realizados por ViAQUA segundo informe pericial actualizado		1.556.251,03 €
TOTAL	2.434.015,79 €	1.556.251,03 €
Liquidación a favor do Concello	**877.764,76 €**	

Dese conta ao Pleno da Corporacion coa finalidade de que resolva o que estime pertinente.

Teo, 16 de marzo de 2023
A interventora
Mónica Isabel Lado Varela"

Explica o sr. alcalde que o único que está en xogo da liquidación definitiva son 170.000 euros estando asegurados os outros 700.000 euros.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

1. Aprobar a liquidación definitiva do contrato de xestión dos servizos de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais convido por este Concello de Teo coa sociedade mercantil Aquagest, SA –hoxe en día, Viaqua, SA- segundo os cálculos do Informe de Intervención anexo asinado o 16 de marzo de 2023.

2. Requirirlle á empresa para que ingrese na Tesourería da Corporación (conta municipal con IBAN ES97-2080-0318-1731-1000-0151) a cantidade resultante da antedita liquidación, por importe de oitocentos setenta e sete mil setecentos sesenta e catro euros con setenta e seis céntimos (877.764,76 €), no prazo regulamentario que se lle indicará na notificación deste acordo.

3. Comunicar este acordo ao Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela para os efectos legais oportunos no trámite de execución das sentenzas firmes recaídas no Procedemento ordinario nº 2/2016.

CONCELLO DE TEO

"INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO: RESOLUCION INCIDENTE EJECUCION SENTENCIA 0000030/2019 DE 22 DE DECEMBRO DE 2022.

Como interventora do concello de Teo, e tomando en consideración o Auto nº 168/2022 do Xulgado Contencioso-administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela sobre o incidente de execución promovido por Viaqua no **Procedemento PFE INCIDENTE EJECUCION 0000030/2019 – 0002EJD EJECUCION DEFINITIVA 0000030/2019,** realízanse as seguintes modificacións sobre as táboas do Informe de Intervención do 2 de setembro de 2021 anexo ao acordo de **"Liquidación definitiva do contrato coa empresa AQUAGEST/VIAQUA"** aprobada polo Pleno municipal na sesión ordinaria do 29/09/2021.

1.-Na táboa número 3 "Novas liquidacións a aprobar"

En aplicación do fundamento de dereito 2º do Auto nº 168/2022 do Xulgado Contencioso-administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela, detraéronse da columna nº 4 ("recadado por taxas") 142.515,90€ en concepto de impagados, segundo o reflectido na páxina 2 do "Estado de contas de liquidación anos 2006-2015" (escrito de Viaqua do 30 de novembro de 2015, con rexistro de entrada 10.006 do 04/12/2015), reflectido con detalle trimestral dende 2006/1T a 2011/3T, baixo o título "Liquidacións de auga, saneamento e depuración pendentes de cobro"

2.-En aplicación do fundamento de dereito 2º do Auto nº 168/2022 do Xulgado Contencioso-administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela, incrementáronse na columna nº 4 ("recadado por taxas") 173.098,55€, segundo o reflectido na páxina 1 do "Estado de contas de liquidación anos 2006-2015" (escrito de Viaqua do 30 de novembro de 2015, con rexistro de entrada 10.006 do 04/12/2015), reflectido con detalle trimestral dende 2011/4T a 2015/3T,baixo o título "Taxas de auga, sumidoiros e depuración: importes recadados do padrón"

3.-En aplicación do fundamento de dereito 2º do Auto nº 168/2022 do Xulgado Contencioso-administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela, corrixiuse na columna nº 3 ("total facturación") o dato correspondente ao 2006/1T, xa que por erro material indicaba 126.377,97 en vez do dato correcto 126.737,97.

4.-En aplicación do fundamento de dereito 2º do Auto nº 168/2022 do Xulgado Contencioso-administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela, corrixiuse na columna nº 5 ("pagado concello") o dato

correspondente ao 2007/1T reclamado por Viaqua que argumenta que o pagado foron 80.433,51€ e non 90.412,90€ como se indica na liquidación realizada por Intervención.

Na táboa número 4 "Resumo liquidación"

Como consecuencia das anteriores modificacións corríxese o dato "Liquidación 2001/2 a 2015/3" a favor do concello, resultando 1.441.924,87€ en vez de 1.421.681,61€, polo que a "Liquidación a favor do concello" final é de **877.764,76€.**

TÁBOAS

TÁBOA 1: EVOLUCIÓN PREZOS			
Columna 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4
ANO	**IPC+1**	**PREZO AUGA**	**PREZO DEPURACIÓN**
1989		0,2109	0,0961
1990	1,069	0,2255	0,1027
1991	1,065	0,2401	0,1094
1992	1,055	0,2533	0,1154
1993	1,053	0,2667	0,1215
1994	1,049	0,2798	0,1275
1995	1,043	0,2918	0,1330
1996	1,043	0,3044	0,1387
1997	1,032	0,3141	0,1431
1998	1,020	0,3204	0,1460
1999	1,014	0,3249	0,1480
2000	1,029	0,3343	0,1523
2001	1,040	0,3477	0,1584
2002	1,027	0,3571	0,1627
2003	1,040	0,3714	0,1692
2004	1,026	0,3810	0,1736
2005	1,032	0,3932	0,1792
2006	1,037	0,4078	0,1858
2007	1,027	0,4188	0,1908
2008	1,042	0,4364	0,1988
2009	1,014	0,4425	0,2016
2010	1,008	0,4460	0,2032
2011	1,030	0,4594	0,2093
2012	1,024	0,4704	0,2144
2013	1,029	0,4841	0,2206
2014	1,003	0,4855	0,2212
2015	1,000	0,4855	0,2212

TÁBOA 2: NOVA FACTURACIÓN CON PREZOS CORRIXIDOS SEGUNDO O IPC INE											
Col. 1	Col. 2	Col. 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6	Columna 7	Columna 8	Columna 9	Columna 10	Columna 11	Columna 12
ANO	**TRIM**	**IPC+1**	**PREZO AUGA**	**m3 AUGA**	**IMPORTE AUGA**	**FACTURA CON IVE** (16, 18, 21%)	**PREZO DEPURAC**	**m3 DEPURAC**	**IMPORTE DEPURACIÓN**	**FACTURA CON IVE** (7, 8, 10%)	**TOTAL NOVA FACTURACIÓN**
2001	2	1,040	0,3477	140.710,00	48.924,87	56.752,85	0,1584	104.105,00	16.490,23	17.644,55	74.397,39
	3		0,3477	164.912,00	57.339,90	66.514,29	0,1584	114.027,00	18.061,88	19.326,21	85.840,49
	4		0,3477	144.491,00	50.239,52	58.277,84	0,1584	105.199,00	16.663,52	17.829,97	76.107,81
2002	1	1,027	0,3571	145.409,00	51.925,55	60.233,64	0,1627	107.917,00	17.558,10	18.787,16	79.020,81
	2		0,3571	162.429,00	58.003,40	67.283,94	0,1627	116.032,00	18.878,41	20.199,89	87.483,83
	3		0,3571	202.024,00	72.142,77	83.685,61	0,1627	136.032,00	22.132,41	23.681,67	107.367,29
	4		0,3571	156.415,00	55.855,80	64.792,72	0,1627	116.647,00	18.978,47	20.306,96	85.099,68
2003	1	1,040	0,3714	150.720,00	55.977,41	64.933,79	0,1692	114.772,00	19.419,42	20.778,78	85.712,58
	2		0,3714	180.833,00	67.161,38	77.907,20	0,1692	129.017,00	21.829,68	23.357,75	101.264,95
	3		0,3714	211.273,00	78.466,79	91.021,48	0,1692	145.266,00	24.579,01	26.299,54	117.321,02
	4		0,3714	174.172,00	64.687,48	75.037,48	0,1692	128.286,00	21.705,99	23.225,41	98.262,89
2004	1	1,026	0,3810	175.882,00	67.011,04	77.732,81	0,1736	131.317,00	22.796,63	24.392,40	102.125,20
	2		0,3810	206.008,00	78.489,05	91.047,30	0,1736	146.584,00	25.446,98	27.228,27	118.275,57
	3		0,3810	234.757,00	89.442,42	103.753,20	0,1736	156.631,00	27.191,14	29.094,52	132.847,73
	4		0,3810	195.764,00	74.586,08	86.519,86	0,1736	145.450,00	25.250,12	27.017,63	113.537,49
2005	1	1,032	0,3932	198.530,00	78.062,00	90.551,92	0,1792	144.552,00	25.903,72	27.716,98	118.268,89
	2		0,3932	221.919,00	87.258,55	101.219,92	0,1792	158.247,00	28.357,86	30.342,91	131.562,83
	3		0,3932	246.842,00	97.058,27	112.587,60	0,1792	179.816,00	32.223,03	34.478,64	147.066,24
	4		0,3932	205.107,00	80.648,07	93.551,76	0,1792	153.130,00	27.440,90	29.361,76	122.913,52
2006	1	1,037	0,4078	205.826,00	83.935,84	97.365,58	0,1858	147.744,00	27.450,84	29.372,39	126.737,97
	2		0,4078	233.867,00	95.370,96	110.630,32	0,1858	165.425,00	30.735,97	32.887,48	143.517,80

TÁBOA 2: NOVA FACTURACIÓN CON PREZOS CORRIXIDOS SEGUNDO O IPC INE											
Col. 1	Col. 2	Col. 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6	Columna 7	Columna 8	Columna 9	Columna 10	Columna 11	Columna 12
ANO	**TRIM**	**IPC+1**	**PREZO AUGA**	**m3 AUGA**	**IMPORTE AUGA**	**FACTURA CON IVE** (16, 18, 21%)	**PREZO DEPURAC**	**m3 DEPURAC**	**IMPORTE DEPURACIÓN**	**FACTURA CON IVE** (7, 8, 10%)	**TOTAL NOVA FACTURACIÓN**
	3		0,4078	286.285,00	116.747,02	135.426,55	0,1858	194.907,00	36.213,72	38.748,68	174.175,23
	4		0,4078	219.122,00	89.357,95	103.655,22	0,1858	165.345,00	30.721,10	32.871,58	136.526,80
2007	1	1,027	0,4188	215.411,00	90.214,13	104.648,39	0,1908	159.679,00	30.466,75	32.599,43	137.247,81
	2		0,4188	236.423,00	99.013,95	114.856,18	0,1908	170.657,00	32.561,36	34.840,65	149.696,84
	3		0,4188	273.883,00	114.702,20	133.054,55	0,1908	191.349,00	36.509,39	39.065,05	172.119,60
	4		0,4188	248.252,00	103.967,94	120.602,81	0,1908	181.029,00	34.540,33	36.958,16	157.560,96
2008	1	1,042	0,4364	227.173,00	99.138,30	115.000,42	0,1988	170.905,00	33.975,91	36.354,23	151.354,65
	2		0,4364	231.683,00	101.106,46	117.283,49	0,1988	175.702,00	34.929,56	37.374,63	154.658,12
	3		0,4364	273.142,00	119.199,17	138.271,04	0,1988	192.634,00	38.295,64	40.976,33	179.247,37
	4		0,4364	235.432,00	102.742,52	119.181,33	0,1988	178.425,00	35.470,89	37.953,85	157.135,18
2009	1	1,014	0,4425	227.260,00	100.562,55	116.652,56	0,2016	176.042,00	35.490,07	37.974,37	154.626,93
	2		0,4425	251.299,00	111.199,81	128.991,78	0,2016	188.330,00	37.967,33	40.625,04	169.616,82
	3		0,4425	273.321,00	120.944,54	140.295,67	0,2016	200.958,00	40.513,13	43.349,05	183.644,72
	4		0,4425	237.613,00	105.143,75	121.966,75	0,2016	187.616,00	37.823,39	40.471,02	162.437,78
2010	1	1,008	0,4460	224.960,00	100.332,16	116.385,31	0,2032	168.146,00	34.167,27	36.558,98	152.944,28
Camb IVE	2		0,4460	246.916,00	110.124,54	129.946,95	0,2032	177.567,00	36.081,61	38.968,14	168.915,10
	3		0,4460	303.042,00	135.156,73	159.484,94	0,2032	223.443,00	45.403,62	49.035,91	208.520,85
	4		0,4460	244.795,00	109.178,57	128.830,71	0,2032	198.125,00	40.259,00	43.479,72	172.310,43
2011	1	1,030	0,4594	233.999,00	107.499,14	126.848,99	0,2093	190.011,00	39.769,30	42.950,85	169.799,83
	2		0,4594	264.989,00	121.735,95	143.648,42	0,2093	213.228,00	44.628,62	48.198,91	191.847,33

CONCELLO DE TEO

TÁBOA 2: NOVA FACTURACIÓN CON PREZOS CORRIXIDOS SEGUNDO O IPC INE											
Col. 1	Col. 2	Col. 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6	Columna 7	Columna 8	Columna 9	Columna 10	Columna 11	Columna 12
ANO	**TRIM**	**IPC+1**	**PREZO AUGA**	**m3 AUGA**	**IMPORTE AUGA**	**FACTURA CON IVE** (16, 18, 21%)	**PREZO DEPURAC**	**m3 DEPURAC**	**IMPORTE DEPURACIÓN**	**FACTURA CON IVE** (7, 8, 10%)	**TOTAL NOVA FACTURACIÓN**
	3		0,4594	299.982,00	137.811,73	162.617,84	0,2093	230.209,00	48.182,74	52.037,36	214.655,21
	4		0,4594	254.900,00	117.101,06	138.179,25	0,2093	212.561,00	44.489,02	48.048,14	186.227,39
2012	1	1,024	0,4704	236.445,00	111.223,73	131.244,00	0,2144	201.951,00	43.298,29	46.762,16	178.006,16
	2		0,4704	253.902,00	119.435,50	140.933,89	0,2144	236.627,00	50.732,83	54.791,46	195.725,35
Camb IVE	3		0,4704	272.641,00	128.250,33	155.182,89	0,2144	252.226,00	54.077,25	59.484,98	214.667,87
	4		0,4704	240.173,00	112.977,38	136.702,63	0,2144	226.339,00	48.527,08	53.379,79	190.082,42
2013	1	1,029	0,4841	235.561,00	114.035,08	137.982,45	0,2206	219.391,00	48.397,65	53.237,42	191.219,87
	2		0,4841	240.792,00	116.567,41	141.046,56	0,2206	227.751,00	50.241,87	55.266,06	196.312,62
	3		0,4841	290.750,00	140.752,08	170.310,01	0,2206	269.642,00	59.483,03	65.431,33	235.741,34
	4		0,4841	242.106,00	117.203,51	141.816,25	0,2206	229.828,00	50.700,06	55.770,06	197.586,32
2014	1	1,003	0,4855	230.932,00	112.117,49	135.662,16	0,2212	221.928,00	49.090,47	53.999,52	189.661,68
	2		0,4855	245.873,00	119.371,34	144.439,32	0,2212	231.492,00	51.206,03	56.326,63	200.765,96
	3		0,4855	278.223,00	135.077,27	163.443,49	0,2212	260.553,00	57.634,32	63.397,76	226.841,25
	4		0,4855	239.073,00	116.069,94	140.444,63	0,2212	229.058,00	50.667,63	55.734,39	196.179,02
2015	1	1,000	0,4855	237.015,00	115.070,78	139.235,65	0,2212	225.915,00	49.972,40	54.969,64	194.205,28
	2		0,4855	251.012,00	121.866,33	147.458,25	0,2212	239.438,00	52.963,69	58.260,05	205.718,31
	3		0,4855	298.533,00	144.937,77	175.374,70	0,2212	277.960,00	61.484,75	67.633,23	243.007,93
	4		0,4855								

TÁBOA 3: NOVAS LIQUIDACIÓNS A APROBAR					
Col. 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6
ANO	**TRIM.**	TOTAL FACTURACIÓN	RECADADO TAXAS	PAGADO CONCELLO	PENDENTE
2001	**2**	74.397,39	81.574,16	15.763,98	-22.940,75
	3	85.840,39	95.139,54	16.363,50	-25.662,65
	4	76.107,81	82.496,94	0,00	-6.389,13
2002	**1**	79.020,81	81.757,06	21.657,86	-24.394,11
	2	87.483,83	95.336,67	23.827,11	-31.679,95
	3	107.367,29	117.472,26	0,00	-10.104,97
	4	85.099,68	95.104,13	0,00	-10.004,45
2003	**1**	85.712,58	82.723,37	0,00	2.989,21
	2	101.264,95	104.675,34	0,00	-3.410,39
	3	117.321,02	124.932,51	0,00	-7.611,49
	4	98.262,89	97.120,80	0,00	1.142,09
2004	**1**	102.125,20	96.599,73	0,00	5.525,47
	2	118.275,57	120.832,83	0,00	-2.557,26
	3	132.847,73	136.177,07	0,00	-3.329,34
	4	113.537,49	108.103,59	0,00	5.433,90
2005	**1**	118.268,89	94.529,81	0,00	23.739,08
	2	131.562,83	109.325,36	0,00	22.237,47
	3	147.066,24	127.237,86	0,00	19.828,38
	4	122.913,52	98.516,92	0,00	24.396,60
2006	**1**	126.737,97	92.936,63	0,00	33.801,34
	2	143.517,80	111.672,17	0,00	31.845,63
	3	174.175,23	148.036,96	0,00	26.138,27
	4	136.526,80	100.412,45	0,00	36.114,35
2007	**1**	137.247,81	98.003,68	80.433,51	-41.189,38
	2	149.696,84	110.240,08	83.666,30	-44.209,54
	3	172.119,60	135.417,28	86.089,36	-49.387,04
	4	157.560,96	116.016,93	87.586,60	-46.042,57
2008	**1**	151.354,65	104.869,68	100.880,31	-54.395,34
	2	154.658,12	185.659,02	22.721,09	-53.721,99
	3	179.247,37	224.787,22	14.690,47	-60.230,32
	4	157.135,18	179.356,58	27.711,27	-49.932,67
2009	**1**	154.626,93	173.196,76	30.398,74	-48.968,57
	2	169.616,82	197.292,18	28.238,45	-55.913,81
	3	183.644,72	224.460,98	17.608,93	-58.425,19
	4	162.437,78	188.222,71	27.302,23	-53.087,16
2010	**1**	152.944,28	172.058,41	30.940,92	-50.055,05
	2	168.915,10	193.740,28	28.301,79	-53.126,97
	3	208.520,85	264.389,13	10.395,18	-66.263,46
	4	172.310,43	201.380,39	27.590,64	-56.660,60
2011	**1**	169.799,83	192.167,90	36.142,79	-58.510,86
	2	191.847,33	224.065,90	32.869,30	-65.087,87

TÁBOA 3: NOVAS LIQUIDACIÓNS A APROBAR					
Col. 1	Columna 2	Columna 3	Columna 4	Columna 5	Columna 6
	3	214.655,21	260.593,90	24.234,64	-70.173,33
	4	186.227,39	212.252,05	37.137,62	-63.162,28
2012	**1**	178.006,16	192.673,50	47.667,37	-62.334,71
	2	195.725,35	223.298,04	37.296,00	-64.868,69
	3	214.667,87	251.114,55	33.569,76	-70.016,44
	4	190.082,42	207.713,78	0,00	-17.631,36
2013	**1**	191.219,87	202.477,09	0,00	-11.257,22
	2	196.312,62	210.708,04	0,00	-14.395,42
	3	235.741,34	279.736,32	0,00	-43.994,98
	4	197.586,32	213.217,06	0,00	-15.630,74
2014	**1**	189.661,68	200.104,31	0,00	-10.442,63
	2	200.765,96	215.612,78	0,00	-14.846,82
	3	226.841,25	262.267,26	0,00	-35.426,01
	4	196.179,02	209.609,24	0,00	-13.430,22
2015	**1**	194.205,28	204.378,36	0,00	-10.173,08
	2	205.718,31	222.044,02	0,00	-16.325,71
	3	243.007,93	270.722,07	0,00	-27.714,14
TOTAIS		**9.015.722,49**	**9.426.561,64**	**1.031.085,72**	**-1.441.924,87**

TÁBOA 4: RESUMO LIQUIDACIÓN		
Concepto	A favor do Concello	A favor de ViAQUA
Liquidación 2001/2 a 2015/3	1.441.924,87 €	
Enerxía eléctrica vinculada ás EDAR de Calo e Pontevea	762.246,10 €	
Abono realizado polo concello a "Espina & Delfín" pola xestión da EDAR de Calo	229.844,82 €	
Investimentos realizados por ViAQUA segundo informe pericial actualizado		1.556.251,03 €
TOTAL	2.434.015,79 €	1.556.251,03 €
Liquidación a favor do Concello	**877.764,76 €**	

Dese conta ao Pleno da Corporacion coa finalidade de que resolva o que estime pertinente.

Teo, 16 de marzo de 2023

A interventora

Mónica Isabel Lado Varela

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de marzo de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 23 de marzo de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO

O concello de Teo aprobou na sesión extraordinaria do 28/10/2005 a cesión da parcela 1862 do polígono 8 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, de 4.822 m^2 e localizada na Ramallosa, á Consellería de Sanidade para a construción do Centro de Saúde de Teo, se ben nunca chegou a formalizarse.

Co obxecto de completar a parcela para permitir a edificabilidade requirida no novo Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, o concello formalizou a compra da parte rústica da parcela lindante nº 1861 (15083A515018610000KY). A parcela resultante da agrupación (da 1862 e da parte adquirida da 1861) suma unha superficie de 10.457m^2, que será a que se poña a disposición da Consellería.

No pasado mes de decembro o Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade fixo entrega ao concello da proposta de CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO. Nesta proposta recóllense unha serie de obrigas para o concello que deberán executarse en próximos exercicios polo que, a petición do Servizo de Patrimonio do SERGAS, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro: Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO que se xunta cono Anexo

Segundo. Autorizar á Alcaldía a realizar os trámites pertinente para a súa sinatura

Terceiro. Asumir o compromiso de executar as obrigas detalladas no convenio e de incorporar nos orzamentos dos futuros exercicios os fondos necesarios para a súa execución".

Explica o sr. alcalde que o convenio supón unha serie de obrigas das que se intentará escapar, na medida do posible, xa non el, senón quen este no Concello. Refírese o sr. alcalde á necesidade de modificar as ordenanzas, engadindo que, se hai que executar as obras de urbanización, será xa a nova Corporación a que o teña que facer. Salienta o sr. alcalde que, máis alá desas obrigas, trátase dunha infraestrutura esencial para o Concello de Teo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

Primeiro: Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO que se xunta cono Anexo

Segundo. Autorizar á Alcaldía a realizar os trámites pertinente para a súa sinatura.

Terceiro. Asumir o compromiso de executar as obrigas detalladas no convenio e de incorporar nos orzamentos dos futuros exercicios os fondos necesarios para a súa execución.

Incorpórase como anexo I á presente o CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO.

Sendo as vinte horas e vinte e seis minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.ª Mónica I. Lado Varela.

9.- MOCIÓNS.

O sr. alcalde sinala que tratándose da moción de Son de Teo houbo unha reunión previa para explicar o contido da mesma, engadindo que a urxencia ven motivada polo prazo de subsanación do IDAE, que remata o día 4 de abril.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal de Son de Teo sobre a corrección de erro de material ou de feito no acordo plenario do 30 de maio de 2018 relativo á aprobación da participación do Concello de Teo no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono (FEDER-POCS 2014-2020)-FASE II.

O sr. alcalde da conta da moción do seu grupo, do 29 de marzo de 2023, que se reproduce a continuación.

“MOCION

Corrección de erro de material ou de feito no acordo plenario do 30 de maio de 2018 relativo á aprobación da participación do Concello de Teo no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono (FEDER-POCS 2014-2020)-FASE II.

Considerando que a proposta inicial do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable (PMUS) do Concello de Teo foi sometida a información pública entre o 9 e o 30 de abril de 2018, segundo consta na web municipal no apartado de ”Acordos e órganos colexiados” e como se incorpora no documento definitivo do propio PMUS.

Considerando que, finalizado o proceso participativo, incorpórase o PMUS ao expediente referido á participación do Concello de Teo no programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono (FEDER-POCS 2014-2020)- FASE II.

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 30 de maio de 2018, acordou:

Primeiro.- Aprobar a participación do Concello de Teo e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de xuño de 2017).

Segundo.- Aprobar as seguintes actuacións que compoñen os seguintes proxectos singulares subvencionables, así como a dotación orzamentaria para levalos a cabo, aprobación condicionada á obtención do cofinanciamento FEDER para levalos a cabo.

OBXECTIVO ESPECÍFICO	*MEDIDA*	*ACTUACIÓN*	*IMPORTE*	*AXUDA SOLICITADA*
OE 451	*8*	*MELLORA DA CALIDADE AMBIENTAL E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA MOBILIDADE RODADA EN TEO*	*827.591,60*	*662.073,28*
OE 451	*8*	*SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE I*	*966.545,21*	*773.236,10*
OE 451	*8*	*SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE II*	*967.209,36*	*773.767,49*
OE 451	*8*	*SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE III*	*356.200,47*	*284.960,38*
OE 451	*8*	*CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL-FASE I*	*949.499,99*	*759.599,99*
OE 451	*8*	*ACTUALIZACION DO PMUS E INTEGRACIÓN DA MOBILIDADE NAS POLÍTICAS URBANÍSTICAS*	*375.100,00*	*300.080,00*
TOTAIS			*4.442.146,63*	*3.553.717,31*

Terceiro.- Aprobar as memorias descritivas, ás que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017:

- *Mellora da calidade ambiental e eficiencia enerxética da mobilidade rodada en Teo.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase I.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase II.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase III.*
- *Camiños escolares seguros e accesibilidade universal, fase I.*
- *Actualización do PMUS e integración da mobilidade nas políticas urbanísticas.*

Cuarto.- Facultar expresamente o alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

Considerando que, á vista do requirido polo IDAE, analizado o acordo en cuestión, detéctase no mesmo un erro material ou de feito, na medida en que se ben non se acorda expresamente aprobar o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Concello de Teo, a vontade de facelo dedúcese de forma indubitada do contido do expediente, proba diso é que o citado Plan tómase como base imprescindible e necesaria para que o Pleno da Corporación municipal de Teo adoptara, por unanimidade, o acordo anteriormente transcrito, na medida en que a proposta de aprobación das actuacións que compoñen os proxectos singulares subvencionables e das memorias descritivas correspondentes, ten a súa orixe no PMUS do Concello de Teo, sen o cal ditas actuacións carecerían de sentido.

Considerando que, de acordo co exposto, a aprobación, implícita, do PMUS do Concello de Teo polo Pleno da Corporación, que tivo lugar o 30 de maio de 2018, debía terse reflectido expresamente, engadindo nos acordos a adoptar un relativo á "aprobación do Plan de Mobilidade Urbana Sutentable do Concello de Teo".

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que as "*Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os errores materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".*

Considerando que a posibilidade legal de rectificación de plano dos errores materiais ou de feito debe cinguirse aos supostos nos que o propio acto administrativo revele unha equivocación evidente por si mesma e manifesta no contido do acto, susceptible de rectificación, sen afectar á pervivencia do mesmo, permitíndose unicamente para rectificar omisións ou erros materiais, téndose que apreciar o erro tendo en conta

exclusivamente os datos do expediente administrativo en que se atope e sen que a rectificación da evidente equivocación cometida supoña unha apreciación de concepto que implique un xuízo valorativo nin implique unha alteración substancial do acordado rectificado.

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material ou de feito no acordo plenario do 30 de maio de 2018, concretamente no que se refire a reflectir expresamente a aprobación do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Concello de Teo, sen que se afecte ao acordo adoptado, que non so se mantén íntegro senón que se amplía no seu contido, dándolle máis sentido o acordado, tratándose ademais dun erro que se aprecia de forma indubitada analizando os datos que obran no expediente administrativo en cuestión.

De acordo co exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Corrixir o erro material ou de feito advertido no acordo plenario de 30 de maio de 2018, en relación a omisión no citado acordo da aprobación do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Concello de Teo, quedando o citado acordo redactado conforme se recolle a continuación:
Primeiro.- Aprobar o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Concello de Teo e aprobar a participación do Concello de Teo e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de xuño de 2017).

Segundo.- Aprobar as seguintes actuacións que compoñen os seguintes proxectos singulares subvencionables, así como a dotación orzamentaria para levalos a cabo, aprobación condicionada á obtención do cofinanciamento FEDER para levalos a cabo.

OBXECTIVO ESPECÍFICO	*MEDIDA*	*ACTUACIÓN*	*IMPORTE*	*AXUDA SOLICITADA*
OE 451	*8*	*MELLORA DA CALIDADE AMBIENTAL E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA MOBILIDADE RODADA EN TEO*	*827.591,60*	*662.073,28*
OE 451	*8*	*SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE I*	*966.545,21*	*773.236,10*
OE 451	*8*	*SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE II*	*967.209,36*	*773.767,49*
OE 451	*8*	*SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE III*	*356.200,47*	*284.960,38*
OE 451	*8*	*CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL-FASE I*	*949.499,99*	*759.599,99*
OE 451	*8*	*ACTUALIZACION DO PMUS E INTEGRACIÓN DA MOBILIDADE NAS POLÍTICAS URBANÍSTICAS*	*375.100,00*	*300.080,00*
TOTAIS			*4.442.146,63*	*3.553.717,31*

Terceiro.- Aprobar as memorias descritivas, ás que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017:

- *Mellora da calidade ambiental e eficiencia enerxética da mobilidade rodada en Teo.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase I.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase II.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase III.*
- *Camiños escolares seguros e accesibilidade universal, fase I.*
- *Actualización do PMUS e integración da mobilidade nas políticas urbanísticas.*

Cuarto.- Facultar expresamente o alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Teo, 29 de marzo de 2023

O portavoz de Son de Teo

Ignacio Igrexas Vilar”

Preguntado polo sr. alcalde, non se apertura quenda de intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda corrixir o erro material ou de feito advertido no acordo plenario de 30 de maio de 2018, en relación a omisión no citado acordo da aprobación do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Concello de Teo, quedando o citado acordo redactado conforme se recolle a continuación:

“Primeiro.- Aprobar o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Concello de Teo e aprobar a participación do Concello de Teo e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de xuño de 2017).

Segundo.- Aprobar as seguintes actuacións que compoñen os seguintes proxectos singulares subvencionables, así como a dotación orzamentaria para levalos a cabo, aprobación condicionada á obtención do cofinanciamento FEDER para levalos a cabo.

OBXECTIVO ESPECÍFICO	MEDIDA	ACTUACIÓN	IMPORTE	AXUDA SOLICITADA
OE 451	8	MELLORA DA CALIDADE AMBIENTAL E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA MOBILIDADE RODADA EN TEO	827.591,60	662.073,28
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE I	966.545,21	773.236,10
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE II	967.209,36	773.767,49
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE III	356.200,47	284.960,38
OE 451	8	CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL-FASE I	949.499,99	759.599,99
OE 451	8	ACTUALIZACION DO PMUS E INTEGRACIÓN DA MOBILIDADE NAS POLÍTICAS URBANÍSTICAS	375.100,00	300.080,00
TOTAIS			4.442.146,63	3.553.717,31

***Terceiro*.- Aprobar as memorias descritivas, ás que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017:**

- ***Mellora da calidade ambiental e eficiencia enerxética da mobilidade rodada en Teo.***
- ***Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase I.***
- ***Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase II.***
- ***Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase III.***
- ***Camiños escolares seguros e accesibilidade universal, fase I.***
- ***Actualización do PMUS e integración da mobilidade nas políticas urbanísticas.***

<u>Cuarto</u>.- Facultar expresamente o alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

Incorpórase á presente como Anexo II o Plan de mobilidade Urbana Sustentable do Concello de Teo.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. alcalde indica que vai comezar dando resposta a un rogo presentado por escrito polo grupo municipal PSOE, no cal pregunta se "o goberno municipal ten previsto, e para cando*, a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de piscinas de titularidade municipal para inclusión dun epígrafe destinado a redución do prezo público daqueles nenos e nenas que fan uso dos campamentos de conciliación organizados por entidades asociativas do Concello de Teo*".

O sr. alcalde manifesta que estase traballando no tema e vaise levar ao próximo Pleno.

<u>ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.</u>

A concelleira do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Diéguez manifesta que lle comunican os veciños que a pista que vai por Carballal, por detrás da marquesiña fronte ao pazo de Adrán, ata o final, está con moitas fochancas.

O sr. Igrexas sinala que de feito o outro día tiveron unha reunión cos veciños, hai arredor dun mes, e acordaron reparala, pero que o que acontece é que non é unha pista, senón un camiño de carro asfaltado, co cal ten bastantes eivas e calquera actuación aí tería que ser moito máis ampla, de canalizacións e demais, porque non as ten, e hai espazos nos que hai dous metros de ancho. Sinala que de todas formas si que se vai a bachear, e que é a primeira da lista.

2.- A sra. Diéguez pregunta polas obras da Póboa, que ao parecer había problemas, pregunta se se subsanaron todos, pois seica algunhas persoas non podían entrar nos garaxes porque as beirarrúas eran moi altas. Simplemente quería preguntar se estaba todo subsanado.

O sr. alcalde sinala que nesa zona hai dous problemas básicos: un está motivado polas augas e o outro é un problema de entrada ós garaxes, pola construción da beirarrúa, que tamén vén derivada nunha parte das pluviais, que van por debaixo. Explica que aquela zona é moi plana e que todo o mundo quere sacar as augas, que no medio de todo hai unha pista que baixa do monte e trae toda a auga que é a que mete nas casas. Entón hai unha parte desa caída que se vai a recoller para as fluviais, o que leva ao problema segundo, e é que se se sacan todas as augas dun lado e se levan para outro lado quedan na outra zona. Entón tomouse a decisión na obra de canalizar ata a parte de abaixo e darlle unha saída cara ao río de enfronte da estrada, polo outro lado. Descoñece como vai a funcionar, e sinala que é algo que se vai ir vendo, pois é unha obra nova feita a petición dos veciños, porque é certo que ese día que choveu moitísimo abreuse un rego moi grande e hai que darlles unha solución.
Sinala que, en principio, non debera de haber problemas.

Con respecto á entrada dos garaxes sinala que houbo varios veciños que pediron o rebaixe da beirarrúa para poder entrar ao garaxe. Os servizos técnicos son moi pouco partidarios de facer rebaixes nas beirarrúas, entón antes de facelo fixeron unha simulación con amalgama de pedra e demais, para probar a entrada nos garaxes. Dos tres ou catro garaxes que había houbo dous ou tres que houbo que rebaixar, e o cuarto, que é o único caso conflitivo que quedaba, non batían os coches e o arquitecto, que é o director da obra, considerou que non existía razóns para fecelo. É unha decisión discutible, entende, pero que en todo caso é algo que xa se falou coa propietaria e con outros grupos que lles transmitiron esa preocupación pero á hora da verdade ten que prevalecer o criterio técnico, para ben ou para mal. Sinala o sr. Igrexas

que neste caso ao parecer a propietaria non está de acordo pero os servizos técnicos mantéñense en que se non hai motivación clara para facer o rebaixe non o van a facer.

3.- A sra. Diéguez pregunta por unhas fochancas no camiño da Batalla de Cacheiras, das que xa falou en dúas ocasións. Sinala a sra. Diéguez que quere remarcalo porque supón que agora se volverá a facer rutas porque neste mes que entra é o aniversario da Batalla de Cacheiras, engadindo que o di para que se saiba que agora xa non son fochancas, senón que é un rego que atravesa toda a estrada, e que non está esaxerando. Sinala que é nun tramo cortiño que hai entre o camiño de terra e a autovía. Pensa de feito que os coches que pasan por aí teñen que parar e ir en primeira porque as fochancas ocupan toda a pista.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1. - A sra Lemus di que lle comentan as asociacións que algunhas si que recibiron o pagamento das subvencións pero hai outras que non.

O sr. alcalde di que o pago está aprobado o de todas, e se non o recibiron sería por algún problema con Tesourería, pero a orde de pago foi para todas.

2.- Sinala a sra. Lemus que tamén lle preguntan nos Tilos polos restos da tala, que cando se van a retirar.

O sr. Igrexas di que a retirada dos liquidámbars xa está feita, que non queda nada alí. Se se refire á poda das árbores dos Tilos fíxose a mediados de febreiro e está encargada a retirada á planta de reciclase de residuos de Boqueixón. Ten que retiralos nunha bañeira e cunha grúa entón leva o encargado de obras chamando e negociando as últimas semanas e que aínda nada. Explica que na zona de Santiago non existen plantas de reciclado, só queda esta de Boqueixón, que é mínima e que está colapsada,

entón é un problema serio. Saleinta o sr. Igrexas que non é porque non se insista ou non se fale, senón porque non hai capacidade de xestión de residuos nin sequera deses.

3.- Pregunta a sra. Lemus que obras están previstas para mantemento das piscinas descubertas.

O sr. Igrexas di que en principio vaise cambiar todo o sistema eléctrico porque quen deseñou a piscina de Luou meteu o cadro eléctrico baixo o nivel da auga, entón este ano pediuse un orzamento, que ascende a máis de 10.000 euros.

Sinala o sr. Igrexas que, por exemplo, hai cousas que poden chamar a atención como é o caso dunha malla de sombreo rota, pero é algo que se cambia en tres días. Explica que dende febreiro se lle está dando voltas a ver como facer, pois hai outro problema, que é que non se pode volver a poñer no mesmo sitio, entón primeiro vaise arranxar iso e logo o máis estético, que é o que menos importancia estrutural ten.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Guerra pregunta polo proxecto estrela da sra. Lemus por Vaamonde arriba, onde invadiron as estradas estreitas, di que alí hai 2 socavóns, que un chega á antiga taberna de Vaamonde e o outro ó iniciar a costa ao pasar a ponte. Sinala que foron hai medio ano ou así, cortaron a estrada, sen sinalizar sequera e non volveron por alí. Di o sr. Guerra que llo manifestou o presidente da asociación de veciños e volve preguntalo.

2.- Pregunta o sr. Guerra polas entradas que hai para Tribaldes, son tres entradas, e fíxose unha zanxa seguindo a senda e nunca máis se asfaltou. Tamén o sinal de Tribaldes, onda a marquesiña, puxérona 20 metros máis para outro lado e alí segue. Pide o sr. Guerra que se tome en consideración.

3.- Sinala o sr. Guerra que no día de onte foi por Montouto e ao meterse por onde está o Gadis, hai un cacho de pista de terra, uns 50 metros para diante, onde algunha xente pouco cívica deixou alí 2 sofás e unhas baldosas. Pide que se envíe a alguén a retiralos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

Firmado por ***5265** RAFAEL CARLOS SISTO (R: ****8300*) el día 02/06/2023 con un

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

Firmado por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - ***6770** el día 02/06/2023 con un

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO

.Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte**, D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **D. Rafael Sisto Edreira,** actuando en nome e representación do Concello de Teo en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza

ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA E BARBANZA
Tel. 981 950 000
Travesía Choupana, s/n
15706 - Santiago de Compostela
C.I.F.: Q1500259E

COD.: 044247

administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 e) da LRBRL, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións coa finalidade de poder prestar aos cidadáns unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste contexto, no Consello da Xunta foi aprobado o Plan de Infraestruturas de Atención Primaria que servirá a xeito de plan director do investimento futuro na rede de centros deste nivel asistencial, deseñando así unha folla de ruta que centre as prioridades a curto e medio prazo.

VI. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

VII. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Teo, faise necesario construír un novo centro de saúde.

ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA E BARBANZA
Tel. 981 950 000
Travesía Choupana, s/n
15706 - Santiago de Compostela
C.I.F.: Q1500259E

COD.: 044247

VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de construción no concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde o Concello de Teo para a construción dun novo centro de saúde no concello.

Segunda. Obrigas do concello

1. O concello de Teo comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Servizo Galego de Saúde dunha parcela situada no Polígono 515, en Gandarón, Teo, de aproximadamente 10.460.4 m^2. A dita parcela deberá cederse libre de cargas e gravames, o concello manifesta que existe unha servidume de paso que se reflectirá no plano topográfico e que deberá manterse mentres dure esa necesidade, coa clasificación de uso sanitario e comprométese a redactar y a aprobar el plan especial de dotación de infraestruturas y obter os permisos e as autorizacións que foran necesarios para executar as obras de construción do novo centro.

2. De acordo co anterior e co fin de tramitar a cesión da propiedade da parcela, o concello remitirá ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:

"Ola. Grazas por traballar nesto. Primeira e máis importante suxestión: informar con claridade nas marquesiñas dos servizos (en plural) de bus que temos. Con moita claridade, para que o entenda perfectamente todo o mundo. O folleto do Teobús que enviáchedes ás casas está moi ben, pero penso nun mapa do concello (tipo metro?) onde se vexan os itinerarios dos distintos buses, de todos, máis os horarios. Así poderiamos ver claramente cando e como podemos ir a calquera sitio en bus e como enlazar para ir ao concello, ao centro médico, aos Tilos, a Santiago, a onde se poida. Vivo en Augas Mansas e as marquesiñas están limpas. CERO información. Nada. Así é difícil que funcione o asunto, lóxicamente. Temos fillos adolescentes, xa teñen controlado algún bus para ir a Santiago a horas concretas, pero os días que queren desprazarse a unha hora distinta á habitual non saben que buses hai. Non saben! Onde o miran? As marquesiñas da AC-841 están mellor. Aí queda máis claro que oferta de buses hai. Se eu estivera no concello gastaría algúns cartos contratando alguén que controle desto, infografía, usabilidade, como se chame, para facer (e actualizar cando corresponda) uns paneis que realmente se entendan ben, que informen dos distintos itinerarios e que potencien o servizo. Creo que a inversión se amortizaría ben. (Por certo: ese plano podería servir tamén para facer un pouco de pedagoxía xeográfica: non hai moitos mapas nos que ver onde está cada parroquia de Teo... ou igual xa é algo para facer á parte...) Con respecto ao Teobús, sería moi interesante propiciar o enlace cos Tilos, ou coas marquesiñas polas que pasa o bus que vai da Estrada a Santiago. Supoño que é complicado mellorar eso... E supoño tamén que algunha combinación ha de haber xa que sirva para chegar a Santiago collendo o Teobús, pero é difícil dar con ela... polo comentado atrás: escasa información do conxunto das liñas e posibles transbordos. Con respecto aos desprazamentos a pé: nos tramos onde hai paso habitual de xente pero é complicado poñer beirarrúa, igual non estaba mal poñer un sinal de preferencia ou aviso de paso peóns... algo é algo... (estou pensando por exemplo na costa que sube desde o Sisto ao Gadis e Cacheiras... rúa do Corgo). Para os paseos de lecer, unha cousa bonita e barata que se podería facer serían carteis indicando rutiñas circulares (por exemplo) por algúns dos montóns de camiños preciosos que temos en Teo. Co número de km e posibles puntos de interés... Seguro que moita xente se animaría a seguir esas propostas de paseo. Esto é sinxelo... e, se é preciso, seguro que hai voluntarios entre a veciñanza para propoñer posibles rutas... (Xa se fixera algo parecido hai anos, pero a proposta foi demasiado tímida e penso que non estaba ben deseñada: sabías onde empezaba a proposta de paseo... pero non por onde seguía o traxecto!) Grazas de novo e un saúdo :)"

"Salgo a correr habitualmente y me gustaría disponer de rutas-zonas , bien iluminadas para poder hacerlo por la noche con seguridad. También salía a hacer ciclismo que he abandonado por problema de seguridad en el tráfico; serían deseables carriles bici, circuitos de BTT..... Me parecen fundamentales una beirarruas adecuadas para poder desprazarse con seguridad entre parroquias. Gracias. "

"Entendo que é un concello moi disperso Poder desprazarse con un bebé de 5 meses(carriño)e nena de 2 anos sen coche é moi complicado(vivimos en Montouto),para Ir a outras parroquias no interurbano complicado,doblar silla no bus sen poder ter accesibilidade o bus para poder subir con ela. Por aqui non pasa Teobus. Asiq só nos queda movernos en coche. E se é para ir a Santiago igual poucos buses podes subir coa silla. Penso que era màis práctica a parada da Rosa,q a da E.A q queda a desman de todo."

No tema bus é importantísmo unha boa conexión con Santiago con boas frecuencias e vehículos, pero supoño esa liña dependerá da Xunta.... Despois en estradas secundarias (a veces as principais) dotar de beirarruas ou camiños paralelos para que os pequenos desprazamentos a pe sean seguros, xa que hai veces que a xente non vai a pe porque ten que ir pola carretera cando os coches . Cando se fai unha beirarrua , debese facer amplia non unha cousa estreita que xa quede mal feita nada mais empezar (p.e. a que vai ó campo de futbol de cacheiras) , se hai que esperar un ano se espera... Tamen algún carril bici en zonas máis poboadas e tamen de natureza . O tema do Teo bus descoñezo o seu uso e viabilidade xa que non son usuario, pero desde fora vese un servizo complicado ...."

"El transporte metropolitano tiene dos grandes problemas, los autobuses no respetan el horario previsto en los paneles informativos de las paradas y hay bastantes vehículos que no están en condiciones de seguir prestando el servicio debido al avanzado deterioro que presentan, llegando incluso a dejar tirados a los viajeros como consecuencia de una avería."

"Creo que sería útil unha ampliación do servizos de autobuses interurbanos en horario de tarde-noite, por exemplo para poder marchar de Santiago ás 22 ou 22:30 h, así como as frecuencias das fins de semana. O Teobús paréceme unha boa iniciativa, inda que considero imprescindible unha mellor conexión co transporte interurbano. Tamén é positivo potenciar o uso da bicicleta, pero non se pode perder de vista que a xeografía do Concello (costa arriba, costa abaixo) obstaculiza moito o emprego desde medio de transporte, inda que se crease un carril bici. "

"Hola, gustaríame que desde o Concello se fíxese unha campaña en favor do uso da bicicleta e outra para que os conductores de vehículos a motor respetasen o metro e medio. Saúdos. "

"No caso de Teo, axudaría unha planificación e xestión urbana que pulase por unha maior diversidade dos usos do solo e pola concentración do espazo urbano reducindo a súa linealidade"

"Mellora da seguridade vial cunha boa iluminación. Asemade, unhas beirarrúas en bo estado que permita o desprazamento de persoas con movilidade reducida. "

"Potenciar frecuencias transporte público con Santiago (Vilar-Pedrouso), Potenciar uso vehículo particular NON CONTAMINANTE (Emisións 0 DGT) . Tributación cero para eléctricos e híbridos enchufables. "

"En Ribas, Oza, son imprescindibles badéns/rotondas que ralenticen os coches para podermos cruzar a rúa sen poñer a vida en perigo, especialmente nas zonas que están preto das paradas de bus escolar que hai preto da Casa Común. "

"Es imprescindible dotar a Teo de un transporte público interurbano con Santiago que funcione, sea rápido y compatible con el horario de trabajo de la mayoría de los que nos trasladamos a Santiago a trabajar "

"Creo que, para empezar, debe haber un plan en toda Galicia (teniendo en cuenta las diferencias por zona, por supuesto) o al menos comarca por comarca, ya que un concello está conectado con los otros y los usuarios necesitamos FIABILIDAD para desprazarnos de un lugar a otro. Una vez que se llegue a un acuerdo, deben controlar que las empresas lo CUMPLAN, ya sea con inspectores o implementando un servicio REAL en el que los usuarios, que subsidiamos a las empresas con nuestros impuestos, podamos presentar nuestras quejas y SER ESCUCHADOS. Para finalizar, las aldeas deberían estar comunicadas con los centros urbanos: quizá sea difícil implementar esto, pero teniendo en cuenta que los autobuses escolares pasan por muchas de ellas, me parece una opción muy interesante para complementar otro servicio. Soy docente, y creo que el compartir el autobús con usuarios ayudaría a que los niños aprendiesen a comportarse en un medio de transporte público. Además, hay una persona en cada bus para controlar lo que sucede, si no me equivoco. Esta práctica se viene produciendo de una manera informal hace años, y creo que beneficia a todos y no ha perjudicado nunca a nadie. Gracias. "

"Una parada por cada aldea es suficiente. En el caso de la aldea de Coira debe coincidir con el posible aparcamiento disuasorio propuesto por los vecinos en escrito reciente dirigido a este Ayuntamiento"

"Alomenos que haxa beirarrúas nas estradas, desas elevadas sobre as cunetas"

"La pregunta 10 debería quedar sin contestar para los que no usamos el Teobus! "

IV.5. ANÁLISE DOS RESULTADOS

Por mor dos resultados obtidos no cuestionario e das distintas achegas dos participantes extráense as seguintes conclusións:

No referente ao **transporte público**, foi o que máis comentarios recibiu respecto do seu funcionamento actual, cun 63% de suxestións . En concreto, tomou especial importancia o problema de frecuencias dos buses e das conexións de liñas . Tamén se fai fincapé na situación das paradas e nos itinerarios, tanto do transporte público interurbano como do urbano.

A maioría das respostas refírense á **mobilidade peonil** reflicten unha certa carencia neste ámbito Destaca entre as respostas que un 85% opinen que os espazos para peóns non sexan adecuados para desprazarse por eles (beirarrúas de tamaño insuficiente e con obstáculos). Ademais, máis da metade dos enquisados afirma desprazarse a pé por motivos de lecer e/ou compras.

En canto á **mobilidade ciclista**, parece que falta certa concienciación ou cultura en relación á mobilidade non motorizada, posto que máis da metade dos enquisados opina que a bicicleta debería utilizarse para desprazarse en Teo por lecer. Os principais motivos polos que non se utiliza a bicicleta son a inexistencia dun carril bici que achegue seguridade ao circular polo viario xunto coa inexistencia de aparcabicis .

O **uso do vehículo privado** é predominante respecto ao resto de medios, representando un 91% a poboación que se despraza en coche no seu día a día.

En relación coa oferta de transporte público débese sinalar que a partir das respostas xorde como unha das causas do uso do vehículo privado por motivos como a ausencia de conexións de transporte público aos puntos de traballo dos usuarios e debido a que o desprazamento en coche é máis rápido que en transporte público.

No tocante ao **aparcadoiro**, en Teo non se reflicte unha gran problemática. Tan só un 10,3% da poboación enquisada afirma ter problemas de aparcadoiro no termo municipal. En xeral , os problemas de aparcadoiro preséntanse nos destinos dos desprazamentos realizados fóra de Teo.

As conclusións dos resultados e suxestións achegados serviron de orientación para a formulación de moitas das medidas expostas no presente Plan.

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 5/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 26 DE ABRIL DE 2023 –

Na Casa do Concello, a vinte e seis de abril de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D. José Antonio Garea Gil
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª Mayte Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D.ª Sofía Rama Lorenzo

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 28.12.22 E 25.01.23 E EXTRAORDINARIA DO 09.02.23

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 384/23 Á RES 499/23)

3.- TOMA DE POSESIÓN DE D.ª SOFÍA RAMA LORENZO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

4.- MOCIÓNS

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 28.12.22 E 25.01.23 E EXTRAORDINARIA DO 09.02.23.

Acta da sesión ordinaria do 28 de decembro de 2022

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2023

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de xaneiro de 2023.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2023.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 384/23 Á RES 499/23).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 24 de marzo ata o 20 de abril de 2023, que comprenden os números 384 ao 499, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- TOMA DE POSESIÓN DE D.ª SOFÍA RAMA LORENZO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O sr. alcalde sinala que procede agora levar a cabo a toma de posesión da concelleira do BNG D.ª Sofía Rama Lorenzo e cede a palabra á secretaria da Corporación.

Interveño eu, secretaria municipal, para poñer de manifesto que, con data de 10 de abril de 2023, foi recibida a credencial da nova concelleira, D.ª Sofía Rama Lorenzo (rex. entrada nº 1451), a cal presentou na Secretaría municipal as declaracións correspondentes do Rexistro de intereses, polo que se dan os requisitos para a súa toma de posesión.

A continuación D.ª Sofia Rama Lorenzo procede a tomar de posesión como concelleira de Teo, mediante a fórmula legalmente establecida de acatamento á Constitución.

A sra. Rama, promete, por imperativo legal, pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

O sr. alcalde dálle á benvida á sra. Rama como concelleira da Corporación.

4.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que no Piro hai unha fonte que está vertendo constantemente auga por fora e se está convertendo nun labazal.

O sr. alcalde sinala que esa fonte se puxo fai un ano máis ou menos con auga municipal para que puidera ser potable.

A sra. Diéguez sinala que ademais hai algunhas baldosas soltas.

2.- A sra. Diégez sinala que vindo de Ribas para os Verxeis viu un cable descolgado. Aclara que ao mellor non ten corrente, porén da efecto de perigo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que fronte a correos, dende a pescadería se queixan porque se aparcan coches nesa praza, engadindo que falta a sinal vertical.

O sr. Igrexas di que se está sinalizado no chan a sinal vertical reforza pero o que hai que facer é chamar á policía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e seis minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I) Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I) Fecha: 2023.06.02 09:16:36 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C Fecha: 2023.06.02 09:06:12 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

A C T A 6/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 29 DE ABRIL DE 2023 –

Na Casa do Concello, a 29 de abril de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D. José Antonio Garea Gil
D. Roberto Moñino Gil
D.ª Maryte Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González
D.ª Sofía Rama Lorenzo

Non asisten, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero e D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS DO 28.05.2020

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas e trinta minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1.- SORTEO DOS MEMBROS DE MESA PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO 28 DE MAIO DE 2020.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, e procedo a dar conta dos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (en adiante, LOREG).

Así, de conformidade co primeiro dos artigos citados infórmase que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais, e dáse lectura ao artigo 26 do citado texto legal nos termos seguintes:

"1.- A formación das Mesas compete aos Concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zoa.

2.- O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bachiller ou de Formación Profesional de segundo Grado, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

3.- Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

4.- Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria".

Explícase que noutros sorteos públicos de Mesas electorais o Pleno acordaba que, no caso de que non se puidera efectuar a notificación dalgún dos membros das mesas que resulten do sorteo, se acudiría á listaxe de suplentes que, a maiores dos que esixe a lei, xera o programa utilizado para o sorteo público en cada unha das Mesas correspondentes. Proponse a estes efectos utilizar esta listaxe para os casos de imposibilidade de notificación.

As/os concelleiras/os presentes aceptan unanimemente a proposta.

Seguidamente, de acordo do previsto no artigo 26 da LOREG, procédese a efectuar o sorteo público dos membros das Mesas electorais para as eleccións locais do 28 de maio de 2023, obténdose o seguinte resultado:

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 001 MESA: A

Presidenta: D.ª Mª Dolores Bello Fernández
1ª vogal: D.ª Mª Amelia González Brandaríz
2ª vogal: D.ª Susana Losada Fernández
1ª suplente de presidenta: D.ª Johanna del Pilar Corredor Ross
2ª suplente de presidenta: D.ª Marta García Varela
1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Alesandra Nicol Larrauri Hernández
2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Sonia Mª Alvarellos Rodríguez
1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Mª del Carmen Hermida Otero
2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Elena Liliana Huides Penciu

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 001 MESA: B

Presidenta: D.ª Diana Merino Sánchez
1ª vogal: Dª. Mª Montserrat Rivera Crespo
2º vogal: D. Marco Antonio Martínez Gómez
1ª suplente de presidenta: D.ª Marta Represa Montenegro
2ª suplente de presidenta: D.ª Gema Vallín Blanco
1º suplente de 1ª vogal: D. Santiago Romero Lema
2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Tatiana Triáns Liñares
1º suplente de 2º vogal: D. Martín Otero Ferro

2º suplente de 2º vogal: D. Valentín Velázquez Pérez

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidenta: D.ª Xia Arias Rego

1ª vogal: D.ª Sabela Losada Cortizas

2ª vogal: D.ª Mª Beatriz Beiro Piñeiro

1ª suplente de presidenta: D.ª Mª Ángeles Cacharrón López

2ª suplente de presidenta: D.ª Mª de los Ángeles Coelho Cotón

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Celia da Torre Jorge

2º suplente de 1ª vogal: D. Miguel Esteban Agulla

1º suplente de 2ª vogal: D. Alberto Arce Ceinos

2º suplente de 2ª vogal: D. Luis Alberto Fernández Marqués

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Elsa Teo Pais

1º vogal: D. José Rey Couto

2ª vogal: D.ª Mª Almudena Taboada Castro

1º suplente de presidenta: D. Ángel Suárez Villar

2º suplente de presidenta: D. Jorge Sánchez Raices

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Lucía Mª Salgado Santos

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Lara Villán Janeiro

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Ana Mª Pascual Montes

2º suplente de 2ª vogal: D. Víctor Martínez Fernández

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 003 MESA: U

Presidenta: D.ª Lucía Santomil Buela

1º vogal: D. Rogelio Antonio Carrera Ares

2ª vogal: D.ª Concha Lopes Outeiro

1ª suplente de presidenta: D.ª Mª Ester García Botana

2ª suplente de presidenta: D.ª Anxela de Jesús Enrique

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Mª Carmen Mirás Mosquera

2º suplente de 1º vogal: D. Luis Gómez Garazo

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Mª Jesús Gómez Saco

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Patricia López López

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 004 MESA: A

Presidente: D. Carlos Iván Cacheiro Villamisar

1º vogal: D. Rubén Banzas Carnero

2ª vogal: D.ª Sandra Remedios Lago Blanco

1ª suplente de presidente: D.ª Raquel Gómez Casal

2º suplente de presidente: D. Miguel Ángel Antonio Montes

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Mª Encarnación Iglesias Ferreño

2º suplente de 1º vogal: D. Armando Antonio Espantoso Taboada

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Cristina Galdo Leal

2º suplente de 2ª vogal: D. Juan Manuel Brocos García

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 004 MESA: B

Presidenta: D.ª Sonia Rodríguez Valdés

1º vogal: D. Enrique Noche Álvarez

2º vogal: D. Ángel Teo Pais

1º suplente de presidenta: D. Jaime Fernando Santos Bermúdez

2º suplente de presidenta: D. Luis Javier Martínez Calvo

1º suplente de 1º vogal: D. Antonio Leonardo Perez Pereira

2º suplente de 1º vogal: D. Anxo Otero Vilas

1º suplente de 2º vogal: D. Gerardo Pérez Rodríguez

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Mª del Mar Rodríguez Couselo

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 005 MESA: A

Presidente: D. Jesús Manuel Algarrada Mancebo

1ª vogal: D.ª Rocío Ferreiro Miguéns

2º vogal: D. Pedro Jorge del Río

1º suplente de presidente: D. Manuel Roque Castelo Nieto

2º suplente de presidente: D. Antonio González García

1º suplente de 1ª vogal: D. Xoán Cerneira Caamaño

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Soledad Valeria Cordobés Olaizola

1º suplente de 2º vogal: D. Eloy Gonzalo Fernández Álvarez

2º suplente de 2º vogal: D. Santiago Adrio Nieto

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 005 MESA: B

Presidenta: D.ª Beatriz López Seijo

1º vogal: D. Gregorio San Miguel Bartolomé

2º vogal: D. Juan Carlos Vázquez Illodo

1ª suplente de presidenta: D.ª Ana Belén Nieto Míguez

2ª suplente de presidenta: D.ª Luisa Mª Romero López

1º suplente de 1º vogal: D. Roberto Sardiña Mato

2º suplente de 1º vogal: D. Juan José Lamas Blanco

1º suplente de 2º vogal: D. Sandro Romero Duro

2º suplente de 2º vogal: D. Asier Nine Martínez de Cestafe

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 006 MESA: A

Presidenta: D.ª Mª Flora López Capón

1º vogal: D. Álvaro Díaz González

2ª vogal: D.ª Adriana Clemencia Alzate Miranda

1ª suplente de presidenta: D.ª Carla Castro Rosende

2º suplente de presidenta: D. Jordi del Árbol Pérez

1º suplente de 1º vogal: D. Nicolás Golán Estalote

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Mª Delia Cores Chazo

1º suplente de 2ª vogal: D. Bronte Bertolo Suárez

2º suplente de 2ª vogal: D. Manuel Fernández Núñez

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 006 MESA: B

Presidente: D. Denis Suárez Barral

1º vogal: D. Luis Vallecillo González

2º vogal: D. Manuel Macías López

1º suplente de presidente: D. Noé Vázquez Santos

2ª suplente de presidente: D.ª Mª del Valle Suárez Gil

1º suplente de 1º vogal: D. Ricardo Pereira Pola

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Sara Rodríguez Moldes

1º suplente de 2º vogal: D. Carlos Fernando Otero Janeiro

2º suplente de 2º vogal: D. Juan Carlos Villarino Tejada

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 007 MESA: U

Presidenta: D.ª Mª de las Mercedes Parajó Montes

1º vogal: D. Saúl Iglesias Neira

2ª vogal: D.ª Mª Encina Gallego Mayo

1ª suplente de presidenta: D.ª Rosa Mª Pedrosa Pedrosa

2ª suplente de presidenta: D.ª Susana Mª Pilar Raposo Mosquera

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Antía Rosende Lueiro

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Susana López Penas

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Mª José Mandía Mancebo

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Margarita Romero de Valenzuela

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 008 MESA: U

Presidenta: D.ª María Iglesias Nouche

1ª vogal: D.ª Martha Cecilia Morales Camargo

2º vogal: D. Alberto Davila Cerviño

1º suplente de presidenta: D. José Luis Rodríguez Barreiro

2º suplente de presidenta: D. Juan José Gómez Gas

1º suplente de 1ª vogal: D. Luis Miguel Méndez Oro

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Iria Mª iglesias Tacón

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Zaira Betolaza García

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Julia Pérez Díez

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 009 MESA: A

Presidenta: D.ª Lucía Ferradás Rodríguez

1ª vogal: D.ª Mª Belén España Abelenda

2º vogal: D. Juan Carlos Carbajales Iglesias

1ª suplente de presidenta: D.ª Mª de los Ángeles Leal Mosquera

2ª suplente de presidenta: D.ª Vanessa Juncal Sanjurjo

1º suplente de 1ª vogal: D. Juan Carlos Jiménez Pereira

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Vanessa Juncal Sanjurjo

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Paula Bolaño Pampín

2º suplente de 2º vogal: D. Brais Barreiro Alende

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 009 MESA: B

Presidenta: D.ª Sara Tomé García

1ª vogal: D.ª Natalia Rey Boo

2ª vogal: D.ª Mª Genma Monterroso Raposo

1º suplente de presidenta: D. Bernardino París Figueiras

2ª suplente de presidenta: D.ª Francisco Ramón Rodríguez Cuervo

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Isabel Pérez Vázquez

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Susana Santos Barrioluengo

1º suplente de 2ª vogal: D. Manuel Fernando Rodríguez Gerpe

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Yuri Stefani Toro Perdomo

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: A

Presidenta: D.ª María Sol Bartolomé

1ª vogal: D.ª Alba del Río Otero

2ª vogal: D.ª Carmen Mª Lafuente Rodríguez

1º suplente de presidenta: D. Pablo Otero Castelao

2ª suplente de presidenta: D.ª Elizabet Liñeira Amigo

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Sabela del Río Otero

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Susana Bello Valiña

1º suplente de 2ª vogal: D. Gustavo Pedrouzo Balado

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª María Vidal Botana

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: B

Presidente: D. Ángel Batalla Eiras

1ª vogal: D.ª Mara López Rivera

2º vogal: D. Álvaro Parajó Francos

1º suplente de presidente: D. Benjamín Andrés López Castro

2º suplente de presidente: D. José Luis Bautís Fernández

1º suplente de 1ª vogal: D. José Ramón Castro Ruibal

2º suplente de 1ª vogal: D. José Ignacio Amancio Vidal Portabales

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Mª José Rarís Tarrio

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Verónica García Romero

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidenta: D.ª Silvia Gaudioso Manías

1ª vogal: D.ª Teresa Casal López

2º vogal: D. Marcos Fernández Gómez

1º suplente de presidenta: D. Iván Lago Olveira

2ª suplente de presidenta: D.ª Mª Gloria Ferreiro Rebolleda

1º suplente de 1ª vogal: D. Juan José Viño Vaamonde

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª María Rodríguez Salcedo

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Alicia Gómez García

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Alba Suárez Mosquera

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Mª del Carmen Mata Conde

1º vogal: D. Eduardo Paz Vila

2º vogal: D. Ángel Javier Cervera Mendoza

1ª suplente de presidenta: D.ª Belén Zamar Carbia

2º suplente de presidenta: D. Alberto Rodríguez Paz

1º suplente de 1º vogal: D. Manuel Ignacio Oliveira Otero

2º suplente de 1º vogal: D. José Antonio Riveira Rivero

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Isabel Fernández Suárez

2º suplente de 2º vogal: D. Juan Carlos Liñares Botana

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 001 MESA: U

Presidenta: D.ª Martina Couto Mariño

1ª vogal: D.ª Víctoria Iglesias de la Fuente

2ª vogal: D.ª Isabel Cajaraville Pereira

1º suplente de presidenta: D. Javier Seijo Cajaraville

2ª suplente de presidenta: D.ª Alba Guerra Aldaríz

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Alba Midón Cebeiro

2º suplente de 1ª vogal: D. José Salgueiro Mata

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Ana Conde Miranda

2º suplente de 2ª vogal: D. Gabor Pazos Oltai

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidente: D. Fernando Jesús García Cutrín

1º vogal: D. Gabriel Collado Rodríguez

2ª vogal: D.ª Beatríz Sierra Suárez

1º suplente de presidente: D. José Francisco Díaz Anido

2ª suplente de presidente: D.ª Sabela Pintos Louro

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Esperanza Moreiras Cuñarro

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Patricia Pena-Manso Carral

1º suplente de 2ª vogal: D. Andrés Rey Sierra

2º suplente de 2ª vogal: D. José Manuel Vázquez Cal

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Elvira Álvarez Santor

1ª vogal: D.ª Verónica Iliana Pérez Coitiño

2ª vogal: D.ª Mª Begoña Sande Puga

1ª suplente de presidenta: D.ª Mª Belén Conde Cid

2º suplente de presidenta: D. Julio Antonio Porto Cao

1º suplente de 1ª vogal: D. Adrián Rebolo Gómez

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Yolanda Castelao Souto

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Mª José Alonso Plaza

2º suplente de 2ª vogal: D. Marcos Carro Munín

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2023.06.06 10:05:43 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2023.06.06 09:55:47 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 7/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 24 DE MAIO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a vinte e catro de maio de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D. José Antonio Garea Gil

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mayte Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Sofia Rama Lorenzo

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 500/23 Á RES 620/23, DO 21/04/2023 Ó 18/05/2023)

2.- DACIÓN DE CONTA REPAROS 2022

3.- DACIÓN DE CONTA LIQUIDACIÓN 2022

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2023

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA (2023-2027) PLIA.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 11/2023. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/2023 FINANCIADO CO RLTGX

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DA IGREXA – CALO

9.- MOCIÓNS

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas e cinco minutos, declara público e aberto o acto. O sr. alcalde aclara que o Pleno do día de hoxe se corresponde co ordinario do mes de maio, que foi adiantado unha semana.

Procédese a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 500/23 Á RES 620/23, DO 21/04/2023 Ó 18/05/2023).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de abril ata o 18 de maio de 2023, que comprenden os números 500 ao 620.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA REPAROS 2022.

O sr. alcalde da conta do informe de intervención, de 10 de maio de 2023, sobre os informes de reparo formulados durante o exercicio 2022, segundo o documento incorporado no expediente, da mesma data, que se reproduce a continuación.

"DACIÓN DE CONTA

En cumprimento do disposto no artigo 2.3 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de seguido dase conta ao Pleno da Corporación do informe de intervención emitido en relación cós informes de reparo formulados durante o exercicio 2022:

INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO: SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2022

O presente informe emítese en cumprimento do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal: " O órgano interventor elevará informe ó Pleno de tóda-las Resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade contrarias ós reparos efectuados, así como un resumo das principias anomalías en materia de ingresos".

Por outra parte, o artigo 2º apartado 3º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local ordena á intervención municipal a dar conta ao Pleno da Corporación, como punto independente na orde do día, das resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos efectuados e das anomalías en materia de ingresos, podendo o Alcalde aportar informe xustificativo da súa actuación.

Finalmente, o artigo 15.6 do RD 424/2017 de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local establece que, con ocasión da dación de conta da liquidación, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados.

Igualmente se debe remitir dita información ao Consello de Contas.

1.-Informes desfavorables formulados e resolucións da Alcaldía que resolven as discrepancias,Reparos de facturas:

Reparo 01/2022.-Resolucion da Alcaldía de data 21/03/2022 . sobre inexistencia de contratos administrativos de servizos varios, contratos menores sucesivos e facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:470.887,72€

Reparo 02/2022.-Resolución da Alcaldía de data 29/04/2022.Sobre facturas sen proposta de gasto previa. .IMPORTE REPARADO: 177.666,88€

Reparo 03/2022.- Resolución da Alcaldía de data 01/06/2022. Sobre ausencia de expediente de contratacion ou contrato menor sucesivo . Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:195.335,33€

Reparo 04/2022.-Resolución da Alcaldía de data 04/07/2022. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas se proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:202.433,05€

Reparo 05/2022.- Resolución da Alcaldía de data 15/07/2022. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:160.672,88€

Reparo 06/2022.- Resolución da Alcaldía de data 09/09/2022 . Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:149.963,63€

Reparo 07/2022.- Resolución da Alcaldía de data 14/10/2022-sobre ausencia de expediente de contratacion servizo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:162.192,35€

Reparo 08/2022.- Reslución da Alcaldía de data 04/11/2022.- Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:43.691,97€

Reparo 09/2022.-Resolución da Alcaldía de data 16/11/2022. Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:274.071,09€

Reparo 10/2022.- Resolucion de Alcaldia de data 24/11/2022. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo. IMPORTE REPARADO:344.598,52€

Reparo 11/2022.Resolucion da Alcaldía de data 16/12/2022. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:194.023,11€.

Reparo 12/2022.Resolucion da Alcaldía de data 30/12/2022. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:553.181,41€.

Nota: as resolucións da Alcaldía e acordos plenarios que levantan os reparos anteriores aproban as facturas baseandose na teoría do enriquecemento inxusto (xurisiprudencia do tribunal supremo)

2.-OUTROS INFORMES DE REPARO:

Informes mensuais das nóminas.- por irregularidades deterctadas nas nóminas dalgúns traballadores municipais e por devengar de acordo regulador e convenio colectivo informados xa desfavorablemente por Secretaría e Intervención. O recoñecemento e pago das nominas aprobouse mediante Resolución de Alcaldía cada mes.

-Convocatoria de subvencions deportes.-fiscalizada desfavorablemente a fase de recoñecemento da obriga por xustificacions incorrectas.

-Reparo suspensivo con responsabilidade contable por pago de gratifiacions por gardas de localizacion á policia local.

-Reparos por recoñecementos extraxudiciais de créditos, expedientes 01/2022 e 02/2022.

3.-ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS:

Non constan.

Isto é canto ten a ben informar a funcionaria que suscribe.

Teo, 10 de maio de 2023.

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela

Teo, 10 de maio de 2023.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira”

Sendo as nove horas e sete minutos, incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

3.- DACIÓN DE CONTA LIQUIDACIÓN 2022.

O sr. alcalde da conta dos resultados da liquidación do exercicio 2022, segundo o documento incorporado no expediente, do 27 de abril de 2023, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Rafael Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, en cumprimento do disposto no artigo 193.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

DOU CONTA ao Pleno da Corporación dos resultados da Liquidación do exercicio 2022, có seguinte resumo:

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO

RESULTADO ORZAMENTARIO

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	14.967.273,28
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	13.025.216,96
RESULTADO ORZAMENTARIO 1	**1.942.056,32**

b) Operacions de capital

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	659.212,62
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.798.245,23
RESULTADO ORZAMENTARIO 2	**-2.139.032,61**

Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2)……-196.976,29€

2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

a) activos financieros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
RESULTADO ORZAMENTARIO F.3	0.00

b) pasivos financieros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	389.231,08

-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	326.609,55
RESULTADO ORZAMENTARIO F.4	**62.621,53**

Resultado Orzamentario Financeiro(3+4)…….62.621,53€

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2022……-134.354,76€

Axustes:

1.-Desviacións imputables **negativas (+)……1.250.465,15€**

2.-Desviacións imputables **positivas (-)……265.907,56€**

3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTGX, fase O**……..12.208,58€**

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2022	**862.411,41€**

2.-REMANENTE DE TESOURERIA

1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		**923.728,53**
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		**2.885.668,16**
(+) del Presupuesto corriente	849.901,11	
(+) de Presupuestos cerrados	1.579.142,51	
(+) de operaciones no presupuestarias	456.624,54	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	19.681,59	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DEPAGO		**2.485.582,26**
(+) dol Presupuesto corriente	1.607.308,14	
(+) do Presupuestos cerrados	329.909,79	
(+) de operaciones no presupuestarias	548.364,33	
(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	315.650,72	
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)		**1.619.783,56**
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)		**1.444.656,83**
REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)		**18.301,92**
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)		**156.824,81**

3.-AFORRO BRUTO E NETO

A) Dereitos Recoñecidos Netos por Capítulos 1 a 5 liquidación orzamento 2022		**14.967.273,28**
B) Obrigas Recoñecidas por Capítulos 1,2 e 4 liquidacion orzamento 2022		**13.044.403,33**
C) Anualidade Teórica de Amortización Total		**326.609,56**
D) OR correspondientes a modific credito financiadas con RLTGG		**12.208,58**
	Aforro Bruto	**1.922.869,95**
	Aforro Neto	**1.584.051,81**
	Porcent. débeda s/dtos. Liquid.	**25,71%**

4.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LIMITE DE DEBEDA(SUSPENSION DE REGLAS FISCAIS EN 2022)

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:INCUMPRIMENTO

REGLA DE GASTO: INCUMPRIMENTO

SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA: CUMPRIMENTO

Teo, 27 de abril de 2023

O alcalde

Rafael Sisto Edreira"

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2023.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 12 de maio de 2021, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondentes ao primeiro trimestre 2023.

"EXPEDIENTE: 2023/X999/000307

TESOURERÍA: INFORME MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2023

Asunto: Informe da Tesourería sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao primeiro trimestre 2023.

Lexislación aplicable

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, establece no seu apartado 3 do seu artigo cuarto: *"*Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*."*

O apartado 4 do mesmo artigo, establece que *"*Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades Locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes."

A Lei 3/2004, establece non seu artigo 3, apartado 1, que a Lei será de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración desta Entidade Local, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así, segundo establece o artigo 198.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración terá a obrigación de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos

de cobranza nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (…) Sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210 e no apartado 1 do artigo 243, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo.

A Orde ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, que determina o procedemento para seguir para a remisión da información, establece no seu artigo 16.6 que antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano remitirase, entre outros, o informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluirá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pago global a provedores e do período medio de pago mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagas e pendentes de pago de cada entidade e do conxunto da Corporación Local.

Por outra banda, coa publicación do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo de 2014, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira; establecese o método de cálculo do período medio de pago a provedores. O período medio de pago (PMP) definido aquí mide o atraso **no pago da débeda comercial en termos económicos** como un indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. O cálculo o PMP do Concello de Teo extraese directamente de aplicación informática contable que realiza os cálculos de forma automática, segundo os datos ofrecidos o período medio de pago

correspondente ao 1º trimestre é de 53.43 días, incumprindose o prazo máximo de 30 días.

Asemade, debe terse en conta que neste trimestre o programa contable do Concello de Teo computa o inicio do prazo dende a data de recoñecemento da obrigación. Neste senso debe terse en conta a "Guía para o cálculo do período medio de pago a provedores das entidades locais" publicada polo Ministerio de Facenda e Función pública en decembro de 2022 que o momento de inicio do cómputo de prazos no caso de operacións comerciais nas que resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación de bens entregados e servizos prestados computa dende a data de aprobación de ditos documentos (informe de conformidade, acta de recepción, etc.) que non ten que coincidir co acto administrativo e contable de recoñecemento da obriga.

Neste Concello consta implantado un sistema de conformidade das facturas, recibindo cada unha das facturas unha conformidade individual, co cal o inicio do cómputo debería realizarse dende esa data de conformidade. Non obstante ata á data actual dita data de conformidade co que respecta aos datos que se analizan neste PMP, non se está insertando no programa contable, o que fai que os datos de pmp que arroxa o programa contable non se adapten a determinado pola citada Guía do Ministerio. En marzo, polo departamento responsable da contabilidade, o Departamento de Intervención, adoptáronse as medidas a efectos de poder conformar as facturas mediante o sistema de firmadoc co cal a partires do seguinte trimestre os datos que ofreza o programa contable deberían tomar como dies a quo, a data de conformidade.

En virtude de todo o exposto e para dar cumprimento á obrigación legal, achéganse os seguintes informes:

a) Pagos realizados no trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda, e desagregación no Anexo I extraído da aplicación contable municipal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda.

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda e desagregación no Anexo II extraído da aplicación contable municipal.

d) Detalle do período medio de pago global a provedores (formato extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda).

Informe de Morosidade

EXERCICIO

2023

PRIMEIRO TRIMESTRE

Código de Entidade	Entidade	Tipo de Contabilidade	PAGOS REALIZADOS NO PERÍODO				
			Período Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Período Legal Pago		Pagos Fora período Legal Pago	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total
As preguntas en relación ás novas tecnoloxías relevan un amplo acceso ás internet e/ou a outros dispositivos, aínda que nas habilidades dixitais, preto da metade das participantes non se sente en igualdade de con respecto a amizades ou compañeros/as da escola ou instituto.

Novas propostas:

Das 142 rapazas e rapaces que emitiron respostas válidas, só 25, o 20,4%, manifestaron ter algunha idea ou proposta que lle gustaría que levase a cabo o Concello de Teo. Son as seguintes:

- Facede un novo campo de fútbol.
- Facede un kebab.

- Facede un kebab.
- Respectar máis os pronombres non binarios.
- Parque de MTB.
- Facer pistas deportivas de baloncesto.
- Un espazo de lecer libre para a xuventude, como unha biblioteca pero para múltiples actividades como xogos de mesa, zona de estudo, zona deportiva…
- Sitios recreativos para mozos e mozas na adolescencia.
- Que haxa un club de xadrez.
- Rematar o parque da Carballeira de Luou.
- Un centro comercial.
- Crear obradoiros deportivos.
- Poñer máis buses.
- Organizar excursións para nenos e non só para os da tercera idade.
- Intentar mellorar o transporte publico no instituto.
- Permitir a caza de animais.
- Un ximnasio.
- Poñer futbolíns que son moi divertidos.
- Arranxar o Parque de Lampai.
- Que en Lampai, en Beitureira, puxeran máis farolas.
- Un parque en Pedrouso.
- Que en Calo, onde a SR, volveran abrir a piscina pública que había, e de paso que arranxaran as canastas de baloncesto.
- Parque en Bamonde.
- Que existisen máis beirarrúas.
- Máquinas dispensables de alcohol gratis.

◦ **Elaboración dun DAFO no seo do FoPIA:** Convocado o FoPIA, dinamizouse unha sesión de traballo orientada a recoller a percepción das persoas máis novas do concello en relación ao cumprimento dos seus dereitos como infancia e adolescencia. Nesta xornada de traballo participaron 18 rapaces e rapazas. Ademais dun número elevado de persoas, o grupo funcionou dun xeito moi pro-activo. O resultado non foi xerarquizado, polo que se expón na orde na que foi recollido:

- **Debilidades:**

  ✗ Poucas hortas urbanas.

- ✗ Falta espazo común e seguro (p.ex. Fábrica de cepillos).
- ✗ Malos autobuses (horarios, paradas e hixiene).
- ✗ Escaso estacionamento cerca dos centros de ensino (Ramallosa e Os Tilos).
- ✗ Horario reducido da biblioteca dos Tilos.
- ✗ Poucas e malas beirarrúas (Rarís/A Poboa).
- ✗ Mal estado das marquesiñas.
- ✗ Falta de actividades específicas para adolescentes en horarios e datas adaptadas (non de noite nin entre semana).
- ✗ Extensión territorial do Concello.
- ✗ Non existencia dun lugar fixo para a aula de medio ambiente.
- ✗ Falta de espazo estable para teatro.

- **Forzas:**
  - ✗ Extensión territorial do Concello.
  - ✗ Moitas casas comúns.
  - ✗ Moitas actividades culturais e sociais.
  - ✗ Moitas rutas de sendeirismo.
  - ✗ Posibilidade de mostrar talentos e habilidades en eventos do Concello.
  - ✗ Medios de comunicación propios.
  - ✗ Moita infraestrutura municipal-
  - ✗ Centros educativos públicos.
  - ✗ Existencia do CLIA e do FoPIA.

- **Ameazas:**
  - ✗ Pouco orzamento para os fondos da biblioteca.
  - ✗ Presenza de drogas.
  - ✗ Extensión das redes sociais.
  - ✗ Problemas económicos globais.
  - ✗ Mala saúde mental.
  - ✗ Extensión do conflito Ucraína-Rusia.
  - ✗ Posibilidade de anexión a Compostela.
  - ✗ Acoso escolar ou ciber bullying.

- ✗ Inseguridade cidadá/extensión medo.
- ✗ Machismo.
- ✗ Discriminación colectivo LGTBAIQ+.

▪ **Oportunidades:**

- ✗ Axudas de rehabilitación de casas.
- ✗ Axudas ao medio rural.
- ✗ Bolsas de ensino.
- ✗ Oportunidade de contar con axentes forestais.
- ✗ Crear espazos seguros e unirse a redes de persoas LGTBAIQ+.
- ✗ Usar espazos privados ou públicos (Xunta) para infancia e adolescencia.
- ✗ Desenvolver políticas responsables.

• **Actividades realizadas con persoas maiores de idade**

○ **Elaboración do DAFO coa mesa de coordinación interna:** O día de 9 marzo de 2023 celebrouse unha sesión de traballo coa mesa de coordinación interna do programa CAI, integrada por Xosé Ignacio Igrexas Vilar, Concelleiro de Benestar, Igualdade e Participación Veciñal, María López, Concelleira de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego, Igualdade, Cultura e Educación, Eva López, Técnica de Servizos Sociais Comunitarios, Silvia Casas, Alfabetizadora Dixital aula de Informática e Gonzalo Carrillo, Técnico municipal de Deportes.

A sesión foi dinamizada por dous profesionais externos que conduciron ao grupo na elaboración dun DAFO sobre a situación actual situación da infancia e a adolescencia no concello de Teo. Tras as identificación das debilidades, forzas, ameazas e oportunidades, procedeuse a unha valoración grupal e xerarquización, resultando, por orde de importancia, os seguintes ítems:

▪ **Debilidades:**

- ✗ Transporte público escaso.
- ✗ Infravivenda do Carballal.
- ✗ Problemas medioambientais.
- ✗ Equipamentos deportivos mellorables.

- ✗ Falta dun centro de lecer e encontro grande e interxeracional no centro de Teo.

- **Forzas:**
  - ✗ Servizos de conciliación.
  - ✗ Oferta cultural e deportiva, pública e privada, de balde ou accesible.
  - ✗ Alta participación infantil nos órganos correspondentes.
  - ✗ Rede peonil.
  - ✗ Melloras no CRA e colexios.

- **Ameazas:**
  - ✗ Desvinculación social co territorio.
  - ✗ Cambio climático.
  - ✗ Estrutura dos centros educativos (masificación do IES).
  - ✗ Falta de recursos públicos para saúde mental, con especial preocupación arredor da prevención de dependencias dixitais e de xogos.
  - ✗ Dificultades na organización dos tempos familiares, en detrimento do tempo en familia e o acompañamento no crecemento.
  - ✗ Falta de no cumprimento do dereito ao acceso á vivenda pública.
  - ✗ Taxa de descenso na natalidade.

- **Oportunidades:**
  - ✗ Políticas progresistas centradas na infancia.
  - ✗ Proximidade a Santiago de Compostela e á súa vida cultural.
  - ✗ Redes e novas formas de comunicación.

Definición de prioridades para o novo Plan de Infancia e Adolescencia (PLIA), en base aos resultados do DAFO, definíronse as seguintes liñas de acción:

- Promover unha maior vinculación da xente nova co territorio.
- Favorecer a transición ecolóxica no marco do concello.
- Fortalecer a rede de atención de saúde mental para a infancia e adolescencia.

- Racionalizar a planificación das estruturas educativas.
- Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia.
- Garantir o dereito á vivenda.

- **Elaboración do DAFO coa Mesa Comunitaria:** Integrada por persoas adultas de ámbitos diversos cuxa acción profesional ou social se vincula coa infancia e a adolescencia do Teo, esta mesa acolleu representantes de: Asociación sen ánimo de lucro ARCOsTilos; servizo de pediatra de área no centro de saúde de Calo-Los Tilos; Anpa-Ramallosa; Servizo de Atención Temperá; Banco de Electrónica Municipal; RadioTeo; Programa Fogares de Provivenda; Biblioteca dos Tilos e Mediateca dos Grilos; SEPA-USC; e Servizos Comunitarios do Concello de Teo.

  Ao igual que no caso anterior, este grupo identificou debilidades, forzas, ameazas e oportunidades, e procedeuse a unha valoración grupal e xerarquización, resultando, por orde de importancia, os seguintes ítems:

  - **Debilidades:**

    ✗ Falta de actividades organizadas de grupo e relacionadas coa saúde, e de recursos de lecer específicos para adolescentes.

    ✗ Dispersión xeográfica, relacionada co transporte público deficitario, que provoca falta de autonomía persoal e de seguridade a nivel de mobilidade. / Falta de participación das familias.

    ✗ Dificultade de socialización menores de idade que viven fóra dos núcleos grandes.

    ✗ Falta de persoal para a atención ás necesidades (lecer, saúde, acompañamento), de competencia municipal.

    ✗ Falta de coñecemento dos activos entre menores por non utilizar medios de difusión ou redes comunicativas adecuados.

    ✗ Falta de vivenda e alto custo da existente.

  - **Forzas:**

    ✗ Creación de mapas de activos comunitarios. / A posibilidade de coordinación que ofrece a propia mesa comunitaria.

- ✗ Servizos de conciliación.
- ✗ Ruralidade en relación á saúde.
- ✗ Existencia de infraestruturas públicas (biblioteca, Punto Xove, banco de reciclaxe electrónica, etc).
- ✗ Creación do servizo de atención temperá.
- ✗ Dispoñibilidade ás alianzas con outras entidades externas.
- ✗ A implicación e motivación por parte das persoas adultas. / A receptividade dos axentes relacionados.
- ✗ Oferta cultural e educativa de balde.
- ✗ Medio radiofónico dispoñible.
- ✗ Tecido asociativo.
- ✗ Existencia de novas rutas ciclables e camiños escolares.
- ✗ Incremento de servizos para a adolescencia (como a escola ecoloxista).

- **Ameazas:**
  - ✗ Dificultade de xestión dos tempos relacionados coas persoas adultas e menores e falta de adecuación ao cambios socias acelerados.
  - ✗ Falta de información e formación por parte das persoas adultas en relación ás TICS e á crianza en xeral.
  - ✗ Falta de persoal de atención á infancia e adolescencia.
  - ✗ Cambio climático.
  - ✗ Falta de vivenda pública.
  - ✗ Crise socioeconómica global.
  - ✗ Aumento da prevalencia de patoloxías en idades temperás.
  - ✗ Incidencia das novas tecnoloxías na mocidade.
  - ✗ Falta de raciocinio político.

Definición de prioridades para o novo Plan de Infancia e Adolescencia (PLIA), en base aos resultados do DAFO, definíronse as seguintes liñas de acción:

- Favorecer a mobilidade dentro do concello.
- Crear novos recursos para familias. Relacionados coa saúde mental.

- Continuidade e mellora mapa activos e difusión efectiva.
- Obtención e xestión axudas europeas para infancia e adolescencia.
- Programa piloto “Planet Youth”.

Conclusións de valoración e diagnóstico

En base aos datos cualitativos e cuantitativos recollidos pódense extraer conclusións en relación á situación da infancia e a adolescencia no concello de Teo.

A ampla extensión do concello e dispersión da poboación, tamén infanto-xuvenil, tradúcese na existencia dunha ampla rede de instalacións públicas, sendas e espazos de lecer ao aire libre que permiten e ao redor dos que se artella a vida cultural, comunitaria e de oferta de lecer que se recolle con anterioridade. Neste senso, e de novo en relación á dispersión poboacional, un dos a mellorar, indicados a tanto por parte das persoas adultas como menores de idade é a mobilidade, en concreto o transporte público, unha eiva á que desde o concello se lle dará solución empregando as novas tecnoloxías adaptadas ao transporte público baixo demanda. En positivo, a mobilidade a pé mellorou substancialmente nos últimos anos coa creación de sendas peonís e camiños escolares seguros, ambas propostas valoradas de xeito positivo por parte da poboación máis nova, entroncando ademais con outro dos principais eixos a abordar en relación aos dereitos da infancia e a adolescencia, como é a saúde (vida activa) e un entorno seguro.

No que se refire á conciliación familiar, o concello de Teo destaca pola oferta de servizos públicos, para favorecer a conciliación grazas a servizos DiverTeo ou o servizo de Madrugadores e Teocoida, e así o recoñecen e sinalan as persoas consultadas no proceso de valoración, tendo ademais exención total de custes para aquelas familias en situación económica desfavorable, o que se aplica tamén en actividades culturais e deportivas, e outras relacionadas cos estudos, resultando unha práctica democratizadora e a prol da calidade de vida da infancia e a adolescencia e amortiguación das desigualdades sociais.

A saúde, en concreto a mental, foi outro dos principais temas sobre que versou a valoración, detectándose unha preocupación pola falta de recursos, medios e persoal sanitario en relación a alta demanda de cobertura profesional neste campo.

En relación a ter en conta as súas opinións, necesidades e prioridades na vida pública, o diagnóstico releva a existencia do FoPIA e o CLIA como espazos axeitados para este fin, cunha ampla porcentaxe da poboación consultada (76,1%) coñecedora destes foros.

Neste foros, en concreto no FoPIA no curso 22/23, está habendo unha alta participación de rapazas e rapaces (unha media de 16 por sesión) con respecto a anos anteriores. Os datos revelan, pola contra, pouca iniciativa propositiva por parte da infancia e a adolescencia (81% non fixo propostas de mellora no último ano para mellorar os seus dereitos) ou a falta de identificación do FoPIA como espazo para a defensa dos seus dereitos (68,3% non sabe onde presentar propostas ao concello).

Por outra banda, a información obtida do DAFO no seo do FoPIA así como da mesa de coordinación interna revelan a percepción deste espazo para a participación da infancia e a adolescencia como unha “forza” do concello. Polo tanto conclúese que existe vontade tanto por parte dos axentes locais como da rapazada de manter o FoPIA como espazo de escoita e activación como axentes activos da poboación máis nova. Nesa mesma liña, desde a Mesa comunitaria, foro asociado ás Cidade Amigas da Infancia, valórase como primeira “forza” a posibilidade de crear sinerxías entre os diferentes actores sociais relacionados coa infancia e a adolescencia para seguir construíndo e compartindo información e recursos para a mellora da situación da infancia e a adolescencia (por exemplo, a través do mapeado de recursos).

Polo tanto, conclúese que é preciso manter os espazos existentes de participación, así como facer extensiva a cultura democrática e o empoderamento como axente político entre a poboación obxecto.

6. DEFINICIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

O proceso participativo realizado no concello de Teo, dirixido tanto á poboación infantil e xuvenil como aos actores sociais do concello, permitiron analizar e identificar as necesidades máis urxentes do concello e determinar cales deberían ser os retos e prioridades que a administración local debería asumir en relación coa garantía dos dereitos da infancia e da adolescencia.

As conclusións dos encontros e as diferentes análises DAFO realizadas permitiron determinar as necesidades e os compromisos, determinando os obxectivos xerais do Plan, que se mostran a continuación:

1. **Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia**. Os órganos de participación existentes no concello contan cunha alta participación, implicación e motivación de persoas adultas e a boa receptividade dos axentes implicados. Neste sentido, desde o concello de Teo consideramos que é necesario centrar esforzos en manter esta implicación da poboación menor de idade, ampliar os espazos de participación e favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia a outras cuestións que lles poidan afectar. Esta transversalización da participación supón o compromiso do concello a manter abertas as canles de participación da infancia e da adolescencia, así como o de estendela a todos os campos en que fose necesario e posible. Os altos índices de participación nos diferentes organismos creados, así como as políticas progresistas en favor da infancia e adolescencia, as políticas europeas de participación infantil e o aumento xeral da cultura de participación na infancia e adolescencia ofrecen moitas posibilidades de coordinación e actuación para levar adiante diversas iniciativas en favor das persoas menores de idade. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO realizadas[5]:
   - Os órganos de participación existentes no concello e a alta participación nestes é un moi bo punto de partida para ampliar os espazos de participación infantil e xuvenil.
   - O tecido asociativo e a oportunidade de reemerxencia do valor comunitario tamén teñen aquí un importante peso como fórmulas de participación social, nas que poderían implicarse as persoas menores de idade. Aínda que se detecta a falta de raciocinio político xeral como unha ameaza, xa que pode levar a un desinterese participativo da mocidade do concello.

5 Toda a información acerca das análises DAFO recóllese no punto 4 do presente documento.

2. **Racionalizar a planificación das estruturas educativas.** Este punto prende poñer enriba da mesa a mellorable situación dos centros de ensino do municipio, con especial énfase na planificación educativa, onde se organizan, articulan e sistematizan as metodoloxías pedagóxicas e obxectivos específicos a alcanzar. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:
    - Destácase a forza de existencia de centros de ensino público e as accións positivas de creación do servizo de atención temperá, o programa de conciliación e as melloras nos CRA e coles. Mentres que se detecta a masificación dos IES.
3. **Fortalecer unha rede comunitaria que actúe como factor de prevención da saúde mental na infancia e adolescencia.** Cada vez son máis as persoas menores de idade que teñen problemas de saúde mental, así como tamén hai un aumento de patoloxías en idades temperás. A preocupación polo coidado da saúde mental e a creación de espazos seguros nos que a mocidade poida expresarse e informarse estivo presente nas diferentes reunións para a elaboración do PLIA, sendo as persoas do FoPIA as que fixeron fincapé na inseguridade cidadá e o medo debido á discriminación, desigualdade e odio imperantes na sociedade actual que ameazan a convivencia social. Con este obxectivo o que se pretende é manter e crear programas de intervención e recursos específicos, que atendan ás necesidades concretas da persoas menores de idade en torno ao ámbito da saúde mental. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:
    - Aumento de patoloxías en idades temperás e falta de recursos públicos para saúde mental, así como falta de persoal especializado nestas cuestións. Tamén se detectou unha falta de formación das familias en parentalidade positiva e a dificultade de conciliación e xestión dos tempos persoais e profesionais das familias, pese a existencia de servizos de conciliación.
    - Tamén se falou da falta dun espazo común e seguro, á vez que se sinalaron como ameazas o machismo, a discriminación LGTBQIA+ e o acoso escolar e ciberbullying.
    - A creación de novos recursos para adolescentes e familias e a creación de espazos seguros de (in)formación e apoio, así como a posibilidade de tecer redes LGTBQIA+ son algunhas das necesidades detectadas.
4. **Favorecer a transición ecolóxica no marco do concello.** O cambio climático e a degradación do medio ambiente representan una ameaza a nivel mundial e, existe unha grande preocupación pola

sostibilidade a nivel municipal. Por iso, preténdese continuar a traballar nesta liña, avanzar no eido das intervencións medioambientais e crear un modelo de desenvolvemento máis sostible. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

- Leváronse a cabo sendas peonís mais cómpre seguir traballando ao redor dos problemas medioambientais e contra a acción do cambio climático.
- Aínda que hai unha escola ecoloxista e aula medioambiental, creada recentemente, non hai un espazo físico estable para esta. Ao igual que os recursos da biblioteca sobre ecoloxía son escasos e tamén se bota en falta un maior número de hortos urbanos en Teo a disposición da veciñanza.

5. **Garantir de acceso á vivenda. Actualmente, no noso municipio** existe unha grande dificultade de acceso á vivenda, falta de vivenda pública e alto custe de alugueiros ou vendas de fogares. Ademais, cóntase cun asentamento de infravivendas ou vivendas de bloque, nas que residen varias unidades de convivencia con persoas menores de idade en deficientes condicións de habitabilidade e vulnerabilidade. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:
   - A situación de infravivenda da zona do Carballal afecta a varias persoas menores de idade.
   - No municipio hai falta de vivenda e alto custe da mesma, tampouco hai vivenda pública.
   - Destácase a existencia de axudas relacionadas con vivenda.
6. **Promover unha maior vinculación da xente nova co territorio.** As especificidades do concello de Teo en canto á súa configuración xeográfica, urbana e social requiren solucións diversas para atender as necesidades dun territorio no que se conxugan áreas de gran condensación de poboación de creación recente con outras zonas rurais que abranguen gran parte da superficie do concello. Por un lado, destacouse a importancia e valor de contar cunha zona rural ampla que permite un maior contacto coa natureza, unha comunidade máis unida (da que se destacan aspectos como a seguridade ou a tranquilidade, entre outros) e a oportunidade de ter espazos de lecer ao aire libre. Por outro, tamén se fixeron constar as dificultades que estas mesmas zonas rurais supoñen para a infancia e a adolescencia na súa vida diaria, con grandes cantidades de desprazamentos en vehículos privados, uso frecuente do transporte público ou menor calidade dos servizos por estaren centralizados nas zonas máis urbanas. Así mesmo, as zonas urbanas descríbense como

áreas menos humanizadas con gran presenza de vehículos que dificultan a vida autónoma dos e das menores. Todo isto ten como unha das súas consecuencias o baixo grao de implicación co territorio por parte da poboación e que en numerosas ocasións o destino preferido sexa un núcleo próximo e atractivo socialmente como é Santiago de Compostela. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

- Existe unha grande desvinculación co territorio da infancia e da adolescencia debido, en parte, á dispersión xeográfica e territorial do concello. Isto vai da man das malas condicións das beirarrúas, marquesiñas e transporte público, escaso e deficitario, con horarios, paradas e hixiene mellorables, o que provoca falta de autonomía persoal e de seguridade a nivel de mobilidade e tamén dificulta a socialización das persoas menores de idade que viven fóra dos núcleos grandes.
- Ponse unha ollada na mellora do transporte público e en favorecer a mobilidade dentro do propio concello, que xa conta cunha rede peonil, diversas rutas ciclables e camiños escolares.

7. **Manter e crear actividades de ocio e espazos de lecer específicos para adolescentes.** Existe a necesidade por parte da mocidade do concello de contar con espazos de convivencia que permitan a interacción entre os e as menores e que lles proporcionen espazos de lecer compartidos e un maior número de actividades e recursos lúdicos específicos para adolescentes. Se ben se destaca a existencia de numerosos parques infantís no concello e outras instalacións deportivas e comunitarias como factores positivos, tamén se reclama unha maior preocupación en canto ao mantemento destas instalacións e a mellora dos equipamentos deportivos, sociais e culturais. Tamén se fai fincapé na falta de persoal, de competencia municipal, para a atención ás necesidades de lecer e na falta de coñecemento dos activos entre menores por non utilizar medios de difusión ou redes comunicativas adecuadas. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:
   - O concello conta con mapas de activos comunitarios, cunha ampla oferta cultural e deportiva de balde ou accesible, infraestruturas públicas para a sociedade (biblioteca, punto xove, banco de reciclaxe electrónica, etc.) e incrementou os servizos xuvenís (como a escola ecoloxista).
   - En relación co anterior, debemos ter en conta a incidencia das novas tecnoloxías na mocidade, que contan cunha dependencia dixital e de xogos virtuais cada vez maior, o que os desvincula e illa da sociedade. Neste senso, é necesaria a mellora dos

equipamentos deportivos, sociais e culturais, o aumento e creación de actividades e recursos lúdicos específicos e atractivos para adolescentes, así como o aumento de persoal para cubrir estas necesidades.

- A proximidade de Teo co concello de Santiago móstrase como unha oportunidade de acceso a unha ampla e variada oferta cultural e de ocio para infancia e adolescencia.

7. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

Chegado este punto, e tendo presentes as achegas que persoas menores de idade e adultas fixeron, fíxanse a seguir as actuacións mediante as que se pretenden facer efectivos os obxectivos relacionados anteriormente.

Obxectivo 1. Favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
1.1. Iniciar e realizar os trámites para a renovación do selo de Cidades Amigas da Infancia da UNICEF no concello de Teo e da coordinación interna do Plan Municipal da Infancia e a Adolescencia.	2023-2027	Grupo coordinador (dos trámites de renovación do CAI e de elaboración do PLIA).	1) Datas de creación do Grupo e de reunións. 2) Documentación requirida pola UNICEF para a obtención da renovación do selo de Cidades Amigas da Infancia.
1.2. Renovar a Mesa de Coordinación Interna, estrutura municipal de carácter político para a coordinación das políticas de infancia.	2023-2027	Concellarías do concello de Teo e Grupo coordinador.	1) Datas das reunións da Mesa de Coordinación Interna (mínimo dúas veces ao ano). 2) Número de participantes. 3) Avaliación do PLIA.
1.3. Renovar a Mesa Comunitaria (ou de Coordinación Externa) para a interlocución e traballo conxunto con outras administracións públicas, con ONGD ou outras entidades e persoas de interese, para a diagnose e articulación de accións en favor da infancia e a adolescencia.	2023-2027	Representantes da Mesa de Coordinación Interna, de asociacións locais, de diferentes entidades e ámbitos relacionados coa infancia e adolescencia, e Grupo coordinador.	1) Datas das reunións da Mesa Comunitaria ou Mesa de Coordinación Externa (mínimo dúas veces ao ano). 2) Número de participantes. 3) Avaliación do PLIA.
1.4. Renovar o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) como estrutura permanente de participación de persoas menores de idade, recoñecida polo concello de Teo.	2023-2027	Persoas menores de idade participantes, entre as que se atopan as persoas elixidas representantes nos centros de ensino.	1) Datas das reunións do FoPIA (mínimo tres veces ao ano). 2) Número de participantes.
1.5. Renovar o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) co obxectivo de facer o seguimento e colaborar na execución do Plan de Infancia e Adolescencia.	2023-2027	Representantes das diferentes áreas do goberno municipal, dos grupos políticos con representación municipal, das ANPAS, da asociación ARC Os Tilos, de profesionais de entidades públicas e privadas que desenvolven, no concello, actividades relacionadas	1) Datas das reunións do CLIA (mínimo dous plenos anuais). 2) Número de persoas participantes e número de entidades participantes. 3) Número de propostas tratadas.

		cos dereitos da infancia e a adolescencia e representantes do FoPIA.	
1.6. Actualizar o espazo creado na páxina web do concello de Teo (teo.gal) ao redor do Plan Municipal da Infancia e a a Adolescencia de Teo e do seu desenvolvemento.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Cuantificar e identificar a información ofrecida.
1.7. Promover asistencia a encontros con outras Cidades Amigas da Infancia para a troca de coñecementos e experiencias, tanto a nivel galego como estatal con grupos doutros municipios.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Número de encontros realizados. 2) Número de participantes en cada encontro.
1.8. Procurar fórmulas para facilitar a participación de persoas menores de idade non integradas no FoPIA de Teo para poderen exercer o seu dereito a seren escoitadas en relación aos asuntos municipais que lles concerniren (caixas de correo, foros, etc.).	2023-2027	Grupo Coordinador, Mesa de Coordinación Interna e FoPIA.	1) Identificación e cuantificación das fórmulas utilizadas. 2) Número de persoas usuarias. 3) Número de propostas ou consultas.
1.9. Facilitar a incorporación de persoas menores de idade na organización e desenvolvemento das actividades comunitarias realizadas en Teo.	2023-2027	Grupo Coordinador e FoPIA.	1) Número de actividades comunitarias nas que colaboran persoas menores de idade. 2) Número de persoas participantes.
1.10. Consultar o FoPIA, a través do CLIA, acerca da programación de actividades infantís e xuvenís que foren ser postas en marcha nas diferentes áreas municipais.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Número de consultas realizadas.
1.11. Manter o concello de Teo nas redes e iniciativas que agrupen a nivel autonómico, estatal e internacional os municipios máis comprometidos cos dereitos da infancia e da adolescencia no ámbito municipal.	2023-2027	Grupo Coordinador e Mesa de Coordinación Interna.	1) Número de redes e iniciativas coas que colabora o concello de Teo.
1.12. Realizar obradoiros formativos sobre o programa Cidades Amigas da Infancia da UNICEF e sobre participación cidadá.	2023-2027	Grupo Coordinador, IES de Cacheiras, CEIP dos Tilos, CEIP da Ramallosa, CEIP de Calo, ARC Os Tilos e ANPAs.	1) Número de obradoiros realizados. 2) Número de persoas participantes.
1.13. Instituír e celebrar con carácter oficial o Día Internacional da Infancia co obxectivo de dar a coñecer e promover o respecto dos	2023-2027	Pleno da corporación municipal e FoPIA.	1) Acordo do pleno. 2) Número de actividades realizadas. 3) Orzamento executado.

Dereitos da Infancia.			4) Número de persoas participantes.
1.14. Trasladar ás concellarías correspondentes a información recollida polo CLIA e/ou o FoPIA sobre as cuestións que lle preocupan á mocidade do concello.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Número de comunicacións realizadas.

Obxectivo 2. Racionalizar a planificación das estruturas educativas.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
2.1.Elaborar un mapa escolar municipal.	2023-2027	Concellaría de Educación, Centros de Ensino e ANPAs.	1) Data da publicación do mapa escolar municipal.
2.2. Colaborar coa Consellería de Educación na planificación educativa.	2023-2027	Concellaría de Educación.	1) Número de contactos ou reunións realizadas coa administración competente.
2.3. Impulsar o funcionamento do Consello Escolar municipal.	2023-2027	Concellaría de Educación, Centros de Ensino e ANPAs.	1) Número de reunións do Consello Escolar. 2) Número de persoas participantes.

Obxectivo 3. Fortalecer unha rede comunitaria que actúe como factor de prevención da saúde mental na infancia e adolescencia.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
3.1. Aumentar a capacitación das familias no estilo de parentalidade positiva.	2023-2027	Concellaría de Benestar.	1) Número de obradoiros realizados. 2) Número de persoas/familias participantes. 3) Orzamento executado.
3.2. Seguir reducindo a precariedade económica das familias e propiciar xornadas laborais que permitan unha mellor atención á infancia e adolescencia.	2023-2027	Concellaría de Benestar, Concellaría de Emprego, Fundación contra el hambre, Plan de Inclusión Social e Entidades do terceiro sector (FEAFES, COGAMI, etc.)	1) Número de persoas/familias beneficiadas das axudas, servizos e programas. 2) Número de persoas menores de idade beneficiadas. 3) Orzamento executado.
3.3. Manter e mellorar os servizos de conciliación.	2023-2027	Concellaría de Benestar e ARC Os Tilos.	1) Número de persoas/familias beneficiadas das axudas, servizos e programas. 2) Número de persoas menores de idade beneficiadas. 3) Orzamento executado.

3.4. Ofrecer novos recursos a adolescentes e familias.	2023-2027	Concellaría de Benestar e Concellaría de Igualdade.	1) Número de accións realizadas. 2) Número de persoas participantes. 3) Número de persoas menores de idade participantes. 4) Orzamento executado.
3.5. Tecer redes con entidades e colectivos LGTBQIA+.	2023-2027	Concellaría de Benestar e Concellaría de Igualdade.	1) Número de entidades coas que se colabora.

Obxectivo 4. Favorecer a transición ecolóxica no marco do concello.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
4.1. Manter o labor de comunicación e intermediación con administracións públicas con competencias de interese para o concello de Teo (como as relacionadas co transporte público, estradas, etc).	2023-2027	Concellarías do concello de Teo.	1) Número de contactos ou reunións realizadas coa administración competente.
4.2. Desenvolver actividades que promovan o respecto polo medio ambiente e a regra dos 3 R: Reducir, Reutilizar e Reciclar.	2023-2027	Concellaría de Mocidade, Concellaría de Educación, Concellaría de Mobilidade, Concellaría de Urbanismo, Concellaría de Benestar e Consello Climático Xuvenil.	1) Número de actividades realizadas. 2) Número de actividades realizadas en colaboración con outras entidades. 3) Número de persoas participantes. 4) Orzamento executado.
4.3. Manter a escola ecoloxista.	2023-2027	Concellaría de Mocidade, Concellaría de Educación, Concellaría de Mobilidade e Concellaría de Cultura.	1) Número de actividades realizadas. 2) Número de persoas participantes. 3) Orzamento executado.
4.4. Continuar co traballo de acondicionamento de sendas peonís e ciclistas.	2023-2027	Concellería de Mobilidade e Concellaría de Urbanismo.	1) Relación do número de sendas existentes previamente e sendas novas. 2) Orzamento executado.
4.5. Conseguir un carril-bici na estrada AC-841.	2023-2027	Concellería de Mobilidade e Concellaría de Urbanismo.	1) Número de contactos ou reunións realizadas coa administración competente.
4.6. Fomentar a participación no Consello Climático Xuvenil.	2023-2027	Concellaría de Mocidade, Concellaría de Educación e Consello Climático Xuvenil.	1) Número de actividades realizadas. 2) Número de persoas participantes.

Obxectivo 5. Garantir o acceso á vivenda.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
5.1. Manter o programa Fogares.	2023-2027	Concellaría de Benestar e Provivenda.	1) Número de persoas/familias beneficiadas. 2) Número de persoas menores de idade beneficiadas.
5.2. Explorar vías de negociación con outras administracións para a promoción de vivenda pública.	2023-2027	Concellaría de Benestar e Concellaría de Urbanismo.	1) Número de contactos ou reunións realizadas coa administración competente.

Obxectivo 6. Promover unha maior vinculación da xente nova co territorio.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
6.1. Incorporar no Programa da Infancia e da Adolescencia (PIA) novas actividades pedagóxicas, culturais e de tempo libre, actividades relacionadas coa riqueza natural e cultural do concello de Teo así como coa lingua galega, fomentando a súa valoración e conservación.	2023-2027	Concellaría de Educación, Concellaría de Cultura, Concellaría de Turismo e Normalización lingüística.	1) Número de actividades realizadas. 2) Número de persoas participantes. 3) Orzamento executado.
6.2. Promover a creación de espazos de lecer e de sendas que fomenten o coñecemento da natureza e do patrimonio do concello de Teo.	2023-2027	Concellaría de Mobilidade, Concellaría de Infraestruturas e Concellaría de Urbanismo.	1) Número de accións realizadas. 2) Número de contactos ou reunións realizadas coa administración competente. 3) Orzamento executado.
6.3. Deseñar, executar ou apoiar novas accións específicas ao redor da historia e do patrimonio inmaterial do concello de Teo.	2023-2027	Concellaría de Cultura e Concellaría de Turismo.	1) Número de accións realizadas. 2) Número de persoas participantes.
6.4. Promover que nos centros de ensino se desenvolvan novas actividades ao redor da xeografía e a historia do concello de Teo.	2023-2027	Concellaría de Cultura, Concellaría de Turismo, Concellaría de Educación, Centros de ensino e ANPAs.	1) Número de accións realizadas. 2) Número de persoas participantes.
6.5. Dar continuidade á elaboración dun Programa Infantil e Adolescente (PIA) de actividades pedagóxicas, culturais e de tempo libre.	2023-2027	Concellaría de Educación, Concellaría de Cultura e Concellaría de Turismo.	1) Número de actividades realizadas. 2) Número de persoas participantes.

Obxectivo 7. Manter e crear actividades de ocio e espazos de lecer específicos para adolescentes.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
7.1. Programar cursos e outras actividades deportivas no concello de Teo para persoas menores de idade.	2023-2027	Concellaría de Benestar, Concellaría de Deporte e FoPIA.	1) Número de actividades realizadas. 2) Número de contactos ou reunións realizadas coa administración competente. 3) Orzamento executado.
7.2. Promover a creación de espazos de convivencia adaptados ás necesidades da infancia e da adolescencia (novos parques, espazos de lecer, etc.).	2023-2027	Concellaría de Urbanismo, Concellaría de Cultura e ConLecerTeo.	1) Número propostas presentadas. 2) Número de propostas aceptadas.
7.3. Elaborar unha nova guía de recursos, prestacións e servizos para a infancia e a adolescencia.	2023-2027	Concellaría de Mocidade e Concellaría de Benestar.	1) Data de publicación da guía de recursos, prestacións e servizos.

8. EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

Corresponde ao concello de Teo o impulso e a execución das accións incluídas neste Plan, o seu seguimento e avaliación, involucrando no seu desenvolvemento as institucións públicas e privadas que traballen coa infancia e a adolescencia no noso ámbito territorial.

Ao Grupo Coordinador do Plan da Infancia e da Adolescencia, integrado por responsables políticos e profesionais, correspóndelle promover a execución e desenvolver o adecuado seguimento das accións contidas neste Plan para comprobar que se están a realizar de acordo co previsto e, no seu caso, tomar as medidas necesarias para corrixir os desfasamentos que se vaian producindo.

Ao Consello Local da Infancia e da Adolescencia (CLIA) ao cal se fai referencia neste Plan e que tivo o seu primeiro pleno o 24 de febreiro de 2018, remitirase un informe anual de evolución e execución deste Plan da Infancia e a Adolescencia para que realice con respecto ao mesmo as funcións encomendadas de seguimento e proposta. Ademais, o CLIA velará para que se favoreza a máis ampla participación posible das persoas e institucións que traballan coa infancia e a adolescencia en Teo e, en especial, das propias persoas menores de idade, na execución, seguimento e avaliación do Plan.

9. INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PLAN

Obxectivo	Resultado	Actividades	Recursos	Concellaría/ Organismo responsable da actividade	Indicadores	Línea de base	Meta	Valor ano 2 (intermedia)	Final valor ano 4 (final)
1. Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia.	1.1. Iniciar e realizar os trámites para a renovación do selo de Cidades Amigas da Infancia da UNICEF no concello de Teo e da coordinación interna do Plan Municipal da Infancia e a Adolescencia.	1.1.1. Recoller e analizar a documentación precisa e conformar o equipo de traballo.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.	Concellaría de Benestar.	1) Entrega en tempo da documentación requirida pola UNICEF. 2) Obtención da renovación do selo de Cidades Amigas da Infancia.	O concello de Teo recibiu o recoñecemento Cidade Amiga da Infancia outorgada pola Unicef no ano 2018.	Consecución do selo de Cidade Amiga da Infancia e cumprimento do establecido no Plan de Infancia.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
		1.1.2. Asistir a reunións específicas sobre o programa CAI e organizar reunións internas relacionadas.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.	Concellaría de Benestar.					
	1.2. Renovar a Mesa de Coordinación Interna, estrutura municipal de carácter político para a coordinación das políticas de infancia.	1.2.1. Convocar periodicamente a Mesa de Coordinación Interna.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo.	Concellaría de Benestar.	Nº de reunións realizadas anualmente e nº de persoas participantes.	Desde 2018 existe unha mesa de coordinación interna.	Coordinación das accións e actividades de todas as concellarías relacionadas coa infancia e a adolescencia.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
		1.2.2. Seguimento da execución do PLIA.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo.	Concellaría de Benestar e Mesa de Coordinación Interna.	Avaliación do PLIA.	PLIA 2018-2021.	Garantir o cumprimento do PLIA xunto coa Mesa Comunitaria.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
	1.3. Renovar a Mesa Comunitaria (ou de Coordinación Externa) para a interlocución e traballo conxunto con outras administracións públicas, con ONGD ou outras entidades e persoas de interese, para a diagnose e articulación de accións en favor da infancia e a adolescencia.	1.3.1. Convocar periodicamente a Mesa Comunitaria.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo.	Concellaría de Benestar.	Nº de reunións realizadas anualmente e nº de persoas participantes.	Desde 2018 existe unha mesa de coordinación externa.	Consolidación da análise e coordinación participativa das accións e actividades relacionadas coa infancia e a adolescencia a nivel municipal.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
		1.2.2. Seguimento da execución do PLIA.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais	Concellaría de Benestar e Mesa Comunitaria.	Avaliación do PLIA.	PLIA 2018-2021.	Garantir o cumprimento do PLIA xunto coa Mesa de Coordinación Interna.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.

			Comunitarios do concello de Teo.						
	1.4. Renovar o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) como estrutura permanente de participación de persoas menores de idade, recoñecida polo concello de Teo.	1.4.1. Facilitar a convocatoria periódica das reunións do FoPIA.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo.	Concellaría de Benestar e FoPIA.	Nº de reunións realizadas anualmente e nº de persoas participantes.	Desde 2018 existe o FoPIA.	Consolidación da canle de participación da infancia e a adolescencia.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
	1.5. Renovar o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) co obxectivo de facer o seguimento e colaborar na execución do Plan de Infancia e Adolescencia.	1.5.1. Facilitar a convocatoria periódica das reunións do CLIA.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo.	Concellaría de Benestar e CLIA.	Nº de reunións realizadas anualmente, nº de persoas e entidades participantes e nº de propostas tratadas.	Desde 2018 existe o CLIA.	Consolidación do traballo a favor dos dereitos da infancia e a adolescencia por medio do traballo conxunto entre administración local e axentes implicados.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
	1.6. Actualizar o espazo creado na páxina web do concello de Teo (teo.gal) ao redor do Plan Municipal da Infancia e a a Adolescencia de Teo e do seu desenvolvemento.	1.6.1. Manter e actualizar do espazo web.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e xefa de prensa do concello de Teo.	Concellaría de Benestar.	Nº de publicacións realizadas ao longo de cada ano.	Existe un espazo creado na páxina web do concello de Teo (teo.gal) ao redor do Plan Municipal da Infancia e a a Adolescencia de Teo.	Converterse no referente informativo sobre as actividades tanto do CLIA como do FoPIA ou doutras iniciativas a favor dos dereitos da infancia e a adolescencia.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
	1.7. Promover asistencia a encontros con outras Cidades Amigas da Infancia para a troca de coñecementos e experiencias, tanto a nivel galego como estatal con grupos doutros municipios.	1.7.1 Promover o intercambio de coñecementos e experiencias con outras Cidades Amigas da Infancia.	Orzamento: 1.000 euros. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.	Concellaría de Benestar.	Datas de asistencia a encontros con outras Cidades Amigas da Infancia.	Asistencia e participación en diversos encontros.	Compartir experiencias e coñecementos con outras Cidades Amigas da Infancia e establecer redes de posibles colaboracións.	2.000 euros.	4.000 euros.
		1.7.2 Continuar apostando pola participación do CLIA tanto a nivel galego, (CAIA) como estatal (CEPIA).	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.	Concellaría de Benestar.	Datas de reunións e actas das decisións acordadas para a organización de xuntanzas con outros municipios.	Asistencia e participación previa ao CAIA e CEPIA.	Afianzar a colaboración entre as Cidades Amigas da Infancia.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
		1.7.3. Seguir colaborando coas iniciativas de UNICEF, tanto a nivel galego como estatal, naquelas actividades que reporten motivación e aprendizaxe ao FoPIA.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.	Concellaría de Benestar.	Número de actividades nas que se participa.	Participación en diversas actividades e iniciativas de UNICEF.	Compartir experiencias, coñecementos e aprendizaxes con UNICEF.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
	1.8. Procurar fórmulas para facilitar a participación de persoas menores de idade non integradas no FoPIA de Teo para poderen exercer o seu dereito a	1.8.1 Facilitar a participación dos e das menores non integradas no FoPIA.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais	Concellaría de Benestar.	Índices de participación recollidos a partir dos diferentes recursos facilitados..	Actividades de participación desenvolvidas nos centros de ensino do concello.	Aumento da participación dos e das menores non integradas no FoPIA.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.

	seren escoitadas en relación aos asuntos municipais que lles concerniren (caixas de correo, foros, etc.).		Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.						
		1.8.2 Deseñar campañas divulgativas coas que difundir as actividades do FoPIA.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.	Concellaría de Benestar, Mesa de Coordinación Interna e FoPIA.	Índices de participación recollidos a partir dos diferentes recursos facilitados.	Existe difusión nas redes, novas en medios de difusión local das actividades do FoPIA e tamén divulgación física en eventos.	Aumento da participación dos e das menores non integradas no FoPIA.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
	1.9. Facilitar a incorporación de persoas menores de idade na organización e desenvolvemento das actividades comunitarias realizadas en Teo.	1.9.1. Consolidar as canles de participación existentes.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e Concelleiro de Benestar.	Concellaría de Benestar e Mesa de Coordinación Interna.	Índices de participación nos diferentes órganos e actividades programadas ao longo do tempo.	FoPIA e CLIA.	Incremento da participación dos e das menores nas actividades e facilitar a asunción de papeis activos.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
		1.9.2. Pór en práctica a participación en novos ámbitos que traballen na garantía dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo.	Concellarías do concello de Teo, asociacións e organizacións diversas.	Incremento da participación en asociacións e organizacións nas que non tiñan participado con anterioridade.	FoPIA.	Incremento da participación dos e das menores nas actividades e facilitar a asunción de papeis activos.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
		1.9.3. Dotar as e os menores do necesario para a organización e desenvolvemento das actividades.	Orzamento: Recursos internos do concello. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo e FoPIA.	Concellarías do concello de Teo.	Número de actividades organizadas e desenvolvidas por menores.	Múltiples actividades e campañas organizadas por menores desde o FoPIA.	Incremento da participación dos e das menores nas actividades e facilitar a asunción de papeis activos.	Recursos internos do concello.	Recursos internos do concello.
		1.9.4. Desprazamento para asistir ás actividades de mocidade e ao FoPIA, baixo demanda.	Orzamento: 1.000 euros. Persoal: Técnica de Servizos Sociais Comunitarios do concello de Teo.	Concellaría de Mocidade.	Número de persoas menores de idades que utilizan este servizo.	Hai diversas persoas menores de idade que se benefician deste servizo.	Facilitar a mobilidade á rapazada que queira participar das actividades do municipio.	2.000 euros.	4.000 euros.
1º suplente de 2ª vogal: D. Ivan Martínez Sequedo

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Fátima Viaño montaña

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: A

Presidenta: D.ª Mónica Balado Mosquera

1ª vogal: D.ª María Julia Rodríguez Blanco

2ª vogal: D.ª Lúa Calo Botana

1ª suplente de presidenta: D.ª Carmen Rodríguez Quevedo

2º suplente de presidenta: D. Alberto Vilela Castro

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª María Teresa Castelao Botana

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Inés Carro Mosquera

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Palmira Martínez Atán

2º suplente de 2ª vogal: D. Ramón Miguens Ces

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: B

Presidenta: D.ª Iris Pardal Ferreira

1ª vogal: D.ª Ana Carolina Labrador Suárez

2ª vogal: D.ª Ariana Álvarez Fernández

1º suplente de presidenta: D. José Ricardo Ventosa Sixto

2º suplente de presidenta: D. Manuel Castro Graña

1º suplente de 1ª vogal: D. Pedro Manuel Pardo Sánchez

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª María García Rodríguez

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª María Eugenia Antonio Montes

2º suplente de 2ª vogal: D. Santiago Maximino Rodríguez Casabiell

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidente: D. José Ramón Montes Vaamonde

1ª vogal: D.ª Alba Besada Estévez

2ª vogal: D.ª Alba Mota Prieto

1º suplente de presidente: D. Fernando Golmar Serto

2º suplente de presidente: D. Alberto Gómez Vilas

1º suplente de 1ª vogal: D. Carlos Guerra Barral

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Margarita Crego Buela

1º suplente de 2ª vogal: D. Alejandro Viño Loureiro

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª M. Dolores Gómez Romero

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª María Vázquez Rey

1ª vogal: D.ª Lucía Rivadulla Salgueiro

2º vogal: D. José Ramón García González

1ª suplente de presidenta: D.ª Rosa María Durán Andújar

2ª suplente de presidenta: D.ª Noelia Castaño Gosende

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª María Carmen Rilo Mera

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Sandra Cimadevila Duro

1º suplente de 2º vogal: D. Adrián Carbia Villaverde

2º suplente de 2º vogal: D. Manuel Ildefonso Jos. Gradín Carreño

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 001 MESA: U

Presidenta: D.ª María Barros Carrera

1º vogal: D. Gonzalo Louro Barros

2ª vogal: D.ª Laura Puga Guerra

1ª suplente de presidenta: D.ª Noelia Campos Fuentes

2º suplente de presidenta: D. Gabor Pazos Oltai

1º suplente de 1º vogal: D. Noé Ameijeiras Maffeo

2º suplente de 1º vogal: D. Antonio Asorey Cacheda

1º suplente de 2ª vogal: D. Juan Manuel García Barros

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Patricia Suárez Iglesias

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidente: D. Manuel Formoso Estrada

1º vogal: D. Diego González López

2ª vogal: D.ª María Rey Rey

1º suplente de presidente: D. Jordi Soláns Oste

2ª suplente de presidente: D.ª Rocío Botana Iglesias

1º suplente de 1º vogal: D. José Manuel Tojeiro Rego

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Claudia Lareo Dopico

1º suplente de 2ª vogal: D. Víctor Amaro Rey

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª María Luisa Valbuena López

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidente: D. Fernando Asperilla Pinilla

1ª vogal: D.ª Laura Tejo Fernández

2º vogal: D. Daniel Vázquez Amado

1º suplente de presidente: D. Jorge Tomé Dubra

2º suplente de presidente: D. Francisco Javier Fernánez-Sanjuas García

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª María Inmaculada Sánchez Novo

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Ana María Hurtado de Jesús

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Vanesa Taboada García

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Tamara Magariños Barcala

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2023.09.20 08:37:32 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

A alcaldesa

LUCIA CALVO DE LA UZ - 44427203N

Firmado digitalmente por LUCIA CALVO DE LA UZ - 44427203N
Fecha: 2023.09.20 09:17:11 +02'00'

Lucía Calvo de la Uz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 11/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 30 DE XUÑO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a trinta de xuño de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcaldesa:

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D. Rogelio Gómez Fernández

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª María Vázquez Rey

D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos

D. Ángel Barreiro Rodríguez

D. Pablo Salgueiro Rodríguez

D.ª Montserrat Regueiro Cebey

D. Eloy Devesa Puente

D.ª Noelia Castaño Gosende

D. Oscar Antonio Pérez García

D.ª María López Álvarez

D. Alberto Rivadulla Salgueiro

Non asiste, previa escusa:

D.ª Mayte Argibay da Silva

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS E DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS NAS/OS CONCELLEIRAS/OS

4.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E PORTAVOCES

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS

6.- PROPOSTA ALCALDÍA DE ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA XUNTA DE PORTAVOCES

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, a sra. alcaldesa, sendo as nove horas e trinta e tres minutos, declara público e aberto o acto.

A sra. alcaldesa desculpa a ausencia da concelleira do PSdeG-PSOE, D.ª Mayte Argibay da Silva, por razóns laborais, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS E DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (res. 783/2023), sobre constitución e composición da Xunta de goberno Local, que se reproduce a continuación:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2023/G003/000812

ASUNTO: CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Unha vez celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio e constituído o novo Concello, o 17 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da organización municipal, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, no exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) recoñece aos municipios.

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 9 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 20.1.b) e 23 da citada Lei, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais lexislación complementaria, no Municipio de Teo é obrigatoria a constitución da Xunta de Goberno Local por ter unha poboación superior a 5.000 habitantes, e estará integrada polo persoa titular da Alcaldía e un número de concelleiras/os non superior ao terzo do número legal das/os que compoñen a Corporación.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 5.3, 6, 7 e 10 do ROM, artigos 21.3 e 23.2.b) da LRBRL, artigos 43 e 44 do R.D 2568/1986, doe 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a persoa titular da Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións coas limitacións establecidas nos artigos citados.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En virtude do exposto e no uso das atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro. Constituír a Xunta de Goberno Local do Concello de Teo, que estará integrada por esta alcaldesa e cinco concelleiras/os.

Segundo.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local as/os seguintes concelleiras/os:

D. JOSÉ MANUEL GUERRA CALVELO

D. ROGELIO LEMA MOUGÁN

D.ª MARÍA MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ

D.ª MARÍA VÁZQUEZ REY

D. ÁNGEL BARREIRO RODRÍGUEZ

Terceiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes atribucións da Alcaldía:

1.- Os contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado non supere o 10 por cen dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, reservándose a Alcaldía a facultade de contratar cando nas mesmas condicións o valor estimado non supere os 300.000 euros.

2.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos candos sexa competente para a súa contratación e estean previstos nos orzamentos.

3.- A concesión e caducidade de licenzas urbanísticas, e a aprobación das liquidacións tributarias correspondentes.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4.- Autorizacións de ocupación de dominio público municipal, reservándose a Alcaldía a competencia para o outorgamento das licenzas de utilización das vías públicas mediante a entrada de vehículos a través beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

5.- A concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva e distribución de cantidades con cargo ás partidas que figuren no orzamento.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o vindeiro venres 7 de xullo de 2023, ás trece horas, de acordo co disposto no artigo 112 do ROF.

A periodicidade das súas sesións ordinarias, de acordo co establecido no artigo 11.1 do Regulamento orgánico municipal, será o primeiro e terceiro luns da cada mes ás 14 horas, (ás 13 cando exista horario reducido), e extraordinaria e urxente cando sexan convocadas pola persoa titular da Alcaldía ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.
A estes efectos entenderase que a referencia ao primeiro e terceiro luns, deben ser hábiles, se o luns cadrase festivo trasladarase ao seguinte día hábil.

Quinto.- O presente Decreto surtirá efecto dende o día da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal, na Sede electrónica e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar persoalmente aos membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Sexto.- Dar traslado do presente a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, dándose conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais."

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (res. 784/2023), sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde, que se reproduce a continuación:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE
EXPEDIENTE: 2023/G003/000813

Unha vez celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio e constituído o novo Concello, o día 17 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da organización municipal, en particular polo que se refire á designación dos Tenentes de alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 4 e 8 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 46 do R. D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o nomeamento dos Tenentes de alcalde é competencia desta Alcaldía.

Considerando que, de acordo cos artigos 8 ROM, 23 LRBRL e 46 do ROF, o nomeamento dos Tenentes de alcalde debe facerse entre os membros da Xunta de Goberno Local e visto o Decreto de 27/06/2023 (res 783/2023), onde se nomean os membros do citado órgano.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a normativa citada,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como primeiro Tenente de alcalde a D. Rogelio Lema Mougán, membro da Xunta de Goberno Local.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Segundo.- Nomear como segundo Tenente de alcalde a D. José Manuel Guerra Calvelo, membro da Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Nomear como terceiro Tenente de alcalde a D. Ángel Barreiro Rodríguez, membro da Xunta de Goberno Local.

Cuarto.- Nomear como cuarta Tenente de alcalde a D.ª Mª Margarita Rosende Domínguez, membro da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Corresponde aos Tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, á alcaldesa, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a esta para o exercicio das súas atribucións.

Sexto.- O presente Decreto surtirá efecto dende o día da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal, na Sede electrónica e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar persoalmente ás persoas designadas, facéndolles constar que terán que manter informada á Alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcaldesa/alcalde accidental, non podendo no citado exercicio nin modificar as delegacións xa efectuadas pola Alcaldía con anterioridade nin outorgar outras novas.

Sétimo.- Dar traslado do presente a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, dándose conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais."

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS NAS/OS CONCELLEIRAS/OS.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (res. 786/2023), sobre delegación nas/os concelleiras/os, que se reproduce a continuación:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN EN CONCELLEIRAS/OS

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000814

Visto o réxime xurídico das delegacións que a persoa titular da Alcaldía pode realizar en favor das/os concelleiras/os, de acordo co establecido nos artigos 6, 7 e 16 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 43 e ss do R.D 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais lexislación complementaria.

En virtude do exposto e no uso das atribucións conferidas polo normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar nas/os concelleiras/os que se relacionan a continuación, as atribucións que igualmente se indican, sen facultades resolutorias:

1.- D. JOSÉ MANUEL GUERRA CALVELO, concelleiro delegado de Obras e Infraestruturas.
En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

2.- D. ROGELIO LEMA MOUGÁN, concelleiro delegado de Medio Ambiente rural e urbano, Seguridade cidadá e Benestar animal.
En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

3.- D. ROGELIO GÓMEZ FERNÁNDEZ, concelleiro delegado de Deportes e Xuventude.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4.- D.ª Mª MARGARITA ROSENDE DOMÍNGUEZ, concelleira delegada de Cultura, Turismo, Festas tradicionais e Festexos.

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

5.- D.ª Mª TERESA CASTRO FRAMIL, concelleira delegada de Transportes e Mobilidade.

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

6.- D.ª MARÍA VÁZQUEZ REY, concelleira delegada de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade.

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

7.- D. JUAN JESÚS CERQUEIRO PINTOS, concelleiro delegado de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

8.- D. ÁNGEL BARREIRO RODRÍGUEZ, concelleiro delegado de Desenvolvemento industrial e Economía local.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo.- A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas na presente Resolución, sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Terceiro.- O presente Decreto surtirá efecto dende o día da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal, na Sede electrónica e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar persoalmente aos destinatarios da delegación, aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da mesma, a súa aceptación por parte da/o delegada/o, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Cuarto.- Dar traslado do presente a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, dándose conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais."

4.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E PORTAVOCES.

Dáse conta da constitución de grupos políticos municipais e portavoces, segundo o documento incorporado no expediente, do 23 de xuño de 2023, que se reproduce a continuación.

"ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E PORTAVOCES

De acordo co previsto no artigo 73.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 38 e ss do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 74 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigos 23 e ss.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, constituíronse os grupos políticos que se detallan a continuación, mediante escrito dirixido á Presidencia e subscrito por todos os seus integrantes, coa designación dos correspondentes portavoces e, no seu caso, suplentes.

1.- <u>PARTIDO POPULAR</u> (rex. entrada nº 3069 do 23/06/2023)

D.ª Lucía Calvo de la Uz
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Rogelio Lema Mougán
D. Rogelio Gómez Fernández
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª María Vázquez Rey
D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos
D. Ángel Barreiro Rodríguez

<u>Portavoz</u>:
D. Rogelio Lema Mougán
<u>Suplente:</u>
D. Ángel Barreiro Rodríguez

2.- <u>PSdeG-PSOE</u> (rex. entrada nº 3049 do 22/06/2023)

D.ª Mayte Argibay Slilva
D. Pablo Salgueiro Rodríguez
D.ª Montserrat Regueiro Cebey

<u>Portavoz</u>:
D.ª Mayte Argibay Silva
<u>Suplente:</u>
D.ª Montserrat Regueiro Cebey

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- <u>BNG</u> (rex. entrada nº 2907do 19/06/2023)

D. Eloy Devesa Puente

D.ª Noelia Castaño Gosende

D. Óscar Antonio Pérez García

<u>Portavoz</u>:

D. Eloy Devesa Puente

<u>Suplentes</u>:

D.ª Noelia Castaño Gosende

D. Óscar Antonio Pérez García

4.- <u>PXC</u> (rex. entrada nº 3048 do 22/06/2023)

D.ª María López Álvarez

D. Alberto Rivadulla Salgueiro

<u>Portavoz</u>:

Dª María López Álvarez

<u>Suplente:</u>

Dª Alberto Rivadulla Salgueiro

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 27 de xuño de 2023, que se recolle a continuación.

"<u>PROPOSTA DA ALCALDÍA</u>

Segundo establece o apartado 3 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Así mesmo, o apartado 4 do artigo mencionado sinala que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo.

Considerando que, segundo o disposto no artigo 75.5 da LBRL, as Corporacións locais consignarán nos seus Orzamentos as indemnizacións e asistencias ás que se fixo referencia nos parágrafos anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso.

Ao abeiro da normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e os concelleiros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións e reunións dos órganos colexiados dos que formen parte, os seguintes importes:

- Sesións plenarias: 148,35 euros
- Sesións da Xunta de Goberno Local: 92 euros
- Sesións das Comisións Informativas: 73,60 euros, co límite de dúas asistencias ao día por concelleiro/a
- Sesións da Xunta de Portavoces: 67,85 euros
- Reunións de outros órganos colexiados: 67,85 euros

SEGUNDO.- Establecer o seguinte réxime respecto das indemnizacións por aloxamento, manutención, e gastos de viaxe:

1. - Indemnizacións por aloxamento e manutención.

Os membros da Corporación percibirán, se é o caso, as axudas correspondentes ao Grupo 1º do Anexo II, do R.D. 462/2002 do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo. De conformidade co artigo 10 do Real Decreto anterior no caso das dietas a percibir por aloxamento, de non se aplicar o sistema de concerto, o importe a percibir será o realmente gastado e xustificado, sen que a súa contía poida exceder da especificada no Real Decreto citado.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.- Indemnizacións por gastos de viaxe.

Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que teñan que realizar como consecuencia do exercicio do cargo, sendo aplicable neste caso o previsto no artigo 17 do Real Decreto 462/2002. Respecto ao uso do vehículo particular terase en conta o previsto no artigo 18 do Real Decreto 462/2002 e o acordado en Orde do ministerio de Economía e Facenda 3770/2005 da 1 de decembro pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/02.

TERCEIRO.- Publicar integramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios, e na páxina web municipal.

Teo, na data da sinatura dixital
A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz "

A sra. alcaldesa explica que son as mesmas contías establecidas no ano 2019, cun incremento dun 15%, debido á situación do IPC e demais, de forma que, tratándose das sesións plenarias se pasa de 129 € a 148,35 €, nas sesións da Xunta de Goberno de 80 € a 92 €, nas sesións das Comisións Informativas se pasa de 64 € a 76,60 €, e tratándose da xunta de portavoces e outros órganos colexiados se pasa de 59 € a 67,85 €.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que, máis alá do punto concreto relativo ás asistencias, todos os puntos seguintes baséanse nun informe de intervención onde se di que para conseguir estes 122.000 € que se están repartindo hai un detrimento nalgunhas partidas. Sinala que hai algunhas partidas que considera moi graves, ben é certo que non do punto número 5, que afecta á 912/9003000, e habería crédito aínda, pero máis alá disto pensa que o que hai que aclarar neste Pleno é que non entende que o mantra é que non hai cartos e esta semana viuse que se cancelan actividades porque non hai cartos, porén hai un movemento de partidas para dotar os salarios a maiores en 122.000 €. Considera a sra. López que hai unha contradición que tería que aclararse e pregunta que pasou con

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

eses cartos dende o 16 de xuño. Insiste a sra. López que, aínda que esta partida non é afectada, necesita que se aclare esta contradición.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen sinala que dende o seu grupo o que lles sorprende é que se se está a falar de contías para actividade política, de feito nos anteriores plenos de constitución, mesmo no 2019, o sr. Guerra sempre falaba de "*repartirse o pastel*", e neste caso o pastel repartiuno todo o equipo de goberno. Sinala que iso está moi ben, pero tampouco reflexa o resultado electoral da cidadanía, porque é certo que o PP ten nove concelleiros, pero tamén é certo que en número de votos o BNG ten unha representación máis ou menos porcentual se se suma toda a oposición. Considera o sr. Devesa que a cantidade de cartos para a actividade política debería de ser maior. Explica que, ademais diso, se incrementan un montón de partidas, sobre todo nos seguintes puntos de soldos, e no día de hoxe houbo unha nova do Correo Galego no que se di que a oposición debería de estar contenta porque lle soben un 15% á asignación dos grupos políticos, que xa era moi significativa. Considera o sr. Devesa que a política ten que estar dignificada tanto para o PP, que ten un soldo considerable, como para a oposición, para que poida facer a súa actividade política.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Regueiro, di que non ten nada que comentar.

A sra. alcaldesa sinala que o sr. Devesa falou de "repartirse o pastel" salientando que isto non vai de repartir ningún pastel, que non sabe a que se está referindo, e pídelle que despois llo aclare mellor. Sinala que a subida, no caso das asistencias, é dun 15%, e no caso das dedicacións dun 10%, axustándose escrupulosamente o tema das asistencias á lei e ao ROM. Sinala que efectivamente o grupo de goberno ten maioría absoluta, e iso non quere dicir que o resto dos grupos non vaian ter asistencias, xa que as van a ter para as Comisións informativas e os Plenos, que é o que marca a lei. Dirixíndose ao sr. Devesa, a sra. alcaldesa pregúntalle se quería unha subida porcentual máis grande por asistencia. A sra. alcaldesa di que, ao igual que o sr. Devesa, entende que os políticos deben de ter soldos dignificados, sobre todo dende o punto de vista de que tanto ela coma o equipo van a estar 24 horas sete días á semana atendendo ao público, que é para o que lles pagan, engadindo que non puido subir máis a porcentaxe con respecto ás asistencias a órganos colexiados porque a situación

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

tampouco é que sexa boiante. Sinala que, en todo caso, terá en conta o que sinala o sr. Devesa para futuros orzamentos.

Explica a sra. alcaldesa que, con respecto ao movemento de partidas, non hai ningún movemento de partidas, senón que o que houbo foi que dentro dunha mesma partida fixéronse movementos en bolsas vinculadas, que é ben distinto, engadindo que se se move diñeiro dunha partida a outra ten que pasar por Pleno. Di que de onde sae todo ese diñeiro é de postos que non están ocupados, por exemplo, nin teñen previsión de ocuparse agora mesmo.

Aclara a sra. alcaldesa que non fai nada sen informes técnicos e que pediu un informe aos servizos de intervención antes de facer ningún tipo de movemento, cousa que anteriormente non se facía. Explica que o informe solicítao para estar segura de que vai poder facer iso, e ademais para asegurarse de que non vai a afectar á estabilidade, máis do que xa está afectada nestes 6 meses.

Sinala que agora entende e celebra que á sra. López lle preocupe moito tanto a estabilidade como os principios de prudencia, cousa que ata agora non era así. Di que a sra. López formaba parte do goberno anterior e ela levaba 4 anos partíndose a boca co anterior alcalde para que atenderan a eses principios. Salienta a sra. alcaldesa que en breve verase na conta xeral o que ela está a dicir.

Explica a sra. alcaldesa que non vai a haber ningunha inestabilidade derivada dese movemento e non hai ningún movemento dunha partida a outra, engadindo que quizais son cuestións difíciles de entender pero é unha partida e dentro desa partida é mover o diñeiro e que, en todo caso, como di Intervención, sobrou diñeiro.

A sra. alcaldesa sinala que ademais non está cancelada ningunha actividade, xa que o que acontece é que o anterior equipo de goberno plantexou uns campamentos, que non están nin avalados por informes técnicos nin nada doutro tipo, que é unha decisión política, pero que neses campamentos ofértase un transporte. Sinala que habería que preguntarse en base a que criterios, pois non é conciliación pura e dura, xa que son para nenos de entre 12 e 18 anos, pero niso non hai ningún problema e os campamentos non están para nada cancelados. O que está cancelado, e non cancelado, senón que nin sequera estaba contemplado porque non había retención de

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

crédito, é ese tema do transporte. Explica a sra. alcaldesa que o que teñen que entender e ser conscientes todos é que se trata de diñeiro público, e non é como nunha casa, chegar e dicir "vaise destinar isto para isto", non é así, hai un procedemento para iso e se a sra. López non o sabe é máis preocupante aínda. Reitera que no expediente non figura ningunha retención de crédito e ningún técnico sabía nada dese autobús. Explica a sra. alcaldesa que chegaron cunha factura de 5.600,00 € e se se aceptara ese orzamento se estaría incorrendo nunha ilegalidade e nunha imprudencia. Salienta a sra. alcaldesa que non lle vale a escusa, porque entende que lle vai dicir que non sabía o número de nenos, porque o autobús non cobra por número de nenos, senón por traxecto, polo tanto a retención de crédito non estaba feita, e ten que quedar ben claro que se non hai ese autobús é porque non se fixeron as cousas ben, porque non retiveron o diñeiro, e así é como funciona o diñeiro público e así é como vai funcionar agora.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, agradece que se lle de a oportunidade de explicar o tema do transporte, que si que cree que é importante, e logo seguirá co punto que se está a tratar.

Explica a sra. López que a concellaría de mocidade non ten técnicos, por iso ninguén pode avalala, engadindo que é algo que todo o mundo sabe, que reclamou moitas veces no CLIA, e que ogallá que se consigan. Polo tanto, igual que acontece na concellería de educación, que tampouco ten técnicos, toda a responsabilidade recae na concelleira. Explica que, tratándose deste caso, ela inicia unha serie de campamentos chamados "campamentos rurais" e faise como consecuencia dunha decisión que se toma no CLIA na que o grupo municipal do PP tamén estaba representando, e é alí, no CLIA, onde se decide poñer transporte para as actividades de mocidade. Sinala que cando marcha ela, o 15 de xuño, aínda estaba aberto o prazo para que as persoas pagaran, polo tanto non había listas pechadas. Cando se pechan esas listas é o 23, e polo tanto é a partir do 24 cando habería listas definitivas e habería traxectos posibles. Este ano decidírase preventivamente pedir un orzamento dun autobús, que nunca se fixo así, sempre se fixo con taxi, e era ela mesma a que, cun mapa diante, facía os traxectos máis optimizados para que os rapaces puideran ir ás actividades.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sinala a sra. Álvarez que a razón de porque se fai en "mocidade" é porque eles mesmos o reclaman e pensa que todos os adultos poden comprender iso. Di que unha familia pode marchar a traballar ás 8 da mañá e pode deixar ao rapaz de 14 anos almorzando só, non pasa nada e ademais é moi positivo para a súa autonomía, e pódese facer sabendo que vai haber un transporte autorizado e avalado por unha institución, que neste caso é o Concello, que o vai levar á actividade. Se non se pon ese transporte o que vai a pasar é que as familias, como lle dicía a ela a concelleira, "buscaranse a vida", e claro que o ían a facer, que é o que fan todos permanentemente, porén do que se trataba era un pouco axudarlles á autonomía e favorecer esa conciliación.

A sra. López sinala que segue poñendo enriba da mesa que non se enquiste este tema, que agora non vai haber transporte pero pide que se valore a posibilidade porque realmente ela, que é nai de adolescentes e profesora de adolescentes, pensa que o transporte na adolescencia é o *quid* realmente para que accedan ás actividades.

Sinala a sra. López que vai deixar o tema aquí, porén quere aclarar que é certo que non se fixo esa retención porque non tiña as listas definitivas porque o momento era a partir do 24 de xuño e que unha retención de crédito é cubrir un papel que o fai a concelleira ou, se non tiña as funcións delegadas, a alcaldesa, nun minuto e medio e achégase a intervención, é dicir, non é unha cuestión de que facer unha retención de crédito sexa un trámite administrativo tremendo, e fanse todos os días.

Sinala a sra. López que ten que corrixir á sra. alcaldesa, porque ela si que entende perfectamente como funcionan os orzamentos municipais e si que se tocaron partidas, o que non se tocaron foron capítulos. Movéronse dentro do capítulo I partidas, e foi en detrimento doutras partidas, iso si que se fixo, e iso está no informe de Intervención ao que tivo acceso no día de onte.

Di a sra. López que a sra. alcaldesa di que non se tocan partidas esenciais, pero ela pensa que si, non especificamente neste punto número 5, entón como se vai a parar en partidas que afectan aos puntos 6 e ao 7 da por zanxado este debate e anuncia que o voto do seu grupo vai a ser negativo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O portavoz do BNG, sr. Devesa, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Regueiro, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

A sra. alcaldesa, dirixíndose á sra. López, dille que con respecto ao que dicía esta concelleira de que facían retencións de créditos todos os días, hai que ter en conta, falando de datos exactos, que hai 314.785,64 euros, descontando a luz, só de facturas sen retencións de crédito no mes de abril, por dicir algún mes.

Aclara que non está en contra do tema e sempre vai a tender a man, pero facendo as cousas ben, porque se fala de diñeiro público, e a contía dese autobús non era para ir correndo a Intervención e dicir "imos facer unha retención de crédito", pois eran 5.600,00 €.

A sra alcaldesa pide que non se retorza o tema porque é moi fácil facelo e por aí si que non vai a pasar. Di que os nenos agora mesmo non teñen ese autobús única e exclusivamente porque non se fixeron as retencións correspondentes, non se fixeron as cousas ben e ela non ten marxe de manobra.

Remata a sra. alcaldesa aclarando que, con respecto ao movemento de partidas, o que está é movendo bolsas vinculadas dun mesmo capítulo, porque senón tería que ir a Pleno.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con once votos a favor (9 PP e 2 PSdeG-PSOE), dous en contra (2 PXC) e tres abstencións (3 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e os concelleiros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións e reunións dos órganos colexiados dos que formen parte, os seguintes importes:

- **Sesións plenarias: 148,35 euros**
- **Sesións da Xunta de Goberno Local: 92 euros**
- **Sesións das Comisións Informativas: 73,60 euros, co límite de dúas asistencias ao día por concelleiro/a**
- **Sesións da Xunta de Portavoces: 67,85 euros**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- **Reunións de outros órganos colexiados: 67,85 euros**

SEGUNDO.- Establecer o seguinte réxime respecto das indemnizacións por aloxamento, manutención, e gastos de viaxe:

1. - Indemnizacións por aloxamento e manutención.

Os membros da Corporación percibirán, se é o caso, as axudas correspondentes ao Grupo 1º do Anexo II, do R.D. 462/2002 do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo. De conformidade co artigo 10 do Real Decreto anterior no caso das dietas a percibir por aloxamento, de non se aplicar o sistema de concerto, o importe a percibir será o realmente gastado e xustificado, sen que a súa contía poida exceder da especificada no Real Decreto citado.

2.- Indemnizacións por gastos de viaxe.

Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que teñan que realizar como consecuencia do exercicio do cargo, sendo aplicable neste caso o previsto no artigo 17 do Real Decreto 462/2002. Respecto ao uso do vehículo particular terase en conta o previsto no artigo 18 do Real Decreto 462/2002 e o acordado en Orde do ministerio de Economía e Facenda 3770/2005 da 1 de decembro pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/02.

TERCEIRO.- Publicar integramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios, e na páxina web municipal.

6.- PROPOSTA ALCALDÍA DE ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 27 de xuño de 2023, que se recolle a continuación.

"<u>PROPOSTA DA ALCALDÍA</u>

Segundo establecen os artigos 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 44.4 do Regulamento Orgánico da Corporación municipal de Teo, o Pleno da Corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, e sen que podan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

A o abeiro da normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos no Concello de Teo coas seguintes cantidades: 62,10 euros ao mes por Grupo Político, máis 123,05 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo.

SEGUNDO.- A dotación económica asignada aos Grupos Políticos non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

TERCEIRO.- Os Grupos Políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno con cargo aos Orzamentos anuais da Corporación, contabilidade que porán a disposición do citado Pleno sempre que este o solicite.

CUARTO.- Aprobar as seguintes bases reguladoras do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos nesta Corporación:

BASES REGULADORAS

1ª).- OBXECTO. É obxecto das presentes bases a regulación do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos grupos políticos constituídos nesta Corporación

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2ª).- CONTÍA. A contía dos fondos destinados ascende a 62,10 euros ao mes por Grupo Político máis 123,05 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo, debendo consignarse no Orzamento anual da Corporación con suxeición aos criterios legais previstos no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa de aplicación.

3ª).- INGRESO. O ingreso dos fondos aprobados realizarase nunha conta bancaria cuxo titular será o grupo político municipal, debendo xustificarse a titularidade ante o Concello, presentando na Tesouraría municipal certificación de número de conta bancaria onde figure o nome e o CIF do grupo político municipal.

4ª).- DEVENGO. A dotación económica para os Grupos Políticos constituídos na Corporación devengarase dende o mes natural seguinte ao da súa constitución ata o mes de finalización do mandato, debendo consignarse no Orzamento anual a contía correspondente.

5ª).- DESTINO. O destino dos fondos asignados será a realización de actividades e servizos dentro do marco da súa función como grupo político dentro da Corporación para a xestión dos seus intereses e actuacións políticas con suxeición á legalidade vixente en todo momento e que non estea expresamente prohibido pola lexislación. A este respecto está expresamente prohibido o pago con ditos fondos de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

6ª).-XUSTIFICACIÓN.

6.1.- FORMA: Os gastos realizados para os fins previstos no punto anterior xustificaranse unicamente con factura ou facturas regulamentariamente expedidas a nome do grupo político municipal.

6.2.- PRAZO: A xustificación dos fondos verificarase unha vez ao ano ante o Pleno do Concello, dándose conta no primeiro pleno ordinario que se celebre a partires do mes

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de febreiro de cada ano, debendo os grupos políticos presentar no Concello a documentación xustificativa durante o mes de xaneiro de cada ano respecto dos gastos realizados no ano anterior vencido. No expediente de xustificación constará o informe de fiscalización da Intervención Municipal.

6.3.- EFECTOS: As cantidades non xustificadas do ano vencido sobre o importe da dotación económica concedida e aboada minorarán a dotación económica do ano seguinte na cantidade respectiva. Antes da data do fin do mandato todas as cantidades aboadas aos grupos deben estar xustificadas ou reintegradas.

7ª).- Nas bases de execución do Orzamento recollerase, no seu caso e a proposta da Intervención, a normativa complementaria ao acordo que agora se adopta.

QUINTO.- Publicar integramente este acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.
Teo, na data da sinatura dixital
A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz ".

A sra. alcaldesa explica que é o mesmo que na proposta anterior, son as mesmas cantidades que no ano 2019 cun incremento dun 15%, derivado un pouco da situación actual, quedando en 62,10 € ao mes por grupo político máis 123,05 € ao mes para cada concelleira/o integrante de cada grupo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que vai comezar solicitando que se retire este punto da orde do día por unha cuestión de matemática básica, que ela vai a tratar de explicar. Explica que no informe de intervención, da partida 912/48000, que é a partida de asignacións a grupos de órganos de goberno e de onde se retiran os cartos para pagas as asistencia, detráense 6.000 €, polo tanto mesa partida quedan 6.300 €. Explica que polo tanto, sen entrar en se é moito ou pouco, o que vai debater é a viabilidade económica, para o caso de que isto se aprobe. Explica a sra. López que hai 17 concelleiras/os, e dise que a asignación

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mensual é de 123 €, e iso xa é un total de 2.091€, e hai 4 grupos políticos, a 62,10 €, dan 248,4 euros ó mes, sumando todo sae un total de 2.339,40 €, que por 6 meses, para acabar o ano son 14.036,04 euros.

Pregunta a sra. López que é o que se está a votar, di que se vai a pagar unha cousa, e ao mesmo tempo estase votando que non vai haber cartos para pagar esa cousa, xa que se detraen cartos desa partida e deisaxe sen dotación para pagalo.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que con respecto a este tema a súa argumentación vén sendo a mesma que a do punto anterior, máis ou menos. Entenden que os problemas de partidas se ben poden ser graves é problema da Alcaldía, que o terá que solucionar.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE non fai uso da súa quenda de intervención.

A sra. alcaldesa, dirixíndose ao sr. Devesa, dille que toma nota do sinalado por este concelleiro, sobre todo no anterior punto, de que queren incrementar un pouco, aínda que este ano non vai a ser posible, porén o poderán intentar no novo orzamento.

Con respecto á intervención da sra López, a sra. alcaldesa di que volve ao mesmo, e volve a explicarlle que dentro dese capítulo hai bolsas vinculadas, que son susceptibles de transferencias. Di que efectivamente hai líquido nese capítulo I, que é o de persoal, que non é susceptible de transferir a outros, si de recibir pero non de transferir a outros, pois iso tamén é importante salientalo. Di que a sra López non ten que preocuparse para nada, porque vai cobrar a asignación e posiblemente se vai intentar mellorar a liña que se seguía ata agora, que era cobrar cada 4, 5 ou 6 meses...., aínda que ela como era concelleira de goberno cobraba todos os meses e non o sufría, pero os demais si. A sra. alcaldesa reitéralle á sra López que non se preocupe, que vai a cobrar en tempo e forma.

Sinala a sra. alcaldesa que ningún técnico da casa se vai a pillar as mans e non van a facer informes favorables a ninguén ad-hoc, polo tanto quere dicir con isto que nas bolsas vinculadas hai diñeiro. De feito nesa que se fixo para poder dotar os soldos das/os concelleira/os e da Alcaldía, sobra diñeiro de aí. Salienta que en calquera momento pode facer unha transferencia interna, para que se entenda, dentro dese

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

capítulo, polo tanto é unha preocupación innecesaria, engadindo que máis preocupante é o tema das facturas que están sen retención de crédito, porque ademais ten responsabilidade.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con once votos a favor (9 PP e 2 PSdeG-PSOE), dous en contra (2 PXC) e tres abstencións (3 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos no Concello de Teo coas seguintes cantidades: 62,10 euros ao mes por Grupo Político, máis 123,05 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo.

SEGUNDO.- A dotación económica asignada aos Grupos Políticos non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

TERCEIRO.- Os Grupos Políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno con cargo aos Orzamentos anuais da Corporación, contabilidade que porán a disposición do citado Pleno sempre que este o solicite.

CUARTO.- Aprobar as seguintes bases reguladoras do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos nesta Corporación:

BASES REGULADORAS

1ª).- OBXECTO. É obxecto das presentes bases a regulación do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos grupos políticos constituídos nesta Corporación

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2ª).- CONTÍA. A contía dos fondos destinados ascende a 62,10 euros ao mes por Grupo Político máis 123,05 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo, debendo consignarse no Orzamento anual da Corporación con suxeición aos criterios legais previstos no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa de aplicación.

3ª).- INGRESO. O ingreso dos fondos aprobados realizarase nunha conta bancaria cuxo titular será o grupo político municipal, debendo xustificarse a titularidade ante o Concello, presentando na Tesouraría municipal certificación de número de conta bancaria onde figure o nome e o CIF do grupo político municipal.

4ª).- DEVENGO. A dotación económica para os Grupos Políticos constituídos na Corporación devengarase dende o mes natural seguinte ao da súa constitución ata o mes de finalización do mandato, debendo consignarse no Orzamento anual a contía correspondente.

5ª).- DESTINO. O destino dos fondos asignados será a realización de actividades e servizos dentro do marco da súa función como grupo político dentro da Corporación para a xestión dos seus intereses e actuacións políticas con suxeición á legalidade vixente en todo momento e que non estea expresamente prohibido pola lexislación. A este respecto está expresamente prohibido o pago con ditos fondos de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

6ª).-XUSTIFICACIÓN.

6.1.- FORMA: Os gastos realizados para os fins previstos no punto anterior xustificaranse unicamente con factura ou facturas regulamentariamente expedidas a nome do grupo político municipal.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6.2.- PRAZO: A xustificación dos fondos verificarase unha vez ao ano ante o Pleno do Concello, dándose conta no primeiro pleno ordinario que se celebre a partires do mes de febreiro de cada ano, debendo os grupos políticos presentar no Concello a documentación xustificativa durante o mes de xaneiro de cada ano respecto dos gastos realizados no ano anterior vencido. No expediente de xustificación constará o informe de fiscalización da Intervención Municipal.

6.3.- EFECTOS: As cantidades non xustificadas do ano vencido sobre o importe da dotación económica concedida e aboada minorarán a dotación económica do ano seguinte na cantidade respectiva. Antes da data do fin do mandato todas as cantidades aboadas aos grupos deben estar xustificadas ou reintegradas.

7ª).- Nas bases de execución do Orzamento recollerase, no seu caso e a proposta da Intervención, a normativa complementaria ao acordo que agora se adopta.

QUINTO.- Publicar integramente este acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 27 de xuño de 2023, que se recolle a continuación.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, sendo dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e asumindo as Corporacións o pago das cotas empresarias que corresponda.

Neste contexto cabe salientar que as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lle encomenda á persoa titular da Alcaldía fai preciso que, para acadar a maior eficacia no desempeño das mesmas, o citado cargo deba exercerse con

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

dedicación exclusiva, como así acontece coas dedicacións exclusivas e parciais das/os concelleiras/os necesarias para o eficaz e axeitado funcionamento das distintas áreas municipais delegadas.

En relación co antedito, cabe salientar como, ademais das funcións que legalmente lle corresponden, esta Alcaldía resérvase as áreas de Urbanismo, Economía e Facenda, Persoal e Novas Tecnoloxías.

En virtude do exposto, estudadas as especiais características do Concello e de acordo co establecido nos artigos 75, 75 bis, 75 ter. 1. f) e co artigo 13 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), e a disposición adicional vixésimo sétima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de alcaldesa, cunhas retribucións brutas anuais de 54.141,36€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario municipal, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo, para as concellarías que se detallan a continuación:

1.- Concellaría de Cultura, Turismo, Festas tradicionais e Festexos.

2.- Concellaría de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

3.- Concellaría de Deportes e Xuventude

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A retribución anual que percibirá a/o concelleira/o responsable de cada unha das concellería citadas será de 38.421,32€ brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario municipal e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Terceiro.- Aprobar as dedicacións parciais, cunha dedicación do 50% da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para as concellerías que se detallan a continuación:

1.- Concellaría de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade
2.- Concellaría de Transportes e Mobilidade
3.- Concellaría de Desenvolvemento industrial e Economía local

A retribución anual que percibirá a/o concelleira/o responsable de cada unha das concellerías citadas será de 19.210,66€ brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Cuarto.- Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

Quinto.- Asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sexto.- Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.
A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz "

A sra. alcaldesa explica que, ao igual que as anteriores propostas que se acaban de aprobar, simplemente se colleu de referencia o soldo do anterior alcalde, incrementando un 10%, non un 15%, ao igual que as dedicacións exclusivas, nas que se colleu de referencia a das/os concelleiras/os anteriores e engadíuselle un 10%.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que aquí si que se quere parar un pouco máis, porque é difícil de explicar e de entender este mantra que o PP repite permanentemente de que non hai cartos pero agora apareceron 122.000 € de incremento, e que aparezan está xenial, e desexa que ogallá apareceran para outras cuestións das que se laian tanto de que non hai cartos, que ela repite e insiste que non é certo, e a proba evidentemente é que o goberno os atopa cando quere.

Di a sra. López que lle preocupa e moito de onde se detraen eses 122.000 €, e refírese á partida 430, e di que ademais é unha partida que xestionaba ela, de retribucións do técnico de turismo, da que se detraen 27.000 € deixándose a partida a 0,00 €. Explica a sra. López que o Concello ten a obriga de contratala si ou si nas mesmas condicións que se viña producindo a subvención da Deputación, que eran 6 meses ao ano. Explica que este ano estivo 3 meses contratada e réstanlle outros 3 meses de contrato, que obrigatoriamente se teñen que facer. Se se deixa a partida que pagará o seu salario a 0,00 € dentro de 4 meses volverán os laios de que o anterior goberno non deixou cartos para pagar a técnica de turismo, entón pensa que iso non se pode mover, de feito pensa que non se pode facer porque hai unha sentenza xudicial que di que a contratación ten que ser nas mesmas condicións en que se viña producindo pola subvención da Deputación que era precisamente nesta partida, porque na Deputación si que se xustifica a partida da que saía o seu salario.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Di a sra. López que tamén lle preocupan os postos que se deixan sen cubrir, ata fin de ano como mínimo, para subir os salarios, coma por exemplo a Policía. Sinala que o PP levaba no seu programa o aumento da Policía e hai unha partida, referida aos soldos do grupo C1, da que se detraen 11.000 €, polo tanto a contratación, mínimo ata final de ano, desa praza vacante non vai ser posible.

Continúa a sra López sinalando que retiran a produtividade de "augas, electricidade, cemiterios", como se fose un agasallo que se lle fai ós traballadores. Explica que a produtividade é un complemento que se da en función da dispoñibilidade e hai servizos que requiren unha dispoñibilidade de 24 horas, a ver se agora temos que morrer de 8.00 a 14.00 porque detraen as partidas de produtividade de servizos tan básicos como que hai que atender as varías de auga 24 horas, o servizo eléctrico 24 horas, e unha persoa que morre en sábado tamén vai poder enterrarse o domingo. Di que polo tanto volve a terse un problema se se aproba a proposta das dedicacións, aínda que é certo que o problema o terá primeiro a sra. alcaldesa pero despois terano todos, pois isto volverá a Pleno antes de fin de ano, ao non haber diñeiro para pagar estes salarios. Remata a sra. López a súa intervención anunciando o voto en contra do seu grupo.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que a eles lles sorprende que se fagan estas modificacións antes de aprobar uns orzamentos novos, xa que se xoga coas partidas dun lado para outro e poden existir problemas como os que comenta a sra. López, que ao final unha partida fai falta e hai que mover doutra, e doutra, e doutra, e ao final faise un tetris estrañísimo. Aclara o sr. Devesa que en todo caso se o grupo de goberno, que é quen xestiona, está contento, eles non teñen nada que dicir.

Salienta o sr. Devesa que lles parece un pouco esaxerado, sen ter aprobados os orzamentos, un incremento salarial, pois podían estar cobrando o mesmo e incrementalo a partir dos seguintes orzamentos. Lembra o sr. Devesa que o PP no ano 2007 conseguiu unha liberación para a oposición aludindo á necesidade de estar implicados no tema político, e agora non se propón absolutamente nada para a oposición, razón pola cal, xunto co incremento proposto, non están de acordo con este tema.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Regueiro, di que, aínda que están de acordo co que din os grupos da oposición con respecto a iso, consideran e apoian que todo traballo ten que ter unha remuneración digna, aínda que a suba de 40.000 € a 54.000, cerca de 14.000 €, na Alcaldía lles parece excesiva.

A sra. alcaldesa di que o salario do antigo rexedor era de 49.219,38 € e que a compañeira do PSOE colleu o dato do que se aprobou no Pleno do 2019 pero houbo incrementos posteriores, entón non é como ela di, xa que se trata dun incremento do 10% , algo que se pode comprobar, sen problema, en Intervención ou en Secretaría.

A sra. alcaldesa di que, tratándose da preocupación da sra. López, se volve ao mesmo, e non sabe cal é a parte que non entende esta concelleira, xa que se poden facer transferencias dentro da mesma partida das bolsas vinculadas, engadindo que todas as decisións do goberno, sobre todo transcendentais, tanto políticas como non políticas, vanse a basear nos informes dos técnicos, non como ata agora se estaba facendo.

Explica que, en relación coas partidas que se sacaron, eses postos teñen uns procesos selectivos e posiblemente non se ocupen ata ben entrado o 2024, aínda que hai 6 meses, polo tanto hai marxe de manobra, engadindo que o tempo lle dará a razón.

Refírese a sra. alcaldesa á técnica de turismo e di que o anterior goberno a mandaba para a casa sistematicamente, que ten varias sentenzas xudiciais e que non sabe por que lle preocupa agora. Explica que se ten contemplado que se incorpore o antes posible, así que a sra. López pode estar tranquila por iso e senón pode dicilo aquí en sede plenaria, pero mentres tanto sería conveniente non vir con tonterías. Entende a sra. alcaldesa que politicamente hai que retorcer todo, pero hai un límite, sobre todo cando o anterior goberno xa no 2019 plantexaba unha subida dun 7,5%, hai 4 anos, e non se aprobou no Pleno, única e exclusivamente porque non tiñan a maioría absoluta.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que con respecto á técnica de turismo hai unha sentenza que comunicaron o ano pasado, e xa estaba convocada para comezar a traballar. Manifesta que segundo a sentenza xa había que definir os períodos de contratación. Di que o grupo de goberno poderá pasar por riba desa sentenza, pero xa está convocada, xa ten unha data de inicio de contrato, se queren ampliar iso van a ter un problema porque a partida 430/131/00, que é coa

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que se paga o seu salario, agora mesmo se se aproba este punto quedaría a cero, xa que se están detraendo 27.000 €.

Sinala a sra. López, con respecto ao dita pola sra. alcaldesa das "tonterías", que ela si que preferiría que se mantiveran as formas sempre, porque este é un lugar para debater e a ela si que lle gusta moito coidar as formas, sempre as coidou e sempre as vai a coidar, polo que pide o mesmo para con ela, xa que entende perfectamente que no debate poida pasar e non pasa nada, pero si que quere sentar un precedente hoxe aquí.

Tratándose do tema da subida, a sra. López di que simplemente é anecdótico e que o que poderían extraer é que se sube o salario porque ten maioría absoluta, é un "*jorobádevos, vós queríades subir o salario e nós votamos en contra"*. Explica a sra. López que a súa argumentación non a baseou en se a alcaldesa se subía o salario, aínda que dende o seu punto de vista é excesivo, en se os concelleiros se soben o salario ou se se soben as retribucións de Plenos, senón que o que dixo foi de onde saen eses cartos, porque se fixo unha transferencia para dotar de cartos que se detraen dunhas partidas que son esenciais para o Concello, e antes de fin de ano está segura de que se volverá ao Pleno a votar para volver a dotar esas partidas.

A sra. alcaldesa di que vai a volver a explicar o mesmo, que dentro dese capítulo se poden facer transferencias das bolsas vinculadas e, dirixíndose á sra. López, dille que non se preocupe, que non vai a estar votando iso.

Di a sra. alcaldesa que, con respecto a subida e demais, non é unha subida senón unha actualización, xa que unha subida é outra cousa, porque ela está moi por debaixo da marxe legal. Di que xa sabe que se quere centralizar o tema nunha cuestión, pero a realidade é tozuda, polo tanto parécelle unha "*niñería*" o que acaba de dicir que se teñen maioría absoluta, que se non, que se "*vos fastidiades...",* xa que non é cuestión de fastidiarse, xa que para empezar eles abstivéronse naquela votación e para continuar efectivamente as leis son así. Sinala a sra. alcaldesa que ela ten unha maioría que lle outorgou o pobo e pode facelo. Dirixíndose á sra. López, pídelle que en todo caso non se preocupe porque ela sempre aplica os principios de prudencia e de

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

estabilidade ao máximo, engadindo que van a ver o que din nos datos da conta xeral, porque iso si que vai a ser gracioso.

Explica a sra. alcaldesa que a ela o que lle preocupa realmente é de onde vai a saír o diñeiro para pagar todas esas facturas só do mes de abril, sen retención de crédito ningunha. Retención de crédito "cero", é dicir, legalidade "cero", é dicir "ad hoc", xa que iso é o que se fixo. Di a sra. alcaldesa que, se tanto lle interesa á sra. López, pode pedir o informe en Intervención, a ver se de aí saca conclusións e se empeza a pensar que igual houbo cousas que encargou e non debería de ter encargado, xa que tiña que ter pedido un informe, tiña que ter falado con Intervención, tiña que ter falado cos técnicos, etc. Dirixíndose á sra. López pídelle que teña coidado porque non lle gustaría entrar a retorcer nin a expoñer determinadas cousas que se fixeron, porque pensa que non benefician a ninguén nesta sociedade, pero se hai que sacalas tamén se sacan, xa que non lle vai tremar a man.

Preguntado pola sra. alcaldesa, os grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete en contra (2 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de alcaldesa, cunhas retribucións brutas anuais de 54.141,36€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario municipal, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

<u>Segundo</u>.- Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo, para as concellarías que se detallan a continuación:

1.- Concellaría de Cultura, Turismo, Festas tradicionais e Festexos.

2.- Concellaría de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

3.- Concellaría de Deportes e Xuventude

A retribución anual que percibirá a/o concelleira/o responsable de cada unha das concellería citadas será de 38.421,32€ brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario municipal e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

<u>Terceiro</u>.- Aprobar as dedicacións parciais, cunha dedicación do 50% da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para as concellerías que se detallan a continuación:

1.- Concellaría de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade
2.- Concellaría de Transportes e Mobilidade
3.- Concellaría de Desenvolvemento industrial e Economía local
A retribución anual que percibirá a/o concelleira/o responsable de cada unha das concellerías citadas será de 19.210,66€ brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Cuarto.- Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

Quinto.- Asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.

Sexto.- Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 27 de xuño de 2023, que se recolle a continuación.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL**

Constituída a Corporación despois das eleccións municipais que tiveron lugar o pasado día 28 de maio, o Pleno do Concello ten que resolver, entre outros extremos, o relativo á determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, para o seu posterior nomeamento mediante Resolución da Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por outra parte, de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao persoal eventual lle será aplicable, no que sexa axeitado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

En virtude do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Primeiro.- Crear o posto de persoal eventual que se relaciona a continuación, determinando o seu número, características e retribucións:

Denominación do posto:	RESPONSABLE DE PRENSA E COMUNICACIÓN
Número de postos:	1
Características:	Cargo de confianza da Alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou. As súas funcións serán asistir á alcaldesa en todo o relativo á súa relación cos medios de comunicación, así como coordinar a política informativa municipal, responsabilizarse da edición dos boletíns informativos municipais e xestionar a páxina WEB municipal. A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa flexibilidade segundo as necesidades da Alcaldía.
Retribucións:	29.625,40 euros brutos anuais Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario do Concello, e percibiranse en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Facer público o presente de acordo co previsto na normativa aplicable, e unha vez cumprimentados todos os trámites procedimentais, publicar no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal o nomeamento deste persoal funcionario de emprego, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación, en cumprimento do disposto no artigo 104.3 da LRBRL.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz "

A sra. alcaldesa explica que se colleu a referencia do persoal eventual que había antes, e vaise nomear unha persoa, responsable de prensa e comunicación, cun salario de 29.625,40 € brutos anuais. Salienta que, aínda que a lei permite dúas persoas, agora vaise contemplar a incorporación dunha delas.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra López, sinala que lle parece correcto e prudente non botar man dos dous postos que permite a lei, engadindo que neste caso non se detraeron as partidas.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, e sinala que, seguindo a súa liña argumental, habendo, como se acaba de dicir, dous postos de confianza dispoñibles, non entende porque non se lle da un á oposición.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE non fai uso da súa quenda de intervención.

A sra. alcaldesa di que tamén están a seguir a tradición, salientando que gañaron a maioría reiteradamente, nada máis e nada menos que tres veces consecutivas con José Manuel Guerra, e aínda así, tendo 7 concelleiras/os, endexamais se lles ofreceu nada. Sinala que ela xa o ten falado co anterior alcalde moitas veces, engadindo que se as tradicións funcionan van a seguir.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, non fai uso da mesma.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, e di que entende o que di a sra. alcaldesa, pero tamén entende que no 2007 o PP conseguiu un membro liberado para facer oposición, porén non vai repetir o discurso e os argumentos que usaron daquela, debendo tamén terse en conta que en novembro de 2012 presentaron unha moción dicindo que o Concello de Teo se gobernaba de sobra con tres persoas e media. Agora hai bastantes máis e entende que ao ter tan dividido o orzamento e o traballo que van ter, a oposición tamén tería dereito a estas cousas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A sra alcaldesa, dirixíndose ao sr. Devesa, dille que de todas formas podía telo plantexado, porén en ningún momento lle chamou, nin sequera para felicitala por gañar, o cal é respectable. Sinala que ela é unha persoa aberta, como sabe o sr. Devesa, porque algo si que a coñece, e se lle tivera plantexado a cuestión ao mellor poderíase ter mirado. Remata a sra. alcaldesa sinalando que entendeu que ninguén quería absolutamente nada, aínda que para outra vez, quizais para as seguintes eleccións, será cuestión de falalo.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Regueiro, non fai uso da súa quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos favor (9 PP), tres en contra (3 BNG) e catro abstencións (2 PSdeG-PSOE e 2 PXC), acorda:

Primeiro.- Crear o posto de persoal eventual que se relaciona a continuación, determinando o seu número, características e retribucións:

Denominación do posto:	**RESPONSABLE DE PRENSA E COMUNICACIÓN**
Número de postos:	**1**
Características:	**Cargo de confianza da Alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou.** **As súas funcións serán asistir á alcaldesa en todo o relativo á súa relación cos medios de comunicación, así como coordinar a política informativa municipal, responsabilizarse da edición dos boletíns informativos municipais e xestionar a páxina WEB municipal.**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa flexibilidade segundo as necesidades da Alcaldía.

<u>Retribucións</u>: 29.625,40 euros brutos anuais

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario do Concello, e percibiranse en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

<u>Segundo</u>.- Facer público o presente de acordo co previsto na normativa aplicable, e unha vez cumprimentados todos os trámites procedimentais, publicar no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal o nomeamento deste persoal funcionario de emprego, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación, en cumprimento do disposto no artigo 104.3 da LRBRL.

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 27 de xuño de 2023, que se recolle a continuación.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o disposto nos artigos 4.1.a) e 46.1 e 2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigo 47 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), artigos 210 e 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), artigos 38, 78 e 112 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), e artigos 11 e 19 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

Considerando que segundo o previsto no artigo 19.2 do ROM do Concello de Teo, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes, nos días e horas que se fixen por acordo plenario e que poderán ser cambiados en calquera momento posterior por dito órgano.

Considerando que, segundo o previsto no artigo 11 do ROM, a Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes, ás 14 horas, e extraordinarias e urxentes cando sexan convocadas polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

En virtude do exposto e de acordo coa normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Que se celebre Pleno ordinario o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20 horas. Se coincide con día inhábil celebrarase o posterior día hábil á mesma hora.

Segundo.- De acordo co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o mércores 26 de xullo de 2023.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 14 horas (ás 13 horas cando exista horario reducido), e extraordinaria e urxente cando sexan convocadas pola alcaldesa ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

A estes efectos entenderase que a referencia ao primeiro e terceiro luns, deben ser hábiles, celebrándose, noutro caso, o primeiro día hábil seguinte.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz "

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, e di que entende que neste punto non sae marcado pero queren que quede constancia que, se se pode, tamén lles gustaría que os plenos extraordinarios se convoquen pola tarde.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Regueiro, quen sinala que eles tamén preferirían os Plenos polas tardes, para facer máis fácil a conciliación.

A sra alcaldesa di que o despacho está aberto para todos, tanto para cidadáns como para grupos políticos, e que tentarase acceder ás súas peticións, aínda que xa se recolle na proposta que os Plenos van a ser os últimos mércores últimos de cada mes ás 20.00 hs e os extraordinarios intentarase facelos atendendo ao que se está comentando, porque é razoable, a pesar de que este, como era un pleno algo distinto, se fixo pola mañá.

Preguntado pola sra. alcaldesa, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (9 PP, 2 PSdeG-PSOE e 2 PXC) e tres abstencións (3 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Que se celebre Pleno ordinario o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20 horas. Se coincide con día inhábil celebrarase o posterior día hábil á mesma hora.

<u>Segundo</u>.- De acordo co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o mércores 26 de xullo de 2023.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

<u>Terceiro</u>.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 14 horas (ás 13 horas cando exista horario reducido), e extraordinaria e urxente cando sexan convocadas pola alcaldesa ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

A estes efectos entenderase que a referencia ao primeiro e terceiro luns, deben ser hábiles, celebrándose, noutro caso, o primeiro día hábil seguinte.

10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA XUNTA DE PORTAVOCES.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 27 de xuño de 2023, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN INFORMATIVAS E XUNTA DE PORTAVOCES

Considerando que de acordo co disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante, LRBRL) e artigo 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñen que ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Considerando que, de acordo co establecido nos artigos 116 da LRBRL, 59.2.c) e 66.1 da LALGA, artigo 15 do ROM e preceptos concordantes do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), a Comisión Especial de Contas existirá en todos os Concellos.

Considerando que de acordo co establecido no artigo 14.3 e 4 do Regulamento Orgánico Municipal, as Comisións estarán integradas exclusivamente por membros da Corpo-

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ración e presididas polo Alcalde, podendo este delegar a presidencia efectiva en calquera membro da mesma, debendo estar integrada cada comisión de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Considerando que segundo o apartado 3 do artigo 20 LRBRL os propios municipios, nos Regulamentos Orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto no artigo citado e nas leis das Comunidades Autónomas.

Considerando que segundo o artigo 59.2d) LALGA, poderán complementar a organización municipal, ademais dos órganos establecidos no artigo citado, calquera outro órgano establecido polo Concello e regulado polo seu regulamento orgánico, debendo responder a creación dos órganos complementarios aos principios de eficacia, economía organizativa e participación cidadá e esixir o cumprimento dos requisitos aos que se refire o apartado 3 do artigo 59 LALGA.

Considerando que de acordo co establecido no artigo 16-a) do ROM a Xunta de Portavoces é un órgano complementario colexiado, sen atribucións resolutorias, que ten por función o estudio, consulta e proposta, de calquera asunto de incidencia municipal de competencia plenaria de conformidade co disposto no artigo 22 LRBRL. Estará integrada exclusivamente polos portavoces dos diferentes grupos municipais ou os seus suplentes e presidida pola persoa titular da Alcaldía, podendo esta delegar a presidencia efectiva en calquera membro da mesma.

En virtude do exposto e de conformidade co disposto na normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Crear as seguintes **Comisións Informativas Permanentes**:

- C. INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA C. ESPECIAL DE CONTAS
- C. INF. DE URBANISMO, OBRAS, INFRAESTRUTURAS,

  TRANSPORTE, MOBILIDADE E DESENVOLVEMENTO LOCAL

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- C. INF. DE CULTURA, EDUCACIÓN, TURISMO, MEDIO AMBIENTE, BENESTAR ANIMAL, DEPORTES E XUVENTUDE
- C. INF. DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE, MULLER, DIVERSIDADE E RELACIÓNS VECIÑAIS
- C. INF. DE ADMINISTRACIÓN, PERSOAL, NOVAS TECNOLOXÍAS E SEGURIDADE CIDADÁ

Segundo.- A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiras/os do PP

- 1 concelleira/o do PSdeG-PSOE

- 1 concelleira/o do BNG

- 1 concelleira/o do PXC

A alcaldesa é o presidenta nata de todas as Comisións Informativas, porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Terceiro.- A sesións ordinarias das Comisións Informativas terán a mesma periodicidade que as dos Plenos, celebrándose nos días e horas que estableza a persoa titular da Alcaldía ou presidente da Comisión, os cales poderán así mesmo convocar sesións extraordinarias ou urxentes.

Cuarto.- De conformidade co artigo 125 do ROF a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación, realizarase mediante escrito da/o Portavoz de cada grupo dirixido á persoa titular da Alcaldía, e do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse de igual forma, un suplente por cada titular.

Quinto.- Constituír a **Xunta de portavoces** que, de acordo co establecido no artigo 16-a) do ROM, estará integrada exclusivamente polas/os portavoces dos diferentes grupos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

municipais ou os seus suplentes. A Presidencia correspóndelle á persoa titular da Alcaldía, podendo esta delegar a Presidencia efectiva en calquera membro da mesma.

Sexto.- De conformidade co artigo 16-a) ROM, a designación dos suplentes dos portavoces dos diferentes grupos que integran a Xunta de portavoces, realizarase mediante escrito da/o portavoz do grupo municipal, do que se dará conta ao Pleno.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz"

A sra. alcaldesa sinala que, por aplicación dun criterio de proporcionalidade, ao grupo da sra. López non lle saía ningún concelleiro, pero como queren abrir a man e que todos teñan posibilidade de interlocución e de asistencia e demais decidiron recoller un concelleiro en cada comisión.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que descoñecía ese dato e agradece que se lles permita participar.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Regueiro, di que como grupo máis votado da oposición consideran que deberían ter dereito a un representante máis.

A sra alcaldesa di que atenderon única e exclusivamente ao principio de proporcionalidade, coa excepción do PXC, resultando pois unha proposta razoable. Aclara que en todo caso, noutros momentos estudarase o que se está a dicir tanto dende o PSdeG-PSOE coma do BNG noutras cuestións anteriores.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con catorce votos a favor (9 PP, 3 BNG e 2 PXC) e dúas abstencións (2 PSdeG-PSOE), acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Primeiro.- Crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- **C. INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA C. ESPECIAL DE CONTAS**
- **C. INF. DE URBANISMO, OBRAS, INFRAESTRUTURAS, TRANSPORTE, MOBILIDADE E DESENVOLVEMENTO LOCAL**
- **C. INF. DE CULTURA, EDUCACIÓN, TURISMO, MEDIO AMBIENTE, BENESTAR ANIMAL, DEPORTES E XUVENTUDE**
- **C. INF. DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE, MULLER, DIVERSIDADE E RELACIÓNS VECIÑAIS**
- **C. INF. DE ADMINISTRACIÓN, PERSOAL, NOVAS TECNOLOXÍAS E SEGURIDADE CIDADÁ**

Segundo.- A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiras/os do PP

- 1 concelleira/o do PSdeG-PSOE

- 1 concelleira/o do BNG

- 1 concelleira/o do PXC

A alcaldesa é o presidenta nata de todas as Comisións Informativas, porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Terceiro.- A sesións ordinarias das Comisións Informativas terán a mesma periodicidade que as dos Plenos, celebrándose nos días e horas que estableza a persoa titular da Alcaldía ou presidente da Comisión, os cales poderán así mesmo convocar sesións extraordinarias ou urxentes.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9hH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

<u>Cuarto</u>.- De conformidade co artigo 125 do ROF a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación, realizarase mediante escrito da/o Portavoz de cada grupo dirixido á persoa titular da Alcaldía, e do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse de igual forma, un suplente por cada titular.

<u>Quinto</u>.- Constituír a <u>Xunta de portavoces</u> que, de acordo co establecido no artigo 16-a) do ROM, estará integrada exclusivamente polas/os portavoces dos diferentes grupos municipais ou os seus suplentes. A Presidencia correspóndelle á persoa titular da Alcaldía, podendo esta delegar a Presidencia efectiva en calquera membro da mesma.

<u>Sexto</u>.- De conformidade co artigo 16-a) ROM, a designación dos suplentes dos portavoces dos diferentes grupos que integran a Xunta de portavoces, realizarase mediante escrito da/o portavoz do grupo municipal, do que se dará conta ao Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria — A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz — Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: r9nH+gBwC7SLehjRsB85
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 12/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 26 DE XULLO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a vinte e vinte e seis de xullo de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcaldesa:

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D. Rogelio Gómez Fernández

D.ª María Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª María Vázquez Rey

D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos

D. Ángel Barreiro Rodríguez

D.ª Mayte Argibay da Silva

D. Pablo Salgueiro Rodríguez

D.ª Montserrat Regueiro Cebey

D. Eloy Devesa Puente

D.ª Noelia Castaño Gosende

D. Oscar Antonio Pérez García

D. Alberto Rivadulla Salgueiro

Non asiste, previa escusa:

D.ª María López Álvarez

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 621/2023 Á RES 881/23)

2.- DACIÓN DE CONTA DE COMPOSICIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS E PORTAVOCÍAS

3.- DACIÓN DE CONTA DE MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INDISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO EN DETERMINADAS PARTIDAS

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2024

7.- PROPOSICIÓN DA ALCALDIA DE CONCESIÓN DE COMPATIBILIDADE AO CONCELLEIRO D. ANGEL BARREIRO RODRIGUEZ

8.- PROPOSICIÓN DA ALCALDIA DE CONCESION DE COMPATIBILIDADE Á CONCELLEIRA DNA. MARIA VAZQUEZ REY

9.- MOCIÓNS

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, a sra. alcaldesa, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

A sra. alcaldesa desculpa a ausencia da concelleira do PXC, D.ª María López Álvarez, por razóns persoais, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 621/2023 Á RES 881/23).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 18 de maio ata o 19 de xullo de 2023, que comprenden os números 621 ao 881.

2.- DACIÓN DE CONTA DE COMPOSICIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS E PORTAVOCÍAS.

Dáse conta da composición de grupos políticos municipais e portavocías, segundo o documento incorporado no expediente, do 20 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación.

"ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS PORTAVOCÍAS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

De acordo co previsto no artigo 73.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 38 e ss do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 74 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigos 23 e ss. do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, constituíronse os grupos políticos que se detallan a continuación, mediante escrito dirixido á Presidencia e subscrito por todos os seus integrantes, coa designación dos correspondentes portavoces e, no seu caso, suplentes, do que se deu conta ao Pleno, na sesión extraordinaria celebrada 30 de xuño de 2023.

En data 30 de xuño de 2023 (Rexistro de entrada núm. 3152), Dna. Mayte Argibay da Silva, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, presentou escrito solicitando que se inclúa como portavoz suplente do seu grupo a D. Pablo Salgueiro Rodríguez, conservando tamén a portavocía suplente Dna. Montserrat Regueiro Cebey.

Á vista do anteriormente exposto, os grupos e portavocías quedan como segue:

1.- <u>PARTIDO POPULAR</u> (rex. entrada nº 3069 do 23/06/2023)

D.ª Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D. Rogelio Gómez Fernández

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª María Vázquez Rey

D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Portavoz:

D. Rogelio Lema Mougán

Suplente:

D. Ángel Barreiro Rodríguez

2.- PSdeG-PSOE (rex. entrada nº 3049 do 22/06/2023 e rex. entrada 3152 do 30/06/2023)

D.ª Mayte Argibay Slilva

D. Pablo Salgueiro Rodríguez

D.ª Montserrat Regueiro Cebey

Portavoz:

D.ª Mayte Argibay Silva

Suplentes:

D.ª Montserrat Regueiro Cebey

D. Pablo Salgueiro Rodríguez

3.- BNG (rex. entrada nº 2907do 19/06/2023)

D. Eloy Devesa Puente

D.ª Noelia Castaño Gosende

D. Óscar Antonio Pérez García

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Portavoz:

D. Eloy Devesa Puente

Suplentes:

D.ª Noelia Castaño Gosende

D. Óscar Antonio Pérez García

4.- PXC (rex. entrada nº 3048 do 22/06/2023)

D.ª María López Álvarez

D. Alberto Rivadulla Salgueiro

Portavoz:

Dª María López Álvarez

Suplente:

D. Alberto Rivadulla Salgueiro

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz"

3.- DACIÓN DE CONTA DE MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dáse conta dos membros das Comisións Informativas, segundo o documento incorporado no expediente, do 20 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación.

"ASUNTO: COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

De acordo co establecido nos artigos 38 e 123 e seguintes do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades Locais, en relación co artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal, á vista dos escritos presentados polos diferentes grupos políticos, as comisións informativas, creadas por acordo do Pleno do 30 de xuño de 2023,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

quedarán integradas polos membros que se recollen a continuación, sendo a alcaldesa a presidenta de todas elas.

Escritos dos grupos políticos:

Escritos do grupo municipal do PP, do 7 de xullo de 2023 (Rex. entrada nº 3255 e 3256, do 07/07/2023).

Escrito do grupo municipal do BNG, do 8 de xullo de 2023 (Rex. entrada nº 3267, do 10/07/2023).

Escrito do grupo municipal do PSdeG-PSOE, do 10 de xullo de 2023 (Rex. entrada nº 3272, do 10/07/2023).

Escrito do grupo municipal do PXC, do 11 de xullo de 2023 (Rex. entrada nº 3280, do 11/07/2023).

Comisións informativas:

1.- Comisión Informativa de Facenda, Asuntos Económicos e Especial de Contas

2.- Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Infraestruturas, Transporte, Mobilidade, Desenvolvemento local

3.- Comisión Informativa de Cultura, Educación, Turismo, Medio Ambiente, Benestar animal, Deportes e Xuventude

4.- Comisión Informativa de Servizos sociais, Igualdade, Muller, Diversidade e Relacións veciñais

5.- Comisión Informativa de Administración, Persoal, Novas Tecnoloxías e Seguridade cidadá

A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiras/os do PP
- 1 concelleira/o de PSdeG-PSOE
- 1 concelleira/o do BNG
- 1 concelleira/o do PXC

A persoa titular da Alcaldía é a Presidenta nata de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Composición das Comisións informativas:

1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ASUNTOS ECONÓMICOS E ESPECIAL DE CONTAS

Presidenta:

D.ª Lucía Calvo de la Uz (PP)

Vogais:

D. Rogelio Lema Mougan (PP)

Suplente: D.ª María Margarita Rosende Domínguez (PP)

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: D.ª María Vázquez Rey (PP)

D. Ángel Barreiro Rodríguez (PP)

Suplente: Dª. María Teresa Castro Framil (PP)

D. Pablo Salgueiro Rodríguez (PSdeG-PSOE)

Suplente: Dª. Mayte Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

D. Oscar Antonio Pérez García (BNG)

Suplente: D. Eloy Devesa Puente (BNG)

D.ª María López Álvarez (PXC)

Suplente: D. Alberto Rivadulla Salgueiro (PXC)

2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, INFRAESTRUTURAS, TRANSPORTE, MOBILIDADE, DESENVOLVEMENTO LOCAL

Presidenta:

D.ª Lucía Calvo de la Uz (PP)

Vogais:

D. Rogelio Lema Mougan (PP)

Suplente: D. Ángel Barreiro Rodríguez (PP)

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos (PP)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dª María Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: D.ª María Vázquez Rey (PP)

D.ª Montserrat Regueiro Cebey (PSdeG-PSOE)

*Suplente: D.ª Mayte Argibay da Silva (*PSdeG-PSOE)

D. Eloy Devesa Puente (BNG)

Suplente: D. Óscar Antonio Pérez García BNG)

D.ª María López Álvarez (PXC)

Suplente: D. Alberto Rivadulla Salgueiro (PXC)

3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, TURISMO, MEDIO AMBIENTE, BENESTAR ANIMAL, DEPORTES E XUVENTUDE

<u>Presidenta</u>:

D.ª Lucía Calvo de la Uz (PP)

<u>Vogais</u>:

D.ª María Vázquez Rey (PP)

Suplente: D. Rogelio Lema Mougán (PP)

D.ª María Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

D. Rogelio Gómez Fernández (PP)

Suplente: D. Ángel Barreiro Rodríguez

D.ª Mayte Argibay Da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.ª Montserrat Regueiro Cebey (PSdeG-PSOE)

D.ª Noelia Castaño Gosende (BNG)

Suplente: D. Eloy Devesa Puente (BNG)

D. Alberto Rivadulla Salgueiro (PXC)

Suplente: D.ª María López Álvarez (PXC)

4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE, MULLER, DIVERSIDADE E RELACIÓNS VECIÑAIS

<u>Presidenta</u>:

D.ª Lucía Calvo de la Uz (PP)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Vogais:

D. Rogelio Lema Mougán (PP)

Suplente: D.ª María Margarita Rosende Domínguez (PP)

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: D.ª María Vázquez Rey (PP)

D. Juan Jesús Cerqueiro Iglesias (PP)

Suplente: D.ª María Teresa Castro Framil (PP)

D.ª Montserrat Regueiro Cebey (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. Pablo Salgueiro Rodríguez (PSdeG-PSOE)

D.ª Noelia Castaño Gosende (BNG)

Suplente: D. Óscar Antonio Pérez García (BNG)

D.ª María López Álvarez (PXC)

Suplente: D. Alberto Rivadulla Salgueiro (PXC)

5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN, PERSOAL, NOVAS TECNOLOXÍAS E SEGURIDADE CIDADÁ

Presidenta:

D.ª Lucía Calvo de la Uz (PP)

Vogais:

D. Rogelio Lema Mougán (PP)

Suplente: D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos (PP)

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: D. Rogelio Gómez Fernández (PP)

D.ª María Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: D.ª María Vázquez Rey (PP)

D. Pablo Salgueiro Rodríguez (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.ª Mayte Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

D. Óscar Antonio Pérez García (BNG)

Suplente: D.ª Noelia Castaño Gosende (BNG)

D. Alberto Rivadulla Salgueiro (PXC)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Suplente: D.ª María López Álvarez (PXC)

Teo, na data da sinatura dixital
A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz"

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INDISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO EN DETERMINADAS PARTIDAS.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 10 de xullo de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 19 de xullo de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o informe de intervención de data 10/07/2023, no que se propón ao Pleno da Corporación a declaración de indispoñibilidade de crédito en determinadas partidas toda vez que se trata de créditos financiados con ingresos afectados procedentes da venta de terreos que non chegaron a adxudicarse, coa finalidade de non distorsionar negativamente o Remanente de Tesourería da vindeira liquidación.

Considerando que, segundo dito informe de intervención, os créditos anteriores deberían de ser declarados indispoñibles coa finalidade de non exceder o gasto do capítulo 6 neste exercicio 2023, debendo realizarse tal declaración nos termos que indica o artigo 33 do RD 500/1990, de 20 de abril.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión de Facenda e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar como non dispoñibles os seguintes créditos do estado de gastos do Orzamento Municipal de 2022 prorrogado a 2023 por tratarse de créditos afectados a venta de parcelas que non chegaron a adxudicarse:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PARTIDA	CREDITO A DECLARAR INDISPOÑIBLE
450/619.01	210.000€-68.126,93€=141.873,07€
933/681.00	250.000€
161/619.00	315.000€
TOTAL	**706.873,07€**

Segundo.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos municipais coa finalidade de que se realicen as anotacions contables pertinentes.

Teo, 10 de xullo de 2023
A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz"

A sra. alcaldesa explica que, como xa se expuxo na Comisión Informativa, era unha cuestión recorrente do anterior executivo local e nestes catro anos so se vendeu unha parcela o cal desvirtúa o orzamento. Salienta que como foi unha das razón polas que o Partido Popular votaba en contra dos orzamentos, o lóxico é declarar a indispoñibilidade.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do PXC, sr. Rivadulla, sinala que eses presupostos de ingresos xa estaban condicionados no propio orzamento, porén se o goberno quere facelo así é unha elección deles e lles parece ben.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen sinala que dende o seu grupo entenden que non se trataba dunha partida realista, porén non entenden que a poucos meses de que o goberno municipal faga o seu orzamento se fagan estas cousas, razón pola cal se van a abster.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen sinala que entenden que non se produciu o ingreso dos seiscentos e pico mil euros que estimaba e tiña previsto o sr. Sisto, engadindo que quere facer unha pregunta que lle fixeron algúns veciños. Di a sra. Argibay que eses cartos estaban adscritos a determinadas obras, concretamente o

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

afirmado e acondicionamento de Bustelo e Espasande e o abastecemento en Campos de Mirabel. Pregunta a sra. Argibay se estas obras se van a realizar, se hai algunha forma de realizalas ou se se vai a esperar para máis adiante.

A sra. alcaldesa sinala que en principio se van a acometer, pero no 2024, porque era unha forma de inflar os orzamentos, non era real, e polo tanto non se pode dispoñer duns cartos que so valeron para xerar crédito.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Declarar como non dispoñibles os seguintes créditos do estado de gastos do Orzamento Municipal de 2022 prorrogado a 2023 por tratarse de créditos afectados a venta de parcelas que non chegaron a adxudicarse:

PARTIDA	**CREDITO A DECLARAR INDISPOÑIBLE**
450/619.01	**210.000€-68.126,93€=141.873,07€**
933/681.00	**250.000€**
161/619.00	**315.000€**
TOTAL	**706.873,07€**

<u>Segundo.-</u> Dar conta do presente acordo aos servizos económicos municipais coa finalidade de que se realicen as anotacions contables pertinentes.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 12 de xullo de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, persoal, novas tecnoloxías e seguridade cidadá, do 19 de xullo de 2023.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

De acordo co disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear ós/ás concelleiros/as que se detallan a continuación, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- Consello Escolar do I.E.S. de Cacheiras: Dna. Montserrat Regueiro Cebey
- Consello Escolar do C.E.I.P. de Calo: Dna. Mayte Argibay da Silva
- Consello Escolar do C.E.I.P. A Ramallosa: Dna. María Vázquez Rey
- Consello Escolar do C.E.I.P. dos Tilos: Dna. María Vázquez Rey
- Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado): Dna. María Vázquez Rey
- Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais: Dna. Noelia Castaño Gosende
- Comisión de baremación das Escolas infantís Municipais: Dna. María Vázquez Rey

Segundo.- Nomear como representante da Corporación no Proxecto "Parque Compostela rupestre" a Dna. Mª Margarita Rosende Domínguez.

Terceiro.- Nomear como representante da Corporación na Mancomunidade de Municipios de Santiago de Compostela a Dna. Lucía Calvo de la Uz.

Cuarto.- Nomear como representante da Corporación nas Xuntas de Compensación dos SAUR a Dna. Lucía Calvo de la Uz.

Quinto.- Nomear como representante da Corporación no GDR "Terras de Compostela" a D. Rogelio Lema Mougán.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ás/aos concelleiras/os e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Lucía Calvo de la Uz"
Preguntado pola sra. alcaldesa, os grupos políticos non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 1 PXC) e tres abstencións (3 BNG), acorda:

Primeiro.- Nomear ós/ás concelleiros/as que se detallan a continuación, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- **Consello Escolar do I.E.S. de Cacheiras: Dna. Montserrat Regueiro Cebey**
- **Consello Escolar do C.E.I.P. de Calo: Dna. Mayte Argibay da Silva**
- **Consello Escolar do C.E.I.P. A Ramallosa: Dna. María Vázquez Rey**
- **Consello Escolar do C.E.I.P. dos Tilos: Dna. María Vázquez Rey**
- **Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado): Dna. María Vázquez Rey**
- **Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais: Dna. Noelia Castaño Gosende**
- **Comisión de baremación das Escolas infantís Municipais: Dna. María Vázquez Rey**

Segundo.- Nomear como representante da Corporación no Proxecto "Parque Compostela rupestre" a Dna. Mª Margarita Rosende Domínguez.

Terceiro.- Nomear como representante da Corporación na Mancomunidade de Municipios de Santiago de Compostela a Dna. Lucía Calvo de la Uz.

Cuarto.- Nomear como representante da Corporación nas Xuntas de Compensación dos SAUR a Dna. Lucía Calvo de la Uz.

Quinto.- Nomear como representante da Corporación no GDR "Terras de Compostela" a D. Rogelio Lema Mougán.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ás/aos concelleiras/os e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2024.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 12 de xullo de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, persoal, novas tecnoloxías e seguridade cidadá, do 19 de xullo de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2024

Visto o disposto nos arts. 37.2 do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2024.

Vista a tradición deste Concello, que vén fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño, e en consecuencia co anteriormente exposto, propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2024 os seguintes días:

- 9 de maio (A Ascensión)

- 11 de novembro (San Martiño)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz"

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Preguntado pola sra. alcaldesa, os grupos políticos non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (9 PP, 3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda:
Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2024 os seguintes días:

- 9 de maio (A Ascensión)

- 11 de novembro (San Martiño)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.

7.- PROPOSICIÓN DA ALCALDIA DE CONCESIÓN DE COMPATIBILIDADE AO CONCELLEIRO D. ANGEL BARREIRO RODRIGUEZ.

Ao tratarse dun asunto non ditaminado por Comisión Informativa, antes de entrar no debate e votación do asunto, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

A sra. alcaldesa da conta da proposición do 19 de xullo de 2023, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Concesión da compatibilidade ao concelleiro Ángel Barreiro Rodríguez

Considerando que a Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2023 resolveu nomear a Ángel Barreiro Rodríguez concelleiro de Desenvolvemento industrial e Economía local.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Considerando que o Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do 30.06.2023 aprobou a dedicación parcial, cunha dedicación do 50% da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a Concellaría de Desenvolvemento industrial e Economía Local.

Vista a documentación que obra no expediente tramitado ao efecto.

Tendo en conta que concorren razóns de urxencia que motivan a presente proposta, coa fin de que o concelleiro poda realizar as funcións que lle foron encomendadas no seu día e deste xeito non se vexa paralizada a actividade na área de xestión da súa competencia.

Consecuentemente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Ángel Barreiro Rodríguez, concelleiro de Desenvolvemento industrial e Economía local deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a compatibilidade co seu actual emprego por conta allea nunha empresa privada, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, asi como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares,

nos asuntos en que estea intervindo, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado ao interesado, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade.

Teo, 19 de xullo de 2023

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do PXC, sr. Rivadulla, sinala que lles choca un pouco que a concelleira de educación desenvolva a súa actividade privada nun gabinete de pseudo-educativo, engadindo que esta é a única coincidencia que ven neste sentido.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que isto debería ser un algo máis falado con más transparencia, para saber un pouco a que se dedica cada un, non vaia a ser que exista algunha incompatibilidade, e ao non ter esa información non poden dar un voto a favor.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fai uso da súa quenda de intervención.

A sra. alcaldesa sinala que transparencia todo o da mundo, de feito sométese a Pleno, tratándose simplemente de dar cumprimento á normativa que esixe iso, resultando que eles poden cumprir co cincuenta por cen da xornada, sen entender moi ben o que quixo dicir o concelleiro do PXC.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do PXC, sr. Rivadulla, sinala que é unha coincidencia que traballe nesa rama educativa e vaia a ser a concelleira de educación.

A sra. alcaldesa sinala que iso é algo positivo

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que reitera o dito, xa que a sra. alcaldesa dixo que está todo aquí, pero para unha compatibilidade de cargos a eles lles gustaría saber, por exemplo, para poder dar un voto a favor, se un concelleiro de empresa ten relacións con empresas que traballan co Concello ou se ten relación con empresas que vaian a desenvolver o polígono industrial, e demais cousas. Sinala o sr.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Devesa que como esa información non a teñen, entenden que teñen dereito a compatibilizar dous traballos, porén, ante esa falta de información, non poden dar un voto de confianza *a priori.*

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fai uso da súa quenda de intervención.

A sra. alcaldesa di que se as/os concelleiras/os teñen moito interese, como non hai nada que ocultar, poden preguntar por rexistro o que consideren oportuno.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Ángel Barreiro Rodríguez, concelleiro de Desenvolvemento industrial e Economía local deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a compatibilidade co seu actual emprego por conta allea nunha empresa privada, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, asi como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que estea intervindo, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado ao interesado, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

8.- PROPOSICIÓN DA ALCALDIA DE CONCESION DE COMPATIBILIDADE Á CONCELLEIRA DNA. MARIA VAZQUEZ REY.

Ao tratarse dun asunto non ditaminado por Comisión Informativa, antes de entrar no debate e votación do asunto, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

A sra. alcaldesa da conta da proposición do 19 de xullo de 2023, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Concesión da compatibilidade á concelleira María Vázquez Rey

Considerando que a Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2023 resolveu nomear a María Vázquez Rey concelleira de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade.

Considerando que o Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do 30.06.2023 aprobou a dedicación parcial, cunha dedicación do 50% da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a Concellaría de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade.

Vista a documentación que obra no expediente tramitado ao efecto.

Tendo en conta que concorren razóns de urxencia que motivan a presente proposta, coa fin de que a concelleira poda realizar as funcións que lle foron encomendadas no seu día e deste xeito non se vexa paralizada a actividade na área de xestión da súa competencia.

Consecuentemente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a María Vázquez Rey, concelleira de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

compatibilidade coa súa actual actividade sanitaria por conta propia, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, asi como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que estea intervindo

interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado á interesada, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade.

Teo, 19 de xullo de 2023

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

A sra. alcaldesa explica que é o mesmo, tendo polo tanto as/os concelleiras/os toda a documentación, podendo solicitar calquera información que precisen a maiores sen ningún problema. Salienta a sra. alcaldesa que se esta cumprindo a norma con total transparencia.

Preguntado pola sra. alcaldesa, os grupos políticos non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PRIMEIRO.- Recoñecer a María Vázquez Rey, concelleira de Educación, Muller, Igualdade e Diversidade deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a compatibilidade coa súa actual actividade sanitaria por conta propia, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, asi como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que estea intervindo interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado á interesada, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, a sra. alcaldesa, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se se vai a presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PXC.

O concelleiro do PXC, formula os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Rivadulla di que hai unha cuestión que lles preocupa, que é o da canteira. Explica que estes días saíu nas redes sociais, non nun medio oficial, pero si que saíu,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

unha nova dicindo que se vai a pechar a pista da canteira. Sinala o sr. Rivadulla que descoñecen cando a sra. alcaldesa soubo esa información e queren preguntar se o resto da Corporación non tería dereito, nun tema tan importante coma este, de estar informados e ao día.

A sra. alcaldesa explica que a comunicación previa, que é o que ten que facer a empresa agora mesmo, ao parecer chegou ao Concello hai varios meses, cando ela non era alcaldesa, nin sequera era candidata. Sinala que, loxicamente, agora mesmo hai unha sentenza firme segundo a cal a pista da canteira é propiedade da empresa, polo que teñen dereito a pechala, resultando ademais que máis que un dereito é unha obriga legal. Explica que se trata dunha obriga porque hai unha comunicación por parte de D.ª Uxía Lemus, a anterior portavoz do PSOE, conforme alí había un vertedoiro descontrolado, o cal era certo. Unha vez que se comunica iso e se pon en coñecemento das autoridades pertinentes, para evitar que nesa estrada siga habendo un vertedoiro descontrolado, obrigan a pechala.

A sra. alcaldesa explica que ela tivo unha reunión coa empresa, pois pensa que como alcaldesa debe de recibir a todo o mundo, pois é a súa obriga, e non sabe si querían vir a presentarse ou o que fora, pero o caso é que a reunión discorreu coa secretaria e co arquitecto, a modo un pouco testemuñal. Explica que a empresa só viña a comunicar que ían a proceder ao peche, algo que nin tan sequera tiñan por que comunicar, pois xa fixeran unha comunicación previa había meses, polo tanto dende o goberno municipal non poden dicir nada, nin a favor nin en contra, pois están no seu dereito.

A sra. alcaldesa explica que despois diso chamou á Plataforma, pois é unha cuestión social, e explicoulles o mesmo que está a dicir agora no Pleno. Sinala a sra. alcaldesa que está aberta a todas as preguntas que se queiran facer, ou se queren as/os concelleiras/os, nalgún momento, se hai algunha reunión máis, asistir á mesma, como membros que son da Corporación.

Salienta a sra. alcaldesa que simplemente se tratou diso, engadindo que de feito a propia Plataforma fixo unha publicación. Di a sra. alcaldesa que lle sorprende que se lle

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

faga esa pregunta porque a sra. López, que estaba no executivo anterior, debería de saber desa comunicación.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/os concelleira/os do BNG formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- O sr. Devesa sinala que presentaron un par de preguntas polo rexistro, sobre un par de temas que lle consultaron os veciños. Un deles é sobre unha reestruturación dun parque da Casa común de Solláns. Non saben se isto é programado de antes, se é algo novo, engadindo que simplemente é algo que os veciños comentan e preguntan se hai algún informe técnico no que se basee esa reestruturación do xardín, porque xusto no entorno vive xente con problemas de respiración e o que comentan é que xusto quedou a única árbore que solta unha cantidade de pole incrible.

A sra. alcaldesa di que dende esa asociación solicitan o permiso ao concello, e o 8 de abril procédese á tala. Non hai ningún criterio, descoñece por que se autorizou ou se deixou de autorizar, simplemente o único que hai é unha solicitude dos veciños de cortar as árbores, engadindo que tampouco sabe por que se deixou esa árbore. A sra. alcaldesa invita ao sr. Devesa a que lle pregunte á sra. López, membro do anterior executivo, pero que hoxe non está, pois ela non pode dicir máis ao respecto. Sinala ademais que o sr. Devesa na pregunta falaba dos criterios que levaron ao corte, e non o pode respostar.

2.- O sr. Devesa refírese a un tema que sinala que xa levaran ao Pleno, no nadal e no verán pasado, e que se refire aos horarios das bibliotecas, que sempre quedan superreducidos, neste caso só quedaría unha aberta, e a eles en todas as xuntanzas que teñen coa rapazada e non tan rapazada, porque hai xente que prepara oposicións e demais, si que se queixan de que non teñen espazos de estudo e que non teñen a onde acudir.

Sinala o sr. Devesa que a pregunta era que se hai intención de contratar persoal ou reformular o servizo e de ser así se está planificado facelo, de non existir en que se

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

basean para non facelo, e logo unha pregunta xeral ao goberno e ás concellerías que consideran que teñen voz no tema, de se consideran que é importante ou non ter acceso á cultura en vacacións porque están vendo que se está cortando ese acceso, e que opinión lles merece en xeral que a xente se teña que desprazar para estudar a algunhas horas.

A sra. alcaldesa di que o acceso á cultura lles parece importante sempre, todo o ano, non só en vacacións. Sinala que acaban de entrar, como ben saben, non tiveron unha marxe de manobra, porque a contratación non é tan fácil, pois hai uns trámites e unhas cuestións que hai que seguir para facer as cousas ben. É certo que isto se viña facendo ao longo da lexislatura, polo menos a lexislatura que ela estivo de concelleira nos últimos catro anos, e dende logo a idea do goberno municipal era que estiveran abertos os centros todo o ano, que cando esas persoas, loxicamente, teñen dereito a vacacións, haxa ou ben voluntariado ou ben alguén que os substitúa. Explica que teñen que estudar a fórmula, que o están mirando, para cubrir ese tempo e que o persoal poida ter vacacións e a cidadanía acceso aos centros todo o ano, xa que niso están completamente de acordo. A sra. alcaldesa insiste en que tamén teñen que entender que precisan dunha marxe, sobre todo tendo en conta como é a Administración Pública, pois non se caracteriza precisamente pola rapidez.

3.- O sr. Devesa di que, vindo un pouco ao conto do que acaba de dicir a sra. alcaldesa, pois saben que acaban de entrar, pero é un recordatorio porque consideran que nestes plenos iniciais está ben lembrar estas cousas que xa se falaron no seu día. Refírese o sr. Devesa aos espazos de dinamización veciñal, e di que eles xa presentaran unha moción, que saíu aprobada por unanimidade, de que se precisan máis e mantelos en mellores condicións. Salienta o sr. Devesa que todos son conscientes de que hai un déficit de comunicación nas parroquias, e pide que se vaia tendo en conta que estes espazos están fatal e habería que conseguir reformalos dalgún xeito, que hai que poñer máis taboleiros de anuncios nas marquesiñas, en vez de tanto cartel de “prohibido poñer carteis”, e demais cousas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A sra. alcaldesa di que si, que os que están polas aldeas están feitos polvo, engadindo que loxicamente nas marquesiñas é mellor non poñer nada, xa que a lei é moi concreta e moi específica e o descoñecemento non exime da responsabilidade, e non se debería facer. Sinala que non quere iniciar un ataque pero é a verdade, e pediría encarecidamente que se respectase nese sentido.

Explica a sra. alcaldesa que van a abordar a proposta que presentou o BNG na lexislatura pasada e van intentar solucionar o asunto.

4.- A sra. Castaño di que querían informar tamén sobre o mal estado dalgunhas estradas, en concreto en Coira a que une as casas número 41 e 43 está en moi mal estado, de feito esa estrada en costa xa non ten asfalto, son directamente pedras, polo que é bastante perigoso para as/os veciñas/os.

A sra. Castaño refírese tamén á estrada que une Recesende con Luou, e di que tamén está en bastante mal estado, especialmente a zona que vai dende diante da piscina municipal ata o cruce coa Igrexa de Luou e toda a súa prolongación a Espasande.

A sra alcaldesa di que si, que desgraciadamente coñecen os casos, concretamente o de Coira, e de feito a semana que vén vai a visitar os veciños, para ver que accións poden levar alí para mellorar, aínda que sexa temporalmente, ata que se poida meter nun POS, porque efectivamente son conscientes de como está todo o viario, porque leva dezaseis anos esperando. Tratándose do de Recesende, sinala que sabían do mal estado e en canto vaian alí a falar cos veciños darán conta no Pleno.

5.- A sra. Castaño di que veciñas e veciños informáronlles de que na zona de Calo hai varios sinais que indican lugares que están tirados, totalmente arrincados do chan, e outros mesmo pintados con spray por riba, podéndose atopar algúns deles na zona de Carballal. Sinala a sra. Castaño que expón o tema só para informar, pois pensan que é importante repoñelos, e tamén para preguntar se se sabe cando foi isto.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A sra. alcaldesa di que desgraciadamente tamén coñecen do vandalismo e do estado das sinais e da sinaléctica en xeral. Explica que pouco a pouco esperan poder substituílas e poñelas ben, pois hai moitísimas, debéndose ter en conta que o vandalismo e unha cuestión difícil coa que loitar, pero aínda así haberá que ir repoñen e demais.

6.- Refírese a sra. Castaño ás marquesiñas e di que unha delas, a de Raxó, está totalmente invadida de silvas, sendo o acceso nulo. Sinala que a outra está na parroquia de Reis e leva xa bastante tempo así, xusto a que está situada preto da igrexa parroquial, diante dunha leira que está nun nivel inferior, entón a base da marquesiña pouco a pouco foi afundindo e a verdade é que consideran que non é moi segura para as rapazas e os rapaces que a usan durante o curso escolar. Di a sra. Castaño que o comenta para que se tivera coñecemento do tema.

O sr. Guerra pregunta se é a que está fronte a igrexa, respondendo a sra. Castaño que si, que a parte de atrás está inclinada cara atrás e entón está bastante insegura.

A sra. alcaldesa sinala que van tomar nota para tentar emendalo o antes posible, pois entende que esas marquesiñas son do Concello, aínda que tamén hai algunha da Xunta, polo que haberá que mirar e facer unha cousa ou outra. A sra. alcaldesa agradece o aviso.

7.- O sr. Pérez comenta que en Campos de Mirabel, na parroquia de Calo, hai un campo de fútbol no que hai un balado metálico que, segundo di a xente, é bastante baixo e provoca que aos rapaces se lles escape o balón co que están xogando, marcha fora e iso incrementa o risco, sobre todo habendo menores na contorna. Di o sr. Pérez que se trataría de elevar o balado metálico e de intentar solucionalo e pregunta se hai previsión de poder solventalo en breve.

A sra alcaldesa di que de feito xa están niso e cédelle a palabra ao concelleiro de deportes, sr. Gómez.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O sr. Gómez di que estaba roto, cara abaixo, e púxose ben. Explica que o que pasou foi que nun momento determinado pasou un balón por alí e deulle a un neno, que estaba xogando no parque de atrás. Sinala que a altura que ten a portería mais ou menos está ben, pódese dar un pouco máis alto, pero o tema era que estaba a valla baixa e pasou o balón por alí. Salienta que foron por alí e xa o repararon ao día seguinte.

8.- O sr. Pérez di que a veciñanza de Sebe, en Cacheiras, sobre todo as persoas maiores e as que teñen dificultades de mobilidade, quéixanse de que hai poucos bancos para sentarse. Di o sr. Pérez que saben que é unha situación que non é so exclusivamente de alí pero a queixa chegoulles de alí, polo que a pregunta sería se hai algunha previsión de resolver en breves este tema, porque hai unha petición que lles trasladaron os veciños do lugar.

A sra alcaldesa di que si, e que de feito tamén piden un parque para os nenos de alí. Di que no orzamento do 2024 vaise facer unha partida específica para mobiliario urbano, porque hai moitos sitios que demandan bancos, pois como ben dicía o sr. Pérez non é só aí, polo que espera que se poidan facer o antes posible.

9.- O sr. Pérez di que lles comentan que falta iluminación nalgúns lugares da zona de Montouto. Aclara que esta petición xa foi traída en ocasións ao Pleno e foi solventada en parte, instalando algúns reflectores nas farolas, pero segue habendo queixas de que hai lugares que quedan na escuridade. Di o sr. Pérez que o comenta para que se teña en conta.

A sra. alcaldesa explica que contactou con eles precisamente a asociación de veciños de Montouto e estiveron facendo unha prospección para ver os puntos máis problemáticos. Sinala que todo vén desencadeado de que o anterior rexedor quixo que se desconectaran do alumeado público determinadas farolas, engadindo que non vai a entrar nos criterios, porén eles están por proporcionar á xente seguridade, e unha das medidas sería esa, máis luz.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A sra. alcaldesa cédelle a palabra ao concelleiro de relacións veciñais por se quere comentar algo da visita.

O sr. Cerqueiro di que confirma o dito pola sra. alcaldesa, que saben que o tema de luminarias non depende del directamente pero como concelleiro de relacións veciñais si que é un pouco a primeira persoa que accede a esa información. Explica que traballou man a man co concelleiro responsable, sr. Lema, e que quedaron a expensas de solucionalo canto antes, se non está xa.

O sr. Lema sinala que estiveron alí e foron ademais pola noite para ver cales eran as farolas que non funcionaban e as áreas que estaban peor iluminadas, etc. Sinala que estiveron cos membros da Asociación de veciños e efectivamente hai unha serie de farolas, tal e como se confirmou ao día seguinte co técnico de electricidade do Concello, que se desconectaran por orde da Alcaldía porque consideraban que esas zonas que eran privadas. Entende o sr. Lema que ao final son viais públicos e as farolas son do Concello e os veciños precisan ter luz e polo tanto se deu orde para que deran luz a todas esas farolas, e incluso a ver se se poden cambiar algunhas que están con bombillas antigas para bombillas led, e mellorar un pouco a iluminación da zona, debéndose tamén asegurar un par delas, que tiñan a base un pouco frouxa, por algún golpe que lle deberon de dar aparcando.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, formula os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Argibay interésase polo asfaltado da Pedreira, sinala que é unha obra que xa se iniciou neste mandato e que lle chegaron queixas dalgúns veciños, que non sabe se concordan co proxecto previsto, respecto a que o asfaltado está moi próximo a uns peches e a outros non.

2.- A sra. Argibay sinala que tamén nese mesmo trazado, unha vez que se pasa a ponte, produciuse unha escavación moi pronunciada, engadindo que non sabe se se

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

vai a facer algún outro tipo de acometida ou senón pode dar lugar a que algún coche vire por alí.

A sra. alcaldesa di que efectivamente coñecen o tema e que a empresa insiste en que cando ven unha cuneta limpa cambia moito a perspectiva, porén, aínda así, con fondos propios, porque agora mesmo non hai outra opción, se vai a intentar rechear as cunetas e poñer tubo, pero hai que esperar un pouco. Sinala que xa llo fixo saber aos veciños, e de feito desprazouse alí persoalmente. Explica que xa se arranxou tamén, aínda que non estaba contemplado no proxecto inicial, na curva, que queda bastante perigoso porque a un lado hai un tirante e a outro lado a curva con unha cuneta moi pronunciada, polo tanto aí, con fondos propios, xa se vai entubar e a tapar.

Tratándose da aproximación aos peches, sinala a sra. alcaldesa que o criterio é que o que é público ata onde se poida chegar, cementar, pero o que non é non se pode. Entón, hai moita xente, e ela enténdeo, que se queixa, que tamén quere, pero o concello en terreo privado non pode meterse.

2.- A sra Argibay refírese ao novo parque de Luou e di que entende que aínda non está inaugurado, engadindo que en todo caso están en obras e os nenos están xogando por alí, co conseguinte perigo. Pregunta a sra. Argibay se se pensa actuar dalgunha maneira.

A sra. alcaldesa di que mañá mesmo dará indicación á Policía para que precinten ou poñan algunhas vallas. Sinala que descoñecía ese tema, pero que en todo caso tamén entra aí un pouco o criterio dos pais, porque se un parque non está en perfectas condicións ela persoalmente por exemplo á súa filla non lle deixaría usalo.

A sra Argibay pregunta se non se sabe canto se tardará en rematar o parque.

A sra alcaldesa di que o descoñece, pero que o preguntará e tentará contestalo no seguinte pleno.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria

Virginia Fraga Díaz

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 05/07/2024 11:03:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 05/07/2024 11:27:00)
Versión imprimible
CVD: TcWzQD7XYEsfi3sgWuuK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 13/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE SETEMBRO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de setembro de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcaldesa:

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Rogelio Lema Mougán
D. Rogelio Gómez Fernández
D.ª María Margarita Rosende Domínguez
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª María Vázquez Rey
D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos
D. Ángel Barreiro Rodríguez
D.ª Mayte Argibay da Silva
D. Pablo Salgueiro Rodríguez
D.ª Montserrat Regueiro Cebey
D. Eloy Devesa Puente
D.ª Noelia Castaño Gosende
D. Óscar Antonio Pérez García
D.ª María López Álvarez
D. Alberto Rivadulla Salgueiro

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 17/06/2023, E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 22/06/2023.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 882/2023 DO 20.07.2023 Á RES. 1117/2023 DO 21.09.2023)

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA CANDIDATURA DO CONCELLO DE TEO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 2/2023 PARA GASTO CORRENTE

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 12/2023

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA

9.- MOCIÓNS

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, a sra. alcaldesa, sendo as vinte horas e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 17/06/2023, E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 22/06/2023.

Acta da sesión constitutiva do 17 de xuño de 2023

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión constitutiva celebrada o 17 de xuño de 2023.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 22 de xuño de 2023

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 22 de xuño de 2023.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 882/2023 DO 20.07.2023 Á RES. 1117/2023 DO 21.09.2023).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de xullo ata o 21 de setembro de 2023, que comprenden os números 882 ao 1117.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA CANDIDATURA DO CONCELLO DE TEO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao concelleiro de servizos sociais, familia, infancia, 3ª idade e relacións veciñais, D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos.

O sr. Cerqueiro da conta da proposta da Alcaldía, do 15 de setembro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de servizos sociais, igualdade, muller, diversidade e relacións veciñais do 21 de setembro de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA
Renovación da candidatura do Concello de Teo
como Cidade Amiga da Infancia

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A iniciativa *Cidades Amigas da Infancia*, liderada por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), ratificada polo noso país en 1990, no ámbito dos Gobernos Locais.

Cidades Amigas da Infancia ten como visión que todo neno, nena e adolescente goce da súa infancia e adolescencia e desenvolva todo o seu potencial a través da realización igualitaria dos seus dereitos nas súas cidades e comunidades. Co fin de facer realidade esta visión, os gobernos locais e os seus socios identifican as súas metas (resultados) nas cinco esferas de obxectivos xerais, que recollen os dereitos contidos na Convención sobre os Dereitos do Neno. Desta forma unha cidade ou concello conta cunha gobernanza amiga da infancia, ao traballar para alcanzar estes obxectivos:

Cada neno, nena e adolescente é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades;

As voces, necesidades e prioridades de cada neno e nena escóitanse e considéranse nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan;

Todos os nenos e nenas teñen acceso a servizos esenciais de calidade;

Todos os nenos e nenas viven en contornas seguras e limpas;

Todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de gozar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario UAM-UNICEF de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA) e UNICEF Comité Español.

A través do Recoñecemento *Cidade Amiga da Infancia*, UNICEF Comité Español destaca a aqueles gobernos locais comprometidos cos cinco obxectivos de dereitos anteriores, que aplican a nivel local un modelo de xestión desde un enfoque de dereitos do neno, e que o fan baixo un sistema de gobernanza que favoreza a coordinación interna e externa, que promova e xere mecanismos reais de participación infantil e adolescente e que conte cunha estratexia a longo prazo

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

para incorporar á infancia e adolescencia no centro das políticas e accións impulsadas desde os gobernos locais.

O Concello de Teo obtivo o recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia con data 25 de outubro de 2018 para o período 2018-2022, comprometéndose mediante a sinatura dun convenio de colaboración con UNICEF Comité Español con data 19 de febreiro de 2019 no cumprimento dos compromisos adquiridos.

Considerando que o camiño iniciado ten contribuído de xeito moi satisfactorio á mellora dos dereitos da infancia e adolescencia no noso Concello, e tendo en conta que o enfoque de dereitos na política local beneficia tamén ao resto de cidadanía; considerando, ademais, que o noso municipio cumpre cos requisitos estipulados nas bases da convocatoria aberta por UNICEF Comité Español; e manifestando a nosa vontade de seguir contribuíndo activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos da Infancia na nosa localidade, e que nesta renovación deberán estar alineados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030:

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar a UNICEF Comité Español a iniciación dos trámites para a renovación do Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia, así como contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo UNICEF Comité Español para o seu coñecemento e efectos oportunos".

O sr. Cerqueiro explica que, tendo en conta o cambio de goberno, UNICEF pide que se reitere o compromiso que xa tiña o Concello de Teo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, o portavoz do BNG, sr. Devesa, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, anuncian o voto a favor dos seus respectivos grupos.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Solicitar a UNICEF Comité Español a iniciación dos trámites para a renovación do Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia, así como contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo UNICEF Comité Español para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 2/2023 PARA GASTO CORRENTE.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 15 de setembro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda, asuntos económicos e especial de contas do 21 de setembro de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do POS +ADICIONAL 2/2023 para gasto corrente.

Vista a Circular da Deputación Provincial de A Coruña para a elaboración do POS +ADICIONAL 2/2023 para gasto corrente e investimento, pola que se asigna un importe de 681.676,76€ ao concello de Teo.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en data 04/08/2023, sobre previsión de gastos correntes 2023, segundo o Anexo IV.

Tomando en consideración a necesidade que ten o concello de Teo de obter crédito para financiar os gastos que afectan ao servizo de alumeado público, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2023"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	681.676,78€

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	**Deputación**	**Concello**	**IVE Soportado deducible**	**Total concello**	**Orzamento Total**
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	681.676,78€				681.676,78€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
TOTAL	681.676,78€				681.676,78€

Segundo.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos gastos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

Terceiro.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Cuarto.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Quinto.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, refírese á existencia dunha transferencia de crédito para incrementar os salarios.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen sinala que en principio dende o seu grupo non van a marcar liñas roxas en relación co manexo do orzamento.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen anuncia o apoio do seu grupo.

A sra. alcaldesa explica que o incremento foi sobre os salarios existentes no anterior executivo, sen que en ningún caso solucione o estado das contas. Dirixíndose á sra. López dille que tamén se incrementou o da oposición invitando a esta concelleira a que, se lle preocupa, renuncia a elo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que reitera que o que di é un feito, sinalando que o Pleno onde se debateron os salarios existía unha transferencia dese capítulo.

Os grupos municipais do BNG e o do PSdeG-PSOE, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

A sra. alcaldesa reitera que non era unha transferencia de crédito, senón que son bolsas vinculadas que se fan entre capítulos, por iso pasa por Pleno. Dirixíndose á sra. López, dille que ao 15 % pode renunciar cando queira.

A sra. López di que aínda non cobrou nada.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con catorce votos a favor (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 PXC) e tres abstencións (3 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	681.676,78€

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	681.676,78€				681.676,78€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
TOTAL	681.676,78€				681.676,78€

<u>Segundo</u>.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos gastos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

<u>Terceiro</u>.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

<u>Cuarto</u>.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

<u>Quinto</u>.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 4 de setembro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda, asuntos económicos e especial de contas do 21 de setembro de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2022, formada segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e co contido sinalado no artigo 209.

Considerando que devandita Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, na súa sesión celebrada en data 13/06/2023.

Tendo en conta que a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022 estivo exposta ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 117, de data 21/06/2023, podendo as persoas interesadas presentar reclamacións, reparos ou observacións durante devandito prazo de quince días hábiles.

Considerando que durante o prazo legalmente establecido non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no informe emitido polos servizos xerais.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2022.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2022, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro".

A sra. alcaldesa sinala que se trata dun trámite de obriga cumprimento, sendo a conta xeral unha foto fixa da xestión do ano 2022.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, anuncia o seu voto a favor, solicitando que conste en acta que o aforro neto é positivo e a porcentaxe de endebedamento está por debaixo do permitido.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen anuncia a abstención do seu grupo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que o tempo dirá se a sra. alcaldesa pode facer unhas contas así.

O portavoz do BNG, sr. Devesa, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

A sra. alcaldesa di que a análise da conta non a fai o PP senón o departamento de intervención, engadindo que en todo caso ela espera non presentar unhas contas como as do anterior executivo, porque espera facer unha boa xestión.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con once votos a favor (9 PP e 2 PXC) e seis abstencións (3 PSdeG-PSOE e 3 BNG) acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

<u>Primeiro</u>.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2022.

<u>Segundo</u>.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

<u>Terceiro</u>: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2022, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 12/2023.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 14 de setembro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 21 de setembro de 2023.

"<u>PROPOSTA DE ALCALDÍA</u>

Considerando a necesidade de proceder á aplicación ao Orzamento do pago dos xuros corrrespondentes á operación de préstamo que o concello ten concertada co Banco Sabadell, que se viron incrementados sustancialmente durante o ano 2023 debido á subida do Euribor.

Considerando que no Orzamento de 2022 prorrogado, non existe crédito axeitado e suficiente na bolsa de vinculación xurídica nin na mesma área de gasto para dotar do crédito necesario á partida 011/310.00, para financiar o gasto descrito.

Considerando que na partida 340/227.99 existe crédito suficiente para realizar a cesión por importe de 16.500,00€.

PROPOÑO ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º.-Aprobar inicialmente o presente expediente de modificación de créditos, por transferencia de créditos 12/2023 , entre distintas área de gasto, entre as partidas que de seguido se indican:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

AREA DE GASTO 3

PARTIDA A DISMINUIR	DESCRIPCION	IMPORTE
340/227.99	Deportes traballos outras empresas	16.500,00€

AREA DE GASTO 0

PARTIDA A INCREMENTAR	DESCRIPCION	IMPORTE
011/310.00	Xuros prestamos lp.	16.500,00€

2º.- No caso de ser aprobado, dar traslado do mesmo ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, quedando exposto ao pùblico durante 15 días durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións ou suxestións. Se, transcorrido dito prazo, non se tiveran presentado, o presente expediente considerarase definitivamente aprobado".

A sra. alcaldesa explica que ao tratarse dunha transferencia entre capítulos, é competencia do Pleno, porén cando non existe dita transferencia entre capítulos, senón entre bolsas, non é competencia plenaria.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, pregunta que é o que se suprime en deportes ao detraerse eses 16.500 €.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, e sinala que se están facendo malabares co orzamento.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen di que vai a confiar na xestión do equipo de goberno.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que a transferencia de crédito é necesaria para pagar os xuros correspondentes á operación de préstamo que o Concello ten concertada, engadindo que se intentará non prescindir de nada, senón de reducir o gasto.

Sendo as vinte horas e vinte minutos, sae do Salón de Plenos a concelleira do PP, D.ª Mª. Margarita Rosende Domínguez, que se incorpora pasados dous minutos.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Gómez, e sinala que se están buscando alternativas.

A sra. alcaldesa sinala que non se trata de prescindir do servizo de limpeza.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que se van a traballar máis horas por menos diñeiro, entón vaise a privatizar a limpeza.

A sra. alcaldesa reitera que se están buscando alternativas.

A sra. López di que a sra. alcaldesa de facto están dicindo que se vai a privatizar.

A sra. alcaldesa pregúntalle á sra. López que quen dixo que se ía a privatizar, engadindo que poden ser voluntarios.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen sinala que se non se van a minorar espera que tampouco se precaricen os postos de traballo.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fai uso da súa quenda de intervención.

A sra. alcaldesa sinala que para nada se trata diso, porén como virá ao Pleno as/os concelleiras/os estarán informadas/os. Salienta que do que se trata é de gastar mellor.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e oito abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC), acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1º.-Aprobar inicialmente o presente expediente de modificación de créditos, por transferencia de créditos 12/2023 , entre distintas área de gasto, entre as partidas que de seguido se indican:

AREA DE GASTO 3

PARTIDA A DISMINUIR	DESCRIPCION	IMPORTE
340/227.99	Deportes traballos outras empresas	16.500,00€

AREA DE GASTO 0

PARTIDA A INCREMENTAR	DESCRIPCION	IMPORTE
011/310.00	Xuros prestamos lp.	16.500,00€

2º.- No caso de ser aprobado, dar traslado do mesmo ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, quedando exposto ao pùblico durante 15 días durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións ou suxestións. Se, transcorrido dito prazo, non se tiveran presentado, o presente expediente considerarase definitivamente aprobado.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 15 de setembro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 21 de setembro de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

EXP: 2023/X999/000504

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que o imposto sobre construcións, instalacións e obras é un imposto de carácter potestativo, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Visto que con data 30 de marzo de 2023 o Concello de Teo asinou co Servizo Galego de Saúde un convenio de colaboración para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no Concello de Teo. Entre outros compromisos, o Concello a través do citado Convenio comprometeuse a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103.2a) do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% " a favor a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros"

Co cal faise necesario modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras para dar cumprimento a dito compromiso.

Atendendo a que é necesario introducir outras modificacións co fin de adaptar o texto da Ordenanza a normativa legal vixente e establecer unha xestión do imposto máis adaptada as diferentes tipos de construcións, instalacións e obras, segundo se presente declaración ou comunicación previa ou se solicite licenza.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, e tratase dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2.1 a) de xeito que quede redactado como segue:

"Constitúe o feito impoñible do Imposto a realización no termo municipal de Teo, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se exixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Teo".

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do 5.2 de xeito que quede redactado como segue:

"2.-Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quenes soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras ou quenes presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas.

Para a aplicación deste apartado considerarase substituto de primeiro grao ao solicitante da licenza ou quen presente a declaración ou comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza esixirase a presentación da declaración e o ingreso, á empresa que realice a construción, instalación ou obra".

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9 de xeito que quede redactado como segue:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.– *En base ao disposto no artigo 103.2a) do TRLRFL establécese unha bonificación a prol das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración; que se concreta nas seguintes porcentaxes*:

a) Establecese un beneficio fiscal do 90% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primario, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que rexa para a contratación da obra.

b) Terán unha bonificación do 50% da cota ás construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.

c) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

d) Poderán ser bonificadas tamén, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación da cota será:

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Teo, sempre e cando cree emprego.

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Teo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%

Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%

Creación de máis de 20 postos de traballo 95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmoble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os impostos sobre construcións, instalacións e obras que recaian sobre bens inmobles arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

1) Tramitación:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

solicitude, achegará a seguinte documentación:

– Poder de representación, no seu caso.

– Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

– Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.

– Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

– Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

– Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

– Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

– Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

e) Establecese un beneficio fiscal do 95% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primario relacionados coa sanidade.

Para gozar da bonificación a que se refiren os apartados anteriores, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá facerse mediante escrito separado axuntado una memoria ao efecto. Esta solicitude presentarase ao tempo de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza municipal que autorice a súa realización, ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se estas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos anteriormente non surtirá efectos.

Unha vez informada a solicitude e a licenza municipal, ou efectuadas formularase proposta ao Pleno da Corporación aos efectos de determinar se concorren as circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o cal decidirá por maioría simple.

Outorgada se procede a declaración, notificarase ao suxeito pasivo ao mesmo tempo que se xira a correspondente liquidación provisional coa bonificación correspondente.

2.–Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do impos-

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

to, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 50% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

3.–Establécese unha bonificación do 30 % a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal i autonómica sobre a materia.

Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

4.–Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

5.–*As bonificacións previstas neste artigo, esixirán*:

a) Solicitude do interesado.

b) Informe dos Servicios municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Emprego, Medio ambiente) e, en todo caso, informe do Servicio de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello.

c) Acordo da Xunta de Goberno Local e, no seu caso, do Pleno.

6.–As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licenzas *ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se estas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos ante-*

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

riormente non surtirá efectos.

7.–*As bonificacións aplicaranse de acordo ao previsto no artigo 103 do TRLRFL* e serán compatibles, salvo as recollidas no apartado 1 deste artigo que serán incompatibles entre sí, e a recollida no apartado 1 a), que será incompatible con ningunha outra. En todo caso as bonificacións aplicadas de forma acumulativa neste artigo en ningún caso poderán exceder do 75% da cota íntegra.

CUARTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 10 de xeito que quede redactado como segue:

"Artigo 10 º. Normas de xestión

O procedemento de xestión do tributo será diferenciado en función do tipo de obra do que se trate:

10.1.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Establécese o réxime de autoliquidación do imposto para o suposto de realización de construcións, instalacións e obras para as que se esixa declaración responsable ou comunicación previa. Nestes supostos os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a autoliquidación no modelo facilitado pola Administración, xunto co xustificante de ter ingresado nas contas municipais a cota resultante, no momento de presentación da comunicación previa ou declaración responsable.

Cando non se teña presentado comunicación previa ou declaración responsable, a autoliquidación e o xustificante de ingreso, presentarase no prazo de 15 días hábiles dende o inicio da construción, instalación e obra.

O importe a autoliquidar será o resultado de aplicar o tipo de gravame á base impoñible.

O servizo de urbanismo determinará posteriormente a correcta determinación da base impoñible, así poderá ditarse unha liquidación provisional modificando a autoliquidación nos supostos nos que se aprecie un erro na confección da mesma, xa sexa aritmético ou formal, que determine unha errónea estimación da base impoñible ou do tipo de gravame, sen prexuízo da ulterior comprobación da obra efectivamente executada para efectuar a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

liquidación definitiva do imposto.

O servizo municipal de urbanismo comunicará aos servizos económicos os actos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, aos efectos de coñecer aqueles actos suxeitos a tributación.

Nos supostos de obras menores que desexen acollerse ás bonificacións contidas no art. 9 da presente Ordenanza, non será de aplicación o réxime de autoliquidación, someténdose ao réxime de liquidación administrativa previsto no parágrafo seguinte para as obras maiores.

10.2.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística

Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que acompañan a aquela deducirase a base impoñible do imposto. De non mediar solicitude licenzaantes do inicio das obras, a conducta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta Ordenanza.

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non se solicitase, concedese ou denegase aínda a devandita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta. Dita liquidación deberá ser notificada ó suxeito pasivo nos termos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

A base impoñible para esta liquidación determinarase en función do presuposto presentado polos interesados. Noutro caso, a base impoñible será determinada pola oficina técnica municipal en función dos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo da mesma.

10.3 Cando se modifique o proxecto de construción, instalación ou obra, e supoña un incremento do número de unidades do proxecto, unha vez aceptada a modificación pola

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Administración Municipal, practicarase liquidación complementaria.

10.4 .-Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa por parte dos servizos de urbanismo, modificará, no seu caso, a base impoñible a que se refire o apartado primeiro practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo o suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

10.5.-Ó efecto do precedente apartado, a data de finalización das construcións, instalacións ou obras será a que se determine por calquera medio de proba admitido en dereito e, en particular:

a) Cando sexan de nova planta, a partires da data de expedición do certificado final de obra subscrito polo facultativo ou facultativos competentes, e a falta deste documento, dende a data de notificación da licenzade nova ocupación.

b) Nos demais casos, a partires da data de expedición do certificado final de obra nas condicións do apartado anterior ou, a falta de este, dende que o titular da licenza comunique ó Concello a finalización das obras.

En defecto dos citados documentos, tomarase a tódolos efectos como data de terminación a que resulte de calquera comprobación desta situación por parte da Administración Municipal.

10.6 No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

10.7 Naqueles supostos nos que, durante a realización das construcións, instalacións ou obras, se produzan cambios nas persoas ou entidades que puideran ser suxeitos pasivos do imposto, a liquidación definitiva, a que se refire o artigo anterior, practicarse ao que ostente a condición de suxeito pasivo no momento de terminarse aquelas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

QUINTO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

SEXTO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Teo, 15 de setembro de 2023

A alcaldesa

Asdo.: Lucía Calvo de la Uz

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Artigo 1.º . Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º . Feito impoñible

1.- *Constitúe o feito impoñible do Imposto a realización no termo municipal de Teo, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se exixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Teo*

2.-Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito impoñible definido no apartado anterior; e en particular as seguintes:

a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.

b) As obras de modificación ou de reforma que afecten a estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.

c) As obras provisionais.

d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.

e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servicios públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.

f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.

h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servicios públicos, calquera que sexa seu emprazamento.

i) Os usos e instalacións de carácter provisorio.

l) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.

ll) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servicios públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.

m) A realización de calquera outra actuación establecida polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipais, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

n) Derrubamentos.

ñ) Aliñacións e rasantes.

o) As que se realicen en cemiterios.

p) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra o urbanística.

3.-Quedan tamén incluídas no feito impoñible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

Artigo 3º . Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitas ao imposto regulado na presente ordenanza:

a) As obras, construcións e instalacións que, debendo ser entregadas ao Patrimonio

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Municipal, fosen executadas por outras administracións públicas en virtude de convenio de colaboración ou cooperación co Concello.

b) as obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servicio público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.

c) as obras que consistan en construción e reconstrución de muros, como consecuencia da necesidade de ensanche das vías públicas se efectuouse a cesión gratuíta dos terreos polos propietarios.

d) as obras, construcións e instalacións que promova dentro do termo municipal de Teo a Mancomunidade de Concellos de Compostela

e) A execución de obras de urbanización realizadas polos propietarios afectados, sempre e cando se entreguen posteriormente ao Patrimonio municipal.

f) as obras realizadas nos centros públicos e nos centros privados concertados sempre que estas se realicen nos niveis de educación obrigatoria.

Artigo 4º . Exencións

Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a carreteiras, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 5.º . Suxeitos pasivos e substitutos do contribuínte

1.-Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58 /2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmoble sobre o que se realicen aquelas.

Os efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quenes soporten os gastos ou costos que comporten a súa realización.

2.- *Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de*

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quenes soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras ou quenes presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas.

Para a aplicación deste apartado considerarase substituto de primeiro grao ao solicitante da licenza ou quen presente a declaración ou comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza esixirase a presentación da declaración e o ingreso, á empresa que realice a construción, instalación ou obra

3.-O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 6.º . Base impoñible

A base impoñible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

Artigo 7.º . Tipo de gravame e cota tributaria

1.-A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base impoñible os seguintes tipos de gravame:

a) Tipo xeral: 2 %.

b) Construcións, instalacións e obras en solo industrial: 2,5 %

c) Construción de edificacións plurifamiliares, vivendas colectivas ou promocións que na solicitude de licenza conteñan mais dunha vivenda unifamiliar: 3%

2.-A cota líquida do Imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar a cota as bonificacións que establecesen no artigo 9.º desta ordenanza.

Artigo 8.º . Devindicación do imposto

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.-A obriga de contribuír nace no intre de se comeza a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda.

2.-Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local

Artigo 9.º . Bonificacións

1.– *En base ao disposto no artigo 103.2a) do TRLRFL establécese unha bonificación a prol das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración; que se concreta nas seguintes porcentaxes*:

a) Establecese un beneficio fiscal do 90% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primario, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que rexa para a contratación da obra.

b) Terán unha bonificación do 50% da cota ás construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.

c) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

municipal.

d) Poderán ser bonificadas tamén, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación da cota será:

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Teo, sempre e cando cree emprego.

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Teo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%

Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%

Creación de máis de 20 postos de traballo 95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmoble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os impostos sobre construcións, instalacións e obras que recaian sobre bens inmobles arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

1) Tramitación:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilítante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

– Poder de representación, no seu caso.

– Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

– Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.

– Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilítante para o exercizo da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

– Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

– Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

– Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

– Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

e) Establecese un beneficio fiscal do 95% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primario relacionados coa sanidade.

Para gozar da bonificación a que se refiren os apartados anteriores, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá facerse, mediante escrito separado axuntado unha memoria ao efecto. Esta solicitude presentarase ao tempo de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza municipal que autorice a súa realización, ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se estas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos anteriormente non surtirá efectos.

Unha vez informada a solicitude e a licenza municipal, ou efectuadas formularase pro-

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

posta ao Pleno da Corporación aos efectos de determinar se concorren as circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o cal decidirá por maioría simple.

Outorgada se procede a declaración, notificarase ao suxeito pasivo ao mesmo tempo que se xira a correspondente liquidación provisional coa bonificación correspondente

2.–Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 50% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

3.–Establécese unha bonificación do 30 % a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal i autonómica sobre a materia.

Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

4.–Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

5.– *As bonificacións previstas neste artigo, esixirán*:

a) Solicitude do interesado.

b) Informe dos Servicios municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Emprego, Medio ambiente) e, en todo caso, informe do Servicio de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello.

c) Acordo da Xunta de Goberno Local e, no seu caso, do Pleno.

6.–As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licenzas *ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se estas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos anteriormente non surtirá efectos.*

7.– *As bonificacións aplicaranse de acordo ao previsto no artigo 103 do TRLRFL* e serán compatibles, salvo as recollidas no apartado 1 deste artigo que serán incompatibles entre si, e a recollida no apartado 1 a), que será incompatible con ningunha outra. En todo caso as bonificacións aplicadas de forma acumulativa neste artigo en ningún caso poderán exceder do 75% da cota íntegra

Artigo 10 º. Normas de xestión

O procedemento de xestión do tributo será diferenciado en función do tipo de obra do que se trate:

10.1.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Establécese o réxime de autoliquidación do imposto para o suposto de realización de construcións, instalacións e obras para as que se esixa declaración responsable ou comunicación previa. Nestes supostos os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a autoliquidación no modelo facilitado pola Administración, xunto co xustificante de ter ingresado nas contas municipais a cota resultante, no momento de presentación da comunicación previa ou declaración responsable.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Cando non se teña presentado comunicación previa ou declaración responsable, a autoliquidación e o xustificante de ingreso, presentarase no prazo de 15 días hábiles dende o inicio da construción, instalación e obra.

O importe a autoliquidar será o resultado de aplicar o tipo de gravame á base impoñible.

O servizo de urbanismo determinará posteriormente a correcta determinación da base impoñible, así poderá ditarse unha liquidación provisional modificando a autoliquidación nos supostos nos que se aprecie un erro na confección da mesma, xa sexa aritmético ou formal, que determine unha errónea estimación da base impoñible ou do tipo de gravame, sen prexuízo da ulterior comprobación da obra efectivamente executada para efectuar a liquidación definitiva do imposto.

O servizo municipal de urbanismo comunicará aos servizos económicos os actos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, aos efectos de coñecer aqueles actos suxeitos a tributación.

Nos supostos de obras menores que desexen acollerse ás bonificacións contidas no art. 9 da presente Ordenanza, non será de aplicación o réxime de autoliquidación, someténdose ao réxime de liquidación administrativa previsto no parágrafo seguinte para as obras maiores.

10.2.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística

Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que acompañan a aquela deducirase a base impoñible do imposto. De non mediar solicitude licenza antes do inicio das obras, a conducta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta Ordenanza.

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non se solicitase, concedese ou

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

denegase aínda a devandita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta. Dita liquidación deberá ser notificada ó suxeito pasivo nos termos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

A base impoñible para esta liquidación determinarase en función do presuposto presentado polos interesados. Noutro caso, a base impoñible será determinada pola oficina técnica municipal en función dos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo da mesma.

10.3 Cando se modifique o proxecto de construción, instalación ou obra, e supoña un incremento do número de unidades do proxecto, unha vez aceptada a modificación pola Administración Municipal, practicarase liquidación complementaria.

10.4 .-Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa por parte dos servizos de urbanismo, modificará, no seu caso, a base impoñible a que se refire o apartado primeiro practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo o suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

10.5.-Ó efecto do precedente apartado, a data de finalización das construcións, instalacións ou obras será a que se determine por calquera medio de proba admitido en dereito e, en particular:

a) Cando sexan de nova planta, a partires da data de expedición do certificado final de obra subscrito polo facultativo ou facultativos competentes, e a falta deste documento, dende a data de notificación da licenza de nova ocupación.

b) Nos demais casos, a partires da data de expedición do certificado final de obra nas condicións do apartado anterior ou, a falta de este, dende que o titular da licenza comunique ó Concello a finalización das obras.

En defecto dos citados documentos, tomarase a tódolos efectos como data de terminación a que resulte de calquera comprobación desta situación por parte da Administración Municipal.

10.6 No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

10.7 Naqueles supostos nos que, durante a realización das construcións, instalacións ou obras, se produzan cambios nas persoas ou entidades que puideran ser suxeitos pasivos do imposto, a liquidación definitiva, a que se refire o artigo anterior, practicarse ao que ostente a condición de suxeito pasivo no momento de terminarse aquelas

Artigo 11.º . Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 12 de novembro de dous mil catro. Comezará a rexer a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

ANEXO

1.-Obra menor:

1.1. Demolición de muros: 14,89 euros/m^2.

1.2. Demolición de tabiques: 3,96 euros/m^2.

1.3. Levantado de solainas: 4,33 euros/m^2.

1.4. Picado de azulexados e revestimentos: 5,19 euros/m^2.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.5. Demolición de forxados: 9,69 euros/m^2.

1.6. Demolición completa 9,37 euros/m^2.

2.-Movemento de terras:

2.1. Escavación de gabias: 7,76 euros/m^3.

2.2. Escavcación de vaciado: 2,14 euros/m^3

2.3. Recheo de gabias: 11,12 euros/m^3.

2.4. Recheo de ceo aberto: 6,42 euros/m^3.

2.5. Carga e transporte de terras a vertedeiro: 4,36 euros/m^3.

2.6. Tubos de canalización: 3,64 euros/m.

3.-Peches:

3.1. Peche de estacas e arame: 3,64 euros/m.

3.2. Peche de tea: 19,33 euros/m.

3.3. Peche de zócalo fábrica e tea: 31,11 euros/m.

3.4. Peche de fábrica h. 1 m: 23,51 euros/m.

3.5. Peche de zócalo fábrica e celosía: 44,99 euros/m.

3.6. Peche de cachotería e celosía: 72,62 euros/m.

3.7. Peche de cachotería e reixa: 34,59 euros/m.

3.8. Colocación de columna para contador da luz: 193,61 euros/ud.

4.-Cuberta:

4.1. Demolición de cuberta de fibrocemento: 2,09 euros/m^2.

4.2. Demolición de cuberta de tella: 3,64 euros/m^2.

4.3. Cuberta de fibrocemento: 13,17 euros/m^2.

4.4. Cuberta de tella: 31,11 euros/m^2.

4.5. Cuberta de lousa: 44,99 euros/m^2.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

4.6. Substitución de tella por fibrocemento: 17,30 euros/m^2.

4.7. Substitución de tella por tella: 27,68 euros/m^2.

4.8. Substitución de tella por fibrocemento e tella: 38,07 euros/m^2.

5.-Albanelería:

5.1. Formigón en masa: 8,10 euros/m^3.

5.2. Estructura completa de formigón armado: 57,41 euros/m^2.

5.3. Estructura completa de aceiro: 62,93 euros/m^2.

5.4. Estructura naves de formigón armado: 35,98 euros/m^2.

5.5. Estructura naves metálica: 42,89 euros/m^2

5.6. Soleira: 15,20 euros/m^2.

5.7. Forxado: 48,42 euros/m^2.

5.8. Muro de contención de formigón armado: 51,90 euros/m^2.

5.9. Muro de cachotería: 103,74 euros/m^2.

5.10. Muro de bloque: 24,20 euros/m^2.

5.11. Muro de ladrillo (taboquería): 12,48 euros/m^2.

5.12. Cerramento de dobre folla de ladrillo: 35,93 euros/m^2.

5.13. Celosía, balaustrada: 26,24 euros/m^2.

5.14. Azulexado: 17,30 euros/m^2.

5.15. Solaina: 24,90 euros/m^2.

5.16. Enfoscado: 9,00 euros/m^2.

6.-Pinturas:

6.1. Pintura interior: 4,12 euros/m^2.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

6.2. Pintura exterior: 6,59 euros/m^2.

7.-Galpóns:

7.1. Galpón de bloque ou ladrillo: 141,76 euros/m^2.

7.2. Galpón de madeira: 72,62 euros/m^2.

8.-Carpintería:

8.1. Porta de entrada: 242,09 euros/m^2.

8.2. Porta interior: 107,12 euros/ud.

8.3. Fiestra: 146,85 euros/m^2.

8.4. Fiestra en plano de tellado: 152,21 euros/m^2.

8.5. Peche de balcóns e terrazas con galería: 138,34 euros/m^2.

8.6. Reixa de seguridade e portas e fiestras: 44,99 euros/m^2.

8.7. Fronte de portal: 117,61 euros m^2.

9.-Instalación de fontanería e saneamento:

9.1. Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.): 152,21 euros/ud.

9.2. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.): 200,63 euros/ud.

9.3. Instalación de cociña: 172,89 euros/ud.

9.4. Lavado incluso billame: 172,89 euros/ud.

9.5. Inodoro: 186,75 euros/ud.

9.6. Bidé incluso billame: 141,36 euros/ud.

9.7. Bañera incluso billame: 165,98 euros/ud.

10.-Instalación de electricidade:

10.1. Instalación de electricidade: 1.245,00 euros/ud.

11.-Instalación de calefacción:

11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m^2: 3.804,15/ud. 13,87 euros/m^2.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

12.-Pozos:

12.1. Pozo de barrena: 1.314,14 euros/ud.

12.2. Pozo artesano: 1.729,13 euros/ud.

13.-Depuración:

13.1. Fosa séptica e pozo filtrante: 1.245,00 euros/ud.

14.-Piscinas:

14.1. Piscina completa. Mínimo: 10.374,89 euros/ud.

15.-Pistas:

15.1. Pista deportiva: 69,09 euros/m^2.

15.2. Beirarrúa: 17,99 euros/m^2.

16.-Guindastre:

16.1. Guindastre: 300 euros/ud.

17.-Colocación de andamios:

17.1. Colocación de andamios: 30,00 euros/ud.

2.-Obra maior.

Relación de prezos medios de execución material (m^2 construído).

Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares: 390,08 euros/m^2.

Otros usos en edificio de vivendas plurifamiliares:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 155,10 euros/m^2.

Usos de vivenda unifamiliar: 465,11 euros/m^2.

Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 150,59 euros/m^2.

Edificios con uso exclusivo industrial.

Sen proceso productivo: 193,83 euros/m^2.

Edificio con uso exclusivo terciario: 348,68 euros/m^2.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Acondicionamento ou reforma de locais comerciais: 338,68 euros/m^2.

Nota: no caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestima-la valoración realizada."

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen da conta da emenda presentada polo seu grupo con data de 25 de setembro de 2023 (rex. entrada nº 202399900002976), nos termos seguintes:

"A proposta **ampliaría** o punto **TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9 (…) punto 1.- d)** onde se expón:

"*A porcentaxe de bonificación será a seguinte:*
Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%
Creación de máis de 20 postos de traballo 95%
As contratacións deberán ser indefinidas."

Quedando:
"A porcentaxe de bonificación será a seguinte:
Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%
Creación de máis de 20 postos de traballo 95%
As contratacións deberán ser indefinidas ***a xornada completa."***

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que a modificación do 3.1, tratándose dos apartados a), b) e c), lles parece ben, porén o apartado d) lles xera dúbidas.
O portavoz do BNG, sr. Devesa, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen anuncia o apoio do seu grupo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que se trata de "interese xeral" e Toysal non cumpre con ese criterio.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que o texto deixa a posibilidade de que sexan empresas privadas e particulares, polo que pode ser que unha empresa como Toysal finalmente poida acabar beneficiándose.

O portavoz do BNG, sr. Devesa, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

A sra. alcaldesa salienta que a bonificación foi plantexada polo servizo de Tesourería.

A continuación procédese a someter a votación a emenda formulada polo BNG, que se recolle a continuación:

"A proposta **ampliaría** o punto **TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9 (…) punto 1.- d)** onde se expón:

"*A porcentaxe de bonificación será a seguinte:*
Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%
Creación de máis de 20 postos de traballo 95%
As contratacións deberán ser indefinidas."

Quedando:
"A porcentaxe de bonificación será a seguinte:
Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%
Creación de máis de 20 postos de traballo 95%
As contratacións deberán ser indefinidas ***a xornada completa."***

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Sometida a votación a emenda formulada polo BNG, obtense o seguinte resultado:
Votos a favor – 17 (9 PP, 3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC)
Votos en contra – 0
Abstencións – 0

De acordo co resultado da votación, a continuación sométese a votación o ditame emendado polo BNG.

Sometido a votación o ditame emendado, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 3 BNG) e dúas abstencións (2 PXC), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2.1 a) de xeito que quede redactado como segue:

***"Constitúe o feito impoñible do Imposto a realización no termo municipal de Teo, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se exixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Teo*".**

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do 5.2 de xeito que quede redactado como segue:

"2.-Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quenes soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras ou quenes presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas.

Para a aplicación deste apartado considerarase substituto de primeiro grao ao solicitante da licenza ou quen presente a declaración ou comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza esixirase a presentación da declaración e o ingreso, á empresa que realice a construción, instalación ou obra".

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9 de xeito que quede redactado como segue:

1.– ***En base ao disposto no artigo 103.2a) do TRLRFL establécese unha bonificación a prol das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración; que se concreta nas seguintes porcentaxes*****:**

a) Establecese un beneficio fiscal do 90% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primario, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que rexa para a contratación da obra.

b) Terán unha bonificación do 50% da cota ás construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.

c) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

d) Poderán ser bonificadas tamén, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación da cota será:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Teo, sempre e cando cree emprego.

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Teo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%

Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%

Creación de máis de 20 postos de traballo 95%

As contratacións deberán ser indefinidas a xornada completa.

9.2. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.): 200,63 euros/ud.

9.3. Instalación de cociña: 172,89 euros/ud.

9.4. Lavado incluso billame: 172,89 euros/ud.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

9.5. Inodoro: 186,75 euros/ud.

9.6. Bidé incluso billame: 141,36 euros/ud.

9.7. Bañera incluso billame: 165,98 euros/ud.

10.-Instalación de electricidade:

10.1. Instalación de electricidade: 1.245,00 euros/ud.

11.-Instalación de calefacción:

11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m^2: 3.804,15/ud. 13,87 euros/m^2.

12.-Pozos:

12.1. Pozo de barrena: 1.314,14 euros/ud.

12.2. Pozo artesano: 1.729,13 euros/ud.

13.-Depuración:

13.1. Fosa séptica e pozo filtrante: 1.245,00 euros/ud.

14.-Piscinas:

14.1. Piscina completa. Mínimo: 10.374,89 euros/ud.

15.-Pistas:

15.1. Pista deportiva: 69,09 euros/m^2.

15.2. Beirarrúa: 17,99 euros/m^2.

16.-Guindastre:

16.1. Guindastre: 300 euros/ud.

17.-Colocación de andamios:

17.1. Colocación de andamios: 30,00 euros/ud.

2.-Obra maior.

Relación de prezos medios de execución material (m^2 construído).

Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares: 390,08 euros/m^2.

Otros usos en edificio de vivendas plurifamiliares:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 155,10 euros/m^2.

Usos de vivenda unifamiliar: 465,11 euros/m^2.

Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 150,59 euros/m^2.

Edificios con uso exclusivo industrial.

Sen proceso productivo: 193,83 euros/m^2.

Edificio con uso exclusivo terciario: 348,68 euros/m^2.

Acondicionamento ou reforma de locais comerciais: 338,68 euros/m^2.

Nota: no caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestima-la valoración realizada."

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao concelleiro de medio ambiente rural e urbano, seguridade cidadá e benestar animal, D. Rogelio Lema Mougán.

O sr. Lema da conta da moción do seu grupo, de 14 de setembro de 2023 (rex. entrada nº 4556, do 15/09/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, persoal, novas tecnoloxía e seguridade cidadá do 21 de setembro de 2023.

"Rogelio Lema Mougán el concejal portavoz del Partido Popular de Teo, en nombre propio y en el del grupo municipal del PP, presenta al Pleno, para su debate y aprobación si procede, la siguiente **MOCIÓN :** MOCIÓN CONTRA LA TRAMITACIÓN DE UNA LEY DE AMNISTÍA QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR EN EL AYUNTAMIENTO

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

de TEO conforme a lo previsto en el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, para elevar al Pleno la Propuesta de Acuerdo/Moción que trae su causa en la siguiente:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El 15 de octubre de 1977 el Congreso de los Diputados aprobó la Ley de Amnistía que siguió el principio de reconciliación nacional que guio nuestra Transición a la democracia. La amnistía era una demanda social y una necesaria e imprescindible impugnación del ordenamiento jurídico de la dictadura. Fue uno de los instrumentos con los que se puso punto final a la represión que sufrió una parte de la sociedad española y uno de los grandes acuerdos que consolidaron nuestro camino a la democracia.

Durante la tramitación de la Constitución de 1978 se debatió la cuestión de la amnistía, ya que se presentaron dos enmiendas para que las Cortes Generales pudieran tener esa competencia. Las enmiendas fueron rechazadas y, por el contrario, se aprobó el articulo 62 que prohíbe indultos generales. Es decir, el perdón -que sí existe en nuestro ordenamiento y que está regulado en la Ley del Indulto-, debe ser siempre individualizado y nunca con carácter general.

En una democracia europea consolidada, como es la española de 2023, una amnistía, además, atenta contra algunos de los principios básicos del Estado de Derecho como son la exclusividad del poder judicial para juzgar y hacer ejecutar lo juzgado, la igualdad en la aplicación de la ley y la seguridad jurídica. Ni el legislador ni el poder ejecutivo pueden arrogarse la facultad de declarar inmune a un grupo de personas, borrar sus delitos e incluso evitar que sean juzgados como cualquier otro ciudadano. Todo ello además mientras que tanto el Tribunal de Justicia de la UE como el Tribunal Europeo de Derechos Humanos tienen pendiente resoluciones

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

referidas a la cuestión, sobre la que se plantea la posible amnistia y que afectan a España.

En 2017 se produjo un intento de insurrección por parte de los poderes públicos de Cataluña contra el orden Constitucional. La reacción del Estado de Derecho fue la aplicación del articulo 155 de la Constitución y la puesta en marcha de los instrumentos penales contra sus impulsores.

El Tribunal Supremo condenó a sus principales líderes a penas de entre 9 y 13 años por sedición y malversación. Algunos de sus principales responsables huyeron al extranjero. Desde entonces tratan de evitar la acción de los Tribunales españoles y europeos. No fue el único que lo hizo. El pasado 5 de septiembre Puigdemont condicionó la gobernabilidad de España a, entre otras cuestiones, la aprobación de una Ley de Amnistía que favorezca, entre otros, a los encausados por el referéndum ilegal de 2017, en ocasiones por hechos de una violencia extrema.

No es la primera vez que se plantea esta cuestión. Ya en 2021 se registró una iniciativa de estas características en el Congreso y los Letrados emitieron un informe contundente contrario a su tramitación. Además, tanto Pedro Sánchez como ministros de su Gobierno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska y Carmen Calvo, entre otros muchos dirigentes socialistas, afirmaron en el pasado la inconstitucionalidad de una posible amnistía.

Los hechos jurídicos siguen igual, pero han cambiado las circunstancias políticas. Pedro Sánchez, en un intento desesperado por conservar la Presidencia del Gobierno, se ha abierto a que se pueda tramitar una Proposición de Ley. Además de suponer una inconstitucionalidad flagrante, de nuevo se pretende utilizar un atajo para evitar los controles de legalidad del CGPJ, la Fiscalía y el Consejo de Estado.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

El precio de la presidencia no sería solo exculpar centenares de delitos sino deslegitimar el Estado de Derecho y blanquear y considerar la legitimidad de la sedición que se llevó a cabo. En definitiva, un inasumible precio político para cualquier gobernante decente y que la falta de rechazo explícito y contundente por parte del Gobierno está causando una profunda conmoción social.

Por todo ello, el Grupo Popular en el Ayuntamiento de Teo, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDOS

1. Rechaza cualquier tipo de amnistía o indulto generalizado para cualquier grupo de ciudadanos, cualquiera que sea su delito.
2. Considera que el imperio de la ley es la expresión de la voluntad popular, tal y como establece el preámbulo de la Constitución, y compromete a todos los poderes para su cumplimiento.
3. Anima a los dos partidos mayoritarios a buscar acuerdos de Estado que eviten que la sociedad española se vea sometida a las condiciones ilegales de partidos independentistas.
4. Dar traslado de estos acuerdos a Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia primera y ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a la Vicepresidencia segunda y ministerio de Trabajo y Economía Social, al ministerio de Política Territorial, y a los portavoces parlamentarios en el Congreso y el Senado; así a la Junta de Gobierno de la FEMP".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que entende que esta moción é unha escenificación que se presenta en todos os concellos como pataleta polos resultados electorais. A sra. López anuncia o voto en contra do seu grupo.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que a moción lles parece unha manobra para desviar a atención e non falar dos problemas reais. Lembra o sr. Devesa

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que ante determinadas mocións do seu grupo a sra. alcaldesa lles dixo que non lle fixeran perder o tempo. Sinala o sr. Devesa que dende o seu grupo non coinciden co documento e aínda que sairá adiante ao ter o PP maioría absoluta o que deberían facer é retirala. O sr. Devesa pide que se deixe de xudicializar a política e que se centren nos problemas reais.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen di que o tema da moción non é de competencia plenaria do Concello de Teo nin de ningún concello. Salienta a sra. Argibay que non ten sentido decidir sobre unha hipótese sendo importante centrarse no Concello de Teo e nos problemas da súa veciñanza. Lembra a sra. Argibay que dende o PP, nun Pleno do 28 de decembro de 2021, a sra. Calvo dicía sobre unha moción do grupo de goberno que "*Insiste en que non o acaba de entender e opina que non é o sitio para dirimir isto e tampouco e, aínda que saia adiante, en que repercutiría positivamente nos veciños de Teo, engadindo que cree que en nada. Anuncia a sra. Calvo o voto en contra do seu grupo".*

A sra. alcaldesa, dirixíndose ao sr. Devesa, dille que debe de ser o único que non se entera da lei que o vai a ser, aínda que polo de agora non o sexa. A sra. alcaldesa sinala que ela ratifica o que dixo nese Pleno, xa que agora mesmo do que se fala é da integridade do país. Sinala que diferente sería se se tratara dunha moción sobre o litoral galego, xa que na moción que presenta o seu grupo se fala de todos, dos trescentos quince concellos.

O concelleiro do PP, sr. Lema, sinala que se trata dunha aministía á carta porque o PSOE precisa sete votos de sete Deputados, cando foi o PP o que gañou as eleccións. Sinala que a Constitución está para todos, e tamén afecta aos teenses, e se se empeza a non cumprir a Constitución vaise por mal camiño.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que o debate daría para moito, engadindo que ao PP non lle gusta unha amnistía para resolver un problema enquistado, porén cando se trata da amnistía fiscal non ten problema.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que o seu grupo tamén representa a unha parte dos veciños de Teo polo que a forma de tratalos debería ser outra e non con certo ánimo de superioridade.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen di que habería que centrarse nos problemas de Teo.

A sra. alcaldesa, dirixíndose ao sr. Devesa, dille que non era con ánimo de superioridade, pedindo desculpas se así se entendeu, engadindo que en todo caso cando un da ten que estar disposto a recibir. Dirixíndose á sra. López, a sra. alcaldesa dille que non é unha pataleta, pero que entende que esta concelleira o vexa así.

Procédese a continuación a someter a votación a petición da retirada da moción, co seguinte resultado:

Votos a favor – 6 (3 PSdeG-PSOE e 3 BNG)
Votos en contra – 9 (9 PP)
Abstencións – 2 (2 PXC)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e oito votos en contra (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC), acorda:

1.- Rechaza cualquier tipo de amnistía o indulto generalizado para cualquier grupo de ciudadanos, cualquiera que sea su delito.

2.- Considera que el imperio de la ley es la expresión de la voluntad popular, tal y como establece el preámbulo de la Constitución, y compromete a todos los poderes para su cumplimiento.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

3.- Anima a los dos partidos mayoritarios a buscar acuerdos de Estado que eviten que la sociedad española se vea sometida a las condiciones ilegales de partidos independentistas.

4.- Dar traslado de estos acuerdos a Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia primera y ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a la Vicepresidencia segunda y ministerio de Trabajo y Economía Social, al ministerio de Política Territorial, y a los portavoces parlamentarios en el Congreso y el Senado; así a la Junta de Gobierno de la FEMP.

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, a sra. alcaldesa, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se hai algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PXC.

A concelleira do PXC, formula os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. López sinala que ten un par de preguntas dirixidas ó concelleiro de servizos sociais. Comenta que houbo algunhas persoas que se puxeron en contacto con eles polo tema da excursión dos maiores. Di que é un puro descoñecemento dela sobre como foi anunciada, puxéronse en contacto con ela porque non sabían como se anunciara, entón gustaríalle clarexar cal é o criterio para anunciar as actividades dos maiores, entendendo que todas e todos están de acordo con que a web non chega a todas as persoas, e polo menos na súa parroquia non foi anunciada.

O sr. Cerqueiro comenta que non houbo ningún tipo de problema, que o único que se fixo foi publicar, como ben di a sra. López, no facebook, tanto no de servizos sociais como no do Concello de Teo. Supón que se refire á revista “Trece parroquias”, pensa

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que se chamaba. Sinala que agora mesmo non se está editando, que se editará nun futuro, e si que é certo que os veciños estaban acostumados a enterarse por esa revista municipal.

O sr. Cerqueiro di que habería que preguntarse cómo se enteraron os 170 veciños que se apuntaron á excursión, engadindo que non precisa que se lle responda, pero que xa que ten voz para poder falar sobre a excursión ten que dicir que se anotaron 170 persoas, e este ano non se fixo ningún cambio en función doutros anos coa excursión, e o Concello ofrecía 100 prazas. Explica que as cen prazas cubríronse en catro horas, entón reuniuse coa alcaldesa e visto que se cubriran tan pronto valorouse a idea de repetir a excursión outro día para poder darlle solución e resposta a tanta demanda dos veciños. E así foi, pensa que faltan 3 familias por avisar, das que estaban anotadas, pois non lle collen o teléfono, e o 14 de outubro levaranse aos veciños que quedaron fóra da primeira convocatoria da excursión.

O sr. Cerqueiro salienta que é a primeira vez que o Concello ofrece a maneira de anotarse na excursión vía telemática, cando ata o de agora só era vía telefónica ou presencial. Sinala que se alguén vai dicir que un avó non é capaz de facer iso tamén habería que dicir que os avós soen ter netos e fillos, e que a excursión é para maiores de 60 anos, e esta xente xa sabe e está totalmente preparada para entrar na web municipal e facer esa instancia.

A sra. López di que é evidente, e todos teñen que estar de acordo, en que as persoas maiores teñen, e non quere dicir a palabra atraso, que non o é, pero hai que lembrar por exemplo cando se puxeran os códigos QR nas marquesiñas, que pensa que tanto as persoas dentro do goberno como o PP que trouxera aquela queixa, e a ela parecíalle prudente, todos estaban de acordo en que as persoas maiores non teñen o mesmo acceso ás novas tecnoloxías. Pide que non se enquisten en que *"agora gobernamos nós e agora de repente as persoas maiores saben*". Ela o que trae é unha crítica construtiva de que parece que non estivo claro o criterio polo cal as persoas se anotaban. O propio sr. Cerqueino manifestou que houbo que repetir a excursión pero ela non o pregunta con ningún afán mais que de mellorar as cousas. A sra. López di

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que se non queren sacar o “Trece parroquias”, é unha decisión política, pero poden anuncialo nas parroquias como se facía antes, por exemplo, moita xente aínda vai mirar aqueles carteis que hai en cada aldea. Reitera que simplemente o di con ese afán, que non quedou claro o criterio, e pensa que o principio de transparencia ten que ser para todos os cidadáns igual, non a quen lle chame ao concelleiro.

O sr. Cerqueiro di que lle da a impresión que lle está dando a volta á tortilla e non lle gustaría que se lle queimara. Pensa que os vellos, os avós, a xente maior de 60 anos se cadra si que teñen algún tipo de limitación, non di que non, pero para iso hai fillos e hai netos, e incluso está o concello, o concelleiro e todo o persoal técnico para poder axudalos a través dunha chamada telefónica ou que se acheguen, como se facía ata o día de hoxe.

Explica que o único que fixo o equipo de goberno nesta actuación, co concelleiro á cabeza, foi ampliar a maneira en que estes veciños se poidan apuntar ás excursións. A sra. López fala de que se tivo que repetir a excursión, pois iso quere dicir que a publicación que fixo o Concello valeu a pena porque 170 veciños se enteraron de que había unha excursión.

A sra. alcaldesa di que en calquera caso o que explicou o concelleiro é certo, e agradécelle á sra López por traer unha crítica construtiva. Sinala que en breve estará a revista, en marzo, onde se publicará todo. O que pasa é que entre a racionalización do gasto e o feito de que o goberno acababa de chegar, pois a revista non puido editarse. Sinala a sra. alcaldesa que se intentará mellorar polo ben da veciñanza.

2.- A sra. López di que quere saber se a sra. alcaldesa autorizou expresamente ao longo do seu mandato dos 100 días o cobro de aparcadoiro a persoas particulares en fincas públicas, e se autorizou a persoas de empresa de seguridade alleas o control en estradas públicas. Pregunta se a resposta é si ou non.

A sra. alcaldesa di que a resposta pode ser monosílabo, se así o considera ela. Pero neste caso sinala que non ten constancia, engadindo que se a sra. López sabe algo

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que o expoña e que en calquera caso que se lle dean as indicacións do que ten que dicir, “si” ou “non”, moi democrático non é.

A sra. López di que pensa que teñen un ton de crispación, ou de tensión, aclarando que cando lle dixo se podía dicir si ou non referíase a que a ela lle bastaba con si ou non, xa que a sra. alcaldesa sempre vai ser libre de responder, faltaría máis, o que lle dea a gana, e ela non ten ningún dereito a dicirlle a ela o que ten que responder.

A sra alcaldesa agradécello.

3.- A sra. López pregunta que pasos se teñen dado nun tema que pensa que comparten todas as persoas presentes, como é o da licitación do contrato de lixo.

A sra. alcaldesa explica que se está facendo un estudo de campo, pois non son o mesmo as necesidades do rural que do urbano. Están vendo tamén o que implica o contrato do lixo, pois non se pode facer calquera cousa, hai que facer algo ben.

Di que en breve sairá, pero que de todas formas, como ben saben, para facer a licitación aparte dese estudo de campo hai que reservar un diñeiro para as licitacións, que hai 15 licitacións pendentes. Moitas, di, exceden dos 8 anos, e asegura que ten moitísimas ganas de telo, porque é a forma de controlar e racionalizar o orzamento, e sobre todo seguir a lei. Sinala que estarán informados en breve.

A sra. López sinala que só quere lembrar que aquel estudo xa estaba feito, mesmo os partidos como o BNG ou PSOE se desligaran un pouco daquel proceso que se plantexara de municipalización, onde o PP tivera acceso a aqueles documentos e ó final decidiron que non, o cal tamén é unha decisión política, pero pensa que en campaña estaban todos de acordo en que era o prioritario, e sígueo mantendo, xa que é a licitación que mais urxe, posto que está en precario, e quizais compre acelerar o estudo debido a que xa está feito e o PP tivo acceso a el mesmo antes de estar na Alcaldía, engadindo que por iso manifesta a súa tremenda preocupación pola xestión do lixo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa responde que loxicamente levan cen días e algo, viron o estudo que fixera o anterior equipo de goberno, e por iso precisamente non viron viable a municipalización, porque é moi bonito dicir municipalización, é algo marabilloso e a ela popularmente encantaríalle dicirllo, pero os recursos son os que son, e de feito hai bastantes problemas, e a sra López debería de sabelo, e se non o sabe é preocupante, con outras cuestións que si se municipalizaron, outros servizos, e que agora loxicamente está feito e hai que tirar con eles pero non se pode municipalizar todo porque o municipio non ten capacidade. A sra. alcaldesa explica que se se estropean, por exemplo, 2 camións de lixo, non hai a capacidade de mercar outros dous e o lixo non pode quedar sen recoller, por cuestións que calquera pode entender, e non fai falta ser un xestor experto niso.

Aclara a sra. alcaldesa que cando fala do estudo de campo, refírese a un estudo serio, e un estudo de necesidades. Explica que non é o mesmo o rural que o urbano, non teñen as mesmas necesidades, nin sequera o territorio está configurado da mesma forma, estando referíndose polo tanto a un estudo serio. Sinala, aclarando que o di con todo o respecto, que o estudo do anterior equipo de goberno para eles non vale, pois ten que ser un estudo serio e contemplando a realidade, non desvirtuando as cifras para despois atoparse con problemas como hai agora. Salienta a sra. alcaldesa que o equipo de goberno está apurando todo o que pode para sacar todas as licitacións adiante.

4.- A sra. López, tratándose da chamada canteira da Casalonga, agora mesmo propiedade de Toysal, pregunta que pasos leva dado o goberno, a Alcaldía, para convertela naquel parque de ocio familiar que moitas familias, entre elas, a súa, están agardando.

A sra. alcaldesa sinala que non entende como lle entrou a présa agora, que levaban gobernando 16 anos.

A sra. López responde que, aínda que recoñece que non estivo ben, era ironía.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra alcaldesa di que é certo, que non estivo moi acertada, pero que ela non é quen para dicirlle á sra López o que ten dicir. Explica que mantiveron conversas coa plataforma, porque dun demócrata o máis importante é nunca romper o diálogo, moitas veces non gusta o que nos din, por exemplo hai un momento no que o sr. Devesa se sentiu ofendido, polo cal volve a pedir desculpas.

Explica que hai reunións periódicas e constantes coa Plataforma, e hai unha reunión pendente co Director xeral de Minas, e tiveron unha xuntanza tamén co Delegado territorial de Minas, xunto coa Plataforma, para ver a forma de artellar. Sinala que tampouco quere desvelar todo pero a proposta da Alcaldía é que iso se converta, e vai a poñer todo da súa man, ela e o seu equipo, nun espazo de ocio familiar. Sinala que, sabendo que a sra. López coñece a problemática de primeira man, sorpréndelle, porque non é unha cuestión que leve dous segundos facelo, e máis aínda coas contas que hai, engadindo que están niso.

A sra. López manifesta que a proposta parécelle ambiciosa e cando menos fóra da lei, e pensa que requiriría unha xunta de portavoces para tratar esa reunión que tivo co Director Xeral de Minas e se hai algún avance respecto de como unha institución pública poida ser a propietaria dunha cuadrícula mineira. Di a sra. López que lle gustaría realmente que, se a señora alcaldesa non quere desvelar todo no Pleno, convoque a xunta de portavoces para tratar o tema.

A sra. alcaldesa di que o pode explicar agora mesmo sen xunta de portavoces. Manifesta que simplemente o que se materializou nesa xuntanza co Director xeral de Minas foi a intención da Alcaldía do que acaba de repetir, que se converta nun espazo familiar. Dirixíndose á sra. López pídelle que non teña ningunha dúbida de que vai a ir todo pola máis escrupulosa legalidade, e parécelle gracioso que sexa a concelleira do PXC a que diga iso. Manifesta a sra. alcaldesa que non fai falta que fale dos anos que ten de experiencia na Administración Pública, que é licenciada en Ciencias políticas e que sabe discernir perfectamente do que está dentro e fóra da lei, aparte de que é

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

bastante temerosa do imperio da lei. A sra. alcaldesa di que para ela a lei está para todos, non como outra xente que pensa que só está para os demais.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O concelleiro do BNG, sr. Devesa, formula os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- O sr. Devesa di que solicitaron un informe técnico policial do tema da habilitación do dobre sentido da rúa Cascalleira. Quere deixar claro que eles nin están en contra nin a favor de poñelo nin para abaixo nin para arriba, nin de dobre sentido, o tema é que se fixeron unhas obras estreitando moito esa pista nalgúns puntos e xérase perigosidade e entón agora vólvese habilitar o dobre sentido, xerando un problema viario.
Manifesta que bota de menos no informe policial algúns datos, pero tamén algo máis técnico que dicir que se vai a mirar visualmente de que non pase nada, xa que para un accidente de tráfico que pode ser serio ou un atropelo dun peón iso non vale. O sr. Devesa di que lle faltan datos, non hai data de solicitude por parte do goberno a este informe, nin hai data de entrada da policía local, o único é a data do informe, e a rúa abriuse o día 11, sen cambiar algúns sinais. O sr. Devesa di que é perigoso e non debería de ser así, engadindo que botan en falta que as cousas se fagan con máis rigor.

2.- O sr. Devesa di que, enlazando todo isto, e como tamén acaba de falar a sra. alcaldesa da máis estrita legalidade, que quere lembrar que hai un Regulamento de normalización lingüística no Concello de Teo, que ademais é dos anos 90, e houbo tempo a cambialo, se non se estaba a favor ou o que sexa, pero nese Regulamento indícase que estas cousas teñen que estar en galego, e o informe policial está en castelán. Manifesta que teñen avisos de varios veciños de que cando van a poñer denuncias, a policía transcribe en castelán a denuncia, cando eles a fan en galego. Considera o sr. Devesa que se hai unha normativa, hai que cumprila, engadindo que hai normativas “buenas y malas” en función de como sexan unhas e outras, pero en todo caso hai que cumprilas e senón que se faga unha modificación da ordenanza, e eles expoñerían os motivos.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que descoñece agora mesmo se o informe policial ten data ou non, pero foi solicitado con anterioridade, a consecuencia dunha reunión de veciños. Explica que é certo que aí houbo unha obra de camiños escolares seguros, e quedou como quedou, pero hai unha alternancia, salientando que quen coñece de seguridade viaria son os quen son, por iso pide eses informes. Considera a sra. alcaldesa que no día de hoxe pensa que se puxo a sinalización correcta e o que si que están a facer dende a policía local é ir constantemente para ver se funciona esa alternancia que hai. Salienta a sra. alcaldesa que é unha petición dos veciños.

Sinala a sra. alcaldesa, tratándose da normativa do galego, que o sr. Devesa ten toda a razón, o que pasa é que non pode dicirlle nin impoñerlle a ninguén en que se ten que expresar, pode suxerir, pero por moita normativa que haxa hai unha norma suprema, que é a Constitución española, que da o deber e o dereito. Considera a sra. alcaldesa que non debería ter que explicar máis, engadindo que lles suxerirá que os fagan en galego, pero non pode vulnerar os dereitos duns para que outros estean máis contentos.

O sr. Devesa di que non se quería alargar neste punto, pero non entende que dereitos de ninguén se vulnera cando o idioma propio de Galicia é o galego, e é, xunto co castelán, cooficial en Galicia.

A sra. alcaldesa di que son oficiais os dous, e ten dereito a xente a falar o que queira. Outra cousa é que se queira apostar polo galego, sen que haxa ningún tipo de problema. Sinala que o que si sabe é que ela o ten que mellorar, pero iso é outra cuestión, pero evidentemente non vai a impoñer a ninguén cando hai unha norma suprema que así llo avala, porque iso terminaría xudicializado.

O sr. Devesa di que tamén hai normas e tamén hai unha lista de sentenzas nas que se recoñece que cando unha persoa fai un testemuño diante das autoridades na súa lingua ese testemuño ten que figurar na forma en que se expresa. Sinala que non vai entrar no debate do fondo das cousas, simplemente a sra. alcaldesa acaba de dicir que vai apostar polo galego, e esperan que así sexa, e llo agradecen.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que é o que está demostrando, engadindo que tamén ten liberdade de falar no que queira, como todos os que están no Pleno, tanto en galego como en castelán, engadindo que esta persoa tamén ten dereito, aínda que outra cousa sexa que ela poida suxerir que o fagan en galego, pero non pasa de ser unha suxestión, porque hai unha norma suprema que así o indica. Sinala a sra. alcaldesa que se o sr. Devesa quere denunciar algún funcionario está no seu dereito, aclarando que ela non vai a meter a ninguén nun xulgado.

O sr. Devesa di que o que si que lle gustaría é que alguén lle explicara como de comentar que hai un informe que non está cumprindo unha normativa, publicada no BOP do 28 de marzo de 1990, de repente salga algo de que el vai denunciar a non se sabe quen, aclarando que el non está falando desas cousas, xa que só expón que hai un informe en castelán e que hai un decreto de normalización lingüística que di que ten que estar en galego, e a sra. alcaldesa di que hai unha norma superior que di que ten que estar en castelán.

A sra. alcaldesa pídelle ao sr. Devesa que cando a parafrasee por favor que sexa unha cita exacta, xa que en ningún momento dixo que tiña que ser en castelán, ela dixo que o funcionario ten dereito a expresarse como queira, que é distinto. Sinala que, como o sr. Devesa fala de sentenzas xudiciais, ela non di que vaia denunciar, e pídelle que non retorza as cousas porque non lle vai saír ben.

O sr. Devesa di que da exactamente igual, que xa dixo o que tiña que dicir, e que queda recollido como o expuxo e pódese reler en calquera momento.

3.- O sr. Devesa, referíndose ao Consello escolar municipal, sinala que a normativa di que debería de coincidir cos mandatos e entende que hai que renovalo. Pregunta se teñen pensado poñelo en marcha nalgún momento e cando.

A sra. Vázquez responde que xustamente esta semana estivo a falar dos Consellos escolares municipais coa técnica que lle axuda en educación, porque estaba intentado

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

recoller toda a información previa ata o momento, así que se porá con iso en breve para poder retomar o Consello.

4.- O sr. Devesa di que lle comentan moitos veciños dunha zona de moito tránsito, a estrada que vai por diante de Augas Mansas, entre o Vilar e Pedrouso, que chega ata Lamas de Cacheiras, que é unha vía de comunicación co Milladoiro moi importante, e da cal todos teñen coñecemento de que se estropea seguido. Descoñece se viron no estado en que está actualmente, pero está moi mal. Salienta que se deteriora cada vez máis e polo volume de acceso que ten de coches si que estaría priorizar o seu arranxo.

A sra. alcaldesa responde que está totalmente de acordo con sr. Devesa, engadindo que está en previsión de arranxo.

5.- O sr. Devesa explica que anteriormente trouxeran ao Pleno o tema da iluminación de toda a travesía de Montouto. Falábase antes en concreto das zonas do número 24, das prazas que hai no medio dos edificios, pero realmente o deterioro das luminarias e dos espazos xa é de toda a travesía, practicamente dende onde está farmacia e o Che ata o Eroski. Pide que se reúnan coas asociacións, ou os técnicos, para que se lles dea un pouco máis de seguridade na rúa e que a xente poida aproveitar os espazos públicos.

A sra. alcaldesa di que está totalmente de acordo, que de feito hai 10 días reuníronse co presidente da comunidade e precisamente trataron eses temas. Sinala que o goberno anterior retirou a luz a esas prazas e vaise intentar restablecela, pero se quere facer as cousas ben.

6.- O sr. Devesa di que apareceu un poste na ponte da autovía que vai dos Verxeis a Ribas, na beirarrúa, practicamente onda a rotonda. Di que descoñece por que pero hai aí un poste que interrompe o acceso dos peóns, e pregunta se iso vai a estar aí, se é provisional e, se non é así, se se pode retirar porque antes non estaba.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O sr. Guerra di que pensa que Elecnor, unha empresa eléctrica, está facendo unha obra aí e pensa que é provisional.

O sr. Devesa manifesta que estarán atentos a que se rematen as obras e o retiren, porque sole pasar que ás veces queden aí sen retirar.

7.- O sr. Devesa explica que lles solicitan a reparación do parque infantil de Raxó. Seica dende as festas pasou igual que en Calo, arrancáronse varios sinais por un tema de aparcamento, e o parque está mal e alí si que hai nenos que o queren usar, de feito xa non hai columpios nin practicamente nada. Pide o sr. Devesa que se lle dea unha volta a toda esa área que hai enriba da casa común da Torre, que tamén está bastante deteriorada, a parte de arriba, onde está a cancha e o miradoiro, pois está toda a zona bastante mal, e pensa que é mellor previr arranxando que deixando que caia.

8.- O sr. Devesa pregunta sobre unha iniciativa veciñal, que lles chegou dos veciños de Carballal (núm. de rexistro 4428 do 12 de setembro). Querían saber como avanzan e por descontado, por se lle escoitan os veciños de Carballal, que o BNG aplaude as iniciativas veciñais polo interese e mellora do seu recinto.

A sra. alcaldesa responde, con respecto ó parque da Torre, que está en previsión de arranxo, están a rematalo porque estaba bastante deteriorado porque no de Castres, Oza, puxéronse madeiras enriba das madeiras podres e agora está todo desfeito, e a continuación, cando se remate aí, van para o da Torre.

O sr. Devesa, referíndose ao tema dos veciños de Carballal, di que entre outras cousas xuntaron firmas para solicitar que se contacte dunha vez por todas cos veciños ou empresas ou quen sexan que teñen as parcelas para limpalas, porque si que é certo que a maleza está provocando que haxa moitas ratas, e moitos veciños viven en Teo por un tema de poder estar ó aire libre o máximo posible e se teñen nenos pequenos e demais que apareza unha rata de 30 cms por aí como que non é moi seguro.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

9.- O sr. Devesa di que na zona de Carballal, indo case para a estrada xeral, hai unha empresa de mármores que está case tapada polas árbores e hai uns contedores que practicamente sempre, non se sabe por que, nos que aparece como se fora unha especie de punto limpo exprés posto aí, e isto xuntándose coa maleza que hai nesa zona, con todas esas árbores pegadas ás casas....A empresa de mármores se non se coñece non se ve. Sinala que son cousas que se algún día hai un incendio vai haber un problema serio no Concello, porque ademais é unha arteria que partiría o Concello en dous. O sr. Devesa ofrécese a buscar números de referencia catastral e o que sexa, para que resulte máis cómodo de buscar, e pide que a xente se responsabilice das propiedades e as teña o máis limpas posibles cando son entornos de vivendas.

A sra. alcaldesa di que están totalmente de acordo no que di o sr. Devesa. Explica que acaba de asinar cerca de 300 notificacións que vai facer á Xunta de Galicia, e o concello tamén está buscando todos os días, e a funcionaria de Medio Ambiente está todos os días mandando varias comunicacións. É un tema no que hai que estar enriba, e apelar un pouco ao civismo da xente, xa que o Concello non pode entrar a limpar fincas privadas. Explica a sra. alcaldesa que hai constancia de que algunhas que teñen os donos fóra, e non se sabe nada deles, metéronse na lista, porque hai unha cota de todos os anos para notificar ao SEAGA e que veñan limpar, son casos nos que existe a imposibilidade de localizar a ningún propietario e hai risco, entón o SEAGA limpa. Di a sra. alcaldes que mirará se esa está no listado.

O sr. Devesa di que de todos os xeitos no documento que presentan os veciños pensa que achegan algún numero de referencia catastral. Volve reiterar a súa dispoñibilidade para facelos chegar sen problema, agradecéndose pola sra. alcaldesa.

10.- O sr. Devesa di que teñen coñecemento de que se están instalando ou teñen previsto instalarse determinados pisos turísticos. Salienta que o seu grupo non é que estean a favor ou en contra porén o tema é que estas cousas hai que regulalas. Preguntan se o goberno ten pensado facer algún tipo de regulación ao respecto, porque pode ter un impacto negativo en determinadas zonas se iso chega a estenderse demasiado.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que de momento non teñen constancia, polo menos dende que entraron, descoñecendo se antes había. Considera que é unha ordenanza que hai que abordar, pero tamén hai outras moitas que están desfasadas, non que estiveran mal, senón que as leis cambian e hai que adaptalas, como pasou con esa que se acabou de tratar.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/o concelleiras/o do PSdeG-PSOE formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Argibay di que ten algo que presentou como moción pero pasouse a rogo e pensa que a teñen todos os compañeiros, polo tanto non vai proceder a darlle lectura, simplemente a vai a resumir.

Explica que, habitualmente, fan un seguimento das rutas escolares e decatáronse de que en determinadas rutas aumentou o número de nenos pero diminuíu o número de paradas. Polo tanto detectaron que en determinadas paradas, achegando coa moción as que máis lles preocupan, hai marquesiñas excesivamente pequenas, de 2 metros aproximadamente, nas que se teñen que acubillar nalgúns casos ata 43 nenos. Sinala a sra. Argibay que xa hai varios exemplos de ampliación que se fixeron, tanto en Rodiñas coma no Che. O inverno está ás portas, e aínda que non empezou a chover empezará, e nalgunhas destas paradas escolares se xuntan 10, 20 ou máis coches de pais porque os nenos non caben na parada, e nalgúns casos coinciden coa ruta do bus urbano, veciños e alumnos, razón polo que solicitan que se faga unha revisión e que se amplíen sobre todo esas 3 ou 4 imprescindibles ou incluso algunha máis que a concelleira de educación detecte. Salienta que eles as que detectaron son as 4 de Campos de Mirabel, a do Canaletto, a de Ameneiro e a de Balcaide, que teñen que acubillar aproximadamente 25 nenos como mínimo.

Roga a sra. Argibay que se poña a máxima prioridade a este tema, sobre todo polo benestar dos rapaces, e de paso que se faga unha revisión das marquesiñas, porque a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

limpeza dalgunhas deixa bastante que desexar, e sería interesante que os rapaces estiveran nun sitio axeitado.

A concelleira do PP, sra. Castro, sinala que o día que entrou por rexistro a moción, o día 13, a primeira hora da mañá recibiron un correo electrónico da ANPA, tanto ela como a concelleira de educación, no cal solicita por parte dunha familia a ampliación da marquesiña de Campos de Mirabel. Sinala que, visto que na entrada de rexistro había algunha máis, reuniuse ese mesmo día co arquitecto municipal e ten a confirmación pola súa parte de poder levar a cabo esa ampliación das paradas, que se fará polo tanto o máis pronto posible.

Tratándose da limpeza das marquesiñas, a sra. Castro salienta que descoñece se, en 16 anos, o antigo goberno as limpou moito, por non dicir ningunha vez, e como comprenderá a sra. Argibay en dous meses que levan gobernando os traballadores non dan chegado a todo, posto que había moito traballo atrasado. Salienta a sra. Castro que en todo caso está dentro dos plans de traballo facer esa limpeza exhaustiva das marquesiñas de todo o Concello, empezando pola retirada da publicidade electoral de grupos políticos pegada nas mesmas, e que xa se solicitou en plenos anteriores que se retiraran por parte dos mesmos, e seguen os carteis pegados.

A sra. alcaldesa di que certamente é unha prioridade.

2.- A sra. Argibay refírese á modificación do dobre sentido na Cascalleira. Di que algúns veciños lle fixeron chegar a pregunta de se se vai a pintar, porque está sen pintar. Esa ruta, en concreto unha zona cerca do número 41, onde está moi estreita a calzada e pasan practicamente por diante da porta, non sabe se haberá 50 cms entre por onde pasa o coche e por onde saen os veciños, entón sería interesante evitar esa perigosidade para a veciñanza.

A sra. alcaldesa di que por suposto que se vai pintar a estrada e de feito xa tiña que estar pintada. Explica que a obra estaba xa pagada pero non estaba pintada entón falaron co contratista e esixíronlle que viñeran pintala. Polo medio cruzáronse as

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

conversas cos veciños, onde pediron o cambio, e en certo sentido case mellor que non estivera pintada, porque habería que borrar e volver a pintar. Reitera a sra. alcaldesa que se vai a pintar e que o contratista xa o confirmou, porque é a súa obriga, pero estaban esperando un pouco a ver o que dicía a policía con respecto ao cambio.

3.- A sra. Argibay pregunta pola pista deportiva de cemento que fixo o anterior goberno ao lado de Rodiñas, en Calo. Sinala que lle comentan os veciños, e ela o ve porque pasa bastante por alí, que está rematada a pista pero está sen humanizar, é dicir, quedaron restos de pedras, cables de fóra, tubaxes e demais. Sería interesante facer a humanización desa zona porque a pista quedou ben e está sendo moi utilizada polos veciños pero non estaría de mais iso.

4.- A sra Argibay refírese ao cruceiro de Ameneiro e di que é un cruceiro pequeniño, que está no medio da aldea. As árbores que están a carón del van medrando e co mal tempo abanean o mesmo, e cando empece o temporal pode ocorrer que a parte de arriba do cruceiro deixe de estar arriba, por dicilo así. Suxire a sra. Argibay unha limpeza desa zona, ou dicirlle ao dono da finca que faga unha poda desas árbores, porque todos saben o que pode custar a restauración dun cruceiro.

A sra. alcaldesa di que con respecto ao dos últimos rogos van tomar nota e esperan poder facelo o antes posible.

5.- A sra. Regueiro pregunta se está previsto facer algo cun proxecto que había de despoboar a Mámoa de Luou. Di que algúns dos propietarios estaban pendentes dun permiso que se tiña que pedir a través do Concello, que había un proxecto para despoboala sobre todo de pino. Algún dos propietarios estaba incluso pendente dese proxecto para baleirar toda a finca, xa que ao Petouto non se pode acceder con maquinaria. A sra. Regueiro pregunta se se ten pensado facer algo, seguir co proxecto, engadindo que había un orzamento que estaba case terminado.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que o recuperarán e que a verdade é que tampouco houbo un traspaso de poderes de deixar temas pendentes e demais. Reitera que recuperarán o proxecto e informarán do tema.

6.- A sra. Regueiro di que fronte á igrexa de Luou, xusto ao lado da marquesiña, hai un contedor de papel que está invadindo totalmente a beirarrúa, obstruíndo o paso. Sinala que alí está o aparcadoiro municipal e hai outros dous contedores, de orgánico e plástico, que non interrompen nada, polo que estaría ben movelo de sitio, máis que nada porque é un contedor demasiado grande.

A sra. alcaldesa pregunta se ten algún punto concreto onde se poida asentar.

A sra Regueiro pide desculpas e di que se equivocou de igrexa, que se refire á Igrexa de Calo, non á de Luou.

O sr. Lema di que o sistema que teñen de izado do contedor non daba a altura, porque hai cableado e a grúa tocaría no cableado, entón por máis que se quixera cambiar de sitio tivo que quedar de momento así.

A sra. alcaldesa di que coa nova licitación do lixo tamén queren plantexar o cambio de contedores, porque están bastante deteriorados, polo tanto aí ó mellor pódese estudar unha fórmula.

O sr. Lema explica que cando se proceda ao novo contrato de recollida de lixo a moitos deses problemas poderáselles dar unha solución, porque sempre se pode, ó mellor, modificar o sistema de contedores, etc.
Neste momento da sesión, intervén o concelleiro do PP, sr. Cerqueiro di que ten un rogo dun veciño, o presidente da Asociación de veciños dos Tilos, que pide que se fale no Pleno do asunto. Procédese polo citado concelleira a dar lectura ao escrito citado.

"Nuestra urbanización se realizaron dos polémicas actuaciones por el anterior gobierno. Una, la imposición por parte del gobierno anterior de una tirolina en una zona verde y

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

otra una tala cacique que dos informes, uno realizado por un ingeniero forestal, por nuestra parte, y el que ya tenía el concello en el 2017, de la empresa Arbogal, recomendaba una poda, y que luego el 24/09/2022 el anterior gobierno encargó otro informe para que recomendase una tala. Sabiendo ustedes que se cometieron irregularidades en la anterior legislatura solicito: que se nos remita el coste de dichas actuaciones. Solicito también que de forma oral se explique detalladamente en el próximo pleno (por este) estos gastos innecesarios y que tanto daño hicieron a nuestra urbanización, con el fin de que todos nuestros vecinos salgan de dudas. Gracias. "

A sra. alcaldesa di que trasladarán as facturas á Asociación de veciños, como así o solicitan, pedindo os importes, que non hai problemas en darllos. Sinala que a colocación en total da tirolina e todo o que conlevou foron 18.825 €. Sinala que, tratándose da tala, non están todos os importes porque aínda teñen que buscar algunha factura máis, como foi a retirada, que así indican tamén no documento que meteron por rexistro, ascendendo a tala en si a 5.747, 50 €. Sinala a sra. alcaldesa que se dará traslado é cumprimento ao que solicitan a asociación de veciños.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria — A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz — Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: kDb+ySKilmdPJNpz3IxJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 14/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 25 DE OUTUBRO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcaldesa:

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Rogelio Lema Mougán
D. Rogelio Gómez Fernández
D.ª María Margarita Rosende Domínguez
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª María Vázquez Rey
D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos
D. Ángel Barreiro Rodríguez
D.ª Mayte Argibay da Silva
D. Pablo Salgueiro Rodríguez
D.ª Montserrat Regueiro Cebey
D. Eloy Devesa Puente
D.ª Noelia Castaño Gosende
D. Oscar Antonio Pérez García
D.ª María López Álvarez
D. Alberto Rivadulla Salgueiro

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz
Interventora:
D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1118/23 á RES 1203/23)

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 18/2023)

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA IGREXA-CALO.

4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MODERNIZACIÓN E AMPLIACIÓN DO CEIP DE CALO

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE DÍA

6.- MOCIÓNS

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, a sra. alcaldesa, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1118/23 á RES 1203/23).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de setembro ata o 19 de outubro de 2023, que comprenden os números 1183 ao 1203, indicando a sra. alcaldesa que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 18/2023).

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 2 de outubro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 19 de outubro de 2023.

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a necesidade de proceder á aprobación e pagamento da achega correspondente ao transporte metropolitano correspondente ao 3º cuatrimestre que ascende a 38.000€ para o cal non existe crédito axeitado suficiente na partida 440/466.00 ,sendo necesario transferir 31.000€.

Considerando que si existe crédito noutras partidas de diferente área de gasto dende as cales si se pode transferir crédito.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º.-Aprobar inicialmente o presente expediente de modificación de créditos nº35/2023, por transferencia de créditos 18/2023 , entre distintas área de gasto, entre as partidas que de seguido se indican:

AREA DE GASTO 3

PARTIDA A DISMINUIR	DESCRIPCION	IMPORTE
330/226.09	Cultura actividades culturais	15.000,00€
340/227.99	Deportes traballos outras empresas	16.000,00€

AREA DE GASTO 4

PARTIDA A INCREMENTAR	DESCRIPCION	IMPORTE
440/466.00	Transporte metropolitano, transferencias correntes	31.000,00€

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

2º.- No caso de ser aprobado, dar traslado do mesmo ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, quedando exposto ao pùblico durante 15 días durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións ou suxestións. Se, transcorrido dito prazo, non se tiveran presentado, o presente expediente considerarase definitivamente aprobado".

A sra alcaldesa sinala que este punto xa se tratou nas Comisións. Precísase dita transferencia para facer fronte ao transporte metropolitano, concretamente ao terceiro cuatrimestre, que ascende a 38.000 euros, e para o cal non existe crédito suficiente na partida, polo que é necesario transferir 31.000 €, que se detraen 15.000 € de cultura e 16.000 € de deportes.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, anuncia a abstención do seu grupo. Sinala que, entendendo que se necesita crédito, aínda que tampouco se precisou anteriormente traer unha modificación de crédito para o transporte metropolitano, preocúpalle, como xa dixo no anterior Pleno onde tamén se detraeron 8.000 € da partida de deportes, de onde se esta sacando este crédito, pois cree que vai a haber un problema porque intúe que vai a redundar na piscina municipal.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, e sinala que xa comentaran nas Comisións que se van a abster, que entenden que os orzamentos non son os que fixo o grupo de goberno, e que lle van a dar máis marxe de manobra. Salienta que esperan que cos seguintes orzamentos non haxa que andar con estes bailes de cifras dun lado para outro.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, que anuncia a abstención do seu grupo pois entenden, ao igual que o BNG, que o orzamento non é o que fixo o equipo de goberno, pero tampouco entenden que se detraian esas cantidades das partidas de cultura e deportes, pois pensan que vai ser prexudicial para calquera das dúas.

A sra. alcaldesa explica que o asunto é que na partida do transporte metropolitano non hai a cantidade axeitada e hai que tirar dalgún lado para pagalo, porque o que non

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

pode ser é que non se faga fronte ás obrigas, polo tanto hai que facelo, e tirar das partidas que teñen máis liquidez.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que que eles entenden que é certo que esa partida ten certa liquidez, como tamén a de cultura, pero tratándose de educación, que normalmente adoita ter que detraer de cultura e que se non se equivoca é a partida 330, hai que ter en conta que falta un trimestre enteiro por diante. Pensa que se podía ter feito doutro xeito sen tirar desas partidas. Preocúpalle sobre todo o de deportes, que se non é a terceira polo menos é a segunda vez que se trae aquí dende que están no goberno.

O portavoz do BNG, sr. Devesa, e a portavoz do PSdeG-PSOE, non fan uso da segunda quenda de intervencións.

A sra. alcaldesa di que é a segunda vez. Sinala que lle gustaría moitísimo non ter que detraer de ningunha partida, pero como acaba de comentar o sr. Devesa non son os seus orzamentos. Manifesta que están a facer enxeñería para intentar facer fronte ás obrigas.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e oito abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC), acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o presente expediente de modificación de créditos nº35/2023, por transferencia de créditos 18/2023 , entre distintas área de gasto, entre as partidas que de seguido se indican:

AREA DE GASTO 3

PARTIDA A DISMINUIR	DESCRIPCION	IMPORTE
330/226.09	**Cultura actividades culturais**	**15.000,00€**
340/227.99	**Deportes traballos outras empresas**	**16.000,00€**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

AREA DE GASTO 4

PARTIDA A INCREMENTAR	DESCRIPCION	IMPORTE
440/466.00	**Transporte metropolitano, transferencias correntes**	**31.000,00€**

2º.- No caso de ser aprobado, dar traslado do mesmo ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, quedando exposto ao pùblico durante 15 días durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións ou suxestións. Se, transcorrido dito prazo, non se tiveran presentado, o presente expediente considerarase definitivamente aprobado.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA IGREXA-CALO.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 16 de outubro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, obras, infraestruturas, transporte, mobilidade, e desenvolvemento local do 19 de outubro de 2023.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude de desafectación dun tramo do camiño de acceso ao Cemiterio Parroquial de San Xoán de Calo, presentada no Concello por D. Abel Barros Rodríguez, en representación, como presidente, da Fundación Cementerio parroquial San Xoán de Calo, e a documentación complementaria que a acompaña, entre a que se atopa o Informe de validación gráfica realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Juan Carlos Vilariño Santos (rex. entrada nº 1530, de 17/04/23).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Considerando que, tal e como se desprende da documentación aportada e contrastada polos Servizos Técnicos municipais, existe unha inconsistencia entre os planos da Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo (na que o citado camiño non existe, pois forma parte da finca 666, hoxe propiedade do Cemiterio Parroquial San Xoán de Calo) e os títulos de propiedade da propia Concentración Parcelaria de todas as parcelas da zona e mesmo coas inscricións no Rexistro da Propiedade de Padrón (documentación na que existe o mencionado camiño e queda perfectamente delimitado).

Considerando que a proposta presentada pretende adaptar a realidade existente aos títulos de propiedade e ás inscricións no Rexistro da Propiedade de Padrón, ao tempo que se pretende a desafectación dun pequeno tramo de camiño, sen prexuízo de terceiros, que, posteriormente, poida ser incorporado mediante o oportuno procedemento á finca titularidade do Cemiterio Parroquial San Xoán de Calo, dando así consistencia á propiedade e usos das propiedades afectadas.

Considerando que no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, no tramo de camiño que se pretende desafectar, a diferenza do que ocorre no resto do camiño, non se delimita liña de edificación, polo que a desafectación do tramo non xera prexuízos urbanísticos a terceiros afectados.

Considerando que o tramo do camiño en cuestión, dada a súa ubicación, non se utiliza para o uso público inherente ao mesmo, polo que non parece necesario manter o citado uso, ao tratarse dun tramo de camiño que só leva á propiedade do Cemiterio.

Considerando que, de acordo coa proposta presentada e as consideracións arriba expostas, preténdese desafectar o tramo do camiño para, posteriormente, unha vez que adquira natureza patrimonial, efectivizar un mecanismo que permita ao Cemiterio de Calo adquirir a súa propiedade.

Visto o informe de Secretaría, do 12 de maio de 2023, incorporado ao expediente, e considerando que, segundo o mesmo, no expediente de alteración da cualificación

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

xurídica haberá de acreditarse a súa oportunidade e legalidade, concretándose a oportunidade na valoración de se a alteración (desafectación neste caso) que se pretende é útil para o interese público nas circunstancias do momento actual, e esixindo a legalidade da desafectación a observancia do procedemento establecido pola normativa aplicable, que se describe no citado informe, debendo quedar en todo caso acreditado no expediente que se procura o interese xeral.

Considerando que, segundo a normativa aplicable e de acordo co exposto, concorre e queda acreditada no expediente a oportunidade da desafectación proposta, xa que permite regularizar os usos público/privados da zona en consistencia co definido no PXOM, articulando un circuíto de entrada e saída neste equipamento comunitario, relevante na medida en que o Cemiterio de San Xoán de Calo cumpre cun importante fin social con case 1000 familias asociadas.

Considerando que no expediente ao que se refire o presente seguiuse o procedemento establecido pola normativa aplicable.

Considerando que, en virtude do exposto, o Pleno da Corporación, na sesión do 24 de maio de 2023, acordou aprobar inicialmente a desafectación do tramo do camiño público proveniente da Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo, de 184m^2, e someter o expediente a información pública, durante un mes, mediante a inserción do anuncio no BOP, no taboleiro de edictos, na web municipal e na sede electrónica, para que as persoas interesadas puideran formular as reclamacións que estimaran pertinentes.

O citado acordo plenario foi debidamente notificado á Fundación Cementerio Parroquial San Xoán de Calo, o 31 de maio de 2023 (rex. saída nº 1299), sendo recepcionado por esta o 8 de xuño de 2023, e aos titulares catastrais, D. Carlos Luis Tarrío Viduido , D. Jose Ramón Lata Andrade, e D. Ramón Ramiro Lata Liste, o 31 de maio de 2023 (rex. saída nº 1296, 1297, e 1298, respectivamente), sendo recibido por estes o 9 de xuño, o


FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

2 de xuño e o 2 de xuño de 2023, respectivamente, publicándose así mesmo, a efectos do previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no taboleiro edictal único do Boletín Oficial do Estado.

Considerando que o anuncio de información pública, de 7 de xuño de 2023, publicouse no taboleiro de anuncios, na web municipal, na sede electrónica (07/06/2023) e no BOP (27/06/2023), sen que durante o período de información pública se formulara alegación algunha, tal e como se desprende do informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello de Teo, do 11 de outubro de 2023.

De acordo co exposto, segundo os artigos 22.2 l), 81 e 47.2 n) da LRBRL, artigo 8 do RBEL e artigo 269 da LALGA, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo,

Primeiro.- Aprobar definitivamente a desafectación do tramo do camiño público proveniente da Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo, de 184m^2, segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimonial.



FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Segundo.- Recepcionar a parte do camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmoble desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.

Terceiro.- Notificar o presente ás persoas interesadas, con sinalamento dos recursos procedentes.

Cuarto.- Facer público o presente mediante a súa publicación no BOP, no taboleiro de edictos, na web municipal, na sede electrónica e no portal de transparencia.

Quinto.- Facultar á Alcaldía para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a execución do acordado".

A sra. alcaldesa di que este expediente xa fora iniciado na lexislatura pasada. Habendo un erro en catastro o que se pretende é desafectar ese camiño para que o Cemiterio de Calo poida adquirilo, porque é algo que non ten sentido que quede así, polo que se pretende corrixir o erro.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen anuncia o voto a favor do seu grupo, engadindo que lles alegra que por fin se acabe este tema.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen anuncia o voto a favor do seu grupo, tendo en conta que non producirá prexuízo a terceiros e que se van a manter e se corresponde cos usos e costumes da zona.


A sra. alcaldesa aclara, en resposta ao que manifesta o BNG, que os tempos son os tempos que se marcan, están taxados, que non é vontade de alargar nada.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a desafectación do tramo do camiño público proveniente da Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo, de 184m², segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimonial.



Segundo.- Recepcionar a parte do camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmoble desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.

Terceiro.- Notificar o presente ás persoas interesadas, con sinalamento dos recursos procedentes.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

<u>Cuarto</u>.- Facer público o presente mediante a súa publicación no BOP, no taboleiro de edictos, na web municipal, na sede electrónica e no portal de transparencia.

<u>Quinto</u>.- Facultar á Alcaldía para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a execución do acordado.

Sendo as vinte horas e catro minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.

4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MODERNIZACIÓN E AMPLIACIÓN DO CEIP DE CALO.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Eloy Devesa Puente.

O sr. Devesa da conta da moción do seu grupo, de 11 de outubro de 2023 (rex. entrada nº 202399900003134, do 11/10/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, obras, infraestruturas, transporte, mobilidade, e desenvolvemento local do 19 de outubro de 2023.

"Eloi Devesa Puente, como **portavoz e concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Teo** presento para o súa exposición e debate en pleno a seguinte **moción:**

"Moción para a MODERNIZACIÓN E AMPLIACIÓN DO CEIP DE CALO".

Exposición de motivos:

O CEIP de Calo é unha construción dos anos 70 na que non se investiu en nada estrutural nas últimas décadas, o que supuxo un deterioro constante dunhas instalacións ocupadas cada vez por máis alumnado polo continuo aumento da poboación no concello.

Este aumento xera problemas de falta de espazo que, xunto cunhas instalacións desfasadas, non garanten a mellor educación para o alumnado nin que o mestrado poida exercer o seu traballo de xeito óptimo.

Desde o BNG entendemos que sería positivo que o conxunto da corporación se

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

comprometese a demandar e defender ante a Consellería de Educación da Xunta de Galiza a modernización integral e a ampliación do Centro.

Por todo o anterior, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a reforma integral cunha ampliación e modernización do CEIP de CALO para que responda as novas necesidades educativas e cumpra coas normativas vixentes en materia de eficiencia enerxética, accesibilidade e seguridade".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, anuncia o voto a favor do seu grupo, ao parecerlles tamén de xustiza o arranxo. Sinala que cando se fixera o da Ramallosa o compromiso nunca estivo escrito pero si que o houbo de que despois iría o colexio de Calo, que foron construídos a un tempo, e por tanto se un tiña esas necesidades o outro segue a telas, incluso máis, por todos os anos que seguiron pasando por riba del.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen anuncia o apoio do seu grupo, sobre todo porque xa a levan solicitando dende o seu grupo dende hai anos, sen obter resposta algunha por parte da Xunta de Galicia. Aclara que di "sen resposta" porque foi literal, pois fronte a máis de 11 escritos que se mandaron dende o Concello, cando formaban parte do grupo de goberno, non obtiveron nunca resposta por parte da Consellería. Di a sra. Argibay que agarda que a señora alcaldesa, tal como lles dixera a todos, teña peso dentro do seu partido suficiente, porque xa é o momento de deixarse de fotos, paseos, con conselleiros e demais, e pasar á acción. Explica a sra. Argibay que onte tiveron consello escolar en Calo, onde é a representante municipal, e esa foi unha das peticións que se lle transmitiu. Di a sra. Argibay que quere aportar máis datos para fundamentar un pouco máis a petición. Explica que o CEIP de Calo é un centro con 50 anos de historia, e polo que xa pasaron, no caso dalgunhas familias, incluso máis de 3 xeracións. É un centro que atende a máis de trescentos nenos e que pese ás súas condicións de abandono por parte da Xunta é o único centro da contorna que medrou en aulas. Trátase dun centro que dispón de cociña e que serve a diario comidas para preto de 260 nenos e nenas. Dita cociña precisa dunha grande reforma,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

resultando incluso que unha das últimas que lle solicitaron cando estaban no goberno foi o arranxo das alacenas, onde se gardan os pratos e a menaxe da cocina, porque teñen cincuenta anos e aínda son de ladrillo, petición que se fixo á Consellería e non se obtivo resposta. O teito do comedor está deteriorado e solta virutas encima dos nenos cando comen alí, tamén se solicitou a reforma á Consellería, e non houbo resposta. As ventás e as persianas do colexio de Calo tamén teñen 50 anos, xa renderon dabondo. Lembra a sra. Argibay que hai seis ou sete anos os profesores daquelas aulas onde non funcionaba a calefacción e o aire entraba polas ventás, levaban radiadores eléctricos que se ían repartindo polas aulas para combater o frío en inverno. Lembra incluso unha profesora que lles levaba mantiñas. Este cambio tamén foi solicitado hai anos, o das ventás e persianas, sen resposta. O ascensor, que non ten, un edificio de tres plantas, que se pediu xa en varias ocasións, e cando algún neno ten que empregar muletas ou cadeira de rodas son os pais, nalgúns casos os mestres, os que os soben á terceira planta, iso en pleno século XXI, e por suposto eses rapaces non poden baixar ao recreo.

O patio cuberto é outra das demandas que se fai ano tras ano, o seu arranxo e a mellora. Nese patio cuberto caben aproximadamente 100 dos 300 nenos. Cando chove téñense que repartir. Uns poden saír e outros teñen que quedar nas clases. Tamén se solicitou o arranxo e novamente sen resposta.

Explica a sra. Argibay que podería continuar, porén considera que todas as realidades que estivo a relatar e que veñen de padecer durante anos os 300 alumnos do CEIP de Calo, deberían de ser máis que suficientes para que os representantes do Concello falen co director xeral de centros da Xunta, onde goberna o PP con maioría absoluta dende hai anos, que vaian a velo se é preciso, e se esixa esta mellora tan necesaria para a comunidade escolar de Calo.

Considera a sra. Argibay que se Teo quere medrar como Concello e atraer poboación ten que ofertar servizos modernos e en condicións, especialmente para os rapaces que estudan no Concello e que son piar fundamental para o futuro do mesmo.

Agarda a sra. Argibay que esta sexa a lexislatura na que se poida celebrar a ampliación, e confía no goberno para a mellora do CEIP de Calo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, quen anuncia o voto a favor do seu grupo, xa que no tempo que están aquí xa leva tramitadas moitas desas cousas, xa ten unha carpeta bastante chea coa que a sra. alcaldesa e ela van a asistir á Consellería de Educación e precisamente nesa reunión se está traballando. Opina que iso tamén é unha tarefa das direccións dos Centros e das ANPAS, e con eles tamén xa tivo varias reunións. Ao principio para presentarse con todas e ao longo deste pasado mes tamén coas direccións. Sinala que con todas elas acordouse que volverían a tramitar as peticións ou remitirían copia ao Concello das que xa fixeran. Sinala que, tratándose de Calo, de feito xa llo comentou ao director, porque dixo que tamén fixera outras peticións menores, de mantemento, ao Concello, e que non se fixeran, e pensa que nese caso tanto a sra. Argibay como a sra. López estaban ao cargo e tampouco deron solución a esas cousas.

A sra. Argibay sinala que son competencias da Xunta de Galicia.

A sra. Vázquez responde que ela está a falar doutras cousas menores, de mantemento, pois o mantemento dos CEIP depende do ámbito municipal. Indica que son moitas as cousas que requiren os centros educativos de Teo e coñéceos todos, ben por alumna ou ben agora estes meses porque xa os recorreu todos e estivo en contacto coa xente, e teñen moita falta de mantemento. Sinala que é verdade que tamén precisan de obras maiores, porque teñen anos, e efectivamente hai que solicitar onde hai que solicitar, engadindo que tamén quixera saber porque determinados arranxos que mesmo dependían da concellería, se lles dixo que dende o Concello había informes de técnicos que dicían que non se podían facer. Informes que non aparecen por ningún lado, que os técnicos din que ninguén lles solicitou, pero que esa foi a resposta que recibiron certas ANPA, entón parece que tamén foi un pouco de desidia.

Explica a sra. Vázquez que chegou a unha concellería que ten cero euros na súa partida, polo que é moi difícil facer traballos así. Agradece aos traballadores de obras e xardíns porque as súas cuadrillas están traballando polos centros educativos de Teo en todo o que se lle pide.

A sra. Vázquez di que outro tema que tamén quería comentar é o do paso de peóns de enfronte da Ramallosa, que tamén estaba pendente e a única razón era que o Concello

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

acometese as obras da beirarrúa e a Xunta tramitaba o cambio do paso de peóns. Non entende cal foi o problema para non querer facer o arranxo da beirarrúa, porque tan só tivo que coordinar iso co departamento de obras, co arquitecto municipal e comunicarse coa Xunta e iso vaise a levar a cabo. Sinala a sra. Vázquez que iso fala de determinadas cousas que dende o ámbito municipal se podían facer e que non se fixeron.

Referíndose a Calo sinala a sra. Vázquez que é un centro que precisa moitas ocupacións. Ten tamén moitos outros problemas a nivel dos baños, que xa o falou tamén co director e estase traballando tamén niso. Tratándose da cociña sinala que foi a vela e é certo que algunhas cousas, coma por exemplo o das persianas, se poderían solucionar dende o Concello, porque xa se fixo nos Tilos.

Tratándose do ascensor sinala que é certo que é un dos centros que non ten ascensor, pero tamén é verdade que a normativa non avoga polos ascensores, por iso os centros novos soen ser de planta baixa. Ese centro xa ten anos e entón haberá que facer igualmente esa reforma como se fixo na Ramallosa e incluír un ascensor. Aínda así, en casos de cadeiras de rodas ou de ter que usar muletas o que habitualmente debería facerse é a reordenación de aulas.

Salienta a sra. Vázquez que o equipo de goberno vai a tramitar que se faga a reforma integral, pois precísana tanto o CEIP plurilingüe dos Tilos como o CEIP de Calo. Nos Tilos ademais urxe o arranxo da cuberta, na que xa se tivo que facer certas actuacións debido ás choivas que houbo.

Refírese a sra. Vázquez ao tema dos CRA e di que vai a defender precisamente todos eses centros e todo o que faga falta, porque os coñece, como alumna, xa que estudou no CRA na escola de Reis, fixo a primaria no CEIP da Ramallosa e toda a súa etapa de instituto foi no IES de Cacheiras. Reitera que coñece e que vai a defender os centros públicos de ensino de Teo como sexa e para o benestar de toda a veciñanza, porque van a apostar por eles.

Explica a sra. Vázquez que dende o IES teñen precisamente un gran proxecto, que dende o Concello todo o que foi o informe que mandaron dende o IES é de loar, para tamén pedir unha ampliación, porque si é necesario, e dentro de Galicia foi un dos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

institutos que medrou tamén notoriamente en matrícula e será tamén unha das grandes bazas nas que se traballará, así que van apoiar esta moción pero xa se está traballando niso e en moitas outras cousas que dependen precisamente do Concello e que ata agora non se fixeron, e todo o que se poida conseguir nestes catro anos vaise a traballar.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que a sra. Vázquez se queixa de que non ten cartos na partida e probablemente sexa certo, aínda que non lembra de memoria canto quedaba, pero esa partida sempre vai moi xusta e acábanse de detraer 15.000 € máis desa partida, porque a 330 tiraba da de cultura.

O portavoz do BNG, sr. Devesa, manifesta que as argumentacións están ben, e a todos lles gusta falar e expresarse e non discute que hai moitísimo traballo e moitísimo que vai haber, e ogalla houbera máis, que sería bo para o Concello, porén se está a desvirtuar un pouco o tema da moción que traen. Entenden que moitos centros educativos están mal e farase o posible por arranxalos, xa se ten falado de moitos deles, pero a moción do seu grupo en concreto é porque este edificio ten uns problemas moi grandes porque leva moitísimos anos enriba, entón, se se fala de calquera outra cousa durante esta moción que se centra nese CEIP estase desvirtuando un pouco o contido da moción.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, comenta que o que lles agrada é o interese do PP, xa que agora é o grupo de goberno o que ten a man axeitada para tocar a quen faga falta para facer esta reforma. Reitera a sra. Argibay que no momento que ela foi concelleira xamais tivo unha resposta da Xunta de Galicia, engadindo que sabe que é a súa maneira de actuar, a ela non lle respondían porque era doutro partido, e agarda que ao novo equipo de goberno lles respondan, e apoiarán e aplaudirán calquera cousa que faga a Xunta en beneficio do Concello.

A sra. Vázquez, dirixíndose ao sr. Devesa, di que evidentemente non quere quitarlle peso á moción nin ao que se solicita, pero tampouco quería deixar de lado outros centros que poidan sentirse que só se mira por un, cando tamén teñen outras

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

deficiencias. Explica que o que pretendía foi recalcar que evidentemente todos teñen necesidades e mirarase por todos.

A sra. alcaldesa di que, antes de proceder á votación, quere clarexar dous puntos. En resposta a PXC di que cando chegaron ao Concello o 19 de xuño a partida de educación estaba a cero, algo que non é que o diga ela, senón que o amosan os datos, e o que é medible non é opinable.

En relación ao dito pola sra. Argibay, a sra. alcaldesa di que agora o Concello ten man coa Xunta, efectivamente, pero que é a mesma man que tiña a sra. Argibay dende o 2005 ao 2009, co PSOE, porque alguén habería no bipartito de representación. Sinala que o PSOE tiña unha representación e estaban na Xunta de Galicia, e comparte a preocupación e todos os anos que leva desatendido o edificio, o cal inclúe o bipartito, co presidente Touriño.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a reforma integral cunha ampliación e modernización do CEIP de CALO para que responda as novas necesidades educativas e cumpra coas normativas vixentes en materia de eficiencia enerxética, accesibilidade e seguridade.

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE DÍA.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Eloy Devesa Puente.

O sr. Devesa cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Noelia Castaño Gosende.

A sra. Gosende da conta da moción do seu grupo, de 9 de outubro de 2023 (rex. entrada nº 202399900003113, do 09/10/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de servizos sociais, igualdade, muller, diversidade e relacións veciñais do 19 de outubro de 2023.

"Eloi Devesa Puente, como **portavoz e concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Teo**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

presento para o sua exposición e debate en pleno a seguinte

moción:

"Moción para a construción dun Centro de día en Teo".

Exposición de motivos:
A necesidade dun centro de día no Concello de Teo está constatada desde hai máis dunha década. O proxecto para a construción dun Centro de día na parroquia de Calo xa se atopaba en fase de licitación no ano 2009 cando o Partido Popular accedeu de novo ao goberno da Xunta de Galiza. O executivo liderado por Núñez Feijoo tomou a decisión de que Teo non debía contar con esta infraestrutura, anulando o convenio asinado e deixando en dique seco o traballo realizado ata daquela.

Desde o BNG nunca compartimos esta decisión, polo que ao longo desta década temos demandado en numerosas ocasións a construción do Centro de día canalizando un clamor social na sociedade teense, tanto a través de emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza, que contaron sempre co voto en contra do Partido Popular, como tamén a través dos plenos municipais.

O avellentamento poboacional de Galiza nas últimas décadas esixe dos recursos públicos necesarios para garantir as máis altas cotas de benestar social das e dos nosos maiores. Neste senso, resulta fundamental o desenvolvemento dunha rede de servizos públicos forte, de proximidade, que permitan a poboación galega ficar o maior tempo posible nas súas casas, un modelo no que os Centros de día son un recurso chave.

O Concello de Teo, conta cunha poboación próxima aos 20.000 habitantes da cal máis do 20% supera os 65 anos e precisan de xeito urxente este servizo.

Por estes motivos, o Grupo Municipal do BNG de Teo propón ao Pleno a adopción do seguínte **ACORDO**:

O Concello de Teo, a través do seu goberno, procederá a realizar as xestións oportunas e necesarias para que Teo conte cun Centro de Día con dotación e persoal a cargo dos orzamentos da Xunta de Galicia, dando conta ao Pleno dos avances acadados e dos prazos previstos para a súa consecución".

A sra. Castaño sinala que presentan esta moción co obxectivo de ter o compromiso firme da Xunta da creación do necesitado Centro de día de Teo, xa que é un Concello

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

con moita poboación avellentada, onde máis do 20% de persoas son maiores de 65 anos. Sinala que dende o seu grupo consideran que se trata dunha necesidade inmediata, e ademais están os orzamentos enriba da mesa.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que se quería estender un pouco agora porque pensa que o tema do centro de día se utilizou en campaña e chega aínda ata aquí. Considera que hai que facer moita pedagoxía con respecto a isto porque hai xente que non o está a entender ben.

Explica a sra. López que un centro de día pode estar en Teo, Vedra, Ames, en concellos limítrofes e a adxudicación de prazas non é territorial. Non é que se unha persoa vive no Concello de Teo lle vaia tocar a praza no Centro de día de Teo, vai por unha baremación que fan os servizo de dependencia. Polo tanto, puidera darse o caso de que unha persoa de Vedra, cunha dependencia alta, viñera a un centro de día de Teo, a pesar de haber en Teo persoas dependentes que non teñen tanta dependencia.

Considera a sra. López que isto non se está trasladando ben á poboación, se xeran falsas expectativas e que ademais non axuda despois nada si de facto chega a haber un centro de día en Teo para comprender por que algunhas persoas teñen unhas prazas e outras non. Cree a sra. López que hai que explicar moi ben isto antes de falar como se falou.

Di a sra. López que é certo que Teo ten o espazo, xa estaba hai anos, proxectábase unha construción na zona de Campos de Mirabel e trátase dunha instalación necesaria. Pero a Xunta de Galicia sacou no ano 2023 unha convocatoria na cal daba 2 opcións aos concellos, unha era a creación dun centro de día, un centro a onde van as persoas que teñen dependencia, por tanto está pautado e taxado cal é o persoal que lle corresponde a ese centro en función das persoas que alberga, se ten 27 prazas ou se ten 43, non vai a decidir o concello cantas persoas teñen que traballar aí, iso está pautado.

Cando a Xunta de Galicia saca esta convocatoria da dúas opcións, ou un centro de día co persoal xestionado e por tanto pagado polo concello, ou outra modalidade que sería como un centro sociocultural para maiores, que foi o que se solicitara polo Concello no

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

espazo que hai ao lado da piscina. Explica a sra. López que se fixo así porque o Concello entendía que facerse cargo dunha conserxería e dunha dinamización de actividades entraba dentro dun orzamento asumible para Teo, pero non así o centro de día.

Di a sra. López que o BNG propón aquí que se lle lance ao goberno da Xunta de Galicia esta proposta, como se isto se puidera lanzar, como se dependendo de quen goberna a Xunta de Galicia fose a dar algo fóra de convocatoria, e de ser así sería asumible que se trata dun goberno mafioso, engadindo que non sabe nin como afrontar esta proposta, nin outros comentarios que se teñen escoitado no Pleno. Explica que hai uns cauces, unhas convocatorias formais e legais que terá que facer a Xunta de Galicia e é de recibo que asuma a xestión da dependencia porque calquera que estea no terreo sabe que ningún Concello pode facer fronte a esa xestión, que é moi custosa, menos aínda o Concello de Teo ata que non acade os 20.000 habitantes. Por iso o anterior goberno tomou esa decisión de pedir aquel centro sociocultural para maiores.

Anuncia a sra. López que o PXC vai a apoiar a moción, e ogallá que o goberno da Xunta de Galicia faga un centro de día en Teo asumindo ademais esa xestión, pero ogallá que o faga ben.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen anuncia o apoio do seu grupo á moción, sobre todo porque é unha demanda recorrente da veciñanza e de todos, a creación do centro, da forma que sexa, da maneira que sexa e coas competencias que sexan, pero é preciso un centro debido á necesidade poboacional e ás características da poboación, polo tanto van a votar a favor coa forma, na maneira e na execución que sexa.

A sra. alcaldesa sinala que loxicamente isto axústase a uns procesos, porque a Xunta de Galicia goberna para 313 concellos e 4 provincias, ninguén está a dicir o contrario. Di que ten gracia que lle fale a sra. López de mafia e de facer os procesos ben, sen que sexa preciso entrar máis no tema.

Explica a sra. alcaldesa que ter en Teo un centro de día ía ser en calquera caso bastante máis barato que todas as municipalizacións que o goberno anterior fixo, que non eran asumibles, e tiñan informes en contra.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Sinala a sra. alcaldesa que, como dicía a sra. López, efectivamente pode ser que todas as prazas non sexan para Teo por iso estase a xestionar e estase a buscar a mellor fórmula para a implantación e a posta en marcha o antes posible para os veciños de Teo, iso é o que se está estudando. Ninguén di que se vai facer nada en contra da lei, xa que precisamente este goberno é bastante purista coa lei.

Tratándose da moción, a sra. alcaldesa di que, partindo do feito de que ela é a primeira que na campaña anunciou as intencións dende o primeiro momento, un concello de 19.032 habitantes a día de hoxe debe de ter un centro de día propio. O que estuda a Xunta son necesidades, e neste caso está máis que demostrado, engadindo que non fai falta que diga que os maiores de Teo están indo a Rois e outros concellos limítrofes.

A sra. alcaldesa di que a ela lle encantan as iniciativas, pero o que non pode formular o BNG é unha moción que sabe de facto que van a rexeitar, e o BNG sabe perfectamente por que, porque non se axusta á verdade. Na exposición de motivos, se di que "*o executivo liderado por Núñez Feijóo tomou a decisión de que Teo non debería contar con esta infraestrutura anulando o convenio asinado e deixando en dique seco o traballo realizado ata aquela".*

A sra. alcaldesa di que o acaba de explicar moi ben a sra. López, xa que quen o ten que solicitar é o Concello, se quere un centro de día ou quere, como se pediu na lexislatura anterior, concretamente en 2022, un centro de acción social, que non é para nada o mesmo.

O BNG, antigamente Sonde Teo e hoxe PXC, era socio, e pediron en vez de un Centro de día, un Centro social, como explicou a sra. López.

A sra. alcaldesa di que quere clarexar que o presidente Feijóo en 2009 efectivamente chegou e implantou o seu modelo de centro de día, e a obriga estaba no concello en pedilo e non se pediu en ningún momento.

A sra. alcaldesa dá lectura ao acordo que propón o BNG. Diríxese ao BNG e sinala que eles saben pola prensa e porque non o ocultou en ningún momento, e o fixeron público en todas as reunións, así que pídelles que non veña a apuntarse o tanto. Sinala que ela está encantada de que todos sintan a necesidade e remen xuntos polo centro de día,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

pois iso é o que hai que facer, non poñer pedras no camiño e sumar. A sra. alcaldesa di que vai a plantexar unha moción de urxencia totalmente apolítica para que veña o centro de día ao Concello. O que pide é que se teña altura de miras e se vote esa moción a favor polo benestar dos veciños, non por outra cousa, xa que hai cousas que transcenden da política e esta é unha delas.

O sr. Devesa di que, por alusións, vai a intervir el. Salienta que quere clarificar que eles nunca foron socios de ningún goberno e que dende que perderon a maioría absoluta porque se foron os de Son de Teo nunca estiveron nun goberno, entón non sabe como a sra. alcaldesa di que son socios, xa que non é así. Explica que outra cousa é que votaran a favor ou en contra en segundo que cousas e iso é como funciona a democracia. Se hai dous grupos e un rompe a baralla nalgunhas cousas votan a favor e noutras en contra, pero nunca formaron parte de ningún goberno nin estiveron asociados con nada raro.

Di o sr. Devesa que leu a prensa e o outro día escoitou incluso na radio que ao parecer é ficticio que exista unha vella reivindicación do centro de día, pero a verdade é que hai un dossier dende o 2007, incluso de solicitudes dos veciños, do centro de día. Incluso se realizaron actividades, nas que el mesmo participou hai uns anos, de recollida de sinaturas, e conseguíranse moitas, que se presentaran, entón non entende ben se non é unha reivindicación ou si que o é ou simplemente é algo que pode dicir o PP que reclama, non o ten claro.

O que dicía do centro social anterior, a súa información era que se facía ou un centro de día ou un centro social, pero que o mantemento era por parte do concello entón entendeuse, por parte de quen gobernaba nese momento, que non se podía acometer ese mantemento de persoal, edificio, o que fora, porque un centro de día con moita capacidade necesitaría bastante persoal, non sendo viable se a Xunta non acomete as súas competencias. Explica o sr. Devesa que o que queren dende o seu grupo é que a Xunta colla as súas competencias, igual que debería facer no SAF, porén como non lle apetece pois teñen que facelo os concellos, pero hai que facelo, porque se está a falar da saúde e do benestar da cidadanía, e para iso se pagan impostos. Explica que non entende a volta de, por criticar unha frase dunha moción, que incluso se podería debater e modificar a exposición de motivos para sacala adiante, decídese borrala e

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

botar cousas en cara ao BNG de Teo. Os concelleiros que están aquí son novos e saben o que se fixo antes porque están no partido dende hai tempo, e non se entende a forma de desvirtuar un tema falando destas cousas.

Di o sr. Devesa que, volvendo ao tema da propaganda, el se colle o xornal ou notas de prensa, realmente non é torpedear nada porque a única información real que hai é que houbo unha reunión da alcaldesa de Teo coa concelleira para falar de algo. Non hai nada concreto, non se informa de nada máis. Hai unha reunión de dúas persoas que din que falan de algo. Sinala que por exemplo, no caso do alcalde de Vedra, eran sinerxías, engadindo que el tamén fala de sinerxías con moita xente pero non o publicita como tal.

Aberta a segunda quenda de intervencións, intervén a portavoz do PXC, sra. López, quen di que no ano 2009, despois do bipartito, Feijóo chega á Xunta e bota abaixo un centro de día do cal só faltaba a licitación de obra. Dezaseis anos de goberno en Teo, onde se propoñen distintas convocatorias, onde se analiza, se estuda, parece que non, desvíanse as dependencias a outros concellos, e con catro meses de goberno de PP a sra. alcaldesa trae agora unha moción de urxencia para votar a idoneidade dun centro de día. Di a sra. López que vai a esperar a ver esa moción de urxencia.

Pregúntase a sra. López como é que se pode saltar calquera tipo de trámite. Pregunta se está resolta a convocatoria de ese centro de maiores tal e como se pediu, engadindo que pensa que esa convocatoria non está nin resolta e de repente a Xunta así como regaliños que fora repartindo, sae con iso, e non se pode traballar así e a xente non o vai a entender. Amosa a sra. López a súa indignación porque se traballe así, engadindo que o da Xunta de Galicia é unha cousa seria.

A sra. alcaldesa dille á sra López que insiste no mesmo, non se vai a falar da idoneidade, porque iso non está en discusión. Pensa que o deixou bastante claro, que todos os grupos políticos fixeron outra cousa distinta da que dixeron, este goberno ten unha intención clara, porque hai unha necesidade clara, debido ao censo de poboación que hai en Teo, de que o centro de día debe de vir a Teo. Con respecto ao de se se vai facer ben ou mal, vaise facer axustado á lei, escrupulosamente, e senón a sra. López terá voz para dicir o que considere, aínda que de momento non o pode dicir.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Di a sra. alcaldesa que se a ese centro de día só lle faltaba a licitación o bipartito tivo catro anos para levala a cabo, e ela leva aquí catro meses e se lle pide que presente o centro de día. Sinala que o que lle vai a importar ós veciños é que haxa o servizo.

Dirixíndose ao BNG, a sra. alcaldesa di que cando ela fala de socios di que o BNG deu o voto para que puideran gobernar, aínda que non quere focalizar niso. Considera que se se da o voto e non se fai valer o mesmo, non hai nada para Galicia. O PP tamén ten xente nas filas que non estaban aquí hai catro anos e non pasa nada, e o sr. Devesa viña a todos, ou case todos, os Plenos como público, e sabe de que se está falando, e ademais é un tema de suficiente calado para que toda a cidadanía saiba de que se está a falar.

Di a sra. alcaldesa que aclara isto porque non se trata de desvirtuar, senón de contextualizar, porque o sr. Devesa sen vir ó caso pon na moción o de Núñez Feijóo. O grupo de goberno non vai aprobar isto porque non é verdade, o PP de Teo ten demostrado moitas veces que se teñen que votar en contra da Xunta o fan, e hai antecedentes claros, porque o que lles importa son os cidadáns, algo que non se debe esquecer nunca.

A sra. alcaldesa di que o que non vai a consentir son ese dous textos que non se axustan á realidade para nada, poñéndose ademais na moción que se proceda a realizar as xestións oportunas. Sinala que as xestións oportunas xa están iniciadas, é o que se está a trasladar á cidadanía, que se está traballando niso e esperan poder contar coa connivencia do resto dos partidos, porque é unha cousa que transcende da política, que é para os veciños. Con respecto ao que o sr. Devesa pon en dúbida de que fala a alcaldesa co Conselleiro di que fala do centro do día, e iso pode transcender a todos os ámbitos da vida, pódese poñer en dúbida o que queira, cadaquén é libre. Estase a falar do centro de día, de como implementalo a maior brevidade posible para os veciños. Lembra que o bipartito gobernou durante catro anos, polo tanto neses anos tivo bastante máis tempo que os catro meses que leva ela de alcaldesa, e aínda así xa fixo bastante máis, e todo legalmente, porque non van a facer ningunha chapuza de ningún tipo. O que importa é traer o centro de día. Como rexedora pídelle ao BNG que teñan altura de miras.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa anuncia que vai a presentar unha moción de urxencia sobre o centro de día e pide que o BNG retire a súa, respostando o sr. Devesa que iso non é posible sen coñecer o texto da moción anunciada.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC) e nove votos en contra (9 PP), acorda rexeitar a moción do BNG, do 9 de outubro de 2023 (rex. entrada nº 202399900003113, do 09/10/2023), sobre a construción dun Centro de Día en Teo

6.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sétimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, a sra. alcaldesa, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, presentándose as mocións que se recollen a continuación:

1.- <u>Moción do grupo municipal do PP para solicitar á Consellería de política social da Xunta de Galicia a dotación ao Concello de Teo dun centro de día municipal, para atención a persoas maiores e con discapacidade e con necesidades asistenciais de coidados, do 23 de outubro de 2023</u>.

A sra. alcaldesa explica que a urxencia está relacionada con que o PP de Teo ten intención de non politizar o tema senón de pór en marcha o centro de día. Explica que, de non ser polos 2 parágrafos citados no anterior punto, votaríase co BNG a moción, pero como non era o caso e sempre se empeñan en facer determinadas observacións, querían propoñer esta moción.

A sra. López sinala que non entende a urxencia e pregunta por que isto non pode pasar por comisións.

A sra. alcaldesa dille que se non o entende que vote en contra.

A sra. López di que non o entendeu e pide que llo volva a explicar.

A sra. alcaldesa di que ante a moción do BNG e ante a imposibilidade de votar con eles a súa moción, polos dous parágrafos dos que se falou no punto anterior, se ven

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

obrigados a presentar esta alternativa, porque senón vaise a desvirtuar o feito de que o PP polo que leva loitando e o que quere é un centro de día.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 3 BNG) e dúas abstencións (2 PXC), acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do PP para solicitar á Consellería de política social da Xunta de Galicia a dotación ao Concello de Teo dun centro de día municipal, para atención a persoas maiores e con discapacidade e con necesidades asistenciais de coidados, do 23 de outubro de 2023.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao concelleiro de medio ambiente rural e urbano, seguridade cidadá e benestar animal, D. Rogelio Lema Mougan.

O sr. Lema da conta da moción do seu grupo, que se recolle a continuación, para solicitar á Consellería de política social da Xunta de Galicia a dotación ao Concello de Teo dun centro de día municipal, para atención a persoas maiores e con discapacidade e con necesidades asistenciais de coidados, do 23 de outubro de 2023.

"O Concelleiro e Portavoz do Partido Popular de Teo, Rogelio Lema Mougán, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP de Teo, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

SOLICITAR A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA, A DOTACIÓN AO CONCELLO DE TEO DUN CENTRO DE DÍA MUNICIPAL, PARA ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE E CON NECESIDADES ASISTENCIAIS DE COIDADOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española refírese, a través dos artigos 49 e 50 a un sistema de servizos sociais promovido polos poderes públicos, que permita garantir a protección e atención particulares que necesitan colectivos como os das persoas maiores ou as persoas con discapacidade
A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia supuxo un avance importante de cara á atención que as administracións públicas prestan ás persoas que se encontran en unhas condicións de especial vulnerabilidade, necesitadas de apoios, ben para promover a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

súa autonomía persoal ou ben para dar resposta adecuada ao seu problema de dependencia.
Ese sistema, que evolucionou e alcanzou una importante transformación que debe seguir adaptándose ás necesidades de cada momento a fin de que as accións que veñen desenvolvéndose por parte dos poderes públicos, en este campo, se configuren como eficaces instrumentos de atención coa colaboración e participación de todas as administracións públicas.
O concello de Teo, cunha poboación censada, de preto de 20.000 habitantes e cunha franxa de idade do 20% que supera os 65 anos, precisa dispor dun Centro de Día Asistencial para as persoas que requiren de coidados relacionados coa dependencia e a discapacidade.
O concello de Teo quere dotarse dun Centro de Día Municipal que poida satisfacer as necesidades dos seus veciños e veciñas neste ámbito. Por esta razón dirixímonos a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, para que no menor tempo posible, articule os mecanismos precisos para que Teo poida contar con esta infraestrutura.

Presentamos esta moción a consideración do Pleno da Corporación municipal de Teo para PROPOÑER aprobación do seguinte

ACORDO:

1- Manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo para que por parte da Xunta de Galicia se proceda á implatación dun Centro de día asistencial, para as persoas da terceira idade ou con discapacidade que precisen destes coidados.

2- Trasladar o acordo á Conselleira de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

En Teo, a 23 de outubro de 2023”

A sra. alcaldesa sinala que o acordo que propoñen está bastante claro. Menciona a toda a Corporación municipal, pois xa dixo que era unha moción aséptica e exenta de partidismos, polo interese dos veciños. Isto reforza a petición porque vai dunha sesión plenaria, unha comunicación directa á Xunta de Galicia, aínda que son conscientes porque así o trasladou de que se precisa o centro de día, que é necesario e que hai un censo que así o avala.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, manifesta que pensa que se había discordancias co texto presentado polo BNG houbo unhas comisións onde se valoran este tipo de cuestións, que para iso tamén están todos aquí, para chegar a acordos. Ninguén pon en dúbida se Teo precisa ou non precisa un centro de día, pois todos están de acordo nisto. O que habería que discutir, con datos e

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

con moita pedagoxía, é se Teo pode asumir esa xestión, xa que non se trata de pedir por pedir. Pregunta a sra. López como está a convocatoria, ou se é que a Xunta planta un centro de día saltándose unha convocatoria que xa está aberta, que non ten resolución. A sra. López di que o seu grupo prefire a moción do BNG que dicía e explicaba como quere o concello ese centro de día, en igualdade con outros que hai no país, con xestión da Xunta, non con xestión do Concello, que é a todas luces inasumible ata que o Concello non teña máis de 20.000 habitantes.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que lle decae un pouco o ánimo ver que a política municipal ó final funciona así, porque eles levaron unha moción con tempo a unha Comisión e o que non gusta son dous parágrafos, que se podía ter negociado a redacción, sen ter que chegar a isto.

Salienta o sr. Devesa que o que lle preocupa desta moción é que a referencia a "centro de día municipal" aparece dúas veces no texto, pero é unha competencia da Xunta, polo que o centro de día non pode ser municipal. Considera que se debe tratar dun fallo de redacción, porque non pode ser así.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, que sinala que todos os grupos levaron en anteriores campañas nos seus programas a creación e a necesidade dun centro de día en Teo. Considera que se se consigue sería un logro da Corporación e un logro conxunto de todos, anunciando que, ao igual que na moción do BNG, o seu grupo vai a votar a favor.

A sra. alcaldesa diríxese á sra López e di que menos mal que agora o ten claro, porque fai cinco minutos dicía todo o contrario, engadindo que agora é ela mesma a que non está entendendo nada. Explica que o que está trasladado é a necesidade imperiosa de poñer en marcha un centro de día, o antes posible, cos mecanismos que correspondan, como administracións serias, e todo negro sobre branco.

Pídelle á sra López que non se preocupe por iso, que se tería que ter preocupado antes doutras cousas pero que non vai a entrar aí.

A sra. alcaldesa, dirixíndose ao BNG, dille que non houbera tido ningún problema en transaccionar con eles, simplemente di que o BNG tamén terían que terse achegado ao

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Concello, sabendo como é “vox populi” e manifesto que o PP está traballando polo centro de día. Tanto é así que nas entrevistas que lles fixeron no TeoVivo o dicía non só a alcaldesa, senón tamén o sr. Devesa. A sra. alcaldesa da lectura á parte desa entrevista á que se refire e sinala que cando a periodista pregunta cal é a medida estrela do seu programa electoral, a súa resposta foi que “teño varias, pero quero traer un centro de día para maiores”. Máis adiante pregunta polo centro de día, ao que xa lle respondera, e a sra. alcaldesa contestou “é que é imprescindible”. Manifesta que iso foi o que contestou como candidata.

A sra. alcaldesa da lectura á resposta dada na mesma entrevista polo sr. Devesa, que contesta á primeira pregunta “a humanización de todos os núcleos que podamos e a revalorización do noso patrimonio”, co cal a sra. Calvo concorda perfectamente. No que se refire ó centro de día, á segunda pregunta da entrevistadora, o sr. Devesa contesta que “*seguiremos loitando por un centro de día en Teo que en 2007 xa estaba case feito co BNG na Xunta pero co cambio de goberno se paralizou”.*

A sra. alcaldesa di que se tiveran tido vontade o centro de día estaba en Teo en catro anos.

A sra. alcaldesa di que é unha intención clara, manifesta e pública traer o centro de día a Teo e poñelo o antes posible a disposición dos veciños. Con respecto ao de que se é municipal ou non, sinala que cando se chegue a ese punto xa se verá, pero o que si asegura é que o que vai a lograr, ou a intentar conseguir, é que Teo conte con ese servizo. Insiste en que máis custan as municipalizacións que se fixeron ás tontas e ás locas, e que non ten nada que ver coas sesenta persoas que hai nas EIM, por citar algún, ou Augas, o cal xa non está en discusión, pois xa están municipalizadas e van tirar para diante con elo, pero non ten nada que ver coa xestión dun centro de día.

Considera a sra. alcaldesa que o que teñen que intentar todos é deixar a un lado a política e remar todos na mesma dirección, e non poñer pedras nin paos no camiño.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que por unha parte pensa que o grupo municipal do PP tiña especial interese, podía incluso ter acceso a certa información de que isto se podía facer aquí, e en campaña electoral centrou todo o tema do centro de día. Insiste en que hai unha convocatoria que é á que

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

se teñen que ater os concellos e a Xunta de Galicia para a formación dun centro de día e nesa convocatoria só se deixa opción de xestión directa.

Reitera a sra. López que todos os grupos municipais queren un centro de día en Teo, engadindo que o que está en discusión é como se vai a xestionar. Sinala que aí é onde hai un conflito e non é cuestión de traer unha moción de urxencia para poder sacar unha nota de prensa ou porque quedan seis meses para as eleccións galegas e entón hai que facelo de presa e correndo, plantar, como se foran sementes, infraestruturas polo país, e xa se cruzará esa ponte, pero non é así, iso será o primeiro, porque de infraestruturas que quedan sen xestionar xa hai abondo no país, e non está ben que se estea sementando agora unha para Teo. Considera que iso sería o primeiro que hai que discutir, engadindo que non ten ningún problema en dar a súa opinión e mesmo en mudala, se o grupo municipal ten outros datos.

Lembra a sra. López que cando se discutiu a municipalización do lixo déuselle moitas voltas e todos tiñan os datos económicos. Se non lle gustan ao grupo municipal as municipalizacións teñen unha maioría absoluta así que poden revertilas. Pensa que xa está ben de queixarse, porque sacan o goberno do bipartito en cada Pleno e gobernaron catro anos. Pídelle a sra. López á sra. alcaldesa que se non lles gusta unha cousa que a cambie, porque ten maioría.

A sra. López pensa que o tema é suficientemente serio e que hai un acordo de todas as formas políticas, e moi serio ademais, na necesidade dun centro de día, e polo tanto hai que discutir o modelo, pero non é facelo e despois xa veremos.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que espera non ter que repetirse seguido durante este mandato, pero un pouco o que dicía a compañeira do PXC, catro anos dun bipartito deben de sumar máis que 25 do PP controlando a Xunta, pois non lle dan as contas. Salienta que, lonxe de todo iso, espera non ter que volver a dicir isto nestes catro anos, porque senón poden vivir no bucle.

O sr. Devesa di que non se lle contestou ao que expoñía ao principio. Reitera que *a priori* coa moción, se se saca a palabra “municipal” sempre que se fale do centro de día, non teñen ningún problema en apoiala. Con esa palabra a eles o que lles da a entender é que se vai a facer cargo o Concello, e aí vólvese a debater que garantías da

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que o Concello poida cubrir as necesidades da veciñanza mantendo o centro de día ao 100%, engadindo que a el non lle da esa confianza. Di o sr. Devesa que se fala de altura de miras, porén a altura de miras tamén é ter orzamento para pagar as cousas, entón ou se explica mellor isto ou teñen serias dúbidas.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non intervén na segunda quenda.

A sra. alcaldesa dirixíndose á sra. López, dille que ela mesmo o acaba de dicir, había diñeiro e cartos para municipalizar o lixo e a sra López di que se depende, que aínda non se sabe, de que sexa municipal ou non o centro de día, mellor que non, engadindo que iso é o que se está entendendo.

A sra. López di que hai que xestionalo si ou si.

A sra. alcaldesa di que igual que se xestiona o SAF e outras necesidades, porque as necesidades dos veciños son o primeiro, senón que a sra. López o diga aquí, en sede plenaria, engadindo que hai moito aínda de onde sacar.

A sra. López di que entón non se pode dicir que non hai cartos.

A sra. Calvo di que fala de recortar, que é distinto de xestionar. Cartos non hai, e non porque o diga ela, senón porque o din os informes técnicos, o di unha habilitada nacional independente. Sinala a sra. alcaldesa que o acaba de dicir a sra. López, o lixo si, as persoas maiores non, engadindo que para o goberno municipal o máis importante son as persoas maiores.

A sra. López di que iso non é certo, e pídelle á sra. alcaldesa que non minta, que ela o que dixo é que a xestión do lixo hai que seguir facéndoa, que as persoas a ela impórtanlle por iso o debate aquí é a xestión. Entende a sra. López que os hospitais, os IES e moitas cousas son xestións directas da Xunta, como tamén a teñen os centros de día, máxime cun concello que vai cos orzamentos tan piados coma o Concello de Teo ata que non teña máis de 20.000 habitantes. Salienta a sra. López que ela non dixo en ningún momento que o lixo si e as persoas non, non pronunciou en ningún momento esa frase.

A sra. alcaldesa dille á sra. López que fixo ben en rectificar, que nunca é tarde se a dita

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

é boa, porque foi o que se entendeu clarísimamente. O anterior goberno quería municipalizar o lixo a toda a costa, e iso era unha cuestión inasumible, sen que se poida comparar un volume con outro. A sra. alcaldesa reitera que os veciños precisan do servizo e vano a ter, e todo negro sobre branco. Referíndose ao bipartito di a sra. alcaldesa que é historia do país e polo tanto, do mesmo xeito que se falan doutras cousas, ela ten dereito a falar diso.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con doce votos a favor (9 PP e 3 PSdeG-PSOE) e cinco abstencións (3 BNG e 2 PXC), acorda:

1.- Manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo para que por parte da Xunta de Galicia se proceda á implatación dun Centro de día asistencial, para as persoas da terceira idade ou con discapacidade que precisen destes coidados.

2.- Trasladar o acordo á Conselleira de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

2.- <u>Moción do PXC "PAREMOS O XENOCIDIO", do 26 de outubro de 2023.</u>

A sra. alcaldesa cede a palabra á portavoz do PXC, D.ª María López Álvarez.

A sra. López sinala que, como todos saben, hai dúas semanas, pensa que exactamente o 8 de outubro, tratándose do conflito internacional entre Israel e Palestina, houbo un recrudecemento da violencia que había a esperanza de que cesara, por iso o día das comisións non lle parecía apropiado, pero lonxe de cesar a cuestión foi en aumento e por iso lle gustaría, xa que aquí se fai a política e se toman as decisións para o pobo, que houbera un posicionamento a este respecto e por iso o presenta como unha moción de urxencia.

Procédese á votación da urxencia para incorporar a moción na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Votos a favor – 5 (3 BNG e 2 PXC)

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Votos en contra – 0

Abstencións – 12 (9 PP e 3 PSdeG-PSOE)

A sra. alcaldesa sinala que se procede á incorporación do asunto ao Pleno.

Interveño eu, secretaria da Corporación, aclarando que se precisa obter maioría absoluta para debater e votar a moción, e que neste caso non se obtivo.

A sra. alcaldesa quere deixar claro que aínda que lle parece bastante máis importante o tema do centro do día que este tema, loxicamente é unha cuestión importante que a todos lles preocupa, polo que aínda así van a cambiar a intención do voto para que se poida debater a moción.

A sra. López sinala que descoñecía o da maioría absoluta.

Procédese polo tanto a unha nova votación

Someténdose novamente a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, con catorce votos a favor (9 PP, 3 BNG e 2 PXC) e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do PXC "PAREMOS O XENOCIDIO".

A sra. López da conta da moción do seu grupo, que se recolle a continuación, sobre paremos o xenocidio, do 26 de outubro de 2023.

"MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL
Proxecto Común de Teo

PAREMOS O XENOCIDIO

No conflicto que existe entre Israel e Palestina dende hai máis de sete décadas, con diversos momentos de recrudecemento de conflicto ao longo destes anos, Israel exerce a ocupación militar e apartheid sobre o pobo palestino e leva impoñendo dende o 2007 un bloqueo por terra, mar e aire sobre o territorio palestino convertindo de facto a franxa de Gaza nunha enorme cárcere ao aire libre onde realizar tarefas cotiás e levar unha vida digna faise practicamente imposible.

Dende hai dúas semanas, asistimos a unha nova escalda no conflicto sobre Palestina.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Unha escalada totalmente desproporcionada de Israel ante grupos de resistencia e milicias palestinos que carga contra toda unha poboación, que non discrimina civís e non respecta nin os mínimos acordos de protección da poboación nos conflictos, tanto así, que unha de cada tres vítimas en Palestina é un neno/as.

Unha situación dramática sobre a que só cabe tomar partido, posicionándonos en contra do fascismo e colonialismo, e sempre do lado dos povos.

Consecuentemente, o Pleno Municipal de concello de Teo ACORDA:

1. Manifestar o apoio e solidariedade co pobo palestino, como consecuencia da guerra de ocupación, opresión e exterminio que o estado de Israel leva exercendo dende hai décadas.

2. Condenar as actuacións levadas a cabo nas últimas semanas polo estado de Israel e todos os seus países aliados sobre a poboación de Palestina.

3. Ofrecer todo o apoio, solidariedade e axuda humanitaria para a franxa de Gaza que dende o Concello de Teo se pode despregar como ten pasado noutros conflictos bélicos.

3. Solicitar ao governo de España o recoñecemento do estado de Palestina con todas as consecuencias.

Teo, 26 de outrubro de 2023”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Devesa, anuncia o voto a favor do seu grupo, engadindo que queren expresar a súa solidariedade co pobo palestino.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen sinala que, independentemente de que rexeitan calquera tipo de barbarie e xenocidio que se produza en calquera lugar do mundo, pensan e seguen a liña de que hai determinados temas que non son competencia do Concello de Teo e como se vai a tomar por norma non se vai a apoiar.

A sra. alcaldesa di que isto excede da competencia municipal e que desgraciadamente pouco pode facer o Concello de Teo por esta crise tremenda. Sinala que o PP condena todo tipo de ataque á poboación civil, dun lado e doutro, por suposto o terrorismo islamista condénano tamén contundentemente como non podería ser doutra forma, e

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

calquera tipo de violencia. Pero realmente aparte de expresar a súa solidariedade pensan que non poden facer moito dende esta administración porque excede da competencia clarisimamente.

A sra. López di que como noutros conflitos está moi presente, por exemplo Ucraína, onde o despregue humanitario foi impresionante, poderíase facer o mesmo coa franxa de Gaza. Di que se pon na situación de ser Palestina e de ter que soster os seus fillos mortos ou os seus familiares e cando menos gustaríalle unha condena unánime aínda que xa soamente sexa por unha cuestión de xustiza social de todos os gobernos do mundo contra o que está pasando aí, que é absolutamente desigual. Sinala a sra. López que por suposto que condenan calquera tipo de terrorismo, neste conflito e noutros, pero dende logo o que non se pode exercer é terrorismo de Estado.

Pensa a sra. López que é moi grave o que está pasando en Israel, e ogallá que non se estenda a outros territorios. Explica que se lle tocara a este país a ela gustaríalle que en todos os Plenos de todas as Corporacións de todo o mundo se tivera en conta este conflito, porque é tremendamente inxusto, sendo desgarrador o que está pasando neste lugar.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o sr. Devesa di que se ben saben que non é competencia municipal e dende o Concello pouco se pode facer pero si que é algo simbólico, que é de xustiza mollarse por estas cousas, ao igual que se mollan por outras. Lembra que, por exemplo, no Pleno anterior o PP trouxo unha moción que non tiña moito que ver co Concello pero que era algo simbólico, entón el entende que a solidariedade co pobo palestino é algo que hai que expoñer dende o Concello.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE, non fai uso da segunda quenda de intervención.

A sra. alcaldesa di que o do anterior Pleno non era algo simbólico, que era algo distinto, pois é algo que atañe a Teo coma a calquera dos 313 concellos galegos, porque forman parte de España, polo que se trata dunha cuestión ben distinta.

Salienta que en todo caso se vai a cinguir ao que se está falando, e di que ela ponse nas dúas posturas da poboación civil, tanto israelí como palestina, que é algo gravísimo

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

e concorda totalmente coa sra. López co que está pasando, pero non deixaría de ser unha cuestión, como ben se di, desgraciadamente, simbólica.

Pensa que a diplomacia ten que facer a súa función dentro do que se poda pero desgraciadamente é unha cuestión que non é competencia do Concello. Explica que o seu grupo votou a favor da urxencia, para que se puideran defender, engadindo que a ela dóenlle tanto uns coma outros, xa que a poboación civil sempre é a vítima en calquera conflito, e por suposto do terrorismo islámico xa non hai nada que dicir.

Sinala a sra. alcaldesa que, por respecto a uns e a outros, o seu grupo vaise a abster.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con cinco votos a favor (3 BNG e 2 PXC) e doce abstencións (9 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:

1. Manifestar o apoio e solidariedade co pobo palestino, como consecuencia da guerra de ocupación, opresión e exterminio que o estado de Israel leva exercendo dende hai décadas.

2. Condenar as actuacións levadas a cabo nas últimas semanas polo estado de Israel e todos os seus países aliados sobre a poboación de Palestina.

3. Ofrecer todo o apoio, solidariedade e axuda humanitaria para a franxa de Gaza que dende o Concello de Teo se pode despregar como ten pasado noutros conflictos bélicos.

3. Solicitar ao governo de España o recoñecemento do estado de Palestina con todas as consecuencias.

3.- <u>Moción do BNG sobre a reinvindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista, do 23 de outubro de 2023 (rex. entrada nº 202399900003238)</u>

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Eloy Devesa Puente.

O sr. Devesa di que a moción a vai defender o concelleiro do BNG, sr. Pérez.

O sr. Pérez xustifica a urxencia da moción sinalando que o 25 N é unha data sinalada que está aí á volta, e que os datos que obran no seu poder, que ademais están reflectidos na exposición de motivos, xustificase suficientemente esta moción. Di o sr. Pérez que hai que ter en conta que é un problema estrutural, que afecta a todos, que está no día a día, e ocupa os diarios e as informacións, polo que pensa que debater sobre este tema debería ser favorable por parte de todos.

A sra. alcaldesa di que quere propoñer algo antes de entrar na votación. Sinala que normalmente sempre se facía unha moción conxunta de todos os grupos políticos, polo tanto propón, se todos os portavoces están de acordo, dado o 25 dese mes vai a ser antes do Pleno, se adiante o Pleno de novembro para poder levar unha moción conxunta de todas as forzas políticas, pois pensa que todos poden estar de acordo nun tema coma este.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, quen di que tiñan pensado facer para o mes de novembro algo e tiñan pensado chamar ao resto dos portavoces. Aclara que fala pola parte que lle implica, en igualdade, da mesma forma que aínda está concretando un par de cousas, e tiñan pensado enviar a convocatoria para asistir a parte das actividades que se van a facer con motivo desa data, durante esa semana. Sinala que un pouco esa é a liña, para que se valore tamén, xunto co que acaba de expresar a sra. alcaldesa.

A sra. alcaldesa sinala que o Pleno sería o 22 de novembro, se todos están de acordo, pois pensa que terán máis forza indo todos xuntos, engadindo que se a alguén lle supón algún trastorno que sexa esa data pódese escoller outra data.

Tratándose do cambio de data do Plenos, todos os grupos municipais manifestan a súa conformidade ao efecto.

De acordo co exposto, a sra. alcaldesa pídelle ao BNG que retire a moción para facer unha conxunta e levala a ese Pleno.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O portavoz do BNG, sr. Devesa, di que como precisamente traían esta moción nesta data porque o seguinte Pleno sería despois do 25N, non terían ningún problema en retirala, aínda que a volveran a levar ao outro Pleno, no caso de que non se chegara a un acordo conxunto.

Retírase polo tanto polo grupo municipal do BNG, co compromiso de levar unha moción consensuada para o seguinte pleno.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PXC.

A concelleira do PXC, sra. López, formula os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- Explica a sra. López que hai unha problemática que sucede nas pistas de Campos de Mirabel, que cando se proxectaron quedaron sen luz, engadindo que ela foi coñecedora disto antes das eleccións, nun período anterior. Di que lle parece de xustiza, pensa que todos poden acordar no Pleno que nunha zona do Concello, que é a que máis nenos e nenas ten, non estea sen luz. Explica que non teñen luz para xogar, tamén en verán, porque xogan ata tarde, pero sobre todo en inverno. Lembra que quedara unha factura e foi xunto o persoal municipal, porén xa era no período no que non era ético facer unha retención de crédito, a pesar de que non era moi grande, pois era un orzamento de 5.000 euros. Pensa a sra. López que quedou xunto co semáforo de Montouto. Di a portavoz do PXC que o expón para facer partícipes a todos, engadindo que xa o PSOE soubo no seu momento diso e cando se foi do goberno, que foi onde estivo o atasco, tampouco foron coñecedores ata máis tarde. Explica a sra. López que non quere deixar pasar a oportunidade de dicir que é moi necesario acometer esas luces, porque son 5.000 euros, e como dixo a sra. alcaldesa, os cartos hai que xestionalos ben, e considera que esa é unha boa xestión e todo o mundo vai a estar moi contento.

A sra. alcaldesa sinala que sinte dicir que a ela non dixo iso. O que dixo é que se vai a racionalizar o gasto, dentro da situación na que se atopa o Concello, aclarando que en todo caso o que está propoñer a portavoz do PXC parece razoable. Explica que, tratándose da factura, ela non a ten.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. López di que é fácil falar co técnico, pois acompañouna ata alí, pois sabe o que hai que facer exactamente, xa que todo iso xa estaba pechado.

A sra. alcaldesa di que de todas formas xa o concelleiro de área, sr. Lema, lle di que xa é un compromiso que ten el cos veciños.

2.- A sra. López di hai unha estrada en Fornelos, que chega ao cemiterio de Rarís, que non é moi transitada, máis que pola xente da zona, pero ten unha particularidade porque pasa o autobús escolar. Esa estrada ten dúas curvas moi pechadas e xa houbera unha reunión cos veciños propietarios das fincas das curvas, porque foron eles precisamente os que propuxeran ao Concello unha cesión, algo parecido a esa desafectación de Calo, pero cun trámite moito máis doado. Explica a sra. López que xa estaba feito ou encargado un levantamento topográfico, polo que simplemente o lembra para que non quede esquecido, porque son dúas curvas moi pechadas nun tramo cortísimo que a verdade é que o bus escolar, que é un dos grandes, ten complicacións alí para pasar e é algo que foi ofrecido polos veciños. Pensa a sra. López que é fácil de acometer porque é cortar a curva e asfaltar recto.

O concelleiro do PP, sr Guerra, di que son coñecedores do problema e están dispostos a facer a obra, e tamén bachear o camiño que está moi mal.

A sra. López di que é certo, que ía todo no lote. Manifesta que o que quería dicir era que o levantamento xa estaba feito, para que non comezaran todo de novo.

O sr. Guerra di que el do levantamento topográfico non ten nada.

A sra. López, di que o que pode facer é enviarlle o correo electrónico da persoa que o fixo, e senón en urbanismo sábeno.

A sra. alcaldesa di que falarán co departamento de urbanismo, e que se a sra. López ten algún dato estaría ben que o pase.

3.- A sra. López refírese á preocupación que hai en Luou polo peche do parque. Refírese á nota de prensa que se sacou do parque, e sinala que, sen entrar a valorar se se debe abrir ou non o parque infantil, debe de ser fácil de comprender que o que se ten que abrir, como mínimo, é o aparcadoiro, porque é un boicot á parroquia de Luou.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Di que é alí onde fan a súa vida, naquel mininúcleo que hai, e agora mesmo estase aparcando onde saben que non se pode aparcar, porque non hai outro sitio. O anterior goberno pechou a carballeira e abriu o párking pero deu unha alternativa, e agora mesmo non hai alternativa para aparcar en Luou.

A sra. alcaldesa respóndelle que iso está exactamente igual que como o atoparon, como eles o deixaron. Sinala que non fai falta que lle lembre que é un convenio entre o anterior executivo, do que ela formaba parte, que é do 2008, convenio no que se pon que a obra rematarase en dous anos, e a obra non está rematada, estando tamén negociado polo anterior goberno o peche ás 22.00 h, como está reflectido no convenio, e a sra. López sabeo perfectamente e se non o sabe preocuparíalle bastante. Explica a sra. alcaldesa que ata que o contratista entregue a obra ao Concello non debería de abrirse aí absolutamente nada. Asegura que o está desexando, xa que o anterior goberno decidiu meter aí medio millón de euros, o cal non vai a discutir, por unha cesión de 24 anos. Reitera que o tema é que ata que o contratista non entregue a obra, por motivos de seguridade e legalidade, non deberían de abrirse o parque, por iso mesmo non se está abrindo, dando igual as pancartas que poñan, con cortinas, con calzóns, co que queiran, pero non deberían de alimentar un tema que lle vai a explotar na cara ao anterior goberno, pois todo o mundo sabe que ese parque leva en obras un montón de tempo, que se foi facendo a cachos por falta de crédito, e que non vai a meterse aí, pero que lle parece o colmo que encima aínda teñan algo que dicir, porque a verdade é para cabrearse.

A sra. López di que si que teñen algo que dicir, porque o párquing está pechado e os veciños non teñen onde aparcar. Sinala que se se precisa pechar o parking por unha cuestión de seguridade ela ata aí pode entendelo, está valado, desde que se colocaron as portas quedou pechado, non o peche nocturno, como pon no convenio. Salienta que, por exemplo, se se vai a buscar aos rapaces ao mediodía á parada do autobús tampouco hai onde parar.

Di a sra. López que non é unha a pelexa de quen o fixo mellor ou quen o fixo peor, xa que a cuestión é que a xente de Luou non ten onde aparcar o coche. Explica que sempre se ofreceu unha alternativa de aparcadoiro, ata que se puxeron os portalóns e

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

se pecharon todo o día, engadindo que, como veciña de Luou, iso é o que traslada como así llo trasladaron a ela outros veciños.

A sra. alcaldesa di que a pancarta non poñía iso, senón que pon “abride o parque de Luou que non é voso”. Di que por suposto que non é do goberno, pero tampouco dos veciños tan sequera, aínda que haxa alí medio millón de euros enterrados, porque é unha cesión por 24 anos. Reitera a sra. alcaldesa que ata que lle entreguen a obra non pode abrir alí nada, porque estaría faltando á legalidade, e a sra. López sábeo, ou debería sabelo. Di a sra. alcaldesa que quere que quede claro que o peche nocturno é ás 22.00 h, tratándose dunha xestión do anterior equipo de goberno.

A sra. López pregunta se aparece no convenio se é o Concello de Teo quen ten que pechar ás 22.00 da noite.

A sra. alcaldesa pregúntalle se non o sabe, que foi quen o negociou, respostando a sra. López que ela leu o convenio.

A sra. alcaldesa di que non, que no convenio non figura quen ten que pechar.

A sra. López di que o que está escrito e o que está obviado foi moi pensado nese convenio precisamente. A sra. López pide que lle aporte claridade no asunto porque ela non entende e os funcionarios xa lle din todos que vai a pechar o parque unha persoa en concreto, que non quere nomear.

A sra. alcaldesa pídelle á sra López que lle aclare quen ten que pechar o parque, ao que responde a sra López que non está escrito, polo tanto a propia alcaldesa pode decidilo, incluso pode decidir non pechalo.

A sra. alcaldesa di que non pode, porque pono no convenio, na xestión que fixo o anterior equipo de goberno, que está nunha cláusula. Pídelle á sra. López que lea novamente o convenio, que ten o enlace colgado na páxina do Concello.

A sra. alcaldesa pregúntalle á sra. López para que mercaron as portas.

A sra. López di que as portas forman parte do proxecto, porque está reflexado no convenio o peche nocturno, pero que ela do que está a falar é de que se se vai ao mediodía as portas están pechadas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa volve a explicar que é porque non está a obra entregada, que vai con atraso, e de feito no propio convenio, do 2018, pon que en 2020 ten que estar rematada e non está rematada, e a sra. López sábeo perfectamente, que se o que quere facer polémica alá ela.

A sra. López pregunta por algunha aproximación de cando se vai a entregar a obra.

A sra. alcaldesa di que ela chama todos os días ao contratista, que contratou o anterior equipo de goberno. Dille á sra López que se quere chamar ela e abrir o parque ela estaría encantada da vida e explica que non deixaron dito onde ía ir a luz, que faltan cousas.

A sra. López pregunta se os portais son electrónicos.

A sra. alcaldesa pregúntalle á sra López se quere que lle dea as chaves e abre ela, baixo a súa responsabilidade, e xa de paso que se quede todas as noites ata as 22.00 para pechar.

A sra. López di que o que hai agora mesmo en Luou é un problema de tráfico.

A sra. alcaldesa insiste en que o problema en todo caso xerouno o anterior goberno.

4.- A sra. López pregunta se hai algún avance no tema da xestión do lixo, que é un tema que lle preocupa bastante.

A sra. alcaldesa di que si, e que é unha pena que non lles preocupara antes de marchar, porque pasaron varios anos co contrato en precario, e intentaron municipalizalo. Explica que, como dixo, se está rematando o estudo de campo que encargaron, porque non é o mesmo unha parroquia urbana que unha parroquia rural. Sinala que o equipo de goberno é o máis interesado en sacar todas as licitacións, de feito estase a traballar arreo niso.

A sra. López pregunta se este estudo de campo é de custes, ou tamén de reorganización do tema da recollida.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que se van a facer bases, os agarradoiros, vanse poñer contedores, reforzar nas zonas que máis o precisen, cambiar tamén os modelos. É un estudo que non é fácil, como sabe a sra. López, porque senón teríano sacado eles.

A sra. López di que é certo que non é fácil, pero tamén é certo que ten que ser unha prioridade para o Concello.

A sra. alcaldesa di que o é, e non só iso, senón tamén o resto de contratos en precario, os xurídicos, telecomunicacións, piscinas, etc.

5.- A sra. López pregunta pola programación do San Martiño. Di que hai algunhas persoas que lle preguntaron cal é o criterio polo cal se escolle a Rubén Ríos de pregoeiro, pois tendo un premio de artesanía de Galicia no Concello e un premio nacional, sorprendeulles esa escolla, que máis alá da afinidade persoal que ela lle ten, que lle ten simpatía, pensa que os méritos teenses na maior festa do Concello non se entendeu.

A sra. alcaldesa di que non sabe quen non o entendeu, pero que en calquera caso contestaralle a concelleira de cultura, a sra. Rosende. Di que de todas formas non se vai a elixir sempre ós mesmos.

A sra. López di que ten razón, pero que só está preguntando polo criterio, que haberá xente que lle pareza xenial e outra non, porque o mundo é diverso.

A sra. alcaldesa di que iso é así, que pode ser incluso un criterio de decisión da actual Corporación.

A sra. Rosende sinala que se pensou en varias persoas e ao final decidiuse por el porque fixo unha rebaixa tremendísima e agora mesmo estase con moitísimo problema de liquidez e fixo esa rebaixa e un esforzo moi grande para poder ter un pregoeiro que non se escapara do orzamento e por iso se optou por el.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/os concelleira/os do BNG formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.- O sr. Pérez di que ten dous rogos que igual xa lle soan á sra. alcaldesa porque estivo alí hai un mes ou mes e pico. Explica que no POS do 2021 había unha partida para o arranxo da pista que vai da Torre ós Verxeis. Nesa pista había varias vivendas que eran da Torre que seguían sen saneamento, entón no seu momento aprobouse a proposta do BNG de dotalas de saneamento. O problema é que se fixeron as obras da pista, xa na anterior lexislatura, rematouse o asfaltado, pero non se rematou o saneamento, sendo o criterio daquela que se acabara o orzamento, pese a que as veciñas e os veciños da zona insistiron moito para rematalo e que se lles enganchase tamén a traída. Sinala que hai cousa de mes ou mes e pico a sra. alcaldesa tivo unha reunión e quedou en pasar nos seguintes 15 días e non souberon nada máis. Sinala o sr. Pérez que a preocupación deles era saber se se ía facer ese saneamento e esa acometida.

A sra. alcaldesa di que efectivamente estiveron alí, falaron con eles e quedou en ir, pero tamén ten que facer moitas cousas día a día, non é que non sexan importantes, que o son, calquera delas, e efectivamente está pendente de ir. A sra. alcaldesa di que dar aquí estas explicación non lle parece, pero o que pasa é que o funcionario de urbanismo que tiña que acompañala está de baixa. Sinala que ela pode ir alí entón a tranquilizalos se queren, poden chamala cando queiran, a vontade está clara, pero ela ten que ir cos técnicos. Sinala que, en breve, en canto poida e se incorpore esta persoa pasarán por alí por ese tema e por outros puntos máis que tamén están pendentes de alcantarillado.

2.- O sr. Pérez di que quería preguntar por un tema que acontece na travesía de Cacheiras, en fronte de Correos, entre o 16 e o 25 desa travesía. Di que hai uns contedores de lixo que están a carón do paso de peóns e dificultan un pouco a visibilidade. Solicita o sr. Pérez se se pode poñer algunha medida para paliar esa dificultade de visibilidade que pode por en risco ós peóns que pasan por alí.

A sra. alcaldesa di que están totalmente de acordo e intentarán buscar unha ubicación axeitada.

3. - A sra. Castaño solicita a revisión da sinalización e do pintado das vías de servizo da autovía, por exemplo na que está á altura da Torre xa que nin se ve o stop.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra alcaldesa di que toma nota.

4.- A sra. Castaño pregunta pola limpeza e o drenaxe en Oza, concretamente no lugar de Ribas, onde os desaugues están totalmente taponados e a auga xa non baixa, está acumulándose alí.

A sra. alcaldesa di que pasarán nota e procederán ao desatasco.

O sr. Guerra pregunta exactamente onde é, respostando o sr. Devesa que é onde está a carballeira.

5.- O sr. Devesa di que tiveron algunha xuntanza coa asociación veciñal de Recesende, e teñen inquedanza porque é un tema do que levan bastante tempo sen saber como vai, o tema da propiedade do local social que teñen, porque hai un conflito bastante grande que non acaban de entender ben, se é algo legal ou algo técnico, porque é un local deles que ó final quedou rexistrado ao nome do Concello e andan aí con ese “cacao” e era un pouco para saber como está ese tema porque está xudicializado, e se non hai forma de chegar a un acordo e desxudicializalo.

A sra. alcaldesa di que sabe do tema perfectamente, e como ben di o sr. Devesa está xudicializado, polo tanto ata que se resolva non sabe máis. Por parte do equipo de goberno non habería problemas, pero é unha cuestión xurídico-técnica que excede un pouco das súas competencias, xa que unha cousa é ter vontade e outra cousa é a lei.

O sr. Devesa manifesta que xa intuía que era algo técnico pero tiñan que facer a pregunta porque así llo demandan.

6.- O sr. Devesa di que no Pleno anterior consultou por un número de rexistro, o 454228 do 12/09/2023, dun grupo de veciños de Carballal que presentaron unhas sinaturas por un tema de limpeza dunhas leiras, e tamén de que nos camiños que había algunha zona que era unha especie de punto limpo, porén sobre todo o da limpeza dunhas leiras que están no medio das casas. Sinala que preguntan polo tema porque non tiveron ningún tipo de contestación por parte do goberno, e queren saber un pouco como está iso.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que lle trasladarán ao servizo correspondente a inquedanza dos veciños. Explica que están localizando as fincas porque hai varias que son privadas e o Concello non pode entrar aí a limpar, aínda que lles gustaría e sería o mellor para todos, pero se son privadas sería unha prevaricación. Mandáronse as comunicacións previas, xa que é o que se pode facer, e o que está pensado, unha vez que pase un tempo prudencial, taxado na lei, e intentar metelos nos metros cadrados que o Concello ten, que da o SEAGA, é dicir, que o limparía o SEAGA, xa que o Concello non pode en ningún caso.

7.- O sr. Devesa di que hai algo que non entende ben e que non sabe como explicalo sen que soe raro, pero vai intentalo. Di que en determinadas zonas do Concello, o que eran antes as antigas estradas xerais, onde se está aparcando, por exemplo onde está o local do BNG, onde está o Betos, os coches cando aparcan o máis normal do mundo é que se leven por diante unha farola, unha papeleira ou cousas destas, entón o que pide a xente é, non para facer inmediatamente porque saben que seguramente teñan un custo, pero si para telo en conta para os orzamentos que formulen, se hai algunha forma de poñer como unha especie de bordos previos para que bata a roda antes de levarse por diante a farola porque si que é certo que hai puntos cegos no coche dende os que non se ve. Sinala que isto soe pasar practicamente en todas as zonas estas reconvertidas en semihumanizadas anteriormente, engadindo que hai algunhas farolas que xa están algo dobradas, polo que se debería botar un ollo antes de que caian.

A sra. alcaldesa di que está totalmente de acordo, que hai que buscar unha solución a esa problemática.

O sr. Lema di que quería facer unha puntualización a ese rogo porque efectivamente é un problema que non é só desa zona, senón de máis sitios. O que se estivo facendo nalgúns sitos nos que había moito golpeteo ao aparcar sobre as farolas foi cambialas un pouco cara a dentro, de tal modo que a roda chegase ao bordo e non alcanzase. Hai sitios nos que se pode modificar, e de feito fíxose nalgúns xa, polo que a medida que van xurdindo farolas que aparecen golpeadas analízase o caso concreto e mírase o que se pode facer.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que aínda así en urbanismo vaise intentar, aparte do que di o sr Lema, buscar outro tipo de ideas, haberá que estudalo, porque nesa zona concretamente son todas.

8.- O sr. Devesa di que nunca se veu tendo que falar disto nun Pleno pero estes días recibiron, entende que ao igual que toda a veciñanza, o ansiado Teo ao día, agora renovado. Di que se ben na estética non van a entrar para nada, porque lles da exactamente igual, si que hai certas cousas que lles chaman un pouco a atención, porque se trata de información municipal que se paga cos impostos de todos os veciños para ser coñecedores das cousas. Son oito carillas das cales unha é a portada, a última a contraportada, e sei carillas. Das seis carillas, tres ou catro son as copias das notas de prensa, engadindo que costa moito diferenciar unha nota de prensa do PP e unha nota de prensa do grupo municipal, engadindo que estaría ben que se puidera distinguir mellor a simple vista, máis que nada porque ten algo do PP e a estética é a mesma e as fotos son iguais. Entende o sr. Devesa que ao mellor o fixo a mesma persoa pero pide cambiar un pouquiño ese concepto. Sinala que xa dixeron noutros mandatos que ese periódico se estaba convertendo un pouco nunha especie de folleto de propaganda do grupo municipal en vez do Concello e non queren ter esa preocupación porque queren que sexa un folleto destinado realmente a informar. Di que a partir da páxina catro ou así empézase a ver algo de información, e xa non quere entrar no contrastada que está ou non, porque pensa que é certo que cando se di que un fixo máis que o outro estaría ben poñer a cifra do que fixo o outro, pero xa sen entrar neses temas o resto chama atención.

Opina o sr. Devesa que tamén chama a atención, chegado ó final, a axenda cultural. Non porque teña nada en contra dela, xa que son bastantes amantes do teatro, o problema é a pouca diversidade e as poucas actividades, porque hai oito obras en todo o mes pero non debe de haber nada máis en todo o Concello, porque se este é o folleto que avisa aos veciños das cousas que hai no Concello, habería que ofrecer máis cousas á veciñanza, ou explicarlles de que vai a obra de teatro, quen a fai, algo máis. Espera o sr. Devesa que se lle dea unha volta a este tema, engadindo que non o di con maldade para nada, que o que queren é información de verdade.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que aceptan loxicamente, como non podería ser doutro xeito, a apreciación que se fai, pero polo da revista ela pensa que non se parece, pensa que o sr. Devesa está un pouco suxestionado. Salienta que o interese da revista é informar o máximo posible. Polo que respecta á información cultural, posiblemente estea ben o que dixo, e tomarán en consideración todo o que di, pero a vontade loxicamente é informar ós veciños, porque de feito os dous primeiros meses nin sequera se sacou a revista, e houbo xente que a pediu. Houbo moitas máis cousas pero que xa foron pasando, porque houbo unha excursión, que se repetiu a demanda da veciñanza, e iso agora xa non se ía poñer, e tamén había máis cousas que xa estaban no programa cultural e que hai que respectar. Sinala a sra. alcaldesa que recollen a apreciación.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/o concelleiras/o do PSdeG-PSOE, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Argibay pregunta se se fixo algo respecto das marquesiñas escolares ou se se iniciou algunha tramitación para modificar e ampliar as mesmas.

A concelleira do PP, sra. Castro, sinala que se está á espera, porque se vai a facer un cambio de marquesiñas, pensa que son oito, na franxa de travesía de Cacheiras, e estase á espera de que a empresa comece a obra para poder retiralas, e poder reubicar esa.

A sra. Argibay entende que se empezan a ver 30-40 rapaces fóra das marquesiñas. Preocúpalle especialmente a de Campos de Mirabel, que pasou por diante o outro día e pide que pasen un día ás 8 da mañá para que o vexan.

2.- A sra. Argibay refírese ao problema das ratas. Explica que llo transmitiron de varios sitios, especialmente a travesía de Montouto, na zona do Grilo, e tamén na zona de Calo, na estrada xeral. No Grilo din os veciños que non se está a recoller o lixo todos os días e que están moi sucios os contedores, engadindo que isto último é un mal xeral. Explica a sra. Argibay que na zona de Calo foi o desratizador un montón de veces, pero non é a solución. Di que os buratos das ratas teñen auténticas urbanizacións debaixo e están creando un auténtico problema de saúde á veciñanza, xa que incluso xa teñen entrado en algunha casa.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Di a sra. Argibay que os veciños comentan a posibilidade de que se non se arranxan os contedores van deixar o lixo fóra porque non teñen nin manillas nin funcionan os pedais. Salienta que quere incidir sobre todo no tema das ratas e gustaríalle que se achegaran e o viran porque iso non é normal, porque non o veu en ningún outro sitio do Concello. Insiste en que a desratización normal estase a facer pero non funciona.

O sr. Lema sinala que está totalmente de acordo coa apreciación. Di que agora mesmo se vai a comezar en breve, nunha semana ou así, unha campaña de desratización nos puntos que están máis afectados. Comenta que el vive nos Tilos dende hai 5 anos e alí sempre houbo uns problemas de ratas impresionantes, así coma en Parque Montouto e noutros sitios. Vaise facer unha campaña intensiva tanto en pozos de alcantarillado como en superficie. Vai ser en Os Tilos, Parque Montouto, San Sadurniño e A Póboa e na seguinte volta irá á Travesía Montouto e cara abaixo. Faranse unhas actuacións puntuais onde hai avisos de veciños.

A sra. Argibay pide que non se esqueza da zona de Calo.

O sr. Lema di que coñece perfectamente o problema na zona de Calo, ata ten un vídeo gravado. Sinala que tamén van facer unha actuación puntual pero non vai a ser unha campaña intensiva neste momento, pero tan pronto se remate con esta campaña e se inicie o ano farase unha campaña intensa tamén na zona de Calo e tamén noutras zonas do Concello, que precisan realmente dunhas campañas de desratización de verdade, e non como se viña facendo, pois era claramente ineficiente e ineficaz. Insiste en que se van a empregar a fondo porque é un problema que realmente leva moitos anos sen abordarse de maneira seria.

3.- A sra. Argibay pregunta pola zona da Póboa, na Cruxeira, á altura do número 79. Sinala que por unha obra mal executada do anterior goberno hai varias vivendas ás que se lles anega a entrada e que se colapsan con area e con restos de terra e de pedras, os alcantarillados obstrúense e a auga entra nos terreos das vivendas.

4.- A sra. Argibay, dirixíndose á concelleira de educación, dille que no comedor do CEIP de Calo esvárase, sendo unha auténtica pista de patinaxe. Tiveron precisamente reunión do Consello escolar alí e no momento en que estivo ela solicitáronlle que se mercaran uns deshumidificadores dos que teñen un tubo que solta para fóra e

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

soluciónase o problema nese momento. Pasou de ser unha pista de patinaxe a quedar seco.

Imaxina a sra. Argibay que non é moito o custe, que se poderá sacar dalgún lado, e que con dous soluciónase. Pide que se poñan en contacto coa responsable de cociña ou co director, engadindo que sería unha boa solución para que non esvaren nin os nenos nin os portadores das bandexas cos alimentos.

A sra. alcaldesa di que tampouco trasladaron nada diso.

5.- O sr. Salgueiro sinala que no parque de Penelas hai unhas árbores que sería axeitado podar porque comezan a aparecer por riba da estrada.

6.- O sr. Salgueiro di que na estrada que vai dende ese parque ata Montouto, que pasa polo cemiterio municipal, está intransitable. Pide que a ver se se pode facer algo alí.

O sr. Guerra di que xa tiñan mirado para que, tan pronto levante o tempo, polo menos bachear.

7.- O sr. Salgueiro di que indo de Penelas cara Raxó, ao pasar a altura da casa número 1, hai uns baches nunha curva.

O sr. Guerra di que sabe onde están, que tamén os ten anotados.

8.- O sr. Salgueiro sinala que na Torre os veciños quéixanse de que dende o cruceiro ata a parada do bus non hai ningunha farola, e van os nenos pola mañá ás escuras. Pide o sr. Salgueiro un punto de luz nesa zona.

O sr. Guerra di que coñece onde está, que hai unhas sombras grandes alí, e que o anota tamén.

9.- A sra. Regueiro di que nunha visita que fixo o concelleiro de servizos sociais á gardería da Ramallosa comentóuselle que se lle ía solucionar un problema que tiñan co cubo do lixo porque cargan as bolsas tanto de residuos como de cueiros bastante pesadas, polo que o que reivindican é que puidesen ter un propio, sobre todo para días coma hoxe non ter que saír por abaixo, subir e volver á baixar.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

10.- A sra. Regueiro di que estiveron a recibir unhas queixas veciñais polo uso sen autorización dos locais municipais, é dicir, pavillóns, casas comúns, porque entón estase a supoñer que como estas portas abren todas con chave hai moita xente que ten esas chaves. Di que, a modo de recordatorio, gustaríalle mencionar que mentres o grupo do PSOE formou parte do goberno fíxose un control das entradas e saídas dos locais municipais, é dicir, instaurouse a cita previa para a reserva, a través dun correo electrónico e a través dunha instancia en Rexistro. Entregábanse as chaves en man no Concello e controlábase a súa devolución. Cambiáronse pechaduras e fixéronse algunhas chaves incopiables. Unha vez que foron expulsados, que non marcharon, do goberno municipal, volveuse ás andadas. É dicir, as chaves non teñen control, as reservas non sabe exactamente como se están facendo. Entón volve a pasar que xente que si fai a reserva e que si paga o que ten que pagar, cando chega ós pavillóns ou casas comúns resulta que está ocupado por outra xente que non se sabe por que teñen unha chave coa cal poden acceder.

Pregunta a sra. Regueiro que sistema de control teñen os locais municipais e que se vai a facer para evitar o uso indebido deses locais, e se se ten pensada unha solución para que as chaves non estean en man de tanta xente. Sinala a sra. Regueiro que se fala incluso de xente ou grupos que non pertencen ao Concello de Teo e que fan uso das instalacións municipais sen coñecemento do Concello.

A sra. alcaldesa di que o acaba de dicir a sra. Regueiro perfectamente, que é sen coñecemento do Concello. Sinala que se dan as chaves a través dunha petición de rexistro, nunca doutro xeito. A sra. alcaldesa di que, tendo en conta o que está a contar a sra. Regueiro, non di loxicamente que sexa unha mentira, pero si que lles sorprende un pouco.

A sra. Rosende di que o sistema é o mesmo, que non se cambiou absolutamente nada, hai que pedilo por rexistro e váiselles abrir e pechar, dende Protección civil, sendo que nalgúns casos, se é unha asociación das que teñen todo o ano reservado, porque saben que funciona así, todo o curso, entón si que teñen a chave. Considera que probablemente habería que cambiar as chaves. Explica que o luns aínda foi a Oza coa policía local porque intentaron forzar a porta, non puideron coa reixa pero si coa porta, que a esnaquizaron, e no día de hoxe volveron cos do seguro.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Explica a sra. Rosende que é evidentemente que hai quen ten moitas chaves, incluso de aquí do Concello, porque se ve xente que non debería de estar e se lle chama a atención, pero se o usan sen que o saiba o Concello, non hai unha bola de cristal.

A sra. alcaldesa di que haberá que tomar algún tipo de medida de cambiar as chaves.

A sra. Rosende di que son centos de chaves ademais, que as teñen centos de persoas, e non dadas por eles, que acaban de entrar, e que cada día se sorprenden máis do que se están atopando. Refírese, a modo de exemplo, a Oza, porque acaba de pasar e explica que a reixa non estaba forzada, ou sexa que alguén tiña a chave da reixa, pero como a chave da porta se cambiou atopouse con que non podía abrir a porta e cunha pata de cabra xa a estropearon.

Pide a sra. Rosende que cando saiban dunha casa que está ocupada e que no Concello non se sabe, que se faga saber, porque iso si que se lles escapa das mans.

Intervén a sra. Vázquez e di que pode poñer outro exemplo que tiveron este verán. Di que o están mirando porque lles pasaba co parque da escola de Casalonga. A escola está pechada, o edificio, durante o verán, pero o parque é de uso público e varias veces a tiveron que chamar e ata tres veces tivo que volver a abrir o parque porque hai alguén que ten a chave e o pechaba para facer un uso persoal, porén non deron atopado quen, entón é un tema que tamén están a mirar dende que chegaron.

A sra. Regueiro di que entón isto pasa moito máis nos pavillóns de deportes, máis que nas casas comúns.

O sr. Gómez di que a verdade é que cada vez que se deixan as chaves fírmanse os permisos polos clubs e toda a xente que o pide. De momento non ten información ningunha de que haxa xente que estea practicando deporte sen ningún tipo de permiso. Explica que, como sabe a sra. Regueiro, vai a todos os sitios, e moitas veces pola noite, e normalmente sempre está a xente que a pediu, cos permisos correspondentes, e xente do club. Sinala que pode ser que eles leven algunha persoa que non é do club, porén iso é moi difícil de identificar, pero polo resto ata agora é a primeira noticia que ten.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. Regueiro di que ás veces ó mellor si que estaría ben nos pavillóns, que é onde ela tivo algunha queixa, poñer algo, un papel de información ou algo, de que teñen que facer en caso de que cando cheguen se atopen outra xente. É dicir, se alguén ten o pavillón para unha hora, para o que sexa, e chega alí e hai outra persoa moita xente marcha porque non sabe exactamente que é o que ten que facer. Entón, un aviso poñendo un teléfono ao que chamar se paso iso.

A sra. alcaldesa di que estarán vixiantes co que están a contar pero cae de caixón que o que tiñan que facer é avisar ao Concello ou á policía, ou ao 112. De todas formas, sinala, se ela cree que poñendo un papel se soluciona, non habería problema.

O sr. Lema di que dende o PXC, o sr. Rivadulla, presentou unha solicitude sobre se se teñen contratados servizos de limpeza para limpar as dependencias municipais ou colexios e empresas privadas no último trimestre.

A sra. López di que a resposta a queren por escrito, tal e como xa dixeron cando entregaron a documentación, que non era para Pleno.

O sr. Lema di que lle pasaron o papel e pensaba que era unha pregunta para o Pleno.

O sr. Cerqueiro di que quería responder ao que preguntaba a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Regueiro, pois no momento ía falar pero deuse conta de que ela quería seguir con outro punto e non quería interrompela.

Sinala que el si que ten presente que hai ese problema, de intentar mover ese contedor de lixo ou mellor incluso poñer un novo. Saben a realidade desa necesidade e van a estar con elo. Sinala que, aínda que non é o momento, hai que ter en conta que as actuacións que se están a facer nas EIM de Teo son históricas, para mellorar e actualizar as necesidades que hai nos tres locais.

O sr. Cerqueiro di que a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, falaba das fotos e dos paseos que facía a alcaldesa e os seus compañeiros concelleiros, cos conselleiros da Xunta de Galicia. Con respecto a iso di que o grupo de goberno foi de paseo e saíu nas fotos o sábado pasado pola inauguración dunhas obras de rehabilitación na Ponte medieval, non por unhas luces postas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria

Virginia Fraga Díaz

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 26/08/2026 13:39:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 26/08/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: p4riGLwd17aSdsECi6hO Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 15/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 22 DE NOVEMBRO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a vinte e dous de novembro de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcaldesa:

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Rogelio Lema Mougán
D. Rogelio Gómez Fernández
D.ª María Margarita Rosende Domínguez
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª María Vázquez Rey
D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos
D. Ángel Barreiro Rodríguez
D.ª Mayte Argibay da Silva
D. Pablo Salgueiro Rodríguez
D.ª Montserrat Regueiro Cebey
D. Eloy Devesa Puente
D.ª Noelia Castaño Gosende
D. Óscar Antonio Pérez García
D.ª María López Álvarez
D. Alberto Rivadulla Salgueiro

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1204/23 Á RES 1392/23)

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 2º TRIMESTRE 2023

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN ANTE A ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DA INICIATIVA XABARÍN

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP POLA LOITA CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL E A MELLORA DA CONVIVENCIA VECIÑAL

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PSOE DE TEO, BNG DE TEO E PXC POLA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

7.- MOCIÓNS

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, a sra. alcaldesa, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

A sra. alcaldesa da conta de que o Pleno que se está a celebrar é o ordinario do mes de novembro que se adiantou unha semana para poder tratar a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais sobre o 25 de novembro.

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1204/23 Á RES 1392/23).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de outubro ata o 16 de novembro de 2023, que comprenden os números 1204 a 1392.

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 2º TRIMESTRE 2023.

A sra. alcaldesa da conta do informe de Tesourería, do 19 de outubro de 2023, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondentes ao segundo trimestre 2023.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN ANTE A ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 10 de novembro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de cultura, educación, turismo, medio ambiente, benestar animal, deportes e xuventude do 16 de novembro de 2023.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da designación da representante política do Concello de Teo nos órganos da Asociación de Entidades Locais Pola Lingua Galega

O Pleno da Corporación, na sesión realizada o 18 de decembro de 2018 aprobou o "Ditame da Proposta da Alcaldía para a adhesión do Concello á Asociación de Entidades Locais Pola Lingua Galega", nomeando como representante política do Concello de Teo na asemblea da Asociación á entón concelleira da área e ao técnico de normalización lingüística, como representante técnico.

Á vista de que, como resultado das eleccións locais do pasado mes de maio de 2023, se produciron cambios na Corporación Municipal, pasando a ser dona María

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Vázquez Rey a concelleira delegada da área de lingua, proponse que sexa nomeada representante do Concello de Teo ante a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Designar a dona María Vázquez Rey, concelleira delegada de lingua e mocidade como representante política deste Concello ante a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega. A persoa representante técnica continuará sendo o Técnico de Normalización Lingüística.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, a fin de que conste aos efectos oportunos".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que na programación do San Martiño houbo algúns erros gramaticais, que quizais foi porque o técnico estaba de vacacións, porén hai que ter un pouco más de previsión ao efecto.

O portavoz do BNG, sr. Devesa, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, aclara que efectivamente o técnico non puido estar por temas persoais e por iso quizais os erros.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (9 PP, 3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda:

Primeiro.- Designar a dona María Vázquez Rey, concelleira delegada de lingua e mocidade como representante política deste Concello ante a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega. A persoa representante técnica continuará sendo o Técnico de Normalización Lingüística.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Segundo.- Notificar o presente acordo á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, a fin de que conste aos efectos oportunos.

4.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DA INICIATIVA XABARÍN.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Eloy Devesa Puente.

O sr. Devesa da conta da moción do seu grupo, do 9 de novembro de 2023 (rex. entrada nº 202399900003454, do 09/11/2023), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de cultura, educación, turismo, medio ambiente, benestar animal, deportes e xuventude do 16 de novembro de 2023.

"Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO

Eloi Devesa Puente, como **portavoz e concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Teo** presento para o sua exposición e debate en pleno a seguinte **moción:**

"**Moción solicitando o cumprimento da Iniciativa Xabarín, aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, da lexislación vixente, e con máis de 33.000 sinaturas".**

Exposición de motivos:

Hai 3 anos que A Mesa pola Normalización Lingüística lanzou a Iniciativa Xabarín reclamando contidos infantís e xuvenís en galego nas televisións públicas. Co apoio de 33.000 sinaturas a Iniciativa debateuse no Parlamento galego que en maio de 2021 aprobou por unanimidade o seguinte:

Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

aplicacións actualizadas que conten ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.

Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas can- les e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RPT en Galicia e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.

Ademais as Cortes do Estado aprobaron en xuño de 2022 a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual que na disposición adicional 5ª indica que o fornecedor do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito estatal e os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito estatal garantirán nos seus servizos de comunicación audiovisual temáticos infantís, e nos seus catálogos de programas, a incorporación de contidos audiovisuais especialmente recomendados para o público infantil de até doce anos, dobrados nas linguas oficiais das Comunidades Autónomas. Así mesmo, estes fornecedores ofrecerán contidos audiovisuais dirixidos ao público xeral, dobrados ou lexendados nas linguas oficiais das Comunidades Autónomas.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Neste momento non se está a cumprir ningún destes acordos parlamentares. Malia a súa maior responsabilidade as televisións públicas (TVG e TVE) cunha responsabilidade social maior, son as que máis incumpren.

A TVG continúa a limitar a programación á 2ª canle, sen que teña visto nestes tres anos ningún avance para a creación dunha canle temática nunha plataforma dixital propia, nin acordos para a inclusión nas operadoras de TV dispoñíbeis.

TVE, pola súa banda, incumpre descaradamente e sen rubor a lexislación: desde a aprobación da Lei audiovisual emitiu 0 programas infantís ou xuvenís en versión orixinal, dobrada ou lexendada en galego.

Mentres se incumpren estes acordos e a lexislación, a presenza do galego nas canles temáticas infantís e xuvenís da TDT e operadoras de televisión é dun 0,83% que converte os servizos audiovisuais noutro espazo vetado para o noso idioma.

Por estes motivos, o Grupo Municipal do BNG de Teo propón ao Pleno a adopción dos seguíntes **ACORDOS**:

- O Concello de Teo, a través do seu goberno, procederá a reclamar ante a Xunta de Galiza e á Dirección da CRTVG que executen o acordo do parlamento galego do 12 de maio de 2021.

- O Concello de Teo, a través do seu goberno, procederá a reclamar á presidencia de TVE que cumpra a Disposición adicional 5ª da Lei 13/2022 Xeral de Comunicación Audiovisual de 7 de xullo".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, anuncia o voto a favor do seu grupo. Sinala que quere aproveitar a oportunidade para lembrar que criar persoas en galego en Galicia está sendo realmente complicado, polo tanto habería que revisar non só a Iniciativa Xabarín, senón todos os plans de normalización lingüística do país.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra Argibay, quen sinala que como non podía ser doutra maneira os socialistas de Teo están a favor desta proposta. Di que non podía

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

ser doutra maneira porque os socialistas xa teñen presentado esta proposta no Parlamento de Galicia nos mesmos termos. Explica que son defensores de que a TVG emita contidos infantís e xuvenís na lingua galega porque ás familias que queren educar en galego fáiselles moi complexo atopar referentes de contidos nesta lingua. Foi un acordo unánime do Parlamento de Galicia pero a TVG non o cumpre, máis ben é o PP, que goberna en maioría, quen non fai que se cumpra, porque a TVG está financiada case exclusivamente con fondos públicos e debería de ser o partido que goberna quen vixie que se cumpran os acordos. Anuncia a sra. Argibay o voto a favor do seu grupo.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, quen di que quere empezar por facer referencia ao que dixo a sra. López, salientando que criar en galego tamén depende das familias, como en todos os campos da educación. Di que a educación parte dos centros escolares pero parte tamén do núcleo familiar. Pensa que se se quere educar en galego tamén se pode transmitir o idioma dentro da familia. A día de hoxe non está prohibido o uso do galego, como desgraciadamente si houbo etapas nas que foi así. Manifesta a sra. Vázquez que nin a TVG nin o goberno galego teñen en si potestade para decidir sobre a programación de determinadas plataformas que son privadas, como certas cousas que se piden. Aínda así vai a saír nos próximos meses un lanzamento en ODT, que é unha plataforma similar a Netflix ou HBO, na que si haberá ese contido. A maiores, a CRTVG reforzou e aumentou as canles de difusión de contidos infantís. Creáronse 3 novas canles de contidos dixitais lanzadas en decembro de 2022, Cativos, ata os 6 anos, Mociños, de 6 a 9 anos, e Rapaciños a partir dos 9 anos. Son canles adaptadas precisamente a eses tramos de idade, a maiores a APP de Xabarín TV ofrece máis de 2.000 episodios de animación, que tamén abranguen unha barbaridade de xéneros, polo tanto tamén é algo que se está ofrecendo. É decisión de cada un tamén darlle uso a esas canles, igual que se pode decidir ver algo en Netflix e pagar ou que haxa que pagar polo *Disney plus,* tamén se poden utilizar estas. A nivel xuvenil tamén se incorporaron podcast, para chegar a esa mocidade, e logo está o que é o programa estrela que é o “Dígocho eu”, que está facendo unha gran labor, que chega ós centros escolares, que recibiu incluso os premios Mestre Mateo e que tamén está presente en distintas plataformas e en redes sociais, tratándose dunha forma de contido que ademais é educativa. Explica a sra. Vázquez

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que tamén se creou a mascota infantil “digochiño”, que está a ter uns seguidores similares ó que foi o Xabarín Club no seu momento.

Sendo as vinte hora e dez minutos incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do PXC, D. Alberto Rivadulla Salgueiro.

Explica a sra. Vázquez que hai certas cousas que se piden nas que o Concello non ten competencias. Se a CRTVG non ten capacidade para facer certas negociacións e aínda así se vai a sacar unha plataforma que teña contido en galego, e o goberno galego en si tampouco, menos o vai a ter o goberno teense. Realmente o BNG podería volver a levar esta moción, facendo uso da súa presenza no Parlamento, volver a reclamar alí que as cousas que alí se aprobaron se saquen adiante. Incluso as cousas que se lle piden ó goberno do Estado, e incluso pode apoialos o PSOE porque xa que se lle pediron unhas cousas a cambio de vender o país pois poden pedir tamén polas canles. Sinala a sra. Vázquez que, ademais da AP9, tamén poden pedir pola lingua galega, podendo ser outra das cousas que fose nese contrato asinado a cambio de darlle o seu voto a Pedro Sánchez.

A concelleira do BNG, sra. Castaño, sinala que van a intervir tanto ela como o sr. Devesa. Explica que as familias poden decidir, por suposto, a lingua que queren que falen os seus fillos e as súas fillas, pero é certo que a situación do galego na actualidade é bastante crítica, que non é unha valoración persoal súa, senón que son datos que recolle o instituto galego de estatística. De feito no 2019 o que reflicte é que máis do 68% da mocidade galega fala só ou máis castelán. Esta iniciativa, que se levou ao Parlamento Galego, foi apoiada por unanimidade por todos os integrantes, e non entende moi ben agora que se diga que hai que reclamar ós outros, ou o que sexa. O que si que está claro é que para actuar e frear este proceso que se está a vivir de substitución lingüística, para frear ou para revertelo, é preciso unha normalización e para iso son necesarios diferentes factores, entre eles a acción individual, e a acción institucional e tamén non institucional, por iso propoñen esta moción.

O sr. Devesa di que só quería puntualizar que a concelleira do Concello de Teo está dicindo que a xente ten que buscar no ámbito privado algo que se paga cos impostos. Iso, di, é totalmente inasumible, a TVG págase cos impostos así que algo poderá dicir a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

poboación sobre os seus contidos. Explica o sr. Devesa que non é unha iniciativa do BNG, senón da Mesa pola normalización lingüística, que contou con máis de 33.000 sinaturas, e pide que se lle explique á cidadanía que a televisión pública non ten que dar contidos en galego porque o PP considera que o teñen que pagar en ODT, en Netflix ou no que sexa.

Referíndose ao dos contidos en streaming, sinala o sr. Devesa que evidentemente son empresas privadas, e decidirán en que ter os contidos, pero Europa xa as lexislou en canto a iso, para a protección das minorías. Di o sr. Devesa que hai que ter en conta que "*se somos todos europeos os galegos somos unha minoría".*

Aberta a segunda quenda de intervencións, a sra. López di que o tema da lingua é un tema enquistado e, ademais, emocional. Pensa que estarán todos os partidos políticos de acordo, porque para iso teñen un grupo de normalización lingüística tamén dende a Xunta de Galicia, en que o galego é unha lingua minorizada, unha lingua que perde falantes, e non se pode delegar esa responsabilidade no individuo, porque entón habería que preguntarse para que están as institucións. Opina que as institucións debería de velar, coidar e prestixiar unha lingua que só suma. Non ve a sra. López onde se meteu o conflito político aquí, xa que nese senso a iniciativa Xabarín é unha máis. Resulta incuestionable que non hai contidos en galego na televisión pública. Se alguén se pon 24 horas a ver a TV pública e a ver os minutos de contido que hai para crianzas en galego, quen teña dúbidas pode facelo, verá os que hai. O que se está a pedir é incrementar esas horas, para tratar de frear a sangría que está sufrir unha lingua que non sabe en que momento alguén considerou que non era de prestixio coma o castelán.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, e di que aquí non se trata de que o PP de Teo non defenda ou non apoie o uso do galego, trátase de que dende a administración se vai a defender, pero claro que o individuo ten decisión sobre que idioma usa e que quere ver. Explica a sra. Vázquez que ela pode poñer o seu exemplo de ter ido a outra cidade galega na que se supón que había moito castelán-falante, porén como era xente que lle entendía en galego ela mantivo o galego e conseguiu incluso que esas persoas, que habitualmente non o falaban, acabaran falando con ela en galego. Salienta que ela tivo unha decisión de continuar falando en galego ou pasar ao castelán porque a

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

persoa que estaba en fronte dela falaba castelán a pesar de que lle entendía en galego. Entón, cree que si, o individuo ten poder de decidir en que idioma quere falar e en transmitir precisamente o seu idioma. Non se está falando de prohibir, nin de que efectivamente non haxa contido, a TVG2 si que ten contido, e non se trata só de que sexa político. Explica a sra. Vázquez que non están de acordo con esta moción porque volven a pedir algo que creen que ao mellor o sitio máis axeitado sería volver a falalo no Parlamento ou pedilo a nivel estatal, porque é onde se está pedindo, á TVE non lle vai a dicir o Concello de Teo o que ten que poñer na programación. Se teñen uns acordos entón haberá que dicirlles que os cumpran, se o Estado decidiu que TVE tivese un apartado con contido en galego que o cumpra, pero hai que pedilo, e para iso tamén hai representantes do BNG, tanto no parlamento como en Madrid.

Tratándose do da plataforma di a sra. Vázquez que non se trata de que sexa de pago, engadindo que hai moito máis contido aberto, sen ser de pago. Sinala que se refire ao "dígocho eu", cun contido adaptado a todos, e a TVG2 ten varias canles con varios contidos segundo a idade. Con respecto ao das plataformas que haxa que pagar, é unha das cousas que se piden na moción. Sinala a sra. Vázquez que se di que a TVG non cumpriu, cando cumpriu todo, o único que lle falta é unha plataforma, que sairá nos próximos meses. Sinala que entón non entende onde non se está cumprindo, xa que aumentou a súa programación e aumentou as achegas, e foi máis alá e foi a outro tipo de medios nos que se está movendo a xuventude, que pensa que tamén é importante, non só centrarse na cativada senón tamén na xuventude, que é a que realmente ten que ir mantendo todo.

Reitera a sra. Vázquez que se está a cumprir, engadindo que hai determinados programas da canle galega que si están apostando por iso, en determinados ámbitos. Sinala a sra. Vázquez que o problema non está en que en Teo se decida iso, senón que non están de acordo porque o que di a moción non se acolle á realidade, porque si que se aumentou, e si que se está traballando niso, así que habería que pedirllo a quen corresponda, no Parlamento o BNG e ao Goberno do Estado tamén, pero podían telo feito precisamente nesas outras negociacións que tiveron oportunidade de facer recentemente.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos e contra (9 PP) e oito votos a favor (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC), acorda rexeitar a moción do BNG, do 9 de novembro de 2023 (rex. entrada nº 202399900003454, do 09/11/2023), solicitando o cumprimento da Iniciativa Xabarín.

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP POLA LOITA CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL E A MELLORA DA CONVIVENCIA VECIÑAL.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao concelleiro de medio ambiente rural e urbano, seguridade cidadá e benestar animal, D. Rogelio Lema Mougán.

O sr. Lema da conta da moción do seu grupo, do 30 de outubro (rex. entrada nº 65374, do 06/11/2023), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, persoal, novas tecnoloxías e seguridade cidadá do 16 de novembro de 2023.

"O voceiro do Partido Popular, Rogelio Lema Mougán, en nome propio e no do grupo municipal do Partido Popular de Teo, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE TEO POLA LOITA CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL E A MELLORA DA CONVIVENCIA VECIÑAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante este ano seguimos a coñecer casos de ocupacións ilegais por todo o país. Concretamente Teo tamén viviu nos últimos meses ocupación de casas entre a veciñanza.

O fenómeno da ocupación ilegal incrementouse en xeral en todo o Estado segundo os datos do Ministerio de Interior.

A okupación enténdese como a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilexítima ou ilegal, en contra da vontade do propietario ou poseedor con título ou dereito.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Ainda que en España a vivenda se protexe no ordeamento xurídico para evitar a ocupación, tanto penalcomo civil e administrativamente, unha vez que ésta é okupada os trámites poden ser longos incluso si o okupa chega a abandonar a propiedade. Ademáis contan con vacios legais como a estratexia de marchar un e deixar outra persoa diferente antes de rematar o prazo de expulsión e volver reiniciar o proceso.

Ademáis das medidas legais existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordeamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e ademais protexer e ter consideración coa convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e das cousas.

Polo exposto anteriormente, **PROPONSE** ao Pleno do Concello de Teo a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

1. Solicitar ao Goberno do Estado, modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas en caso de ocupación da vivenda ou inmoble, especialmente no caso das mafias. E recuperar o delito de usurpación dos bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos.

2. Solicitar ao Goberno do Estado, incluir novas medidas procesales na Lei de Enxuiciamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda sempre que se visen privados da mesma sen o seu consentimento. E proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de delito en 24 horas pola Policía.

3. Solicitar ao Goberno do Estado a modificación do apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscripción no Padrón Municipal dun ocupante ilegal. Así como solicitar que esta inscrición se considere nula ou non constitua proba da residencia ou domicilio nin atribúa ningún dereito ao okupa fronte o propietario".

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O sr. Lema di que este é un fenómeno que preocupa realmente e que preocupa á cidadanía. Estanse a ver todos os días na prensa problemas de ocupación de vivendas, usurpación de vivendas, e realmente a xente que se ve privada das súas propiedades atópase nunha situación de vulnerabilidade xurídica moi importante.

No Concello de Teo tamén hai problemas de ocupación e ao goberno preocúpanlle eses problemas tanto en Teo como a nivel xeral xa que esta situación realmente da lugar a unha inseguridade xurídica das persoas propietarias dos seus bens, das súas vivendas.

Sinala o sr. Lema que é o momento de facer algo, que é unha demanda social da cidadanía realmente importante e aquelas persoas que viron a súa vivenda ocupada a verdade é que están nunha situación moi complicada e realmente despois de meses ou incluso anos cando conseguen recuperar a súa vivenda moitas veces atópase completamente destrozada.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que quere empezar a intervención afeando un pouco o feito de que, como dinámica neste novo goberno cando se traen cousas estatais por parte do PP, debátense sen ningún tipo de cuestionamento, e cando se traen dende outro partido pois resulta que iso non se debate porque non afecta a Teo.

Di a sra. López que ela non fuxe da política, pois pensa que está para resolver a vida das persoas, e debaterá sempre todo, pero si que lle fai gracia Pleno tras Pleno como se usan argumentos dun lado ou doutro segundo lle conveña a cada partido.

Tratándose da moción proposta entende a sra. López que é unha proposta que o PP trae e que vai a levar a todos os concellos do Estado. Descoñece o nivel de ocupación no estado español, realmente manexa eses datos pero descoñece os casos concretos pero si que pensa que en Teo o problema da ocupación pode ser puntual e é tremendamente doloroso e puñetero, pero non é un problema xeral. Di que o feito de que ela lle rouben a carteira no GADIS non quere dicir que haxa un problema de delincuencia en Teo. Repite que non está menoscabando a dor ou o trastoque que provoca esa ocupación, neses casos concretos, sinalando simplemente que non é un problema xeral.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Opina a sra. López que ao PP lle interesa alentar esta sensación, ou esta falsa sensación, de ocupación porque todos saben que socioloxicamente, cando a poboación se ve apretada, tende a votar ás esquerdas porque pensan que van vir con máis "man dura", entón isto é como ETA, como que periodicamente "*vamos a acender a luceciña",* e agora tocoulle á ocupación. Non entende a sra. López a conto de que vén isto agora a este Pleno hoxe cando non hai ningún problema de ocupación en Teo, aínda que igual está equivocada, engadindo que, de ser así, pide que lle corrixan, pois non vén a impoñer nada, vén a aprender.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, e di que lle gustaría comezar dicindo e compartindo o que dicía a sra. López, porque si que é certo que se non teñen potestade para esixirlle á Xunta de Galicia que asuma un acordo plenario entón que potestade teñen para dicirlle ó Estado que cambie unha lei. Entón todo o que fan todos aquí é ridículo, entón terán que vir, saudarse, quedar ben e pouco máis, ademais como se quere baleirar de debate todo, porque se pasa o rodillo, entón xa está, pois bueno.

Con respecto á moción di que xa a trouxeron no mandato anterior, cara ao final, porén como non había maioría desapareceu, así que volven a traela practicamente igual, cos mesmos argumentos, non cambiando case nada.

Considera o sr. Devesa que por enriba aínda se aproveitan da sensación de dor que pode ter a xente, porque se está a falar de casos puntuais de ocupación en Teo, hai constancia de tres casos en 19.000 habitantes. Salienta o sr. Devesa que empatizan con esa xente e estarán á súa disposición no que necesiten, pero consideran que non é para traelo ao Pleno, salientando que ten os datos do conxunto de Galicia, onde o problema da ocupación afecta ó 0,014% das e dos e galegas/os.

Opina o sr. Devesa que isto si que ten que ver coas competencias municipais. Refírese ao centro de día, e sinala que o proxecto do BNG, 2007-2009, ía cun plan de proxectar vivendas sociais de protección, e iso non se fixo. Pregunta cantas vivendas de protección fixo a Xunta dende que está gobernando o sr. Feijoo, e di que non fixo ningunha. Entende o Sr. Devesa que si que é un tema que xera debate e, como sinala a sra. López, é algo que trae o PP para xerar unha alarma social para logo ser eles os

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

salvadores de non se sabe que, ou ao mellor teñen accións en Securitas ou en Movistar, que tamén pon alarmas, engadindo que é algo que non ten claro.

Opina o sr. Devesa que hai que distinguir claramente dous tipos de “ocupacións” que pode ser por motivos de necesidade, unha familia que non ten onde estar, e polas mafias e as organizacións. Contra as organizacións e as mafias hai que loitar, evidentemente, e contra as familias hai que darlles alternativas, vivendas sociais, hai que protexer á xente, quitarlles ese problema de enriba.

Tratándose da lexislación di que esta xa indica claramente as vivendas protexidas, a primeira está protexida, a segunda tamén, en relación a todas as demais os trámites son moitos máis lentos. Entón quizais o que hai que pedir é que sexan un pouco máis efectivos pero non modificar as leis para que poidan facer desaloxo *expréss* os bancos cas vivendas que paga a poboación todos os anos. Todo isto é un debate de esixirlle ao Estado que modifique un montón de leis para non asumir realmente as competencias quen as ten, que neste caso é a Xunta, que ten que facer vivendas sociais e dar alternativas, igual que ten que asumir a competencia do SAF e igual que debería asumir o centro de día, pero aquí como se trata de que pague o sr. Sánchez, e non Feijoo ou Rueda, pois está ben a cousa.

Reitera o sr. Devesa que o problema principal que hai é a especulación, porque son datos da federación galega de empresas inmobiliarias, que non son amigos do BNG precisamente. Hai 350.000 vivendas en Galicia, o índice de ocupación máis baixo das 4 provincias galegas son 5 puntos, o índice de ocupación máis baixo que no resto do Estado.

A Federación galega de empresas comenta que o principal obxectivo dos ocupas son as vivendas adxudicadas ás entidades financeiras. Entón entenden que hai que empatizar coa xente, darlles solucións, axudalos, con presión social, o que se precise para evitar estes casos, pero non consideran que sexa o suficientemente relevante como para traer esta moción.

Intervén a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen manifesta que efectivamente é un fenómeno que lles preocupa pero que se escapa, como dixeron os compañeiros, das competencias municipais.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Sinala que, non obstante, aínda que non lle gusta moito meterse nos temas que se escapan desas competencias, pois xa hai moito que tratar no ámbito municipal, quere salientar que esta moción efectivamente a presentou o PP no Pleno do 28 de setembro do 2022. Di que ademais é exacta, agás unha modificación. Propón a sra. Argibay que se volvan a incluír os dous apartados que se retiraron da moción anterior e que dicían "solicitar ao goberno teense o apoio necesario á veciñanza fronte á ocupación *ilegal*", goberno teense que naquel caso non era do PP, e "*solicitar ó goberno teense que facilite á veciñanza información e/ou asesoramento sobre a actual lei de ocupación*, de *ser necesario, xa que as primeiras actuacións son cruciais".*

Considera a sra. Argibay que agora é o seu momento, gobernan con maioría absoluta e é o momento de aplicar aquilo que solicitaban cando eran oposición. Di que, a maiores, como suxestión, tamén poden implementar un método que empregou Ayuso con moi pouco éxito en Madrid, pero é unha suxestión, que era o teléfono "antiocupa" que parece ser que tivo moi pouca aceptación e poucas chamadas. Anuncia a sra. Argibay a abstención do seu grupo.

A sra. alcaldesa di que quere aclarar varias cuestións. A moción pode ser a mesma, e non ve cal é o problema, é totalmente lícito, e polo tanto axústase á norma.

En segundo lugar, di, como o resto dos partidos non a van a presentar, de feito na outra lexislatura saíu rexeitada porque non votaron a favor, loxicamente son eles os que teñen que instar ao Concello de Teo, porque ela non se pode instar a si mesma, é unha cuestión de fórmula, incluso se presentase esa moción a secretaria tumbaríalla.

A sra. alcaldesa, en resposta ao portavoz do BNG, di que este mesturou un pouco todos os temas, tratándose do SAF o 70% o aporta a Xunta de Galicia, e son datos medibles, polo tanto non son opinables, e o 30% restante o aporta o goberno central. De feito agora mesmo na FEGAMP presentouse unha emenda, ela concretamente, para que fora 50% e 50%, que é o máis xusto, que se faga cargo o Goberno central e a Xunta de Galicia, porén non saíu adiante.

Di a sra. alcaldesa que descoñece que tipo de lío montou o sr. Devesa con que se son amigos de uns ou se teñen accións noutros, pídelle que se limite ás cuestións e que teña coidado con determinadas afirmacións, pois non é agradable escoitar

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

determinadas cousas, engadindo que ela podería dicir cincocentas, pero non o vai a facer.

Tratándose do Xabarín, sinala a sra. alcaldesa que, aínda que o tema está pechado, o que se dixo é que o BNG ten un deputado en Madrid, porque están a falar da TVE, e ese deputado ten que facer valer o seu voto, xa que non foi capaz na lexislatura pasada de acadar ningún compromiso, preguntándose onde está a AP9 e os peaxes.

Sinala que podería seguir bastante pero vaino deixar aí porque non é o tema, esperando que desta consiga algo e fagan valer o voto, xa que venden o asunto.

Di a sra. alcaldesa que o feito de que sexa un banco ou un particular dálle igual, xa que estamos nun estado garantista, e iso significa que todos teñen garantías, sempre que estean dentro da lei, e ninguén ten dereito a ocupar a propiedade de ninguén, engadindo que concretamente os cinco casos que hai en Teo son de particulares. Non vai a contar nin o hotel, que hai un hotel que estivo ocupado, nin os chalés da praza dos encontros nin nada, só falando de particulares hai cinco casos. Pídelle a sra. alcaldesa ao sr. Devesa que lle explique el a esas persoas as súas derivas oníricas, porque á xente non lle fai ningunha gracia, e no momento en que hai un caso en Teo é cousa do Concello, polo tanto a moción ten de sobra motivos, e ademais tampouco é o sr. Devesa quen para dicir que é o que pode ir ou deixar de ir ao Pleno.

Dirixíndose á sra. López, a sra. alcaldesa sinala que no momento en que hai un veciño afectado a moción é lexítima, lembrando que precisamente do BNG ten cuestións como o litoral galego, e outro tipo de cuestións que aquí en Teo si que non cifraban.

Tratándose do centro de día, a sra. alcaldesa sinala que non hai que mesturar as cousas, senón que cando un fala hai que ter propiedade e saber do que un fala. O sr. Devesa está falando de emendas que fai ao orzamento da Xunta de Galicia o BNG en xeral, e a sra. alcaldesa está a dicir que dende o Concello, dende o 2009, cando entrou Feijoo no goberno autonómico, non se fixo ningunha solicitude salvo a dun centro social, non de día. Referíndose ao portavoz do BNG, a sra. alcaldesa sinala que pode poñer as pancartas que queira, que non hai ningún problema e hai liberdade de expresión, pero debería intentar dicir a verdade porque dicir unha media verdade é o mesmo que mentir, e a xente sábeo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Explica a sra. alcaldesa que ten un informe do xefe de negociado, asinado e selado, segundo o cal *"examinados os rexistros deste concello dende o ano 2009 a día de hoxe non consta que se teña formulada petición expresa á Xunta de Galicia para instalar un centro de día".*

Pídelle ao sr. Devesa que cando queira dicir que fixeron a solicitude non ten ningún problema en rectificar, pero que presente os papeis, que é tan fácil coma iso, e pídelle que non mesture cousas, que non intente confundir á xente porque iso o único ao que leva é á desinformación, esa da que tanto se queixan cando interesa.

O sr. Lema di que non entende para nada a posición que teñen o resto dos compañeiros de banalizar a situación a unha cifra e unha porcentaxe, loxicamente a porcentaxe ten que ser pequena pero aínda que a porcentaxe cuantitativamente sexa pequena cualitativamente é importantísima. Esas familias que se ven privadas das súas propiedades realmente teñen un problema gordísimo e non teñen practicamente apoio ningún do sistema xurídico, do sistema legal, etc.

Opina o sr. Lema que vir ao Pleno a banalizar esa cuestión é unha frivolidade que non vén ao caso, e senón que llo expliquen ás persoas que privaron das súas vivendas. Explica que doutro lado tamén está o asunto dos bancos, porque os bancos teñen moitísimos máis recursos para facer fronte á ocupación que os que teñen as persoas particulares, e así o problema da ocupación é un problema de cidadáns particulares, normais e correntes, que ven como se lles ocupan as súas vivendas, que supoñen moitas veces o esforzo de moitos anos, persoas que estiveron ás veces traballando no estranxeiro para mercar un piso ou dous para ter unhas rendas cando se xubilaran, etc. Esa xente ten todo o dereito a ter as súas propiedades e a que non lles sexan expropiadas desa maneira. Salienta que non se pode defender en aras de que "*é que non teñen vivenda*", porque iso arránxase doutra maneira, pero non a conta dos particulares que lles usurpan as súas casas, e o Estado, non só a Xunta de Galicia, ten que facer políticas nese sentido.

No tema das expropiacións, danlle catro patacóns e ala, como é un ben común, e se é un ben común e o pagamos todos a persoa á que se lle expropia todo ten que recibir a cambio unha compensación xusta polo dano que se lle está ocasionando. Neste caso é

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

o mesmo, xa que ninguén ten porque ceder a súa vivenda porque non sei quen non teña casa. Se ese "non sei quen" non ten casa o Estado tense que encargar de proporcionar esa solución, e non despreocuparse e dicir que non fan nada porque está visto que co sistema legal non funciona. É evidente, di, que a xente que vai intentar recuperar unha vivenda ocupada tarda meses, incluso anos, gasta un montón de diñeiro e cando a recupera a maior parte das veces a vivenda está practicamente inservible. Opina o sr. Lema que é bochornoso vir a un Pleno con esa banalización e esa desculpa, descoñecendo que interese teñen en desculpar ós ocupas, engadindo que non o entende e non lle cabe na cabeza.

A sra. alcaldesa, con respecto ao que dicía a sra Argibay, de anular os parágrafos de instar, convídaa a que cando queira presente a moción instando ao Concello e aprobarana sen ningún problema.

A sra. Argibay di que simplemente lle estrañou que se eliminaran eses dous parágrafos, cando se decatou diso. Sinala que non é unha crítica, senón que simplemente os anima a que cumpran. Di que a parte que pode facer o Pleno é a parte municipal, pois entenden que non teñen competencia nacional, para iso está o Parlamento nacional ao que o Concello non chega, pero si que o goberno municipal pode intervir e como o PP pedía no seu momento, como parece lóxico porque é o que hai que facer, que se amose, ou que o amose o PP como goberno, o apoio necesario á veciñanza, iso é o que hai que facer, e agradecerían que se fixera, e ademais solicitaban que se facilitara asesoramento a aqueles veciños que por desgracia están nesa situación. Pero tampouco se pode extralimitar o Concello das competencias que ten, e o que se pode facer é iso, por iso lle estrañou que o eliminaran, non di por defecto de forma, senón que o que hai que facer é facer o que corresponde, non moito máis, por desgracia.

A sra. alcaldesa di que por iso convida ao seu grupo a que presente a moción cando queira e apróbase sen ningún problema, e así xa non hai defecto de forma.

A sra. Argibay di que non precisan que o aproben, simplemente que o fagan.

A sra. alcaldesa di que xa o fan a diario, atendendo á xente, e non é nada agradable estar con unha persoa que ten unha problema con esa lacra.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, di que dende que se empezou a debater foise tornando a cousa como que parece que eles mesmos son ocupas. Di que condenan a ocupación e que é algo incuestionable e que non está a debater ese tema, xa que empatizan e póñense en situación. Sinala que a ela, que lle costa bastante pagar a súa hipoteca, non pode imaxinar algo máis doloroso que o feito de que a alguén lle ocupen a casa.

Di a sra. López que o que pide é que non se cambie o que non se está debatendo. Estase debatendo unha lei e as leis fanse para regular casos xerais, e agora que xa están os datos, que ela antes non os tiña, cinco casos de 19.000 habitantes en Teo, se se fai iso hai que facelo con un montón de cousas máis. Ao mellor hai que meterse tamén con cantas familias de Teo non poden pagar a súa hipoteca, tal e como se están poñendo os prezos. Estase a falar do acceso á vivenda, e non está xustificando que como non se poida acceder a vivenda a teñan que ocupar, porque ela non ocupou ningunha vivenda e non puido acceder a unha ata os 40 anos, engadindo que hai moita tradición de terxiversar as palabras, entón quere ser moi coidadosa co que di.

Di a sra. López que se se vai a tratar o tema da ocupación, que se trate, e ten dúbidas de se ten que saír isto hoxe ou non, pide que se trate en varios Plenos ou comisións pero se se van a regular cinco de 19.000 entón hai que tratar tamén casos concretos de 5, 10, 15 ou os que sexan de 19.000 doutros problemas que atinxen á vivenda.

A sra. alcaldesa pídelle que traia datos, que non entende o que quere dicir. Pídelle que teña coidado porque tamén hai moita xente que se compra unha casa impresionante que ao mellor non pode, porque ten uns recursos limitados, e entón habería que preguntarse se tamén se vai a facer cargo diso o Concello.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, e di que a demagoxia xa chega a casos extremos, o populismo, que o levan no nome do PP, Manuel Fraga Iribarne.

O concelleiro do PP, sr. Cerqueiro, dille ao sr. Devesa que non diga tonterías.

O sr. Devesa di que ten dereito a dicir o que lle dea a gana e que representa a veciños igual que o sr. Cerqueiro, salientando que non di tonterías.

A sra. alcaldesa dille ao sr. Cerqueiro que o sr. Devesa está no uso da palabra.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O sr. Devesa di que pensa que se están equivocando moito se se van levar os Plenos desta forma.

O sr. Cerqueiro pide desculpas, reiterándolle a sra. alcaldesa que o sr. Devesa está no uso da palabra.

O sr. Devesa di que parece mentira que teñan que dicir isto como dixo a sra. López, parece que el é o primeiro que vai botar a alguén da casa e a ocupala. Non é así o tema, empatizan coa xente, e igual que defenderon a esa xente que botaron fóra os bancos porque non podían pagar a hipoteca e ían ás concentracións diante das súas casas para que os botaran, apoiarán a esta xente se os precisa, ao BNG vano a ter con eles, se hai que ir a manifestarse diante dunha casa para pedir algo xusto irán, e pide que ninguén o dubide. Pero de aí a endurecer leis nun sistema, o estatal, que é de reinserción, hai moito. Di que nas leis xa teñen penas de cadeas de ata cinco anos, máis nalgúns casos. Hai casos e casos, que habería que estudar, e eles están a falar de casos dunha persoa que non ten onde meter a unha familia, e a esa persoa hai que darlle unha solución.

Despois, persoas que o fan por mal, a mafia, para iso están as leis, e pide que traballe a policía como ten que traballar. Non sabe o sr. Devesa porque se está desviando todo isto, de que o BNG está en contra de que a xente teña unha vivenda, ou quere que se ocupen casas, cando o tema non ten nada que ver con iso, xa que o único que din é que é unha porcentaxe excesivamente baixa como para tratala aquí, que se podía ter tratado perfectamente nunha comisión informativa, falalo entre os grupos e mirar que solución se pode dar a esta xente como Concello, pero non, o que gusta é crear alarmismo.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE non fai uso da segunda quenda de intervención.

A sra. alcaldesa, en referencia ao exposto polo sr. Devesa, di que iso mesmo pensaba ela con case todas as mocións que veñen ao Pleno, que se poden tratar nas comisións informativas, pero ocorre que nas comisións ninguén manifesta a súa vontade de falar nada. Non se trata de facer unha pancarta e xerar problemas, en ningún momento a alcaldesa dixo que o BNG “quere”, non, non dixo iso, de todas formas este concelleiro ten a oportunidade de votar e posicionarse. Isto do que se está a falar, da moción da

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

ocupación, que é un problema aínda que ao sr. Devesa lle pareza unha porcentaxe pequena, ela non di que sexa grande, pero no momento en que un veciño ten ese problema, e xa non é un senón varios, é unha cuestión da que hai que ocuparse, sendo así de simple e fácil. Non entende a sra. alcaldesa porque o sr. Devesa se enroca en dicir que se eles din, e pídelle a este concelleiro que non se martirice, que non queren iso. Dille que ten o micrófono para expresarse, e que é certo que houbo un pequeno incidente que ela corrixiu. A sra. alcaldesa, dirixíndose ao sr. Devesa, pregúntalle que cando di que o dos Plenos non é a forma, que quere dicir, que non lle sae ben a este concelleiro, ou como é o asunto, porque acaba de dicilo. Pídelle que escoite as gravacións, porque di unha cousa e aos cinco minutos a contraria.

O sr. Lema, referíndose ao PXC, di que eles manifestan que condenan a ocupación pero logo coa boca moi pequena non apoian os cambios legais. Están vendo que os problemas que están tendo agora as familias que teñen ocupadas as súas vivendas, as súas propiedades, non se dan resolto porque a estrutura legal non da solución a ese problema da ocupación. Probablemente no seu momento cando se fixo esa lexislación non había ese problema e non se contou con el e agora esa lexislación non vale para defender á xente á que lle é usurpada a súa vivenda. Entón, realmente o que fan falta agora son os cambios legais que permitan que a xente non poida ocupar así impunemente as vivendas, como se están ocupando agora.

A el iso de que “condenan” é coma o BNG, “empatizan coa xente” e “apoian á xente e van alí a manifestarse”, pero o problema é que non se desocupan as vivendas manifestándose alí, senón cambiando a lexislación, facendo unha lexislación acorde ao problema novo que xerou este tema, non é unha cuestión de pancartas. Di que hai que mollarse e os membros da oposición, di, teñen un problema con ese tema, e non sabe por que. Non son capaces de deslindarse dese problema, defendendo uns supostos vulnerables, cando non hai ninguén máis vulnerable que alguén a quen lle saquen a súa vivenda e que ás veces nin sequera ten recursos para pagar a defensa legal necesaria para recuperala.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e oito abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC), acorda:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.- Solicitar ao Goberno do Estado, modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas en caso de ocupación da vivenda ou inmoble, especialmente no caso das mafias. E recuperar o delito de usurpación dos bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos.

2.- Solicitar ao Goberno do Estado, incluir novas medidas procesales na Lei de Enxuiciamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda sempre que se visen privados da mesma sen o seu consentimento. E proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de delito en 24 horas pola Policía.

3.- Solicitar ao Goberno do Estado a modificación do apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscripción no Padrón Municipal dun ocupante ilegal. Así como solicitar que esta inscrición se considere nula ou non constitua proba da residencia ou domicilio nin atribúa ningún dereito ao okupa fronte o propietario

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PSOE DE TEO, BNG DE TEO E PXC POLA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A sra. alcaldesa da lectura á moción conxunta dos grupos políticos municipais, do 10 de novembro de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de servizos sociais, igualdade, muller, diversidade e relacións veciñais do 16 de novembro de 2023.

"MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PSOE de TEO, BNG de TEO E PXCT POLA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

O único número aceptable no eido da violencia de xénero é cero, porén no que vai de 2023 temos que lamentar en Galicia a morte de dúas mulleres na provincia de Pontevedra a causa desta lacra, e no Estado Español foron asasinadas 51 mulleres (dato FEMP). É algo que como sociedade non podemos consentir.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O último informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero (CGPJ) reflicte que Galicia pechou o 1º trimestre de 2023 cun aumento do 3% das denuncias por violencia de xénero. Debemos traballar para sensibilizar a cidadanía en xeral e a mocidade en particular, co fin de previr as violencias de xénero en todas as súas manifestacións. Cómpre educar nesta materia para que non existan maltratadores e, así, evitar que haxa vítimas.

Detrás da frialdade de cada cifra e cada porcentaxe está a vida dunha muller. Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, de " unhas relación de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa ".

Débese traballar para que as mulleres crean máis no sistema, que as forzas e corpos de seguridade do Estado (que realizan os atestados policiais ou actúan directamente) estean mellor formados e que a sociedade, así como a contorna das vítimas tamén estea máis concienciada.

Aínda que ano tras ano se está a mellorar, é preciso redobrar aínda máis os esforzos para facerlle fronte á violencia de xénero, para previla e para facilitar ás mulleres os instrumentos para enfrontar esta situación e acompañalas no proceso.

A violencia contra as mulleres é incompatible cunha sociedade plenamente democrática. Garantir a liberdade a seguridade e a vida das mulleres e protexer ás vitimas non é unha opción, é unha obriga democrática. A violencia machista interpélanos e as administración locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance. No ámbito das nosas competencias desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos.

Polo exposto anteriormente, **PROPONSE** ao Pleno do Concello de Teo a aprobación do seguinte acordo:

1. Reafirmar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres e a erradicacion de calquera tipo de violencia machista e combater calquera

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

discurso negacionista e posicionamento politico que negue a violencia machista ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

4. Manifestar como grupos políticos, o apoio ás reivindicacións do 25 de novembro e participar nos actos conmemorativos na reivindicación da violencia de xénero.

5. O Concello comprométese a facilitar a formación do persoal en materia de igualdade e de violencia de xénero, así como a motivar á participación a todos os axentes locais que deban participar da Mesa Local contra a violencia de xénero para que poidan ofertar os recursos necesarios dende as súas áreas.

6. O Concello comprométese a facilitar a difusión dos principais actos do 25N.

7. Expresar a vontade de traballar para erradicar a violencia machista, polo que pedimos á Xunta de Galicia, que solicite ao Goberno do Estado un incremento das contías destinadas á Administración local nos orzamentos do Estado.

8. Solicitar á Xunta de Galicia que, a través dos medios correspondentes, requira do Goberno do Estado o compromiso de que desenvolvan os acordos establecidos no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

9. Solicitar á Xunta de Galicia que siga traballando para a aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte a agresións sexuais no marco do ocio nocturno.

10. Solicitar á Xunta de Galicia que siga reforzando os CIM (centros de información á muller) como entidades locais máis próximas, dotándoos de recursos suficientes para que poidan desenvolver tamén actividades de prevención e de promoción da igualdade e impulsando medidas para a incorporación a eles de novos perfis profesionais.

Lucía Calvo de la Uz
Alcaldesa de Teo

Mayte Argibay Silva
Portavoz PSOE de Teo

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Eloi Devesa Puente
Portavoz BNG de Teo

María López Álvarez
Portavoz PXCT

En Teo, 10 de novembro de 2023 “

A sra. alcaldesa di que quere dar as grazas a todos os grupos municipais, especialmente ao BNG, porque é verdade que foi este grupo o que tivo a iniciativa de traer a moción, aínda que ela pediu que a retiraran, para levar unha conxunta, porque considera que hai cousas nas que deben estar unidos, xa que transcenden das posicións políticas, como este tema.

Non abríndose quenda de intervencións, realízase a votación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1.- Reafirmar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres e a erradicacion de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento politico que negue a violencia machista ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

2.- Manifestar como grupos políticos, o apoio ás reivindicacións do 25 de novembro e participar nos actos conmemorativos na reivindicación da violencia de xénero.

3.- **O Concello comprométese a facilitar a formación do persoal en materia de igualdade e de violencia de xénero, así como a motivar á participación a todos os axentes locais que deban participar da Mesa Local contra a violencia de xénero para que poidan ofertar os recursos necesarios dende as súas áreas.**

4.- O Concello comprométese a facilitar a difusión dos principais actos do 25N.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

5.- Expresar a vontade de traballar para erradicar a violencia machista, polo que pedimos á Xunta de Galicia, que solicite ao Goberno do Estado un incremento das contías destinadas á Administración local nos orzamentos do Estado.

6.- Solicitar á Xunta de Galicia que, a través dos medios correspondentes, requira do Goberno do Estado o compromiso de que desenvolvan os acordos establecidos no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

7.- Solicitar á Xunta de Galicia que siga traballando para a aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte a agresións sexuais no marco do ocio nocturno.

8.- Solicitar á Xunta de Galicia que siga reforzando os CIM (centros de información á muller) como entidades locais máis próximas, dotándoos de recursos suficientes para que poidan desenvolver tamén actividades de prevención e de promoción da igualdade e impulsando medidas para a incorporación a eles de novos perfis profesionais.

7.- MOCIÓNS.

Neste intre trátase o punto sétimo da orde do día, relativo ás mocións.

O concelleiro do BNG, sr. Pérez, refírese a unha moción do seu grupo e di que vai a defender el a urxencia.

A sra. alcaldesa di que vai a falar a secretaria e pregunta se hai algunha moción máis, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

Intervén a portavoz do PXC, sra. López, e pregunta se poden ver a moción.

A sra. alcaldesa di que ela tampouco a ten.

Procédese polo BNG repartir a moción entre os grupos.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa explica que vai falar a secretaria para explicar o que pasa co tema da moción.

Interveño eu, secretaria da Corporación, e expoño que a miña intervención ten como único obxectivo clarificar algúns aspectos da moción do BNG. Explico que o 9 de novembro de 2023 o grupo municipal do BNG presenta un documento, que foi remitido a todos os membros da Corporación facendo a aclaración de que pese a que se plantexou como unha moción, dende a Secretaría entendeuse, e así se informou á Alcaldía, que se trataba dun rogo e polo tanto non foi sometido a ditame das correspondentes comisións informativas, circunstancia esta da que foi informado o portavoz municipal do BNG dende a Secretaría municipal. Logo desta situación, e debido á non incorporación deste asunto na orde do día das comisións informativas, coas correspondentes aclaracións feitas ao sr. Devesa, o 17 de novembro de 2023 o BNG presenta un novo documento coa mesma temática. Explico que, aínda que non tiven ocasión de contrastar na súa totalidade a exposición de motivos, entendín que era a mesma, cambiándose unicamente a proposta de acordo. Ante esta situación, informo á sra. alcaldesa de que, dende o meu punto de vista e mantendo coherencia co criterio establecido, non se trata dunha moción, ao non tratarse dunha competencia plenaria. Lembro que xa houbo ocasión de comentar este tema por outros asuntos e pido que se teña en conta que, con carácter xeral, cando se propón unha moción, ademais doutros aspectos, hai unha cuestión que é fundamental, que é que teñen que tratarse de asuntos que sexan competencia do órgano ao que se somete, que neste caso é o Pleno. Explico que neste senso informei á sra. alcaldesa do meu criterio, de que non debía de ter a consideración de moción precisamente por non tratarse dunha competencia plenaria.

A sra. alcaldesa di que son cuestións técnicas, que a secretaria é unha habilitada totalmente independente. Salienta que de todas formas todos saben as intencións do PP, de que iso sexa un espazo de ocio familiar, nunca se ocultou, senón todo o contrario. Di a sra. alcaldesa que se queren as/os concelleiras/os se pode facer unha moción conxunta, sinalando que ela propón e as/os concelleiras/os deciden. Salienta que o PP ten as intencións cravadas no poste, e está claro, e entón se se quere traer unha moción conxunta ao respecto, ao igual que se fixo co 25N, ela non vai a ter

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

ningún tipo problema, polo que deixa aí a opción por se se quere plantexar nalgún momento, e así o poden falar os portavoces. Reitera a sra. alcaldesa que se trata de cuestións puramente técnicas, que pola súa banda non hai problema, aclarando que así o quere expresar e deixar constancia.

O sr. Devesa di que a el o que realmente si que lle preocupa, ou polo menos lle chama un pouco atención, é que aínda que presenten iso como unha moción conxunta van ter o mesmo problema de fondo, porque se non é competencia do Pleno non vai poder vir como moción, ou non sabe que malabar van a poder facer, porque se ese tema non é competencia plenaria, e esixirllo á Xunta tampouco, non sabe que malabarismo legal van a poder facer con isto.

A sra. alcaldesa di que ela o que plantexa é unha moción para que se converta nun espazo de ocio familiar, e o sr Devesa plantexouna en tema dos humedais, restauración e demais.

O sr. Devesa di que a primeira que entregaran si que era máis extensa, a exposición de motivos é a mesma, pero eliminaron dous puntos porque cando falara coa secretaria entendían que era onde podía haber o problema da competencia do Pleno, non o entendían así como solicitarlle á Xunta que rexistrara a lagoa. Agora, se a secretaria di que si, ela sabe máis ca el destes temas, pero de todos modos os dous primeiros puntos era unha forma de instar ao goberno municipal a facer algo. Entenderon que iso non se podía facer, entón segue sen ter claro como se vai poder facer este tipo de moción. O sr. Devesa di que tamén é certo que estivo revisando mocións dende o 2014 e el entende os criterios pero aquí estívose facendo un pouco de todo, entón tamén costa un pouco cinguirse a algo en concreto.

A sra. alcaldesa coméntalle que cando queira falan con respecto ao de como se podería redactar a moción, pero igualmente se trata de criterios técnicos.

A sra. alcaldesa sinala que por alusións, vai a volver a intervir a secretaria municipal.

Interveño novamente, co permiso da presidencia, e explico que efectivamente cando o sr. Devesa di que fixo unha revisión das situacións, saliento que o único que pode facer dende a miña posición é advertir, comentar, suxerir, indicar, e a partir de aí, que se me

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

faga caso ou non, non está na miña man, polo que se pode atopar absolutamente de todo. Sinalo que houbo mocións que, dende o meu punto de vista, non terían que ter ido como tales, porén o único que pode facer, en cada momento, é indicar o meu criterio, a partir de aí depende de que alguén teña a ben facelo seu ou non. Lembro que houbo momentos nos que o criterio da Secretaría non foi adoptado e quizais os que levan máis tempo teñen a oportunidade de lembrar o insistente que fun con ese tema. Reitero que neses casos o único que podo facer é advertilo, e pouco máis.

O sr. Devesa di que lle apetece que quede claro, que considera que se os criterios ás veces se aceptan e ás veces non, entende que son decisións políticas levar unha cousa ou non, entón neste caso a decisión política da sra. alcaldesa é non levala.

A sra alcaldesa pide que non se vaia a confundir, e non vai a falar. Di que o que quería deixar claro é que para ela os informes dos técnicos son importantes. Salienta que ela comezou a gobernar agora, e no 2014 nin sequera estaba de concelleira.

Salienta que ela non se vai a saltar a ningún técnico, engadindo que iso o dixo bastante claro. Sinala que está tendendo a man para facer unha cousa conxunta, engadindo que vai a ser que vai a rematar a cousa nun problema, porque, cando hai boa vontade, iso si que lle fastidia, e moito.

O sr. Devesa explica que non o dicía a modo de crítica e se se entendeu así quere que se desculpe, simplemente quixo facer unha reflexión para que conste en acta de porque unha cousas se aceptaban e outras non, porque son decisións políticas, avaladas por un criterio técnico, a favor ou en contra, pero é unha decisión política, e quere que a cidadanía tamén o saiba, non por nada máis.

A sra. alcaldesa insiste en que, da mesma forma que lle prexudica moitas veces, ela vai a respectar sempre aos técnicos porque pensa que é o que debe de facer calquera rexedor que se prece. Reitera que ela nunha vai a contradicir a ningún técnico, evidentemente con un criterio fundamentado, querendo que iso quede claro.

Reitera a sra. alcaldesa que queda en pé a oferta para todos os grupos de presentar esa moción conxunta.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PXC.

A concelleira/o do PXC, sra. López, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

Intervén a sra. López quen di que, á marxe dos rogos e preguntas, quere comentar outra cousa. Sinala que igual ela é moi sensible co tema ou está moi concienciada polo tema da súa profesión docente, pero cree que os Plenos teñen recentemente unha deriva moi pasiva-agresiva, xa que se pode e discrepar e falar ben. Opina que houbo momentos nos que non se falaron ben e non é por ela, pois atura perfectamente que lle falen mal e para a súa desgracia está acostumada, pero si que pensa que quen o estea vendo e sobre todo que a quen están representando aspira a que os concelleiros poidan estar no Pleno unha hora e media falando e debatendo, que obviamente vaise debater porque se pensa distinto, porque se pensaran igual xa estaban no mesmo grupo político, pero debater cun pouco de estilo ou educación, porque ás veces fálase mal.

Reitera que se trata de algo que xa vén percibindo e falando con outros compañeiros noutros Plenos e aquí tamén pasou.

A sra. alcaldesa di que educación presupónselle a todos, e intentar insultar tampouco é que sexa o máis correcto, de feito a ela sorprendeulle noutro Pleno cando a sra. López dicía que estaba enfadadísima. A sra. alcaldesa di que lle parece case irrisorio, e pide desculpas por dicilo así, cando os compañeiros de partido da sra. López, que non vai a dicir o nome porque non están aquí, ela presenciou estando na oposición berros a grito limpo. Parécelle moi ben, e está totalmente de acordo coa sra. López en que hai que gardar as formas, porque se poden dicir as cousas máis enfadado ou menos, pero non sabe se alguén sentiu que se lle faltaba ao respecto, aínda que se dixeron cousas duras, pero no tema político.

Salienta a sra. alcaldesa que se se está disposto a dar hai que estar disposto a recibir, algo que xa se aprende no colexio e precisamente como a sra. López é profesora pensa que o sabe ben, polo tanto non entende moi ben iso que di a sra. López, aínda que por suposto esta concelleira na súa quenda ten dereito a falar o que queira. Sinala a sra. alcaldesa que, de feito, o outro día estaba ela no uso da palabra e a sra. López

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

non a tiña e empeñouse e ao final deixouna falar precisamente para non montar un lío, así que *"manos que no dáis, que esperais".*

A sra. López di que intentarán comprobar se vai ser así, pero ela simplemente o deixa así, se non resoa igual está ela equivocada e listo, xa está.

1.- Refírese a sra. López ao tema de alumeado de Campos de Mirabel e di que no anterior Pleno comentouno e un concelleiro, concretamente cree que o sr. Guerra, lle dixera que chegaran a un acordo. Explica que alí hai un problema no campo de fútbol que hai diante do parque novo e ao lado do parque vello, engadindo que igual non atinou ben ela ao explicar cal era.

Informa que alí hai unhas pistas e están sen luz, como a que se adoita poñer agora en todos os parques. Di que hai unha reclamación veciñal, e que xa explicou o motivo polo cal lle chegara a ela moi tarde, e díxoselle no Pleno, non lembra quen, que se chegara a un acordo. Non sabe con quen se chegou ao acordo, pero as persoas que están reclamando iso falaron nos distintos bloques e non hai ningún bloque no que se diga "*aquí si que se chegou a un acordo".* Pensa que houbo un malentendido ou transmitindo a información ou é que non se chegou a ningún acordo ca cidadanía.

Pensa que é relativamente grave porque é unha obra pequena, vai chegar o alumeado de nadal, que é maior que iso, e seguen os rapaces sen poder xogar. Hoxe mesmo estaban alumeándose cos coches, engadindo que non sabe onde está o problema.

O sr. Lema di que el fixo unha visita a Campos de Mirabel e entrevistouse cun grupo de persoas, non sabe exactamente cantas, dez ou quince.

A sra. alcaldesa pregúntalle a sra. López se falou con todas as persoas.

A sra López di que non, que falou coa persoa que está liderando ese proceso pero que esa persoa si que foi bloque a bloque e non saben nada, di que non era a presidenta da comunidade de veciños pero era unha persoa que representa a dita comunidade. Considera que quizais se debería de convocar unha reunión para saber con quen está interlocutando cada un.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O sr. Lema di que tampouco hai que darlle tanta importancia a unha cousa de poñer dous focos. A cousa resólvese así de sinxelamente. En principio non se van a poñer torres de iluminación nos campos porque os técnicos din que con un par de focos led potentes dende a propia farola existente daría suficiente luz para ese tipo de actividades de lecer, botar unha pachanguiña no campo cando se fai de noite. Iso vai ter tamén unha limitación horaria, porque non van a estar prendidos a partir das 23.00 porque a xente que vive alí ten dereito tamén a que non haxa partidos ata as 02.00 da mañá.

Explica o sr. Lema que o que lle dixeron os electricistas é que é unha cuestión que se podería resolver facilmente, ou polo menos facer unha proba. Se despois non fose suficiente veríase a solución que se lle da, pero en principio pareceulle o máis económico, o máis sinxelo e razoable, e estase niso.

2.- Di a sra. López que, tratándose do centro de día, ten unha dúbida, que pensa que ten máis xente. Lembra que no anterior Pleno viña unha moción do BNG, sobre o centro de día, pero non se aprobou, o PP presentou outra sobre o mesmo tema e ela perdeuse un pouco, porque agora tampouco anda tanto nas redes, pero un día sorprendeulle que dende a páxina institucional do Concello de Teo afirmouse “Teo terá centro de día”. Entón, a súa pregunta é se hai unha confirmación de que Teo vai ter centro de día.

A sra. alcaldesa explica que, como xa dixo, estase en negociacións, para ver a fórmula que mellor se axusta a Teo, que xa o explicou no seu momento. Di que a moción do BNG foi rexeitada polo corpo expositivo, que poñía que o presidente Feijoo negara o centro de día e ela sostiña que iso non era así, que quen o ten que solicitar é o consistorio á Xunta de Galicia e se non llo dá é nese momento cando se pode dicir que non se da. Estaba mal plantexada a moción, pensa que o aclarou bastante ben, por iso decidiron poñer unha moción totalmente apolítica, e tanto foi así que tanto o BNG como o PXC se abstiveron cando, se fora doutro xeito, imaxina que votarían en contra.

A sra. López di que o do Pleno pasado quedoulle claro, resultando claro que o que se está debatendo é o modelo de xestión, pero esa afirmación na web....

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que o centro vai a vir a Teo.

Pregunta a sra. López se hai confirmación oficial diso.

A sra. alcaldesa di que lle da a súa palabra.

A sra. López di que o entende, pero que para facer esa afirmación hai que ter algo que o xustifique, un convenio, unha resolución, o que sexa.

A sra. alcaldesa di que están niso.

A sra. López di que é o que trata de explicar, que é un uso un pouco perverso da web institucional, porque ela leu iso e pensou que había unha noticia, que Teo ía ter centro de día. Explica que esa é a vontade de todos, e oxalá que veña, pero entón iso hai que expresalo doutra forma, porque usar a web institucional para dar este tipo de avisos, cando logo aínda por riba se decata de que todo iso ademais vén dun conflito que se produce entre dous partidos, pero fóra xa do que son os espazos para debater como comisións ou Pleno, a ela parécelle persoalmente, e sabe que a moita xente tamén lle pareceu, un uso perverso.

A sra. alcaldesa di que precisamente para aclarar e non axudar á desinformación por iso se fai esa aclaración. Opina a sra. alcaldesa que ten gracia que a sra. López fale do uso perverso da web institucional, cando eles, cando estaban no consistorio, ela dixo simplemente a través dunha nota de prensa que non solicitaran a cuadrilla antiincendios á Xunta de Galicia, que é totalmente gratuíta, e contestóuselle directamente cunha nota de prensa, directamente, que iso si que é utilizar a web institucional, na cal dicía que o PP non se enteraba nin da xente que tiña, porque tiña sete persoas en protección civil, que ademais non están instruídos precisamente neses incendios, senón nos de urbano, e cubrir 89 km2 con 7 persoas, aínda que sexan moi válidos todos, pero non como para cubrir eses quilómetros. Iso foi o que se lle contestou a ela, di, e non hai moito tempo, na web institucional. A sra. alcaldesa pídelle á sra. López que non dea leccións.

A sra. López di que as únicas leccións que da son aos seus alumnos. Simplemente pensa que igual quedaría máis claro se a alcaldesa sae respostando ao BNG, non habería dúbida, podería parecer mellor ou peor, pero non habería dúbidas

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que ela non respondeu ao BNG, que é onde se confunde a sra. López, senón que ela clarificoulle as cousas á cidadanía, porque se estaban dando desinformacións.

A sra. López responde que ela insiste en que esa información tamén foi unha desinformación porque non é real.

3.- Refírese a sra. López ao parque de Luou. Sinala que pasou outro mes, e xa sabe que lle vai dicir o dos permisos do parque e iso, e non vai entrar, pero precisan un aparcadoiro en Luou.

A sra. alcaldesa di que é consciente diso e ten razón pero é unha lástima que dende o 2018 non apremiara ao construtor ou contratista que eles mesmos contrataron.

A sra. López insiste en que nunca se pechou o aparcadoiro.

A sra. alcaldesa di que as portas están encargadas, as portas que son consecuencia directa dun convenio, que ademais está a dispor na paxina do Concello tamén, para clarexar determinadas confirmacións. Aclara a sra. alcaldesa que non se poden colocar pancartas en lugares públicos, como fixeron. Empézase a construír un parque e as portas non é o primeiro que se pon, pero as portas chegaron e puxéronse. Salienta a sra. alcaldesa que ela non se meteu en nada desa obra, só preguntou cando se pode recepcionar. Di que non ten ningún interese en ter esas portas pechadas, de feito parécelle un erro, un convenio maltreito, que agora está asinado. Salienta que lle parece gravísimo que un representante público diga o outro día que había que abrir igual porque non o pon no convenio. Se hai un convenio con unha administración pública hai que ser serio e, como mínimo, debe de cumprirse, é o que se pide a un representante público. Explica a sra. alcaldesa que sabe da problemática do aparcamento, e convida á sra. López a que se quere que chame ao contratista e que lle meta toda a présa que poida, porque ela está metendo tamén toda a que pode e máis. Sinala que tampouco deixaron onde ían os puntos de luz no parque, sen dicir quen ía ser a persoa que ía a ocuparse de abrir e pechar o parque, que repite pecha ás 22.00 da noite, como pon no convenio.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. López di que sen saltarse o convenio o que pide é que se valle dalgunha forma ou se indique dalgunha forma, se hai que recepcionar o tema do parque, entende que está pechado por unha cuestión de seguridade das crianzas, pero trátase de que se abra o portalón, aínda que sexa ata as 22.00, para que se poida aparcar cando fan as actividades da Mámoa.

A sra. alcaldesa volve insistir en que non pode, que sería unha irresponsabilidade gravísima, tipificada no código penal, abrir algo que non está recepcionado, ademais de que se estaría asumindo que se aí hai un accidente ou calquera outra cousa o responsable subsidiario sería o Concello de Teo. Insiste en que sinte moito o do aparcamento pero dende o 2018 tiveron moito tempo para facer o que consideraban. Reitera a sra. alcaldesa en que non vai a saltarse a lei, e di o mesmo que lle comentaba antes ao portavoz do BNG, que se o di un técnico non se vai meter, nin para ben nin para mal, e para isto o mesmo, ata que recepcione o parque, oficialmente, o Concello de Teo non vai abrir esas portas. Sinala que está desexando facelo, desexando que rematen co punto de luz e cos flecos que faltan. Repítelle á sra. López que pode chamar cando queira ó contratista, que ela está preguntándolle case todos os días. Di que aínda que o PP teña a culpa de todos os males do planeta e aínda que pensen que teñen o don da ubicuidade, non é así.

A sra. López pregúntalle que lle di o contratista cando lle chama, e a sra alcaldesa di que lle contesta que están con iso e que en canto remate lle avisa. Reitera a sra. alcaldesa que a sra. López o pode chamar, que o coñece perfectamente. Di que ela non está a ocultar nada, e sínteo moito polos veciños de Luou que non poden aparcar, pero tamén lle fastidia que teña que comer ela iso que é consecuencia, como moitas outras cousas, da xestión do goberno anterior.

As portas, repite, chegaron tarde. Dirixíndose á sra. López pregúntalle se cree que ela chamou ao señor para pedirlle que pechara as portas para fastidiar aos veciños de Luou, non entendendo en que cabeza cabería iso. Di que as portas chegaron e instaláronas, e foi así.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Insiste a sra. López en que non é así, e a sra alcaldesa di que ela non o ten recepcionado, e que non pecha nin abre, non sabe que parte non se entende, que o responsable agora mesmo é o construtor, un construtor que elixiu o goberno anterior.

A sra. López di que foi a licitación pública.

A sra. alcaldesa di que efectivamente, que corrixe, que cando di iso quere dicir que saíu das licitacións do goberno anterior, como lle pode pasar a ela, pero os responsables foron os do anterior goberno, e non ela. O que estaba dicindo, e o aclara e o puntualiza, é que da licitación saíu un construtor co que tratou o anterior equipo de goberno, e tiña un compromiso con eles. A sra. alcaldesa di que ela o que ten é un compromiso herdado. Pensa que a sra López é libre para dicir o que queira, pero que en canto estea o parque estará encantadísima de abrir as portas ata as 22.00, e a ver quen o pecha. Pregúntalle se se quere ofrecer voluntaria, engadindo que ela non lle vai poñer problemas.

A sra López di que non, pero que se está en desacordo con ese convenio pode conveniar outra cousa.

A sra. alcaldesa di que é moi fácil, entón habería que preguntarse para que o conveniaron eles. Di que agora mesmo está de mans atadas, que se os señores non queren entrar en negociación, xa que teñen totalmente as cousas cubertas, porque xa cederon eles a todo. De feito, hai enterrado nese parque medio millón de euros, e nunha finca que ademais en 24 anos, e o pon o convenio, xa non é do Concello.

Di a sra. alcaldesa que ela é moi hábil, pero que non pode negocialo todo, e se unha cousa está asinada pois está asinada.

4.- A sra. López di que no Pleno anterior falouse do tema da Cuberta dos Tilos e agora ve nos decretos que xa se está executando. Pregunta se non se licitou esa obra. Sabe que se está executando, pero non sabe administrativamente como foi ese proxecto.

A sra. alcaldesa di que é público e notorio. Di que estaba chovendo dende hai 23 anos, tratábase dunha necesidade e asinouse un convenio coa Xunta de Galicia, con luz e taquígrafos, coa Vicepresidencia primeira. Trátase dun convenio público, que o pode solicitar a sra. López e se lle facilitará igual que outras cousas que piden, sen ningún

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

xénero de dúbidas. Salienta a sra. alcaldesa que era unha emerxencia e melloráronse as deficiencias enerxéticas e axústase perfectamente ao convenio, e hai que agradecelo, porque senón non se podería executar absolutamente nada, pola situación na que estaba o Concello e na forma en que o colleu, e ía a ter aos nenos alí facendo as actividades, e á xente maior, e chovendo.

Di a sra. alcaldesa que pensa que o convenio estará colgado na web da Xunta de Galicia e pode solicitarse no Concello sen problema, tanto a sra. López como calquera cidadán. Sinala que foron 48.300 euros o importe que deron para solucionar todo o tema da cuberta.

A sra. López pregunta se por 48.000 € non hai que licitar a obra.

A sra. alcaldesa di que foron 48.300 con IVE, ese é o importe íntegro.

5.- A sra. López simplemente quere recordar que dende o seu partido seguen agardando unha resposta sobre un pequeno informe sobre as baixas que houbo no servizo de limpeza dende agosto ata setembro, que non quere a resposta agora senón que a quere por escrito.

O sr. Lema di que enviará nos próximos días a resposta porque estivo moi ocupado, pois polas mañás, como saben, traballa na súa ocupación habitual que é do que vive e come, e entón ten que organizar o tempo polas tardes e está desbordado e non tivo tempo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

Os concelleiros do BNG formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- O sr. Pérez di que xa que non se puido incluír como moción previa, gustaríalle que constara o que traían un pouco previsto ao respecto da lagoa. É un problema que leva afectando aos veciños dende hai bastante tempo e un pouco o que se propoñía dende o grupo municipal do BNG, e o traen tamén como rogo, era a inclusión da lagoa no rexistro de humidais de Galicia, porque saben que a normativa establece que se poden incluír incluso humidais de carácter artificial.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Pide que, a través do goberno municipal, se proceda a realizar estudos técnicos, tanto de impacto como de biodiversidade da zona, para comprobar a calidade tanto da auga como da propia biodiversidade e que isto figure para contribuír positivamente á paralización da obra de Toysal e ó mesmo tempo á mellora e dotación desa lagoa para evitar precisamente as contaminacións e a perigosidade que pode traer para a veciñanza.

Di o sr. Pérez que tamén quixeran que se elaborase un plan de recuperación da canteira, que contribuíse tamén á mellora social, económica e ambiental tanto dos veciños como da zona, precisamente en aras de evitar a perigosidade que tanto as filtracións da lagoa como as filtracións que poida levar aparellada a instalación da empresa, poidan contribuír á mala xestión ou ó malestar da veciñanza da Casalonga.

2.- O sr. Pérez di que onde está o centro de saúde de Cacheiras hai unha farola provisional que está posta alí porque hai un contedor destes de obra que está colocado á beira do centro de saúde e pasa toda a noite acendida. Está nunha mala posición e da nos ventanais da veciñanza e teñen tido algunha queixa dalgún veciño que lle dá toda a noite.

A sra. alcaldesa sinala que toman nota con respecto ao da luz. Tratándose da canteira manifesta que volven ao de antes, que non ten inconveniente ningún, todo o contrario, e pensa que o dixo clarisimamente, que teñen que poñerse de acordo, que xa cravou as intencións no poste, na campaña, e todo o mundo o sabe, de que iso se converta nun espazo de ocio familiar. Pide que se lle permita que non pronuncie determinadas palabras para poder facer unha negociación o mellor posible e que non suba a cousa. Di a sra. alcaldesa que está totalmente de acordo en que se faga un estudo medioambiental porén iso debería de facerse unha vez que xa estea todo.

O sr. Pérez sinala que entendeu perfectamente. Explica que a filosofía ou a idea coa que formulaban este rogo era precisamente elaborar un estudo que servise para xustificar precisamente como está funcionando a nivel ambiental esa lagoa e esa zona e que iso tamén permitira evitar a instalación por parte da empresa Toysal do que pretendía facer alí, precisamente apoiados nun informe de calidade ambiental que dixera que alí había unha certa biodiversidade que era conveniente manter.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa sinala que pensa que pola complexidade do asunto é case mellor que se reúnan os portavoces, porque tampouco pode expresarse concretamente. Pensa que é posible que se converta nun espazo de ocio familiar, e que non pasa precisamente por ese informe, que tería un custo importante, non di de non facelo, pero si de facelo no momento adecuado, porque cando se dispara é mellor non errar o tiro.

3.- O sr. Devesa refírese a un problema visible que está relacionado cun problema moito máis grave, sobre todo en entornos rurais, que non lle quita a perigosidade que aconteza exactamente o mesmo nos urbanos, pero entende que aí hai máis frecuencia de recollida de lixo ou de que pasan máis que os sopradores das follas ou o que sexa.

É un problema que se ve pero é un problema que ten outras cuestións de fondo. Nas zonas rurais onde hai prazas ou lavadoiros ou determinadas zonas con isto do outono todos saben que as árbores tiran follas ou flores, e si que é certo que hai determinadas prazas que xa acumulan tal cantidade de folla que calquera día que pase calquera por aí co tipo de material que hai esvaran e vai haber un problema, porque sole ser xente maior a que pasea por estas zonas.

Un exemplo do que lle deron datos concretos é a praza que hai en Agoso onde está Bodegas Rial. Só pide que se teña en conta este tema sobre todo para cando se faga o prego das novas condicións do contrato de lixo, sobre todo en outono reforzar estas campañas e tamén a revisión continua da limpeza dos sumidoiros, porque por exemplo el vive nunha zona semiurbana, que dá cara a unha estrada principal, pero si que os sumidoiros está a desatascalos el continuamente porque alí non pasa ninguén a limpalos.

Pide o sr. Devesa que se bote un ollo a estas cousas, que pensa que son importantes para reducir problemáticas posteriores.

A sra. alcaldesa respóndelle que ten toda a razón, e que tentarán mellorar porén, aínda que non sexa unha escusa, teñen os medios que teñen e están intentando solucionalo, e tamén hai que dicir que o tempo foi perverso para este tipo de cuestión, aínda que iso non quita que efectivamente ten toda a razón, e non só nesa praza, senón en máis sitios. Reitera a sra. alcaldesa que intentarán mellorar cos medios que teñen e van a incluír iso e as sendas no contrato do lixo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O sr. Lema di, como responsable do tema de limpeza viaria en xeral, que os traballadores do Concello aplicáronse a fondo na limpeza dos invernais eses, dos enreixados que recollen a auga e das pluviais. O que pasa é que segundo saíu publicado en prensa non choveu desta maneira dende o ano 1966, e a verdade é que como veu todo o mundo houbo inundacións en todos os sitios. É dicir, que é unha situación atmosférica inusual e as infraestruturas están como están, é certo, e fíxose un esforzo moi grande por parte dos traballadores do Concello para, na medida do posible, ter a situación o máis adecentada e limpa posible, pero se se limpa agora e tres horas despois a chuvia xa arrastra un montón de follas, de faíscas de pino, de ramilla, vólvense a atascar. Non poden estar as 24 horas do día, di, e hai os recursos que hai e este tipo de fenómenos meteorolóxicos hai que afrontalos como se pode, e el pensa que se afrontaron bastante ben, pois non houbo situacións de inundacións moi importantes, houbo algunhas zonas de inundación pero sen moita importancia. Sinala o sr. Lema que as veces isto deriva de obras inadecuadas que se fixeron no seu momento, que se vulneraron por exemplo o discorrer natural das augas pluviais, etc. A situación non é nada fácil e hai moitos problemas pero intentarán traballar para melloralo.

O sr. Devesa di que de todos modos quere aclarar que non era unha crítica, simplemente era un aviso.

A sra. alcaldesa di que quedou claro.

O sr. Lema di que non o entendeu como unha crítica, pero simplemente sentiuse na obriga de dar unha explicación.

4.- O sr. Devesa comenta outro tema que tamén ten que ver con isto das chuvias, pois todos saben os problemas que hai, pero tamén é certo que en Galicia chove, e iso é así e esperan que sexa así sempre. Nos Tilos coméntanlle algo xa que coñecen porque algúns concelleiros son de alá, pero o que pasa é que cando chove escorrega toda a auga para abaixo e non hai forma de tragala e aí si que están tendo serios problemas e é moi recorrente, entón pide que se plantexe algunha obra de urxencia ou algo para alixeirar iso o antes posible. Sabe que non é un problema que xeraron eles pero si que é un problema ó que lle hai que dar solución.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que co novo orzamento hai plantexar algún tipo de acción que indiquen os profesionais para evitar ese tipo de cuestións.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, formula os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra Argibay di que a raíz do tema da Canteira da Casalonga, no que cree que todos están de acordo e pode ser unánime esa moción da que se falaba antes, a ela gustaríalle lembrar que nun momento, xa no anterior goberno, se creou unha comisión de seguimento polo tema da Canteira, e como hai pouco xurdiu unha sentenza favorable para a veciñanza falaba de retomar esa Comisión e solicitarlle ao goberno que informaran a todos os concelleiros, que non se teñan que informar por medios alleos, de todo o que se vai avanzando, de negociacións que poidan ter con Toysal e demais, para estar todos ós día, porque máis ou menos foi o que se acordara naquel momento e parece que está un pouco esquecido.

A sra. alcaldesa sinala que sinte dicirlle que non está esquecido para nada porque é unha cuestión o suficientemente importante como para non a esquecer.

Explica que a plataforma está en contacto permanente coa alcaldesa, e os portavoces do resto dos grupos poden preguntarlle disto o que desexen, que non hai ningún problema, e contestará encantada.

Manifesta a sra. alcaldesa que o avance está en que fixo un planteamento unha das partes e estase esperado. O que pasa é que tampouco pensa que teña que facer unha reunión cada dous minutos, senón que ten que haber algunha cousa consistente. Sinala que a intención está clara e que tampouco falou con todos detidamente, pero polas intencións, nas que todos están de acordo, na intención primeira, tampouco se nega a esa comisión, da cal ela non formaba parte, pero non ten inconvinte ningún, só que pensa que debería de estar un pouco máis avanzado o asunto, porque agora para reunirse e dicir que non ten nada non vale a pena. Tamén quere aclarar que non lle vai a explicar as tácticas de negociación, que pasan por uns períodos.

A sra Argibay di que é certo, pero reitera a petición de información o antes posible.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

2.- A sra. Argibay sinala que se está a montar unha antena na parte de arriba de Cesar. Unha antena grandísima, de case 30-40 metros, que aínda pasou hoxe por alí e non sabe se teñen permiso, se hai comunicación.

A sra. alcaldesa pregunta se se refire a Cesar en Calo, non en Lampai.

A sra Argibay dille que si, que é en Calo. Que levan aproximadamente dúas semanas montándoa e está practicamente montada, de feito no día de hoxe estaban a facer a plataforma sobre a que vai a ir.

A sra. Argibay pregunta se ten algo que ver con esa que non se vai a poñer preto de Vilar de Calo, que se rexeitou pola veciñanza no seu momento.

A sra. alcaldesa di que a de Vilar de Calo é certo que desistiron, pero e no territorio do Milladoiro. Ela o que fixera foi falar co alcalde e o arquitecto do Concello de Teo falou co de Ames, pero desistiron. Querían implantar a antena e había un regato afortunadamente e non comunicaran nada a Augas de Galicia polo tanto non se pode facer aí. Iso foi o que se lle dixo ao arquitecto ao que se podía acoller, previas xestións con outras administracións.

Iso por un lado, e os veciños tamén estaban ao tanto.

Con respecto á antena da que fala a sra. Argibay ten que ser nun terreo privado loxicamente porque un terreo público non pode ser. Sinala que pasan moitas cousas sen pedir permiso e hai experiencia, pero iso parécelle que non.

A sra. alcaldesa pregunta se ten datos da parcela, para poder mirar se é privada ou pública. Sinala que se fose un terreo público é un proceso no cal teñen que pedir autorización ao Concello, iso se non queren incorrer xa nunha cuestión penal.

O sr. Lema di que probablemente teñan unha licenza. Sinala que el tamén é a primeira noticia que ten disto pero unha antena dese tamaño esixe dun proxecto e dunha licenza, e dun terreo privado que se alugue ou se venda. En todo caso se a están montando agora entón xa leva un ano tramitada a licenza.

A sra. alcaldesa dálle as gracias á sra Argibay por avisar, e di que se interesarán polo tema. Pero que pública, volve repetir, non pode ser, salvo que estean incorrendo nun

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

tema que sexa susceptible de xudicializar. Hai unha en Lampai, iso si, que levaba tempo que estaba aí paralizado o expediente, e que se conseguiu que a señora fixera unha cesión dese tramo. Explica que aí había un tema importantísimo de cobertura nas comunicacións.

A sra. alcaldesa pídelle á sra Argibay que en casos así, aínda que o diga no Pleno, sempre pode chamar e explicar o que está acontecendo. A ela non lle importa que logo o diga no Pleno pero polo menos pídelle que avise antes para que poidan interceder ou intentar facer algo, por se fose un terreo público e unha ocupación indebida.

3.- A sra. Argibay sinala que houbo unha reunión recentemente do Clía, na cal había varios concelleiros e tocouse un tema que lle chamou especialmente a atención e era que os rapaces solicitaban que se alumeaban espazos que eles consideraban que eran perigosos, que lles daba medo pasar, e os concelleiros dixeron que se ía facer. A colación disto quería solicitar uns puntos de luz na zona de Rodiñas, cara Texexe. En toda esa zona está iluminado o monte lateral, porén hai un tramo como de 200 metros que o veñen solicitando os veciños dende hai tempo, que se solicitara tamén ao anterior goberno. Nese tramo desaparecen as farolas, hainas durante un tramo pero de repente non hai nun tramo e logo de repente volven a aparecer as farolas.

A sra. alcaldesa di que non hai ningún problema, que o mirarán e estudarano e loxicamente se hai aí unha debilidade farase algo. Dirixíndose ao PSOE lémbralle que eles levaban o tema da iluminación no anterior executivo, e pregúntalle se non sabe por que está así iso.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, quen sinala que ten un par de cousas. Comunícalle ao PSOE que o tema dos deshumidificadores de Calo está solucionado. Houbo un pequeno incidente, pero solucionouse, dende o día de hoxe están funcionando.

A sra. Vázquez di que quería darlles as gracias a todos porque no tempo que leva na política de Teo sempre mencionou chegado o 25N que pensaba que tiña que ser unha moción que fose conxunta entre todos e alégrase de que hoxe sexa o día que consigan iso, sobre todo neste eido.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Sinala a sra. Vázquez que con respecto ao tema dos convenios que mencionou a sra. López ten algo que clarificar. Lembra que, xa no anterior Pleno, cando se falou do tema de Luou e se falou de modificar cousas do que se tiña falado do convenio que se asinou da Horta do Cura, falouse como de acordos verbais. Di que realmente está un pouco sorprendida porque en relación á Horta do Cura xa ten un convenio asinado e estase a pedir que se modifiquen cousas se non estaban de acordo.

Había outra cuestión que dependía precisamente da concellaría de educación, que era o tema de meter aos nenos da escola de Cacheiras nalgún sitio mentres se facía a reparación da reforma integral e ela chegou a coller esa concellería onde supostamente había un acordo verbal tamén coa Igrexa, co arcebispado, que son os donos, pero non había nada reflectido por escrito, nin no Concello os técnicos sabían nada, nin había nada acordado de maneira escrita. O único que había era un acordo verbal co alcalde e a concelleira, e houbo que xestionar todo iso.

Di que vir agora a falar do tema de se había as portas, se non había, que evidentemente é necesario sitio para aparcar en Luou, o entende, tamén en Cacheiras fai falta a zona para aparcar e tampouco a sra. López deu chegado a ese tema, porque sabe que é algo que leva tempo. Insiste en que os acordos verbais non serven para nada porque parece ser que o tiñan acordado, pero chegado o momento os nenos de Cacheiras non tiñan sitio para ter clase este curso escolar. Aclara a sra. alcaldesa que agora está solucionado, pero que ela tiña que dicilo.

A sra. alcaldesa di que ela tamén o di un pouco porque o acaban de mencionar, porque non se lembraba nada do tema xa. Pero si que foi unha tortura, porque lembra que a sra. Vázquez lle dixo un día que había que facer un traslado, de mobles, de nenos, obedecendo á reforma integral da escola de Cacheiras, dos fondos do PIREP, e cando chegaron alí os técnicos, e de feito a alcaldesa agradeceullo por avisar, os curas dixeron que adonde ían con eses mobles, que aí non había nada asinado.

Intervén o sr. Cerqueiro quen di que quere pedirlle perdón unha vez máis ao sr. Devesa pola súa actitude de antes, por cortarlle, cando estaba efectivamente no uso da palabra do seu turno, e quere facelo extensible a todos os compañeiros e veciños que están vendo o Pleno na web e os que están hoxe presentes. Pensa que o respecto ten que

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

ser máximo e aproveitando que está a falar de respecto gustaríalle que o BNG non volvera a seguir poñendo eses paneis informativos tanto nas marquesiñas como sobre todo nas árbores, que nos Tilos se pode ver claramente, onde poñen esa publicidade propagandista, e non vai dicir populista, e incluso hai algunha árbore que polo que sexa, pola chuvia, non teñen ningún tipo de papel pero si que segue a cinta de embalar e os celos postos. Entón pide un pouco de limpeza do que xa fixeron e pídelles que por favor respecten ós cidadáns, ós que tamén representan os demais, e ao mobiliario urbano e sobre todo ás árbores.

O sr. Devesa quere aclarar que que el saiba, e vai a todas as asembleas do BNG, e nunca puxeron nada, pero darallo conta aos compañeiros, pero non poñen en árbores e se é así dará orde de que non o fagan, por suposto.

A sra. alcaldesa dille ó sr Devesa que na zona que frecuenta, os Tilos, están empapelados todas as árbores, e se non son eles alguén a quen pagan, non o sabe, pero si que é certo que é propaganda do BNG.

A sra. alcaldesa di que, como sabe perfectamente o sr Devesa, porque se comentou moitas veces, e é un rogo que fai, nas marquesiñas non se poña e que se respecten as ordenanzas que hai. Todo o mundo lle pide que aplique a ordenanza pero non quere entrar por aí. Porque ademais pono clarisimamente nas marquesiñas propias “prohibido fixar carteis”, e son todos do BNG. É algo que está a dicir proactivamente.

A sra. alcaldesa dálle as gracias ao sr Cerqueiro por pedir desculpas e di que todos teñen que comportarse, non só el, e espera que non volva a haber máis “rifirafe”.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria	A alcaldesa
Virginia Fraga Díaz	Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 01/09/2026 09:21:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 01/09/2026 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: yc7hyD6QYHsz31ePU9ZN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 16/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE DECEMBRO DE 2023 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de decembro de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.ª Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcaldesa:

D.ª Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Rogelio Lema Mougán
D. Rogelio Gómez Fernández
D.ª María Margarita Rosende Domínguez
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª María Vázquez Rey
D. Juan Jesús Cerqueiro Pintos
D. Ángel Barreiro Rodríguez
D.ª Mayte Argibay da Silva
D. Pablo Salgueiro Rodríguez
D.ª Montserrat Regueiro Cebey
D. Eloy Devesa Puente
D.ª Noelia Castaño Gosende
D. Óscar Antonio Pérez García
D.ª María López Álvarez
D. Alberto Rivadulla Salgueiro

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz
Interventora:
D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1394/23 DO 17/11/2023 Á RES. 1478/23 DO 20/12/2023)

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2023

3.- DACIÓN DE CONTA DO PERSOAL EVENTUAL

4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO NOVA EXPERIENCIA ENOGASTRONÓMICA E INCREMENTO DA COTA DE MERCADO DO DESTINO TERRAS DE SANTIAGO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

5.- MOCIÓNS

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, a sra. alcaldesa, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1394/23 DO 17/11/2023 Á RES. 1478/23 DO 20/12/2023).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 17 de novembro ata o 20 de decembro de 2023, que comprenden os números 1394 ao 1478.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 3º TRIMESTRE 2023.

A sra. alcaldesa da conta do informe de Tesourería, do 13 de decembro de 2023, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondentes ao terceiro trimestre 2023.

3.- DACIÓN DE CONTA DO PERSOAL EVENTUAL.

A sra. alcaldesa da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

"DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do Concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, a persoa titular da Presidencia da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no Concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Responsable de prensa e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz”

4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO NOVA EXPERIENCIA ENOGASTRONÓMICA E INCREMENTO DA COTA DE MERCADO DO DESTINO TERRAS DE SANTIAGO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

A sra. alcaldesa aclara que, ao tratarse dun asunto non ditaminado pola Comisión Informativa, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

A sra. alcaldesa cede a palabra ao concelleiro de medio ambiente rural e urbano, seguridade cidadá e benestar animal, D. Rogelio Lema Mougán.

O sr. Lema da conta da proposición da Alcaldía do 21 de decembro de 2023, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Con data de 9 agosto de 2023 asínase convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Terras de Compostela para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino nova experiencia enogastronómica e incremento da cota de mercado do destino Terras de Santiago, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextgenerationEU.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O dito plan contempla diversas actuacións cifradas en 1.300.000 euros que serán financiadas pola Axencia de Turismo de Galicia con cargo aos Fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Co fin de garantir a correcta execución do Convenio asinado o 9 de agosto, proponse a sinatura dun convenio de colaboración entre a Asociación Terras de Compostela (en adiante GDR Terras de Compostela) e nove concellos da provincia da Coruña nos que terían lugar as actuacións incluídas no convenio (A Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Teo, Val do Dubra e Vedra).

En virtude deste convenio os concellos citados actuarían como entidades colaboradoras baixo a responsabilidade e dirección da entidade xestora do Plan, o GDR Terras de Compostela.

Considerando que o convenio recolle as obrigas das partes asinantes, dunha banda os nove concellos citados e doutra a Asociación Terras de Compostela.

Vistos os informes favorables de Secretaría e Intervención, do 21 de decembro de 2023, incorporados ao expediente.

Considerando que a aprobación do convenio, ten carácter urxente, tendo en conta a necesidade de cumprir os prazos establecidos para a execución e xustificación das axudas concedidas.

De acordo co exposto e en virtude do disposto nos artigos 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 97 e 82.3 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a Convenio de colaboración para a xestión do Plan de Sustentabilidade Turística nova experiencia gastronómica e incremento da cota de mercado do destino Terras de Santiago, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Segundo.- Aceptar expresamente as delegacións no Concello de Teo que deriven do Convenio.

Terceiro.- Designar como representante político ao concelleiro Rogelio Lema Mougán na súa condición de concelleiro competente en materia de medio ambiente.

Cuarto.- Facultar á alcaldesa do Concello de Teo para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a execución do acordado.

Quinto.- Remitir certificado do acordo xunto co texto do convenio á Asociación Terras de Compostela para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto.- Publicar o convenio no Portal de transparencia do Concello de Teo, aos efectos de xeral coñecemento.

Teo, na data da sinatura dixital.
A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz"

O sr. Lema explica que xa se falou do tema na Comisión informativa. Sinala que é un proxecto que lidera o GDR Terras de Compostela, na que hai 9 concellos da área. O Concello de Teo ten aí tamén un proxecto cunha contía subvencionada e do que se trata neste momento é de asinar ese convenio, para permitir que o GDR, que é o ente executor de todo ese proxecto grande, poida levalo a cabo. Explica o sr. Lema que de momento é un simple trámite que hai que facer para que o GDR xestione os fondos, que veñen do Ministerio, e vai haber proximamente unha reunión sobre ese tema, e o convenio ten que estar asinado por todos os concellos.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López, sinala que o tema falouse fóra das Comisións, engadindo que pensa que estaban todos os grupos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

representados. Explica que o texto fala dunha restauración ecolóxica na xeira dos arrieiros, que era o plan turístico que eles presentaran, pero a verdade é que na Comisión Informativa se lles manifestou a intención de cambiar o proxecto. A sra. López di que que a día de hoxe non saben exactamente que se vai a votar.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Devesa, quen di que votaron pola inclusión do tema na orde do día porque se lles explicou que corría présa por un tema de datas, porque realmente non pasou por unha Comisión propiamente dita, de feito teñen moi pouca información ao respecto do tema e entende que están a votar o texto como tal, non o que se comentou na Comisión, polo que votarán sen máis. O sr. Devesa pregunta se se lle pode explicar por que se designa como representante político ao concelleiro Rogelio Lema, cando hai unha concelleira propia de turismo ou medio ambiente, ou algo parecido. Sinala que o sr. Lema xa comentou no anterior Pleno que el non ten dedicación exclusiva, que ten moita carga de traballo, e así váiselle a meter máis, pedindo que a ver se se lle pode explicar.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, quen sinala que están esperando máis información, e que de momento vanse abster.

A sra. alcaldesa di que ten a mesma carga que tiña, pero que simplemente leva medio ambiente e este tema está moi vinculado con iso.

O sr. Lema di que agora o que se está a votar é a aprobación do convenio entre os diferentes concellos e o GDR, para xestionar eses fondos, non habendo máis cuestión que esa. Sinala que é un proxecto que vén de atrás, que, como se comentara aínda que non fora na Comisión, ao proxecto víronlle un problema. Dentro da liña hai proxectos máis de vertente turística e o de Teo concretamente está dentro dun epígrafe que se chama “Restauración medioambiental no camiño dos Arrieiros”, de aí que iso lle caera a el, non é que el tivera maior interese no tema. Cando chegaron ao goberno xa estaba bastante avanzado o procedemento e realmente a cuestión parece ser que se trataba de facer plantacións de determinadas árbores en fincas de particulares que lindaran co camiño dos Arrieiros. Iso veuse que era realmente inviable, pois ninguén vai

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

deixarse plantar unha serie de árbores nas súas fincas privadas, sobre todo porque esas árbores non se van a poder talar e cortar en moito tempo, se é que algunha vez se pode. Entón considerouse que era un proxecto que realmente era inviable, aínda que a concelleira do PXC quizais non o vexa así. Explica o sr. Lema que, de ser viable executalo, a el dáballe igual, pero non o ven viable. O que se vai a facer é intentar aproveitar o diñeiro, que pensa que son 87.000 €, e vanlle dar unha volta, falar co GDR e ver se hai posibilidade de reformar un pouco o proxecto e falalo. En principio lle dixeron que si, que se podería modificar porque non é unha modificación orzamentaria, e axústase ao epígrafe ao que están destinados os fondos, pretendéndose cambiar o da plantación das árbores por un colector de residuais nun afluente do Río Tella, que é de formigón antigo, e de vez en cando ten problemas de perda de augas residuais, outras veces de entradas de auga do propio río, porque se enche de raíces, etc. Como se trata dun problema medioambiental de primeira medida, pensaron en aproveitar os fondos eses para ese tema. Falouse co Xefe de servizo de Augas, a ver se máis ou menos o custe se adaptaría aos fondos, e fixo unha memoria, que se mandou ao GDR, e estase pendente de que se acabe de dar o visto bo, aínda que o que lle transmitiron foi que era moi posible que admitiran o cambio. Explica o sr. Lema que, de non ser así, haberá que volver outra vez ao proxecto inicial e a ver se se pode facer algo, xa que vai ser inviable salvo que se faga algunha modificación. Reitera e aclara o sr. Lema que simplemente quere aclarar que se está votando o convenio entre os diferentes concellos e o GDR para a xestión dos fondos.

A sra. alcaldesa explica que o Concello non ten ningún interese en cambiar o proxecto, de feito da bastante dolores de cabeza, pero o problema, onde ven que non poden avanzar, é que o proxecto está plantexado un pouco con pinzas no sentido de que ten que ser en terreos privados e hai que negociar coa xente que ceda as súas terras, e iso haberá quen queira facelo e haberá quen non. Por iso agora hai que votar así, ata que digan se se pode cambiar polo proxecto do colector, que tamén é un proxecto que obedece a unha cuestión medioambiental e aproveitar eses cartos desa forma, sendo o cambio por iso, non por outra cuestión.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O sr. Devesa sinala que a cuestión máis que nada vén polo feito de que se se gastan en temas medioambientais están ben gastados, o problema é que o plan orixinal non era só medioambiental, tamén era turístico, entón estase perdendo o compoñente turístico. Pide que se lle dea outra volta para algo que inclúa o aspecto turístico, porque un colector tamén se podería arranxar con fondos propios, porque imaxina que iso non sería a ruína do Concello.

A sra. alcaldesa sinala que non vai a chegar ese diñeiro, que se vai arranxar unha parte e despois con fondos propios intentarase arranxar o resto xa que, aínda que 87.000 € son cartos, para determinadas accións o diñeiro non chega.

O sr. Lema sinala que o tema é que, efectivamente, neses fondos van diferentes epígrafes. Se se cambiara a un epígrafe turístico xa sería moito máis problema, sería máis difícil de cambiar. Foi elixido o epígrafe ese de “Restauración medioambiental do entorno do Camiño dos Arrieiros”. O tema do colector cumpriría perfectamente dentro dese epígrafe porque non hai mellor restauración medioambiental que evitar que as augas residuais vaian ao río e ao revés, que as augas do río entren no colector e sobrecarguen a rede de residuais.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PXC, sra. López di que o compoñente medioambiental efectivamente se lle deu, pero que eles asistiron a aquelas reunións con varios concellos, e que incluso mesmo maioritariamente, agás dous concellos do PP, todos acordaron que para Teo encaixaba dentro do proxecto, xa que houbo que chegar a acordos comúns dado que neses epígrafes teñen que intervir todos e a Teo tocáballe a parte medioambiental. Salienta a sra. López que non se pode perder de vista que é unha subvención europea para sustentabilidade turística en destino e experiencia enogastronómica. Sinala que é totalmente lícito que ao actual equipo de goberno non lles guste o proxecto, pero que a Xunta de Galicia fixo algo similar no Camiño de Santiago, con respecto ao embelecemento paisaxístico, coas fachadas das vivendas. Entende a sra. López que se pode facer algo similar, marcando dende o concello as pautas que deberan de seguirse nesas parcelas privadas, para restauración medioambiental. Reitera que é lícito que o queiran modificar, pero que

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

tampouco lle van dar a dimensión de imposibilidade porque non a ten. Explica a sra. López que non sabe o que se está votando hoxe, xa que se está a votar un epígrafe pero ao mesmo tempo dise que se está pendente de que o GDR conteste se se pode cambiar ou non o proxecto, aclarando que eles así non van a votar.

O sr. Lema reitera que o que se está votando é exactamente o texto do convenio que se lles trasladou, que é un convenio entre os nove concellos e o GDR, para que este poida xestionar os fondos en nome de todos os concellos.

Dirixíndose á sra. López, a sra. alcaldesa dille que se enroca nesa posición, pero que está errada. Sinala que eles non teñen ningún interese en ter mais traballo do que teñen, e que non se trata de que non lles guste o proxecto, e de feito xa dixeran o día das Comisións que non estaba nada mal, pero o problema é que non estaba atado. Explica que a sra. López se acolle á vontade de que todos os veciños van a ceder esa parte da terra, pero que iso é un pouco idealista, pois haberá xente que o faría encantada e haberá xente que diga que non, e de aí vén cambio. Polo que respecta á votación co resto dos concellos di que é lóxico que o resto dos concellos voten a favor, pois eles ven unha acción medioambiental e nada mais, pero non se van a fixar nas xestións, se as terras están comprometidas ou non. Explica que, por exemplo, ela non sabe o que vai facer o Concello de Vedra, que poderá saber o tema global, pero non os pormenores do procedemento. Pensa que é unha dúbida máis que razoable e insiste en que haberá xente que ceda os terreos encantada pero tamén haberá xente que non o faga.

O portavoz do BNG, sr. Devesa, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Neste momento procédese a realizar a votación do asunto, producíndose o voto a favor das/os 9 concelleiras/os do PP e a abstención das/o tres concelleiras/o do PSdeG-PSOE, e dos/a tres concelleiros/a do BNG, non emitindo o seu voto a/o concelleira/o do PXC, e indicando a sra. López que eles non van a votar.

Advertida esta situación, a sra alcaldesa indícalles que hai tres opcións, que son votar a favor, en contra ou absterse.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. López intervén de novo e repite que o seu grupo non vai a votar.

Interveño eu, secretaria da Corporación, e aclaro que o sentido do voto ten que ser a favor, en contra ou abstención, e que evidentemente eles poden manifestar o que queiran, que se reflectirá na acta, pero como concelleiros da corporación teñen que participar na votación.

A sra. López intervén de novo e di que eles non teñen claro que no caso de producirse ese cambio sexa levado a Pleno, e que iso ninguén o ten claro, entón desas tres opcións que se lles dan son para votar unha cousa que saben que está en vías de cambio, polo que pensa que non é serio traelo para votar, que ou se trae cando xa haxa unha decisión tomada ou hai que reformular o texto.

A sra. alcaldesa di que xa o repetiu o sr. Lema varias veces, e que o explicou a secretaria e agora volve a explicalo ela. Sinala que o traer o convenio é porque senón a subvención pérdese completa, e que a sra. López debería de sabelo, e aclara que non é que lle ofrezan esas tres opcións a ela por ser especial, senón que son as opcións que ten toda a Corporación, pedíndolle que se absteñan ou que fagan o que queiran, porque isto que non lle parece serio a ela.

Interveño eu, secretaria da Corporación, e aclaro que, como se expuxo, o que votan é a proposta que teñen, a aprobación do convenio e aceptación da delegación da contratación. Lembro que esta cuestión plantexouna a sra. Castaño nas comisións, preguntando esta concelleira se de producirse o cambio se volvería a someter a Pleno. Explico que o convenio recolle esa posibilidade e que, segundo a miña opinión, de producirse o cambio debería volver a someterse a Pleno, na medida en que hai unha modificación no convenio, porén será un tema xa entre o GDR e o Concello de Teo.

A sra. alcaldesa di que eles non teñen ningún problema en traelo ao Pleno, sobre todo tendo maioría, así que como comprenderá a sra. López non é cuestión de que non queiran traelo. Tráeno, explica, porque así o esixe convenio, pero se queren que se leve a Pleno cando se modifique o farán tamén, que se esa é a perreta non teñen ningún problema en facelo.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. López intervén de novo e di que lle parece unha boa proposta, pero que cada vez que disinte do sentir do PP se lle trata como se fose unha perreta, engadindo a sra. López que está disentindo e que ten o seu dereito de opositora a facelo, e non é unha perreta senón que é o seu criterio. Non obstante, repite, parécelle correcta a proposta.

Neste intre, procédese novamente a someter o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e oito abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC) acorda:

Primeiro.- Aprobar a Convenio de colaboración para a xestión do Plan de Sustentabilidade Turística nova experiencia gastronómica e incremento da cota de mercado do destino Terras de Santiago, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU.

Segundo.- Aceptar expresamente as delegacións no Concello de Teo que deriven do Convenio.

Terceiro.- Designar como representante político ao concelleiro Rogelio Lema Mougán na súa condición de concelleiro competente en materia de medio ambiente.

Cuarto.- Facultar á alcaldesa do Concello de Teo para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a execución do acordado.

Quinto.- Remitir certificado do acordo xunto co texto do convenio á Asociación Terras de Compostela para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto.- Publicar o convenio no Portal de transparencia do Concello de Teo, aos efectos de xeral coñecemento.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

5.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sexto da orde do día relativo a rogos e preguntas, a sra. alcaldesa, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha ao efecto.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PXC.

A concelleira do PXC, sra. López, formula os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- Pregunta a sra. López se o concello cortou algunha árbore en propiedade privada do club dos Tilos.

A sra. alcaldesa di que non.

Intervén o sr. Cerqueiro e pregúntalle á sra. López se se refire a un par de farolas que daban pouca luz e houbo que cortar unhas ramas.

A sra. alcaldesa di que a sra. López está a falar de cortar unha árbore, non as ramas, e pídelle á sra López que aclare exactamente a que se refire.

A sra. López di que houbo unha tala dunha árbore, que xa fora conflitiva porque causaba esa zona de sombra, pero que estaba en terreo privado, e entón era complicada esa xestión, e que foi cortada quizais en setembro ou en outubro.

O concelleiro do PP, sr. Lema, di que pode ser que cos temporais algunha árbore caera e que fora protección civil a cortalo, pero que non lle sona nada máis.

A sra. alcaldesa pregúntalle á sra. López se se refire a cortar unha árbore, respostando a sra. López que se cadra é unha poda en terreo privado, polo que entende que tampouco debería de facerse por parte do Concello.

O sr. Cerqueiro aclara que o mirou el en persoa en urbanismo, miráronse os límites, e é certo que estaba moi no límite do que era privado e público, pero o persoal dese departamento entendeu que estaba en terreo público, e por iso se podaron as ramas,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

para poderlle dar luz ao camiño, xa que é un camiño que utilizan os rapaces dende a recreativa dos Tilos para o pavillón para as actividades que fan alí.

A sra. alcaldesa pregúntalle á sra López onde está ubicada a árbore da que fala, e se a veu ela, ao que esta concelleira resposta que si, que está saíndo do pavillón, á man dereita.

O sr. Lema di que concretamente por parte da xente que leva os nenos abaixo ó pavillón había queixas de que non había luz suficiente porque as ramas estaban entorpecendo as farolas e fíxose o que di o sr. Cerqueiro, unha poda controlada.

A sra. López di que entende que foi cos operarios municipais.

O sr. Cerqueiro di que si, que foi o que confirmaron os técnicos de urbanismo, concluíron que estaban en terreo municipal, e por iso se mandaron aos operarios municipais a traballar en terreo municipal.

2.- A sra. López refírese ao tema do mal uso das redes sociais municipais e do voceiro municipal. Opina a sra. López que excede moito a información partidista, da pouca información do estado do Concello e parece máis ben o día a día da alcaldesa. Sinala que é certo que pouco poden facer eles, máis que queixarse, pero que traerán estas queixas porque volveu a chegar un voceiro onde había 13 fotos da alcaldesa, que cree que xuntan máis nun voceiro que as fotos do anterior alcalde en 4, 10, 8.., non sabe. Pensa que se gobernan para todos e todas a información deberá de ser de todos e todas e non información partidista.

Sinala a sra. López que se lle cambian o logo do concello e poñen o do PP non se diferenciaría en nada o voceiro, e que podería valer exactamente o mesmo. Pensa que si que é un mal uso dos cartos que son de todos e todas.

A sra. alcaldesa di que o anterior rexedor non se reunía con ninguén polo que non podía facer fotos, a non ser que fose del mesmo, sentado no despacho, engadindo que os veciños din o contrario, que nunca tiveron tanta información.

Explica a sra. alcaldesa que ela, se está negociando cun Conselleiro, pedíndolle cousas, o que non vai facer é erguerse, pois é unha proba gráfica de que esa reunión

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

existiu. Pregunta que que mais información quere a sra. López, engadindo que a ela todos os veciños lle din o contrario, que nunca tiveron tanta información do que se estaba a pedir e facer.

A sra. alcaldesa, dirixíndose á sra. López, dille que pode traer as queixas todas as veces que queira, xa que está no seu dereito, pero que lle vai a responder o mesmo. Sinala que ela nas fotos non sae facendo *surfing*, porque precisamente todo ten un por que.

A sra. López di que entón a sra. alcaldesa utiliza o todo xeneralizando pero que eles tamén son ese todo.

A sra. alcaldesa di que ela, referíndose á sra López, tamén ten que estar informada de que se reúne cun Conselleiro.

A sra. López di que ela pode estar informada das cousas que pasan no concello con outras persoas ou con outro tipo de fotografía. Di que lle parece que hai un uso e un abuso de determinadas fotografías e sobre todo un uso das persoas usuarias de determinados servizos, e que elas mesmas lle fixeron chegar esta queixa, e un pouco un uso tamén dos espazos municipais, que parece que só existen cando o actual equipo de goberno os ocupa. Di a sra. López que eles viven igualmente no Concello, gobernen ou non, e van ás actividades, e ás veces resulta un pouco molesto ese sobre-uso da imaxe do equipo de goberno, cando eles tamén son usuarios desas actividades, e ao mellor pasaban por aí e non querían estar na foto.

A sra. alcaldesa di que a sra López sabe que cando se fai unha foto, sobre todo en actividades, pídese permiso e quen non quere saír non sae, engadindo que as fotos con nenos son todas de costas, sendo iso así, porque saben moi ben o que fan.

Sinálalle á sra López que lle fai gracia que diga precisamente ela que se fai uso partidario dos recursos e das redes municipais, cando escrupulosamente as redes municipais só teñen contido relativo ao Concello, estando a axenda incluída nese traballo, pero que xusto cando eles gobernaban, e ten pantallazos que o demostran, contestaban a notas do PP. Explica que a última foi cando se fixo a nota de prensa poñendo en coñecemento dos veciños que o anterior grupo de goberno non tiña

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

solicitado a cuadrilla antiincendios gratuíta por parte da Xunta. Daquela o rexedor contestou a través da páxina web do Concello, dicindo que a futura alcaldesa non sabía nin coa xente que contaba, porque había sete persoas en protección civil. Di a sra. alcaldesa que a ver como ían facer fronte a 89 km cadrados de terreo se xurde un incendio no monte e nunha casa, por exemplo, aparte de que non están especializados en monte, pois para iso son as cuadrillas. Repítelle á sra López que pode traer o que queira, e dicir o que queira, pero que sempre vai a atopar a mesma resposta.

A sra. López di que tamén sigue outras redes sociais, e traballa noutro Concello que tamén é gobernado polo PP, mira tamén a TVG, e sabe que os medios de comunicación son unha maneira que o PP utiliza habitualmente para facer política. Pensa que se está notando, ela persoalmente e tamén llo fixeron chegar algunhas persoas, por iso di que cando a alcaldesa fala para todos, que non é a primeira vez que o fai, inclúeos a eles e ela non quere estar incluída, nin ela nin as persoas que as que representa, di que non lle está gustando esa política de visualización das cousas do Concello que só existen cando está este equipo de goberno.

A sra. alcaldesa di que o problema é que ao mellor o anterior equipo de goberno non tiña nada que visualizar e entón fastídialles. Sinala que pode entender que son distintas formas de traballar, pero a xente quere saber, e que a propia sra López trouxo queixas de xente que quería a revista, preguntando por que non se fixo. Di a sra alcaldesa que a revista está aí, e que as subvencións que veñen, veñen de onde veñen, lle guste á sra. López ou non.

Con respecto ao de que non quere estar incluída pídelle que entón cando lle chegue a revista que a rompa, ou a tire, pero que, lle guste ou non, ela goberna para todos, que se á sra López non lle gusta é lícito, pero que a ela tampouco lle gustou nada en 16 anos a parálise que había. Remata a sra. alcaldesa dicindo que a xente decide, e que parece que á xente tampouco lles gustou moito.

A sra. López di que non se quere enrocar no tema, simplemente que se comprendera que vai seguir denunciando ese uso partidista.

3.- A sra. López pregunta polo estado dos orzamentos porque entende que o tema das reunións e esa política de despachos vén un pouco ao caso de que, como a sra.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

alcaldesa di que teñen as mans atadas e non pode facer nada ata o final de ano, habería que preguntarse se polo menos pode dar unhas datas para os novos orzamentos, ou informar de algo, porque non teñen información ao respecto.

A sra. alcaldesa di que os orzamentos van a traelos en xaneiro, pois espera que estean rematados, e que irán, como debe de ser, ás Comisións informativas primeiro. Aclara que agora mesmo si que pode dicir que das subvencións que chegaron puido xerar crédito desa forma, xa que é como funciona un orzamento, e que por iso se puido facer algunha cousa, así como destinando o POS complementario a gasto corrente integramente, sen facer ningunha obra.

4.- A sra López pregunta se hai avanzado algo no contrato do lixo.

A sra. alcaldesa dille á sra López que como ben sabe para licitar tamén hai que ter diñeiro, porque senón non se pode, entón os pregos técnicos están xa a punto de rematar e esperan que en xaneiro ou febreiro estea listo.

A sra. alcaldesa asegura que ten ela máis présa e lémbralle á sra. López que con eles estaba en precario, e por varios anos. Pide que non se esqueza que levan sete meses, que non é unha escusa, pero que o feito de que precisamente llo pregunte a sra. López non ten xeito, que podería aceptalo que o reclamaran os outros compañeiros, pero non ela, que tiñan ademais 17 contratos en precario.

A sra. López aclara que non se estivo de brazos cruzados, senón que se traballou moito para chegar a un acordo, pero o certo é que eles non tiñan maioría e non se puido.

A sra. alcaldesa di que é evidente, pois o que se pretendían, o de municipalizar, era unha loucura, e ía desangrar máis o orzamento. Di que non se pode con iso, que xa o explicou máis veces, que se rompe un camión custa 300.000 €, que as persoas enferman e collen baixas, o que é normal.

A sra. López sinala que tamén acontece na privada, e que ese será outro debate, pero que deberían de falar de datos.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa respóndelle que está ela no uso da palabra, e pídelle á sra. López que conteste cando lle digan. Continúa a dicir que é certo que tamén pasa na empresa privada, pero que as empresas son as responsables de substituír as traballadores, e as privadas teñen máis efectivos que o concello. Pídelle que se fixe no que acontece coas EIM, pois é xente que está con nenos pequenos, que transmiten un montón de virus, e hai moita xente de baixa, o cal non é unha broma, e teñen razón, teñen dereito a coller unha baixa.

Con respecto á votación na anterior lexislatura, di a sra. alcaldesa que eles votaron para que se presentara un estudo, pero para que presentaran algo que fose realista, un estudo baseado en custes. Dille á sra López que se quere sacar polémica diso pode facelo, pero que a contestación vaina ter ben clara.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/os concelleira/os do BNG formulan os seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- Pregunta o sr. Pérez pola implantación masiva de viñedos e da lectura ao texto que trae redactado, nos termos seguintes: *"A agronomía ensínanos que o monocultivo é unha forma de traballar a terra pouco desexable, ao empobrecemento do solo producido por este monocultivo en si habería que sumarlle as posibilidades de propagación de patóxenos e outros factores que deterioran a este cultivo e as parcelas do arredor. A multiplicación da mesma especie supón a eliminación de barreiras naturais que conlevan a redución da biodiversidade a nivel do solo e no conxunto do medio. Feito que á súa vez desprotexe o propio cultivo e tamén os que están arredor.*

Sabemos que se están producindo unha implantación masiva de viñedos en terreos tanto da contorna do noso concello como nos do arredor. Este feito trae consigo un monocultivo dunha especie que por si soa non é mala ou non é nociva, pero que empregada como monocultivo pode contribuír ao deterioro tanto das zonas onde se implantan como as do arredor.

As tarefas para implantar estes cultivos, sobre todo se falamos de traballos pesados como poden incluír desmontes, o calcado, poden traer aparellados efectos nocivos

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

sobre o propio solo como tamén por arrastre de depositar terra e outros produtos nos cursos de auga, nas masas de auga que están no arredor, e que poden incluír o deterioro tanto dos equilibrios físicos como químicos como biolóxicos destas augas.

Dende o BNG non nos opoñemos loxicamente ao uso da terra para cultivala e traballala, sempre baixo criterios racionais, pero tendo en conta algunhas experiencias que se teñen de anos ou décadas anteriores conviña estar vixiantes tanto nos usos que se fan como no eventual acaparamento que algunha empresa poida facer do solo, que ademais dos problemas ambientais poida xerar algún que outro problema económico.

Instan, polo tanto, ao goberno municipal a estar vixiantes para prever e evitar os efectos nocivos que os monocultivos sexan estes cales sexan poidan xerar na nosa contorna.

2.- O sr. Pérez refírese á concentración parcelaria e pregunta que se está a facer coas que están sen rematar no concellos.

3.- O sr. Pérez pregunta como están os traballos de recuperación do peto de ánimas deteriorado en Cacheiras.

A sra. alcaldesa di que con respecto ao peto de ánimas pediuse orzamento ao restaurador e xa o ten incluso aceptado, o que pasa é que por motivos da súa axenda non puido comezar aínda cos traballos, pero estase pendentes de facelo canto antes.

En relación á concentración parcelaria a sra. alcaldesa sinala que se volveron a reunir co Conselleiro de medio rural para insistirlle no que se precisa e comprometeuse a estudalo, porque están caducadas. Di que terán que volver a abrirse os procesos, e estase mirando un pouco que parroquias irían, porque hai varias sen facer.

Con respecto a outro tema sinala que estarán vixiantes a todo. De todas formas acláralle ao sr. Pérez que “instar” ínstase nunha moción pero enténdeno coma unha petición.

O sr. Pérez pide desculpas pola palabra usada, e aclara que o que se pedía era que se estivera un pouco pendente do tema, basicamente pola situación que se pode xerar.

A sra. alcaldesa di que non hai nada que desculpar, e que se entendeu perfectamente.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

4.- A sra. Castaño pregunta como vai a xestión do aparcadoiro que se reclamaba en Cacheiras e Montouto.

5.- A sra. Castaño di que no lugar da Barcia, en Cacheiras, a pista principal de acceso á aldea está moi desfeita, de feito vense as pedras xa.

6.- A sra. Castaño di que na Ramallosa, pola parte de atrás, onde está mais ou menos o restaurante María Castaña, nunha pista forestal, hai unha árbore caída e avisan os veciños para ver se se pode xestionar a súa retirada, pois é un sitio por onde pasan moitas veces para camiñar e ir cos cans.

A sra. alcaldesa pide que se lle remita a localización, para que o retiren.

Con respecto ao da Barcia sinala a sra. alcaldesa que toman nota e no que se refire aos aparcadoiros di están a facer xestións tanto con unhas fincas que hai detrás de Correos, coas que se está a piques de chegar a un acordo, coma cos veciños do campo da festa, para facer unha permuta e que se poida aparcar aí porque sería unha ubicación ideal, que conecte un pouco con todo, e se mediante unha permuta con terreos públicos se pode conseguir pensa que sería un éxito para todos.

Explica a sra. alcaldesa que había unha terceira, medio pechada, pero non se chegou a asinar nada e o señor agora botouse un pouco para atrás, e quere vender.

7.- O sr. Devesa di que os veciños dos Tilos lle preguntan que pasou con iso da restauración do teito novo no pavillón, xa que antes había unhas placas solares, que non saben se funcionaban ou non, pero que no seu día se puxeran cunha subvención. Esas placas fotovoltaicas, solares, descoñece se desapareceron, entón preguntan se se van a volver a poñer, se hai algunha idea diso, porque tamén cree que á algo sobre o que hai que reflexionar, xa que Teo é un dos poucos concellos que non ten unha placa solar en ningún sitio. Rectifica o sr. Devesa e di que si, que no Concello hai, pero que xusto non se ve nada, e que é curioso non ter absolutamente nada, e que as poucas que había non estean, porque el recorda que no seu día había tamén no pavillón da Ramallosa, que tamén se retiraran, non sabe se porque non funcionaban ou polo que sexa. Pensa que neste sentido se vai para atrás e pregunta se hai algunha explicación da retirada, e se se van volver a poñer.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que a cuberta reparouse e as placas van a volver a poñerse. O que non quere contestar ata estar segura, di, é se teñen algunha problemática que hai que subsanar, pero que si se van a instalar de novo.

Con respecto a que non hai case placas solares, están totalmente de acordo. Lembra, porque quere deixalo claro, que levan aquí sete meses, engadindo que contestará algo máis concreto do tema.

8.- O sr. Devesa di que lle comentan varios veciños, e que é un tema que lles preocupa, que por exemplo coas excursións as comunicacións internas estanse recibindo en castelán, e el entende que ao equipo de goberno lle pode dar máis ou menos igual pero que hai moita veciñanza á que lle molestan eses detalles, e si que llo dixeron, sobre todo con algunhas excursións. Pide que se bote ollo a estas cousas, porque as comunicacións co concello deberían de ser en galego.

A sra. alcaldesa di que ela tiña idea de que eran todas en galego, e que lle sorprende iso, pero non o pon en dúbida, se llo dixeron os veciños por suposto que se subsanará. Pregunta de todas formas a cales se refire.

O sr. Devesa di que aos correos electrónicos, dos cales ten pantallazos, son relativos ás excursións de nadal, da neve.

A sra. alcaldesa repite que o subsanarán e mirarán de intentar que non se produza máis.

9.- O sr. Devesa di que o outro día lendo a prensa, na que é certo que sae moito a sra alcaldesa, no Correo Galego do 6 de decembro, esta dixo que ía poñer as terras a producir. Pide o sr. Devesa que lle explique que terras, porque se son as públicas quería saber como vai a facelo, e se son as privadas non pode poñelas a producir, entón pide que llo aclaren.

A sra. alcaldesa di que se estaba referindo á concentración parcelaria de montes. Di que están intentando cambiar un proxecto porque ven a inviabilidade total, pero que non se vai a poñer ela a dicirlle ós veciños o que teñen que facer ou non, pois cada un na súa propiedade fai o que queira. Referíase, repite, concretamente á concentración parcelaria de montes.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

O sr. Devesa dálle as grazas pola aclaración porque tamén llo preguntaron os veciños, que era o que pensaba facer a alcaldesa para poñer a producir as terras. A sra. alcaldesa, dirixíndose ao sr. Devesa, dille que lle pode comunicar aos veciños que poden chamar ao concello porque ela atende a todo o mundo, engadindo que sae moito na prensa porque seguramente son cousas interesantes.

10.- O sr. Devesa di que a eles tamén lle chegan comentarios de veciños e que xusto hai uns días falaba cun veciño de Carballal que atopou pola rúa e lle dixo que a ver se co voceiro se pode informar realmente de como foron as actividades, porque hai unha axenda cunhas actividades pero logo no voceiro ao mellor estiveron todas baleiras porque non sae ningunha foto de ningunha actividade, só saen os recursos de prensa. Di que el non quere discutir do tema, pois o equipo de goberno ten o control do panfleto, pero que as críticas son veciñais, non son deles. Sinala que Teo é un concello grande, que todos tiveron votos, que hai todas as sensibilidades, e que prefire que as teñan presentes, porque tamén son veciños, tamén pagan impostos.

A sra. alcaldesa di que por suposto que si, que agradecen que o traia a Pleno, pero que teñen que poñerse de acordo, porque a sra. López di que non para de saír a sra alcaldesa, e que se utiliza á xente que sae en fotos, e o sr. Devesa di que lle comentan xusto o contrario. Aclara que a revista é a mesma para todos.

O sr. Devesa di que non dixo o contrario, senón que lle din a el que non se publican as cousas das actividades que se propoñen na axenda. Que o que saen son as cousas que fai a alcaldesa en reunións ou demais, que non di que non sexan importantes, só que se por exemplo na axenda do mes pasado houbo unha obra de teatro importante pola que o Concello apostou e logo no seguinte número non sae nada desa obra de teatro, entón a xente non sabe se foi un éxito, un fracaso ou que pasou. Entón pide que se lle bote un ollo a esas cousas.

A sra. alcaldesa di que está de acordo pero que pensa que ao mellor interésalle mais aos veciños, por exemplo, que se acade o compromiso do Conselleiro de Educación para en 2024 facer o proxecto e executar a obra do colexio de Calo en 2025, que era o que dicía a noticia. Di que é normal que voten que non a unha emenda no Parlamento cando a obra non se vai a facer en 2024, e que a nota de prensa o dicía bastante claro,

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

que se ía facer o proxecto no 2024 e no 2025 executar a obra. Aclara que por iso é polo que se rexeitou a emenda que levaron ao Parlamento, e aclara que ela tamén ve ao sr. Devesa nas fotos.

O sr. Devesa di que agora que falan en concreto da reforma do CEIP de Calo, e non se ía referir a el pero xa aproveita, di que por moito compromiso que haxa do Conselleiro están convocadas unhas eleccións, polo que o compromiso tampouco vale para demasiado.

A sra. alcaldesa di que ela está segura de que se o BNG gaña van a facer a reforma integral, porque a ele impórtalles o benestar dos veciños, e non van a mirar se goberna o PP ou quen, polo que pensa que non vai a haber ningún tipo de problema. Pídelle ao sr. Devesa que se pode que lle pida á alcaldesa de Santiago que reme polo tema do autobús urbano a Cacheiras, que estaría ben.

O sr. Devesa di que co tema este do bus si que ten comentado cos compañeiros e que lle din que depende máis da Xunta que da alcaldesa de Santiago.

A sra. alcaldesa di que non é así. Di que Goretti, coa que se leva estupendamente e que ademais é unha persoa que lle cae moi ben, preguntou se a Xunta ía poñer problemas e xa se lle dixo que non. Explica a sra. alcaldesa que cada vez que lle pregunta a Goretti por este tema, e o sr. Devesa pode preguntarllo, dille que lle falta a Xan Duro, que entende que é o concelleiro, un papel, que están pendentes dun informe ou de algo. Polo que respecta á Xunta de Galicia di a sra. alcaldesa que xa está falado con eles, e que non van a poñer ningún problema, que é o que convenien Santiago e Teo e non van poñer ningún impedimento. Pídelle de novo ao sr. Devesa que Goretti abra a man que o resto xa está todo falado, e que non se preocupe. Dille que teñen que estar de acordo con ela e remar cara ese sentido porque é un ben para os veciños, e non ten que ver con política.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

1.- A sra. Argibay pregunta polas marquesiñas do bus escolar, que solicitarase con urxencia que se colocaran máis porque chovía e non cabía a xente. Di que lles facilitara unha lista sobre as que pensaba que eran máis urxentes pero que especialmente preocúpalle a de Campos de Mirabel, porque está chovendo e quedan fora máis de 40 rapaces.

A concelleira do PP, sra. Castro, di que a obra de marquesiñas está pendente de empezar, pois empezaron na estrada de Noia, e ata principios de ano non comezan en Teo, entón non pode retirar ningunha desa marquesiñas porque deixaría aos veciños sen elas. Salienta que a de Campos de Mirabel si que lle preocupa por onde a teñen agora, que é arriba no cruce. Explica que falou cos técnicos e ven un perigo para colocar dúas grandes nese lugar, e estábase mirando de ver se se puidera, falando co IES, reubicar esa parada na zona da urbanización onde está a outra. Sinala que hai algún condutor que si que fai esa parada abaixo, non deixa aos rapaces arriba senón que os leva ata a urbanización, logo da a volta e marcha, pero hai veces que os deixa arriba e vai a dar a volta á urbanización, entón se puidera facer o cambio para a zona de abaixo aí si que se poderían colocar as dúas grandes, porén mentres non empece a obra da estrada de Cacheiras non pode retiralas. Informa a sra. Castro que lle dixeron que a principios de ano empezaría, e que se se quería podía ir retirándoas, pero como xa dixo, se as retira agora na zona de Cacheiras quedan todos sen marquesiña, por iso se está a esperar.

A sra. Argibay di que pensaba que había máis marquesiñas, por iso preguntaba.

A sra. Castro di que se estivo mirando a ver se había algunha máis desubicada e non hai, que había a que se colocou en Ameneiro, pero non hai ningunha máis que se poida utilizar.

2.- A sra. Argibay pregunta se se poden colocar os horarios dos autobuses nas marquesiñas de bus, algo que xa se pediu varias veces.

A sra. Castro di que se solicitou que se fixera unha renovación dos horarios.

A sra. Argibay di que especialmente hai horarios, de fin de semana sobre todo, que non concordan cos da semana e hai xente que se tira 1 hora ou 2 horas esperando, entón

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

se saben facilítaselles todo. Recoñece que non é usuaria do bus, pero que os ve esperando.

A sra. Castro di que fixo unha solicitude para renovar toda a carteleira das marquesiñas.

A sra. alcaldesa di que de todas formas co tema das marquesiñas hoxe precisamente contactou coa concelleira unha señora, pola marquesiña de Ameneiro concretamente, que dixo que ela non quere as marquesiñas así, senón que as quere transparentes. Explica o que hai que ter claro é que hai o mobiliario que hai, que o que non pode ser é que se poña o que esteticamente lle guste a cada un, senón que son marquesiñas e a función é que os nenos non se mollen. Di que van intentar atender a petición, e que están buscando unha, pero que a xente ten que ter claro que tampouco se pode actuar así.

A sra. Argibay di que lle chegou a mesma queixa a ela e que lle respondeu o mesmo á señora, que entende que a prioridade é que os rapaces non se mollen, a estética impórtalle a todos pero non é unha prioridade.

A sra. alcaldesa di que é unha estética razoable, que a unha persoa poden gustarlle máis as de madeira, a outras de cristal, pois xa se sabe que o gusto é algo subxectivo, pero non se pode estar atendendo a iso. Repite que esta vai a atendelas pero que tamén é certo que ela non as ve tan feas.

A sra. Argibay di que ela está contenta porque ve que os rapaces nesa parada están cubertos, non hai rapaces fóra nin coches de pais esperando para que os rapaces teñan onde acubillarse.

A sra. Castro di que a prioridade era que dende urbanización viran os nenos na marquesiña tamén, pois era o que pedían, como comprenderá a sra. Argibay, non se pode poñer unha marquesiña diante de cada porta.

A sra. alcaldesa di que iso xa serían cuestións de comodidade, e que cada un decide o que fai cos seus fillos se os leva ou non.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

3.- A sra. Argibay fala dunha petición que se fixo no 2022, da rúa Raxoeira, en Oseve, onde non tiñan fibra polo menos na metade da aldea. Gustaríalle saber se o podían comprobar, e preguntaban cando vai chegar porque na rúa anterior si que a teñen e a xente está preocupada porque se quedan colgados cada 3 minutos.

A sra. alcaldesa di que van a ter en breve xuntanzas con xente de telecomunicacións e van a ver como está iso en concreto e vaise intentar dotar o rural e traelo a este século. Sinala que algunha máis hai, por exemplo Lampai. Di que se subsanou Coira, pero que van pouco a pouco, engadindo que teñen que ter posibilidades.

4.- A sra. Argibay sinala que en Ameneiro pregúntanlle os comerciantes da carreteira principal se se podería eliminar unha parada de taxis que hai alí pintada, diante dos bares, da perruquería, da farmacia, que non se emprega. Explica que o que está sucedendo é que a xente aparca, pois non hai taxi en ningún momento do día, pero a policía local multa, polo que comentan se se pode eliminar dalgún xeito esa parada, que non se utiliza, desmarcala e deixala como aparcamento xeral.

A sra. alcaldesa di que xa lles chegou tamén esa queixa. Sinala que falaron coa Policía local para que fixeran un informe, e que o volverá a reclamar, pero que iso hai que tramitalo á Xunta de Galicia porque esa estrada non é do Concello.

Intervén o sr. Guerra e aclara que é do Estado, aclarando a sra. alcaldesa que haberá que sustentar a petición en algo oficial, esperarán polo informe para pedilo ao Estado, porque evidentemente non o van a sustentar en que hai multas, porque senón igual pintan outra.

Intervén a sra López e di que o tema da parada da Casalonga ten sentido porque se se pide un taxi dende o Faramello, por exemplo, o taxi só pode vir cargado dende a parada máis próxima. Di que descoñece se iso se está facendo sempre, pero que estaría moi ben que toda a poboación o soubera. Por iso ten sentido mantela, porque senón a anterior parada, se veñen por exemplo de Milladoiro, xa estaría onde os concesionarios, onde a rotonda do Gadis. Descoñece traducido en euros canto é, porque non é usuaria frecuente de taxis nesa zona, pero repite que o sentido de manter as paradas é ese, aínda que a parada oficial, na que paran case todos os taxis, sexa en Montouto. Reitera a sra. López que estaría moi ben que toda a poboación o

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

soubera, para evitar fraudes tamén. Aclara que dito isto, se pode valorar o de desprazala para outra zona, xa que nunca se usa para os taxistas, un pouco máis abeirada dentro da Casalonga.

A sra alcaldesa di que si, que ten que haber unha parada, pero ó mellor non aí exactamente. Reitera que se pediu o informe á Policía local e cando o teñan continuarán coas xestións, porque tampouco sabe que é o que vai a informar a Policía local, igual entende que ten que quedar aí. De todas formas sinala que tampouco é garantía de nada, pois despois hai que trasladar a petición ao Ministerio e esperar a que a atendan, porque igual eles teñen outro criterio.

5.- A sra. Argibay pregunta polo POS e di que descoñece se teñen presentado xa un listado de obras, ou se lles van a permitir que acheguen algo.

A sra alcaldesa di que no POS vanse coller as obras que xa tiñan proxecto, porque xa viñan de antes, e son obras que xa as coñecen todos, igual o BNG non, porque non está ningún dos compañeiros anteriores, pero que a sra Argibay e a sra López deberían coñecelas. Tamén se vai a destinar unha parte a gasto corrente.

6.- A sra Argibay pregunta pola antena de Cesar, se se sabe algo máis.

A sra. alcaldesa di que se veu cos veciños e estivo mirando se estaba afectada porque había varios cruceiros, pero que non están catalogados, polo tanto falou tamén con Patrimonio para ver se se fixera agora afectación, se podería valer, pero non tería retroactividade tampouco. Sinala que cando chegou en febreiro habería que ter alegado algo por parte do Concello, pero non se mete en se querían facela ou non, porque non sabe o que eles querían facer con respecto a iso, pero que de todas formas é un terreo privado, e todo en principio é lícito. Pensa, di, que os veciños van a levalo ó xulgado, que viñeron a ver o expediente, facilitóuselles absolutamente todo, e é unha cuestión de veciños, porque a petición e a comunicación previa chegou ao concello en febreiro de 2023, aclara que a primeira nova que tivo foi cando llo dixo a sra. Argibay.

7.- A sra. Argibay di que ás Comisións foi a proposta de Alcaldía de adxudicación do SAF e pregunta cal vai a ser o paso seguinte, pois contaba que iso fora a pleno.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A sra. alcaldesa di que non se trouxo a Pleno porque na lexislatura pasada o anterior rexedor levou a Pleno unha proposta, que aprobaron todos, para que se delegara este trámite na Alcaldía, polo tanto non pasa por Pleno, pero si é obrigatorio que vaia á Comisión Informativa. Sinala que, en todo caso, se ten algunha cuestión non teñen ningún problema en explicalo.

Intervén o sr. Cerqueiro e di que simplemente tal vez a sra. Argibay esperaba que se trouxera a Pleno para poder votar que si, ao igual que a sra López, que se abstiveran. Di que do BNG aínda o pode entender, que se cadra lles falta información, pero que os que fixeron o concurso, o contrato e demais, se absteñan, non o entende. Pensa que se fose o día dos santos inocentes podería ser, pero que iso foi a semana pasada.

Sinala o sr. Cerqueiro que ademais a sra. Regueiro estando aí no medio canto menos resúltalle estraño tamén que se abstivera, pero ve que tiñan interese en votar que si hoxe.

A sra. Argibay di que o que si tiñan pensado facer, e o comentara a sra. Regueiro que foi ás comisións, era algunha achega, pero achegas en positivo e con ánimo de aportar, e para nada criticar.

O sr. Cerqueiro di que era tarde, que xa estaba todo pechado. Sinala que o seguinte paso é que en 15 días está o período aberto para que calquera outra empresa poida recorrer algún detalle do contrato.

A sra. alcaldesa di que iso xa está adxudicado, que o que se están pendente era se presentaba reclamacións ou algo unha empresa que se esqueceu de marcar unha cruz nalgún impreso, non se lembra ben do que era.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria — A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz — Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/09/2026 12:53:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 04/09/2026 13:38:00)
Versión imprimible
CVD: 5r47TwmT2QBGQEZvH5Zj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/